BARBANTIA

Anuario de Estudos do Barbanza

Ano 2018 - Nº 14

XA SON TRECE ANOS NA BRECHA A PAIRARMOS NO PANORAMA DAS CIENCIAS SOCIAIS E DAS LETRAS DO NOSO BARBANZA, COMO ASOCIACIÓN CULTURAL. UN COMPROMISO LEXÍTIMO NUNCA TAN NECESARIO ÉTICA E CULTURALMENTE NUN INTRE DA HISTORIA EN QUE SE ALBISCAN, AO LONXE, SI, CAMBIOS SOCIAIS E POLÍTICOS QUE NOS SOBRECOLLEN. MOITOS SON OS TRUMP-BOLSONARO QUE ENTOLDAN O NOSO HORIZONTE. "PREFIRO UN PRESIDENTE HOMOFÓBICO, RACISTA OU MACHISTA A UN QUE SEXA LADRÓN". MALO CANDO NOS VEMOS OBRIGADOS A ELIXIR ENTRE O MALO E O PEOR. AS CONQUISTAS SOCIAIS, O MEDIO, CONVIVENCIA, TOLERANCIA, OS ILUSTRADOS DEREITOS HUMANOS (LIBERDADE, IGUALDADE E FRATERNINADE) APARECEN AMEAZADOS. OLLO! TAMÉN HITLER FOI NAS URNAS! REFLEXIONEMOS. LIBRES SI, PERO TAMÉN RESPONSABLES. O MUNDO CORRE UN SERIO PERIGO. O PULMÓN DA AMAZONÍA ABAFA. TREMEN OS MARES E O AR. A VIDA DO MUNDO E O MUNDO ELEVA UN S.O.S. ANGUSTIADO, COA ÚNICA ARMA POSIBLE NA MAN: A CULTURA. E VELAQUÍ ESTE PROXECTIL QUE HOXE LANZAMOS: O DÉCIMO CUARTO ANUARIO: UN PAN QUENTE FEITO CON AMOR E ESPERANZA.

Coordinación
Manuel Cartea
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Revisión Lingüística
Manuel Cartea

Consello directivo
Presidente: Manuel Cartea Gómez
Vicepresidenta: María Isabel Santos Davila
Vicepresidenta: María Xesús Blanco López
Secretaria: Milagros Torrado Cespón
Tesoureiro: Francisco Xosé Bugallo Otero
Vogal: María Dolores Arxóns Álvarez
Vogal: Xesús Román Laíño Briones-Arén
Vogal: Xosé R. Losada Vicente
Vogal: Manuel Mariño del Río
Vogal: Adolfo Muíños Sánchez
Vogal: Encarna Pego Paz
Vogal: Antón Riveiro Coello
Vogal: María Teresa Villaverde Pais
Vogal: Pilar Sampedro Martínez

Administración
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Deseño e maquetación
vexota

Edita
A. C. Barbantia
Rúa Poeta Manuel María, s/n
Centro Social
15930 Boiro (A Coruña)
Tlfno.: 981 84 26 35 Fax: 981 84 27 25
http: www.barbantia.org - www.barbantia.es
Blog: www.cafebarbantia.barbantia.org
www.cafebarbantia.barbantia.es
correo: barbantia@barbantia.org
barbantia@barbantia.es

@barbantia

Asociación Cultural Barbantia

Imprime
Gráficas Garabal, S.L.

ISSN
1889-0946

Depósito Legal
C-2792-05

IN
MEMORIAM

IN MEMORIAM



Plácido Betanzos: GRANDE COMA A DUNA DE CORRUBEDO

"Dos meus ollos saen unhas bágoas de tristura. Vímonos no CHUS e quédome coa forte aperta que nos demos. Que descanse en paz o noso amigo Cachorro. Grazas por todo camarada. Sempre o levaremos, ti e máis eu, no noso corazón". Esta mensaxe túa veume á cabeza o domingo pola mañá cando souben que o mal que levou a Manolo Dieste fixera o mesmo contigo, amigo Plácido, e fun presa dunha angustiosa soidade. Viñéronme á memoria os longos cafés que tomabamos no Noruego, alí, os tres, como se fose un combate de cordialidade no que a min me tocaba ser o árbitro: o cachorro do PP e o líder do BNG. Discrepantes, coincidentes, pero nunca inimigos: «Arrepíntome das veces que lle din caña», dicías cando se foi: «Non tes de que arrepentirte. Queríache ben», respondinche.

Lembro cando me dixeches, no Golfox, que che detectaran un cancro, e que acabaches dándome ánimos ti a min, porque estaba localizado. E logo ías dicíndome que levabas ben a quimio. Sempre co teu sorriso permanente, co teu optimismo. Nas últimas mensaxes explicábasme que tiñas que coidarte dos cambios de temperatura, dos catarros, que estabas débil. Logo, que empezabas a estar mellor. Que ese cafeíño pendente... E que xa non chegará, benquerido, cualificativo este último que é teu, como o de camarada, que tanto soou nas Redes, nas rúas... aquel día de xuño que te fuches. ¡Buf!, Plácido. Considérome unha persoa moi afortunada por terte coñecido. Por aprender tanto de ti. Por ser como eras, grande coma a duna de Corrubedo (como dixen publicamente na presentación do teu libro *Bágoas na chuvia*), unha montaña de xenerosidade que repartiches de areíña en areíña entre todos os que tivemos a sorte de toparnos no teu camiño, como se viu na igrexa de Palmeira á que non deixabas de acudir, orgulloso das túas crenzas: chea para despedir o corpo dun home inesquecible. É ben certo que estou abusando de falar tan ben de ti porque sei que non me vas devolver os meus recoñecementos multiplicados por catro. Así eras ti, todo xenerosidade.

Canto temos falado, benquerido, de que á política facíanlle falta moitos Plácidos (aínda que a túa modestia me rectificase esta expresión), capaces de deixar as discrepancias nos foros de debate, de non personalizar, de pór os intereses xerais por encima... Pero eu xa che advertía de que xente coma ti non tiña futuro nos cargos públicos dado que a lealdade, a honradez, o sentido común, educación, respecto e, sobre todo, a humanidade, son inconcibibles en certos ámbitos, e xa sabes que sempre hai quen prefire ter os bichos raros disecados e de adorno que ceibos no seu hábitat, gozando de liberdade.

Camarada, benquerido, aquel triste día de xuño sentinme identificado cos teus alumnos; fun un deles, triste pola morte do seu (do meu) mestre, pero ledo pola memoria que me queda, polas lecciónes de vida que me deches nestes 29 anos de amizade, pola paciencia que tiveches sempre comigo, polas mensaxes que dende hai anos me enviabas con cada artigo de opinión que publicaba, e que me obrigaban a dicirche que non eras obxectivo na túa valoración porque me querías moito.

Hoxe non recibirei no whatsapp a túa valoración deste obiturario, pero sei que me dirías: «Xa botaba en falta os teus artigos. Grazas camarada, as túas palabras reconfórtanme pois sabes que che respecto e che quero». Eu tamén a ti, Plácido. Non rifes co cachorro mentres eu non chegue.

Moncho Ares

IN MEMORIAM



MAXI OLARIAGA, HABITANTE DA PRAZA DA FANEQUEIRA

O tránsito por este mundo dáche a oportunidade de coñecer persoas extraordinarias, inesquecibles; familiares e amigos que deixan pegada indeleble; mestres, á fin e ao cabo, dos que recibes lecciónns cunha simple conversación, e que converten en magnífica clase a súa interpretación da vida, na que a maldade non existe, nin a mala educación. Podería encher de cualificativos e definicións a persoa de Maxi Olariaga e, probablemente, quedaríanme atrás innumerables acepcións, pero os lectores das súas publicacións coñecíano tan ben ou mellor ca min, porque nelas expúxose sen andrómenas, facendo dos seus textos poesía e odas á reflexión para construír un mundo mellor; incluso converténdoas en invitacións a voar polo país de Nunca Xamais invocando a inocencia da infancia como remedio para combater a inxustiza.

En outubro emprendeu a viaxe da que tantas veces nos falara nos seus artigos e, de contado, sentimos o seu baleiro, un angustioso baleiro, pero quedounos a satisfacción de pensar que a súa vida foi plena. Xa que logo, non sería quen de enchernos da bondade que sempre atesourou, permanentemente disposto a botar unha man, aínda cando o alento dificultaba a súa fala, como ocorreu dous días antes de finar, que chamou para dicirme que estaba de novo no hospital, quitando gravidade ao asunto, porque o que lle preocupaba era non poder estar cos seus lectores por medio das súas seccións en La Voz de Barbanza. Maxi era republicano, de esquerdas e do Barça, sensato e tolerante, boa persoa, xenial escritor e mais músico, comprometido coa cultura e noiés orgulloso de selo.

Non era especialmente coñecido pola súa faceta de escritor, pero a súa poesía foi premiada en 1988 no concurso do Liceo de Noia, pola obra *Testamento para o meu fillo*. Toxosoutos publicou dous libros da súa autoría, *Os días con Lara* e *Simeón Pantín, inventor da liberdade*. A Asociación Cultural Barbantia outorgoulle o premio Sereo á Cultura no Barbanza no ano 2016. Tivo unha incursión na música sendo adolescente, incluso editando un *single* coa muller da súa vida, Xena.

Unha das súas primeiras achegas a La Voz de Galicia foi unha necrolóxica: «Estrellita morreunos e habita desde hoxe na praza da Fanequeira para sempre. É esta praza o último bastión dos noieses de liñaxe impoluto. Dos noieses que baixaban as reses bravas dos montes de Barbanza para logo lidalas no curro polas festas de San Marcos e San Bartolomeu, e, un detrás doutro, estánsenos indo das súas casas aos ombreiros dos seus veciños até Santa María a Nova. Eu sei que, nada máis caer a noite do enterro, regresan á vella praza de Noia para seguir invisibles as súas disputas, coas súas charlas, os seus comentarios, as súas festas e os seus labores de cada día».

Sempre que pare en Noia, pasarei pola Fanequeira, porque alí habitas, amigo Maxi.

Moncho Ares

ÍNDICE

11 **LIMIAR**
X. Ricardo Losada

VIII SEMANA DA HISTORIA DE NOIA

17 **VIII Semana da historia de Noia**
Suso Xogaina

23 **A Carta Pobra de 1168**
Xerardo AgraFoxo

31 **Noia e Compostela: historia de dous topónimos**
Clodio González Pérez

55 **A orixe medieval do Portus Apostoli**
(Unha vila portuaria e atlántica no fondo dunha ría)
Pedro García Vidal

89 **Totum Bonum e o seu territorio**
Manuela Pérez Mato

105 **Conflito político e social en Boiro** durante o bienio conservador republicano (decembro 1933 - febreiro 1936)
Antón Rodríguez Gallardo

133 **Na nebulosa do Anxo: *Loaira* revisitada**
Manuel Castelao Mexuto

155 **Revisións e reescrituras do mito de Penélope**
Aurora Marco

169 **Escenas de Portosín en tempos de Fernando VII**
Daniel Bravo Cores

175 **A maioría de idade da Literatura Infantil Galega. María Victoria Moreno como referencia**
Pilar Sampedro

183 **Fariña e a Filosofía**
César Allen

187 **Presenza do Barbanza na Real Academia Galega**
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

205 **Almas que non dan pena**
Emilio García Portosín

AIRES DE FÓRA

241 **Mémoires d'un Veuf (1886) –Choix de Textes– Paul Verlaine**
Versión galega de *Eme Cartea*

BARBANTIA ANO XIV

267 **Barbantia. Balance anual**
Pastor Rodríguez

301 **Relación de socias/os**

Limiar

X. Ricardo Losada

Se ten razón Paul Klee (*A arte non reproduce o visible, fai visible)*, este anuario é arte. Facer visibles persoas, acontecementos e documentos que doutro xeito se perderían para sempre no inconsciente da historia é o seu obxectivo máis inmediato. E digo inconsciente, conscientemente. Porque esas persoas, acontecementos e documentos seguirían influíndo no noso comportamento sen dármonos conta e, xa que logo, dunha forma individual e socialmente patolóxica. Se negar que un está dominado por unha droga é, moitas veces, un síntoma de adicción a esa droga, negar que un está dominado pola ignorancia é tamén un síntoma de adicción á ignorancia. Unha persoa, unha familia, unha vila, unha comarca, un país están enfermos se non coñecen a súa historia. Facela explícita é a única forma de recoñecer e superar esa patoloxía.

Adoita dicirse que os adultos perdemos a capacidade infantil de sorprendernos e de sentirmos curiosidade polo que nos rodea. Devolvernos esa capacidade, ilusionarnos con saber máis sobre a nosa comarca, é outra das funcións deste anuario. Se sentado á mesa, din os xogadores de póker, non dás co paspán a quen desplumar, é que o paspán es ti. O mesmo pode dicirse da mesa desa partida de póker que é a vida social. Se vivindo en sociedade (xa sexa globalmente ou nunha familia, nun partido político, sindicato ou asociación cultural) nunca pensaches que es un paspán a quen están a desplumar, é que es un paspán. A única forma de non selo é pensar que podes selo, estar ben informado e ter conciencia crítica. É dicir: carecer de información relevante sobre o mundo no inconsciente, e ter a seguridade de que a información que manexas a nivel consciente é fiable.

Publícanse cada mes ducias de artigos e libros afirmando que vivimos no mundo da posverdade e das *fake news* como se iso fose (outra *fake new*) unha novidade. Hai dous mil cincocentos anos os filósofos sofistas xa lles recomendaban aos alumnos que, para triunfaren en política, tiñan que despreocuparse de manter unha relación obxectiva entre linguaxe e realidade. *Amo o meu país* era unha frase verdadeira, non se ti amabas realmente o teu país, senón se aqueles aos que te dirixías o crían. E se ti amabas o teu país, pero os demais non o crían, a frase era falsa. Millóns de persoas seguen hoxe as directrices sofistas nas redes sociais sen ter oído nunca falar deles. Por iso, cando lles pregunto aos alumnos de onde sacaron a información para realizar un traballo ou unha exposición, se me din, todos cheos (son nativos dixitais), *de Internet,* sen concretar máis, póñolles de inmediato un negativo. A maior parte da información que hai en internet é borralla, dígolles. E recórdolles unha frase marabillosa de Gabriel Insausti: "A linguaxe é á vez o calabozo e a evasión".

Comprobando cada día en televisión, nos parlamentos ou nas redes sociais a razón que tiñan os sofistas, un ten ganas de renunciar á actividade cultural e crítica. A linguaxe é un calabozo e nunca deixará de selo. Pero axiña intervén esa parte consciente e infantil da miña mente que ten curiosidade e se fai preguntas para rexeitar ese pesimismo, e que segue necesitando crer que o bo uso da linguaxe é imprescindible para evadirse de calquera calabozo. Os negros, as mulleres, os homosexuais, os galegofalantes e moitos outros grupos discriminados nacían, non hai moito tempo, no cárcere. Hoxe gozan de liberdade, unha liberdade ás veces condicional, é certo, pero liberdade. Por que? Porque en todas as épocas houbo persoas que seguiron buscando a correspondencia da linguaxe coa

realidade, e chamándolles ás cousas polo seu nome.

Con este anuario, Barbantia tamén aposta pola correspondencia entre a linguaxe e a realidade do Barbanza, entendendo Barbanza como o que realmente é: un microcosmos, unha sinécdoque do mundo.

VIII
Semana da Historia de Noia

VIII Semana da historia de Noia

Suso Xogaina

Con motivo da conmemoración do 850 ANIVERSARIO DA FUNDACIÓN DE NOIA, por medio da *Carta Pobra* concedida polo rei Fernando II, celebrouse no Coliseo Noela a VIII SEMANA DA HISTORIA DE NOIA. Os actos comezaron o 9 de abril de 2018 coa intervención de Alberte Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, que na súa intervención apoiou que o Portus Apostoli se inclúa no Camiño das peregrinacións marítimas.

Nesta mesma data, no medio dunha emotiva xornada programada pola Concellaría de Cultura, inaugurouse na Porta da Vila unha escultura deseñada por Suso Xogaina na que se reflicte, ademais do escudo do concello vinculado coa fundación mítica de Noia, os símbolos xacobeos gravados nalgúns edificios e igrexas do recinto medieval.

Durante esta semana, os investigadores Xerardo Agrafoxo, Clodio González Pérez, Pedro García Vidal e Manuela Pérez Mato, expuxeron as súas últimas pescudas relacionadas coa importancia que tivo a *CARTA POBRA de 1168* no desenvolvemento histórico de Noia.

Os diferentes actos remataron coa actuación da Escola de Danza Oitos, dirixida por Verónica Martínez, que representaron na palestra do Coliseo Noela *O PERIPLO DE ARNOLFO*, un lírico e conmovedor espectáculo de danza e multimedia baseado na arribada ao Portus Apostoli dos cruzados que saíran no ano 1147 dende o peirao inglés de Dartmouth.

Programa da VIII Semana da Historia de Noia

Os oradores, tras o acto institucional no Coliseo Noela.
De esquerda a dereita: Xerardo Agrafoxo, historiador; Alberte Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia; Santiago Freire, alcalde de Noia; e José Pérez, concelleiro de cultura de Noia

O concelleiro José Pérez na inauguración do monumento.
A escultura foi deseñada por Suso Xogaina e tallada por Alberto Rodríguez

A *Escola de Danza Oitos* durante a representación do espectáculo

VIII Semana da historia de Noia

850 Aniversario da súa fundación
1168-2018
Coliseo Noela, 9-13 de abril 2018
A Carta Pobra de 1168

Xerardo Agrafoxo

A Carta Pobra certifica o nacemento histórico da vila de Noia. Foi asinada por Fernando II, rei de León e Galicia. As circunstancias da vida determinaron que este documento, asinado na cidade de Lugo no ano 1168, se atope na catedral de Santiago. E que o rei, malia que morreu en Benavente vinte anos máis tarde, descanse tamén no mesmo templo. A Carta Pobra pode contemplarse no Tombo A, unha colección de documentos que certifican os privilexios que lles concederon naquel tempo os reis de Galicia e León á Mitra Compostelá. O monarca está soterrado na Capela das Reliquias do Panteón Real.

Pero, que é a Carta Pobra? Como se desenvolveron os acontecementos para que acade hoxe tanto valor histórico? Así sucederon as cousas naqueles controvertidos tempos da Idade Media.

ANO 1168

O 2 de abril de 1168, a Mitra dispuxo que a vila emprazada dende tempos antigos nun punto da costa pertencente á parroquia de Santa Cristina, entre os lugares de A Barquiña e Barro, fose trasladada ao sitio onde se asenta na actualidade, e que algunha tradición sitúa ao redor da capela de San Martiño de Sobreiral, "por los muchos árboles de estos que allí había en toda su extensión".

Unha decisión debida seguramente a dúas circunstancias: a necesidade de protexer a poboación dos ataques marítimos, pois os árabes arrasaran a illa da Creba no ano 1115, e o intento de repoboar as costas dunha enseada onde se desenvolvían actividades pesqueiras. Talvez este porto se orixinou porque os barcos que chegaban con peregrinos cara a Santiago comezaron a fondear nas marxes do Tambre cunha finalidade fiscal, é dicir, para fuxir

Fernado II e a Carta Pobra (Arquivo Xogaina)

dos excesivos portádegos que se cobraban nas Torres do Oeste:

> *Nullus etiam de villa vestra det portaticum in tota mea terra, nisi in castello de Oneste, et de dale et de piscato*.

Tamén puideron influír, tal como apuntou López Ferreiro (1901), as dificultades que sufrira o anterior peirao enclavado nun punto da costa norte de Santa Cristina de Barro:

> *O antigo porto fora destruído por un incendio, por un ataque ou por un movemento de avance das augas sobre a terra*.



As primeiras vilas galegas (Arquivo Xogaina)

Foi o 9 de abril de 1168 cando o rei Fernando II lle concedeu na cidade de Lugo ao arcebispo compostelán Pedro Gundesteiz a autorización para edificar un burgo e un porto nun territorio de Santa Cristina de Noia que xa estaba ocupado dende a chegada dos romanos. Trátase dun privilexio real que, tal como se articulaba a sociedade feudal, deseñaba un espazo xurisdicional subordinado á Igrexa xacobea.

Os reis leoneses intensificaron nesta época a actividade colonizadora coa creación no Camiño Francés de varios *burgos*: Sarria, Triacastela, Portomarín, Palas de Rei, Melide e Arzúa. Neste tempo naceron as sedes episcopais de Lugo, Ourense, Mondoñedo e Tui. As catro medraron como centros urbanos onde as ansias de liberdade se enfrontaron co poder dos señores eclesiásticos.

AS PRIMEIRAS VILAS GALEGAS

No intento por parte dos reis de repoboar certos lugares que, polas súas especiais condicións naturais ou estratéxicas, tiñan características axeitadas para desenvolver neles unha aglomeración, xurdiron outros núcleos urbanos. Así, durante o reinado de Fernando II (1157-1188) e Afonso IX (1188-1230), naceron varias vilas e cidades galegas. Nun principio concedéuselle a *Carta Foral* a Tui (1142), Allariz (1156), Padrón e Ribadavia (1164), Lugo e **Noia** (1168), Pontevedra (1169), Castro Caldelas (1172) e Viveiro (1173). Despois a Baiona (1201), Betanzos (1219), Caldas de Reis (1256) e Pontedeume (1270).

A CARTA POBRA DE NOIA

Despois dun cerimonioso introito –*In nomine Sancte et individue Trinitatis*– na Carta Pobra, conservada no *Tombo A* da catedral

de Compostela, indícase que o novo *burgo* e porto erguerase á beira *do río Tambre*:

> *Saiban, pois, a idade presente e a futura como eu Fernando, pola graza de Deus, Rei dos Españois, por amor de Deus Omnipotente e do Santísimo Apóstolo Santiago, nosa Cabeza e Patrón, facúltovos e concédevos, meu leal Don Pedro, electo de Compostela, que podedes edificar e establecer un novo burgo e porto na Terra de Santiago* ***na comarca de Santa Cristina de Noia*** *nas marxes do río Tambre á gloria de Deus e de dita Igrexa que vos elixiu por Padre e Pastor.*

UN BURGO MEDIEVAL

Máis adiante faise referencia ao nome que terá o novo lugar –*Totum bonun*–, explícase algún aspecto das súas exencións tributarias –*nullum ibi reddant pedagium*–, determínase con énfase que a vila creada será da Mitra –*Totus burgus sit vester siue villa, sicut Compostellana civitas, et omnium successorum vestrorum in perpetuum*–, aínda que o rei se reserve a metade do portádego que se lle cobre aos barcos que ancoren no seu peirao:

> *E o tal burgo e porto chamarase en adiante por todos Todo Bo; e institúo o burgo nesta forma, a saber, que todos os cidadáns de Compostela ou calquera outros que alí habiten ou teñan casas de morada, non paguen outro peaxe que o portádego e peaxe que acostuman pagar as naves. Igualmente os estraños pagarán segundo o costume e rito doutros portos.*
>
> *Todo o burgo e vila será voso e de todos os vosos sucesores, como a cidade compostelá.*
>
> *Do portádego das naves resérvome para min e para o meu fisco a metade, que prometo e decido non dar nunca a ningunha outra persoa, nin Conde, nin Cabaleiro, e en caso de cedela, só lla darei a Vos ou a vosos sucesores.*

Para que non quede ningunha dúbida sobre a situación legal da vila, especifícase que os seus cidadáns –*ut homes in eo habitantes ita vivant*– deberán comportarse segundo as ordenanzas contidas no Foro de Compostela:

> *Mando e ordeno que o burgo se poboe segundo o Foro de Compostela, e que todos os que nel habiten e vivan vos estean suxeitos a Vos e a todos os Arcebispos de Santiago, como o están os cidadáns de Compostela.*

O arcebispo Xelmírez no Tombo de Toxosoutos
(Arquivo Xogaina)

PROTECCIÓN PARA OS PEREGRINOS

Tamén se considera, "para favorecer la navegación" (Gautier, 1989), que non se deben realizar neste novo territorio algunhas prácticas – *non sit illa praba consuetudo naufragii* – que se viñan empregando, entre o burgo da Coruña e Padrón, contra os náufragos e navegantes que *sicut navis aliqua portum Sancti Iacobi*:

> *Engado ademais que dende o Faro ata este porto que chamamos Todo Bo, e dende este porto ata Santa María da Lanzada e aínda ata Padrón, deixe de observarse o mal costume do naufraxio, polo cal, os náufragos ou navegantes vense precisados a entregar as súas naves e o seu cargamento aos Señores da terra; e que os mareantes que dentro de ditos termos lles sucedese padecer naufraxio ou perigo de perderse, se lles restitúan as súas naves e todas as súas cousas sen diminución e molestia ningunha, se é que puideron escapar da tempestade. Pero isto ha de entenderse dos barcos que veñen consignados ao porto do Apóstolo e non doutros.*

PORTUS APOSTOLI

E por último, ademais de volver indicar que os moradores do novo burgo serán considerados *uasalli* do Señorío da Terra de Santiago e *nunquam alterius*, declárase que esta *Carta Pobra* se concede –"el rey precisaba sus intenciones" (Gautier, 1989)–, para *restaurationem portus de Apostoli* e asínase na cidade de Lugo coa data do 9 de abril de 1206.

Tendo en conta que naquel intre se databan os documentos segundo a *era hispánica*, que se iniciaba conmemorando a pacificación da Península por Augusto, é dicir, 38 anos antes do nacemento de Cristo, resulta que a data real do documento é o ano 1168:

> *Quero asemade que todos os habitantes e moradores do* ***referido burgo*** *sexan vasalos e dos Arcebispos de Compostela, e non de ningunha outra persoa.*
>
> *Declaro por último que isto o fago para* ***retaurationem portus Apostoli****.*
>
> *Fíxose na cidade Lucense na Era MCCVI a 9 de abril, reinando o rei D. Fernando en León, Estremadura, Galicia e Asturias.*

Atribucións da Mitra sobre a vila de Noia (Arquivo Xogaina)

A MITRA CONTROLA NOIA

A través desta *Carta Pobra* asinada polo rei Fernando II, Noia conseguirá unha posición privilexiada respecto doutras terras e vilas galegas. Ao converterse no lugar de descanso dos prelados de Santiago a vila medrará mentres os peregrinos acudan a rezar, tal como fixeran os integrantes da Segunda Cruzada que partiran de Dartmouth, ante o *locus apostolicus*.



Rutas dos cruzados de Darmouth cara ao Portus Apostoli (Arquivo Xogaina)

Santiago Apóstolo na igrexa de San Martiño (Arquivo Xogaina)

Noia permanecerá supeditada aos intereses dos prelados do Señorío da Terra de Santiago porque, tal como vimos antes, a un deles (Pedro Gundesteiz), outorgáralle o rei tres grandes poderes:

1. **A facultade para edificar un novo porto na terra da Mitra Compostelá que será del e dos seus sucesores.**

2. **O dereito a que só o arcebispo poida cobrar determinados impostos.**

3. **E a obriga dos habitantes de Noia a estar suxeitos ás ordenanzas regulamentadas nos Foros de Santiago.**

A absorción progresiva das terras de Noia por parte da Mitra provocará por tanto unha constante presión económica. Unha gadoupa que impedirá o seu desenvolvemento comercial e coartará as liberdades dos seus habitantes. O pobo baixo a xurisdición dos arcebispos estará obrigado a sufragar unha carga tan excesiva de tributos e servizos que durante o medievo serán frecuentes os enfrontamentos para acadar maior autonomía municipal.

Noia e Compostela: historia de dous topónimos

Clodio González Pérez
Museo do Pobo Galego
Real Academia Galega

INTRODUCIÓN

A historia de Noia e Compostela transcorreron xuntas ao longo de máis de oito séculos, dende que o rei Ramiro II concede o condado de Posmarcos (*commissum Pistomarcos ab integro*) á igrexa de Santiago, o 21 de febreiro do ano 934, no que se atopa Noia, ata o 6 de agosto de 1811 en que as Cortes de Cádiz abolen os señoríos civís e eclesiásticos, agás o curto intervalo de 51 anos (1585-1636), que dependeu de varios banqueiros xenoveses e tamén do conde de Lemos.

Durante ese tempo a mitra compostelá construíu unha fortaleza no sitio máis estratéxico para a súa defensa, quizais sobre unha acrópole ou *oppidum* castrexo posteriormente romanizado, en territorio pertencente á parroquia de Santa Cristina de Noia, que abarcaba dende parte da orela esquerda da río Traba e da dereita do Tállara, seguindo toda a costa ata a desembocadura do Tambre, o río das Cunchas, liña divisoria coa parroquia de Roo. Polo interior, coa xa nomeada de Roo, e as de Lousame, Tállara e Argalo.

Non se sabe se xa antes, pero case seguro que dende a doazón de Fernando II, da que estes días se cumpren 850 anos, a entón aldea de Noia se converteu nunha das residencias da mitra compostelá, na que sobresaíu a estadía do arcebispo frei Berenguel de Landoira, dominico francés, durante o tempo que non puido entrar na capital da arquidiocese, deixando como recordo a igrexa de Santa María a Nova, que consagrou o 28 de xaneiro de 1327.

Nesta data sinalada do 850 aniversario da concesión da vila e do porto de Noia á igrexa de Santiago por parte de Fernando II, non vou falar da súa historia nin tampouco da de Compostela, senón dos dous topónimos: de cando se rexistran por primeira vez, como evolucionaron ao longo dos séculos, dos posibles significados e das diferentes hipóteses que sobre a orixe dos mesmos teñen expostas historiadores, eruditos e etimólogos ata os nosos días.

I. NOIA

1. As mencións dos autores clásicos

A máis antiga é a do xeógrafo grego Estrabón, que viviu entre os anos 63 (?) e 24 a. C. En particular no libro III da *Geographika* menciona unha *Noiga* que algúns historiadores identifican coa nosa vila, pero máis seguro é que sexa a asturiana Noega ou Noiga, situada preto de Xixón, tendo en conta o que di: *Entre os Astures corre o río Melsos e un pouco máis lonxe está a cidade de Noiga e moi preto un entrante no Océano que separa os Astures dos Cántabros*[1].

Cronoloxicamente, o seguinte é o xeógrafo hispano Pomponio Mela, do que non se sabe máis ca que viviu no século I da nosa era. Na súa *Chorographia* (lib. III), describe do seguinte xeito a costa atlántica: *Os Praesamarchos habitan a parte que sobresae e a través deles corren os ríos Tamaris e o Sars nacidos non lonxe; o Tamaris* [desemboca] *xunto ao porto de Ebora e o Sars onde a torre que lembra o nome de Augusto.*

O nome do territorio, *praesamarchos,* mantívose ata os nosos días como denominación de dous arciprestados: Posmarcos de Arriba –ao que pertence Noia– e Posmarcos de Abaixo, pero máis difícil é a identificación na desembocadura do río Tambre do porto de

[1] ROMERO MASIÁ, A. Mª. / POSE MESURA, X. M.: Galicia nos textos clásicos, A Coruña, 1987, p. 43.

Ebora (*Tamaris secundum Ebora portun*), que puidera ser o da Barquiña, onde houbo un castro, algún sitio próximo (preto está a aldea de Eiroa), ou ata na outra orela, é dicir, na de Outes. Trabuca o Sar co Ulla, a non ser que daquela se lle dese a primeira denominación a todo o río e non só a un dos afluentes, onde se cre que estaba a torre de Augusto, que para algúns historiadores é a orixe das torres do Oeste (Catoira).

Situación das dúas Noegas ou Noigas (Debuxo de X. R. Marín)

O mesmo xeógrafo deseguido refírese claramente ao *oppidum* asturiano: *Na costa dos Astures está a cidade de Noega e tres aras ás que chaman Sestianas están asentadas nunha península e están consagradas ao nome de Augusto e dan fama ás terras antes ignoradas*[2]. Como se poderá ver, entre este autor e o seguinte existe unha contradición aínda non resolta nos nosos días: el afirma que preto de Noega estaban as aras Sestianas, mandadas levantar polo cónsul L. Sestio na honra de Augusto (cargo que desempeña o ano 23 a. C.), mentres que o anterior di que se achaban no territorio dos Nerios e Supertamaricos (entre o río Tambre e o cabo Vilán, aproximadamente).

Caio Plinio Segundo, O Vello, escritor, naturalista e científico romano, que viviu entre os anos 23 e 79, é quen máis probabilidades ten de que sexa o primeiro en mencionar Noia, tendo en conta que na súa obra *Naturalis historia,* primeiro fala da poboación asturiana e logo do *oppidum* de *Noeta* (noutros códices: *Noeca, Noela* e *Noega*), nomeando a continuación aos *praestamarcos*, tribo á que pertencía a nosa vila. Escribe no libro IV: *A rexión dos Astures, a cidade de Noega...* E máis adiante: *Os Célticos de sobrenome Nerios e os Supertamaricos na península na que se dedicaron a Augusto as tres aras Sestianas, os Caporos, a cidade de Noeta, os Célticos de sobrenome Praestamarcos, os Cilenos. Das illas deben nomearse Corticata e Aunios...*[3]

Considérase a mellor descrición, na que non faltan ata as illas Cortegada e Ons, pero o gran problema aínda non resolto, como queda dito, é o da localización das aras Sestianas.

Por último, tampouco faltan historiadores que a identifiquen coa *Novio* (*Novion* ou *Novium*) que menciona o polígrafo grego Ptolomeo (100-178) na *Geographia* (táboa II, 6, 21), verbo da que afirma que é unha das

[2] Ídem, p. 57.

[3] Ídem, p. 68.

cidades dos Ártabros, que vivían próximos ao promontorio Nerion[4].

2. A Idade Media

Teñen que pasar mil anos para ter novas outra vez da existencia de Noia, agora xa seguras, que non admite controversia a súa identificación. O primeiro testemuño é do 13 de decembro de 1107, data en que a raíña Dona Urraca doa á igrexa compostelá canto posuía entre os ríos Ulla e Tambre: *et de omnibus illis hominibus et hereditatibus quas habeo in Pistomarcos et in Noia et in Conpostella...*[5]

Pero cando no medievo se fala de Noia, cómpre ter en conta que daquela levaban a mesma denominación: unha terra ou comarca, unha parroquia, e unha aldea pertencente á anterior, como constan as tres xuntas nun documento do 22 de decembro de 1211, no que se di que unha propiedade estaba *in terra de Nogia sub aule Sancte Christine de Nogia in loco certo villa Nogia...*[6].

O topónimo, que é o mesmo para a tres, aparece nas escrituras con diferente grafía ao longo dos séculos dependendo da época e dos escribáns, como se pode ver polo que atinxe só á Idade Media no tombo do mosteiro de Toxosoutos, o conxunto documental máis importante da comarca:

- *Noya*, anos: 1134, 1181, 1182, 1230, 1239, 1244, 1248, 1261, 1267, 1274, 1277.
- *Nogia*, anos: 1143, 1145, 1151, 1154, 1161, 1211.
- *Noia*, ano: 1154
- *Noye*, anos: 1164, 1239, 1244, 1245, 1246, 1249, 1265.

a) **Terra de Noia**: Os lindes non se coñecen con exactitude, xa que á vez era unha parte do territorio de Posmarcos. Estaba delimitada ao norte polo río Tambre, ao sur polos montes de Lousame e a serra da Barbanza, ao leste polos montes coñecidos na Idade Media como "da Luaña" nos que se atopaba o mosteiro de San Xusto (1145: *in Luania Monte territorio Nogia*), e ao oeste pola ría. O ano 1134 o arcebispo

[4] Ídem, p. 105.

M. Fabeiro Gómez ("Noia", Gran Enciclopedia Gallega, Silverio Cañada, editor, XXII, p. 212), di: Abraham Ortelio, en su Mapa (1586), coloca sobre el rio Traba un puente y a la localidad le da dos nombres: Novium, y Noela, la zona del Campo das Rodas (O Obre). La expresión es Novium et Noela, lo que implica el reconocimiento de dos pueblos. Si los autores antiguos hablaron de Noela y ésta se hace figurar en la parte izquierda de la villa actual, claramente se deduce que el autor del mapa se documentó in situ: comprobó que se denominaba Noela a la parte antigua y conociendo una nueva localidad, le dio el nombre de Novium. Como considera a las dos denominaciones una misma localidad, las une mediante la conjunción et.

Non sabemos a que mapa de Ortelius ou Ortelio se refire, pois nin no da península (Regni Hispaniae post ómnium editiones locupletissima descriptio), nin no da Descripcion del Reyno de Galizia deseñado por Fernando Ojea (neste caso a primeira edición é do ano 1603, Amberes: Abrahami Ortelii, Ioannes Baptista Vrints), figura Noia con estes nomes. O único onde aparece así é nun posterior, no que ademais de non constar exactamente desta forma, tampouco cremos que o autor chegase a estar aquí e menos aínda que nesta época puidese documentar a existencia dos dos topónimos: Il Regno de Galicia. Descritto da Giacomo Cantelli da Vignola Geografo, Roma, 1696, no que Noia (Noja) está situada na desembocadura da ría, fronte a Muros, co seguinte texto: Noja ot Nouuium. No caso de Muros, pon Muros ot Artabrorum Portus.

O devandito erudito escribe máis adiante: Mucho antes de Ortelio, en el Concilio de Lugo del año 569, se acordó la inclusión en la demarcación de Posmarcos de la comarca noiesa, y se sostiene que en la diócesis de Iria, a que pertenecía, había dos localidades denominadas Noela y Novium. Si é certo que nas actas deste concilio entre os territorios que dependían de Iria estaba o de Pestomarcos, pero non se nomea ningunha poboación nin deste nin dos demais (RISCO, M.: España Sagrada. Tomo XL. Antiguedades de la ciudad y Sta. Iglesia de Lugo..., Madrid, 1796, p. 343).

O mesmo repite, seguindo a Manuel Fabeiro, Fernando Cabeza Quiles en Os nomes da terra. Topónimos galegos, Noia, 2000, p. 273.

[5] LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela, III, 1900, apéndices, p. 75; Tumbo A de la catedral de Santiago. Estudio y edición de M. Lucas Álvarez, 1998, p. 178.

[6] Os documentos do tombo de Toxos Outos, ed. de F. J. Pérez Rodríguez, 2004, p. 556.



A primitiva igrexa de Santa Cristina de Noia co campanario separado do edificio, agora desaparecido
(*La Ilustración Gallega y Asturiana*, 1880)

Xelmírez permutou con Fernando Froilaz varias propiedades sitas *in terra de Nogia*. Algunhas veces tamén se di *territorio Nogia* e *valle de Nogia,* pero non se sabe se se refire a toda a comarca ou só a unha parte[7].

b) **Santa Cristina de Noia**: O antigo templo románico queda a un quilómetro aproximadamente do mar, do que non se conserva máis que o presbiterio. A parroquia estaba delimitada polo norte pola desembocadura do Tambre ata o río ou rego das Cunchas en que empeza a de Roo; pola sur, coas freguesías de Lousame, Tállara, e Argalo; polo leste outra vez coas de Roo e Lousame, e polo oeste, coa do Obre e a ría.

Segundo a *Historia Compostelá,* o arcebispo Xelmírez recibiu de Paio Gundesíndez unha *villa* en *Sancta Xpina de Noya*; o mesmo prelado doa a un dos familiares a metade de *S. Christinae de Noia*; en 1134 o conde Fernando Pérez de Traba troca varios bens por outros que posuía *in S. Christina de Noya,* e o mesmo fixo co mosteiro de Toxosoutos en 1154, constando que estaban *sub aula Sancte Christine de Nogia*[8].

Nesta época están documentadas, entre outras, as aldeas de Alvariza (*in terra de Pestomarchis sub aula Sancte Christine de*

[7] GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "A Terra da Luaña", Papeis do Valeirón, I, Urdilde, 1997; Os documentos do tombo de Toxos Outos..., p. 240 (erro de transcrición: in Luania Morte por in Luania Monte); FLÓREZ, H.: España Sagrada: "Historia Compostelana", XX, Madrid, 1765, p. 558.

[8] FLÓREZ, H.: Obr. cit., pp. 73, 238; Os documentos do tombo de Toxos Outos..., p. 585.

Noia in villa nomine Aluariza, 1214); Barro (*in territorio Pistomarchos sub aula Sancte Christine de Nogia... et totam hereditatem de Barrio*, 1154); Carracido (*in Carrazido... in filigresia Sancte Christine de Noya*, 1225); Eiroa (*sub aula Sancte Christine de Noya ... in Eyroa*, 1181; Noia (*sub aule Sancte Christine de Nogia in loco certo villa Nogia,* 1211); Orro (*in Orro... et in tota filigresia de Noya*, 1222); Ousoño (*ad ecclesiam Sancte Christine de Noye in villa nominata Oozonio,* 1221); Pazos (*sub aula Sancte Christine de Noya in Palacios*, 1181), etc.[9]

Do antigo templo só se conserva a capela maior ou presbiterio, de estilo románico, debido a que quedou abandonado ao pasar en 1849

San Martiño de Noia
(*La Ilustración Española y Americana*, 1884)

[9] Os documentos do tombo de Toxos Outos..., pp. 558, 585, 564, 554, 556, 554, 557 e 554.

a parroquia á capela de Santo Antonio, situada a curta distancia, que mandara construír en 1737 o cóengo compostelán Antonio de Castro Romero[10].

c) **San Martiño de Noia**: Co paso dos anos a aldea de Noia transformouse nunha vila próspera e no centro administrativo da comarca, á sombra da fortaleza episcopal do Tapal. Entón, a semellanza doutras poboacións, tratou de independizarse da antiga parroquia tomando como advocación a dunha capela que había onde agora se ergue a igrexa, dedicada a San Martiño de Tours. Sábese que non o conseguira en 1211, en que aínda consta como un dos núcleos dependentes da de Santa Cristina, pero en 1244 xa se documenta un párroco de San Martiño: *Pelagius Petri, presbiter Sancti Martini de Noya*[11].

No sucesivo existiron dúas freguesías co nome de Noia, constando así, por exemplo, contra o ano 1338, ata que a comezos do século XV (c. 1409) a vella xa aparece coa denominación de Barro, pero mantendo a advocación primitiva de Santa Cristina e case todo o territorio, agás o núcleo da vila e unha pequena franxa arredor da muralla. Situación que se mantén ata 1984, en que pasaron a depender da de San Martiño os lugares de Argote, O Calvario, Campo de Lamas, A Costaneira, Couto de Abaixo, Couto de Arriba, Loureiro, Pazos, A Perouta, O Pirillueiro, A Ponte de Traba, Sabardes, San Breixo, San Lázaro e Xei, situados na marxe esquerda do río Traba, e na dereita os de Outonil e San Bernardo[12].

[10] AGRELO HERMO, X.: A freguesía de Santa Cristina de Barro, Noia, 1996.

[11] Os documentos do tombo de Toxos Outos..., pp. 617.

[12] O Tumbo Vermello de Don Lope de Mendoza, edición de Ángel Rodríguez González, Santiago de Compostela, 1995, pp. 95 e 119; GONZÁLEZ PÉREZ, C. / XOGAINA, S.: La iglesia y el cementerio de Santa María A Nova de Noia, 2003, pp. 40-41.



I) Santa Cristina de Noia; II) Santa Cristina de Noia / Barro e San Martiño de Noia; III) Santa Cristina de Barro e San Martiño de Noia (1984) (Debuxo de X. R. Marín)

3. O outro nome de Noia

O 9 de abril de 1168, Fernando II doa ao arcebispo compostelán, Pedro Gundesteiz, o burgo e o porto de *Todo Bo* (*Hic autem burgus sive portus de cetero Totum Bonum ad omnibus vocitetur*[13]), do que se sabe que estaba no territorio da parroquia de *Sancte Christine de Noya* por constar no documento, pero non a súa situación, supoñéndose que fose a aldea de Noia, e que este monarca, a semellanza do que faría con Tui dous anos despois, acordou mudarlle o nome. No caso noiés polo de *Todo Bo*, e no tudense polo de Boaventura (*Bonam Venturam*).

Fernando II (Tombo A, catedral de Santiago)

Ningún destes dos dous nomes perdurou no futuro. A súa existencia foi tan efémera que no noso caso non se coñece ningún documento onde se volva mencionar, o que testemuña que nin se mantivo sequera a nivel oficial, dando lugar a que se cuestionase se era Noia ou outro sitio da parroquia, como A Barquiña, poñamos por caso. A dúbida xa debeu xurdir ao pouco da concesión, por iso unha man anónima deixou claro e para sempre que a vila e o porto de Todo Bo correspondían a Noia, ao escribir na marxe da copia da doazón que se conserva no Tombo A da catedral compostelá, a continuación de

[13] Tumbo A de la catedral de Santiago...., doc. 117.

territorio Sancte Christine de Noya a seguinte aclaración: *De portu de Noya.* Entre esta nota e o documento real non hai nin un século de diferenza, tendo en conta que os especialistas afirman que a letra é do XIII, e o documento real da segunda metade do XII[14].

4. Orixe, significado e evolución do topónimo Noia

a) O mito de Noé

O primeiro que argallou unha dispersión dos descendentes de Noé despois do diluvio, foi o historiador xudeu fariseo Flavio Xosefo (37?-101), que no capítulo VI do libro I das *Antigüidades Xudías* conta como se repartiron en particular os sete fillos de Xafet, dos que a Tobel (ou Túbal) lle tocou a península Ibérica. Esta andrómena acollérona os escritores cristiáns como unha verdade incuestionable, entre eles San Xerome e San Isidoro de Sevilla.

Talvez foi na Idade Media cando xurdiu a fábula da fundación de Noia por Noé, non máis que pola semellanza entre ambos os dous nomes, como pasou con outras poboacións, poñamos por caso Iria (Padrón), que segundo o *Cronicón Iriense* (c. 1120), procede de *Yllia,* porque así se chamaba a filla dun príncipe troiano; ou o da Coruña, que ao fundar a cidade Hércules, despois de matar a Xerión, decidiu que levase o nome da primeira muller que entrou nela *que habia nombre Cruña,* segundo refire Afonso X O Sabio na *Crónica General de España* (c. 1270)[15].

O mito converteuse nun feito indiscutible no Renacemento, así como se van mesturando os datos fantásticos e bíblicos cos que dan os escritores clásicos que se publican por estes anos por primeira vez, pois con estas etimoloxías non só se enaltecían as orixes das poboacións, senón tamén das familias poderosas que residían nelas para vangloriarse de contar entre os devanceiros con persoeiros bíblicos ou heroes gregos dos que se falaba nos libros máis antigos.

En particular para o caso de Noia, se xa antes non existía o mito, vai ser a partir de 1498 cando se converta en dato histórico, ao saír do prelo en Roma o libro de Xoán Annio de Viterbo, primeiro sen título pero dende a edición de 1510 co seguinte: *Berosus babylonicus. De his qui praecesserunt inundationem terrarum. Item Myrsilus, de origine Turrenorum...,* coñecido simplemente polo *Falso-Beroso* ou *Pseudo-Beroso,* atribuído a un sacerdote caldeo deste nome que viviu no século III a. C., que cita o historiador xudeu Tito Flavio Xosefo cando fala do diluvio nas súas *Antigüidades xudías* (lib. I, cap. III). Non obstante de se tratar dun falso cronicón inventado polo devandito dominico Xoán Annio, nado e falecido na cidade italiana de Viterbo (1432-1502), aos poucos anos converteuse

[14] Ídem.

[15] FLÓREZ, H.: España Sagrada: "Chronicon Iriense", XX, 1765, p. 601; Primera Crónica General, Estoria de España que mandó componer Alfonso el Sabio y se continuaba bajo Sancho IV en 1289, ed. de R. Menéndez Pidal, Madrid, 1906, cap. VII.

nun libro de extraordinaria influencia na historiografía e, en particular, na española[16].

O texto que lle afecta a Noia está na parte do libro que se titula *De primis temporibus, & quatuor ac viginti regibus Hispaniae & eius antiquitate,* e, en particular, no capítulo IV: *De primo Hispaniae Rege Tubale,* no que refire a historia do Túbal, fillo de Xafet, neto de Noé e primeiro rei de España. O fragmento que nos interesa é o seguinte: *Idem Berosus tradit anno X. Nini, & eiusdem Tubalis anno CXV. patrem Noam cognomernto Ianum à Phaenicia & Aphrica in Hispanias traiecisse, & dimisisse Tubali, suo ex filio Iapeto nepoti duas colonias a suo proprio nomine dictas Noaelas & Noaeglas, quanquam Noaegas & Noaelas scribat Plinius in ii.* natural. histor. *cap. XXI*. Que vén dicir: que segundo Baroso, o décimo ano da fundación da cidade de Nínive (téñase en conta que no libro da *Xénese*, consta que foi edificada polo rei Nimrod, bisneto de Noé, 10:7-11), e o ano 115 do diluvio, Noé –tamén coñecido por Xano– pasou de Fenicia a África e veu a España, e deixoulle a Túbal, fillo de Xapeto, dúas poboacións co seu nome, una Noelas e outra Noeglas, que denominou Noegas e Noelas como di Plinio no capítulo XXI da *Naturalis historia*[17].

Non nomea a Noia, só que a Noega e Noela fundounas Noé, pero abriu o camiño para que o fixen outros, tendo en conta a influencia da súa obra en todos os historiadores posteriores. O primeiro de que temos coñecemento foi o humanista siciliano afincado en Castela, Lucio Marineo Sículo (1460-1533), que en *De rebus Hispaniae memorabilibus,* impresa en Alcalá de Henares en 1530 e traducida ao castelán inmediatamente, no libro II titulado "Descripcion de la provincia que se dize Galizia y de sus ciudades y villas", primeiro dá a Noia como fundada polos gregos: *La qual como escribe Justino: fue poblada de gente Griega. Por que despues de acabada la guerra de Troya: como Teucro por la muerte de su hermano Ayax aborrescido de su padre Telamonio que no le quiso rescebir en su reyno se fue para Chiple* [Chipre] *a donde edifico una ciudad que llamo Salamina del antiguo nombre de su patria: y despues siendo avisado que su padre era muerto se bolvio para su tierra: y como Eurisaco su sobrino hijo de Ayax le prohibiesse la entrada Teucro no le pudiendo resistir tiro por la mar adelante para España y vino a desembarcar en el puerto donde despues fue edificada Cartagena: y dende se fue despues para Galizia. En la qual colocada su gente dio el nombre a la provincia: y fundo alli dos ciudades. De las quales yo pienso ser la una*

[16] A boa acollida que tivo aquí o "descubrimento" debeuse a que os destinatarios eran os Reis Católicos (christianissimis simul et gloriosissimis Hispaniarum principibus Ferdinando et Elisabeth), sen dúbida porque os fondos para a súa edición foron proporcionados polo embaixador español. Un especialista no tema afirma que non obstante de se tratar dun texto falso, non por iso deixou de ser de capital importancia para a historia de España, por poñer en paralelo aos Reis Católicos con Moisés e David (MAYER I OLIVÉ, M.: "El prefacio de las Antiquitates de Juan Annio de Viterbo: oportunidad e intención política", Humanismo y pervivencia del mundo clásico, vol. 4, Salamanca, 2015, p. 1.855).

Sobre este tema tamén se poden consultar, entre outros: TATE, R. B.: "Mitología en la historiografía española de la Edad Media y del Renacimiento", Ensayos sobre la historiografía peninsular del siglo XV, Madrid, 1970; GONZÁLEZ BLANCO, A.: "A propósito de algunos mitos de la historiografía hispana y de sus fuentes", Estudios Románicos, 6, 1989; CARO BAROJA, J.: Las falsificaciones de la Historia (en relación con la de España), Barcelona, 1991; ESTÉVEZ SOLA, J. A.: "Algo más sobre los orígenes míticos de Hispania", Habis, 24, 1993; CABALLERO LÓPEZ, J. A.: "Annio de Viterbo y la Historiografía española del siglo XVI", Humanismo y tradición clásica en España y América, León, 2002; ÍDEM: "Los griegos impostores y el famoso dominicano de Viterbo", Humanae Litterae, León, 2004; ÍDEM: "El 'Beroso' de Annio de Viterbo y su presencia en las Historias de España", Beroso. Revista investigación y reflexión histórica sobre la Antigüedad, 11-12, 2004; ÍDEM: "Beroso y Giovanni Nanni (Annius Viterbensis): modelos para el relato de los tiempos míticos en la historiografía española", Revue des études anciennes, 111, 2009.

[17] Berosi chaldaei sacerdotis. Reliquorúmque consimilis argumenti autorum, de antiquitate Italiae, ac totius orbis. Cum F. Ioan. Annii Viterbensis Theologi commentatione, & auxesi..., Lyon, 1555, f. 442.

la que agora los Gallegos llaman Noya y dizen que es muy antiguo lugar: y la otra Noela...[18]

As elucubracións deste autor non tiveron éxito polo que se refire á nosa vila, pero noutras poboacións que procuraron diferentes fundadores míticos, que ao remate da guerra de Troia como non os deixaban volver aos seus fogares (os coñecidos na Grecia antiga por *nóstoi*), algúns remataron nas nosas costas: Teucro funda Helenes –Pontevedra– (no século XVI xa puxo na casa do concello unha inscrición alusiva a este heroe); Diomedes, Tui (que por ser fillo de Tydeo, rei de Etolia, deulle o seu nome á nova poboación); Diomedes ou os compañeiros, Ribadavia e Padrón; o capitán Amphiloco, Ourense, etc. A fonte destas fábulas débese ao xeógrafo Estrabón, que á súa vez recolleu o seguinte texto de Asclepiades de Bitinia, médico grego nado en Asia Menor (124?-129 a. C.): *entre os Callaicos habitan algúns dos compañeiros de Teucro e que por alí había cidades, unha chamada Hellenes, outra Amphilochoi, porque non só Amphilochos morreu alí senón que os seus compañeiros chegaron ata o interior do país.* Así como tamén a outros posteriores que continuaron repetindo o mesmo, como Silio Itálico (25-101), que fala da fundación de Tui (Tyde) *polo errante Diomedes,* e Marco Xuniano Xustino (s. II-III), que afirma que os Gallaicos reivindican unha orixe grega dicindo que aquí estivo Teucro e Amphilocos[19].

Sículo non triunfou cos gregos respecto a Noia, pero tampouco se esqueceu dun personaxe moito máis antigo e tamén importante: o patriarca Noé. No capítulo VI que trata *de los primeros pobladores de España: y de las otras Provincias,* repite o mesmo que publicara algúns anos antes o falsario Xoán Annio de Viterbo: que Túbal foi o primeiro que veu a España despois do diluvio, onde o visitou o seu avó Noé e lle deixou dúas poboacións co seu nome, *la una Noelas y la otra Noeglas. A las quales llamo Noegas y Noelas*[20].

Un dos seguidores do anterior foi o zamorano Florián do Campo –como consta nas edicións coetáneas das súas obras, aínda que agora digan Florián de Ocampo–, (c. 1499 - c. 1558), cronista de Carlos I, que en *Los quatro libros primeros de la Cronica general de España....* (Zamora, 1544), no capítulo IV: "De los lugares que Tubal fundo quando vino a España...", escribe: *En aquel tiempo y sazon, de çierto muy poco despues, çertifican Juan de Viterbo y su Beroso que vino en España, con mucha compañía de su generaçion, el patriarca Noe / por ver a su nieto Tubal: y por conosçer la manera que tenia sobre la gouernaçion de su gente. Dize mas, que discurriendo por acá fundó particularmente dos çibdades prinçipales / una llamada Noela, en la prouinçia de Galizia / la otra Noéga, en la tierra que despues dixeron Asturias / de cuyo sitio hazen memoria Plinio y Estrabon y Ptolomeo, con otros cosmografos y Cronistas: en las quales pararon aquellas gentes que seguian a Noe / puesto que no tengamos agora notiçia dellas / como tanpoco la tenemos de muchas otras que faltan en España desde los tienpos antiguos...*

Nove años despois reedita a obra baixo o título *Los cinco libros primeros de la Cronica general de España, que recopila el maestro Florian do Campo...* (Medina del Campo, 1553),

[18] MARINEO SÍCULO, L.: Obra compuesta por Lucio Marineo Sículo Coronista de sus Majestades de las cosas memorables de España, Alcalá de Henares, 1539, f. 14r.

A pesar de que non o aclare, a Noela é o oppidum asturiano situado preto de Xixón.

[19] ROMERO MASIÁ, A. Mª. / POSE MESURA, X. M.: Obr. cit., pp. 39, 87, 125.

[20] MARINEO SÍCULO, L.: Obr. cit., fs. 43v-44r.

na que amplía a última parte citando xa a Noia: *Dize mas que discurriendo Noë por acá fundo particularmente dos poblaçiones caudalosas:* [fala da Noega de Asturias] *La segunda poblaçion que señalan auer Noë çimentado, quando discurria por España, llamaron Noëla: haze cuenta de su postura Plinio con otros cosmografos antiguos entre los lugares notables de Galizia: tienese creydo ser despues dicha Noeya, ó Noeuia según que tanbien oy dia quitandole la letra del medio por dezir Noeya, la llamamos Noya. Ptolomeo cosmografo Griego con otros sus imitadores pareçen por dezir Noeuia, ò Noeuium, la llama Nouium: es tambien agora poblaçion pequeña como la de los Asturianos tres leguas alexada dela mar y seys mas oçidental que Santiago de Compostella sobre la ria que juntamente viene por Muros en aquel asiento verdadero que le dimos en el segundo capitulo sobredicho...*

Este libro acadou unha extraordinaria difusión, por iso talvez date desa época a que se considera a primeira representación do escudo de Noia, gravado na porta do antigo hospital de Sancti Spíritus de Afora (actualmente na casa do Concello), así como que tamén a partir de 1586 empezase a figurar nun selo oficial do Concello, e que en 1607 diga o cardeal Jerónimo del Hoyo ao tratar da parroquia de San Martiño: *Esta villa de Noya dicen que fundó una nieta de Noé, digo hija de Noé, que se llamaba Noela y ansí es muy antigua su fundación...*[21]

Rodrigo Méndez Silva, historiador, xeógrafo e escritor portugués ao servizo da coroa de Castela, dedícalle a Noia o capítulo X da *Población General de España. Sus trofeos, blasones, y conquistas heroycas...*, editada

Gravado alusivo á fundación de Noia (antigo hospital de Sancti Spíritus de Afora, segundo Ramón e Fernández-Oxea e Fabeiro Gómez: *Escudos de Noia*, 1972)

en 1645. Para este autor xa non hai dúbida que as antigas *Noegas* e *Noelas* son obra de Noé ou de alguén da súa familia: *Fundóla el Patriarca Noe, quando vino de Africa a España años del mundo criado 1915, antes de redimido 2046, llamandola Nuela, en memoria de su Nuera, muger de Iaphet, corruto Noya. Si ya no queramos dezir la impuso el suyo: A cuya causa tomó por Armas el arca en que este segundo Padre escapó del general diluvio sobre las ondas maritimas, en la ventana su cabeça, como mirando, y arriba la paloma con el ramo de oliva en el pico.* Noutra parte da obra non di que a nora se chama *Nuela,* senón *Noya: Dividió Noé sus hijos por el mundo, para que lo poblassen: a Sen cupo toda el Asia* [...] *Can, y sus descendientes posseyeron a Babilonia, las Arabias, Egipto, y Africa. Iapheth la parte de Asia, que mira al Setentrion, desde los montes Tauro, y Amano, con toda Europa. Este tuvo ocho hijos, Gomer, Magog, Maday, Iaban, Tubal, Masoch, Tyras, y Samontes. El quinto dellos Tubal* [...] *fue el primer poblador de nuestra España, viniendo (según mejor sentir) a ella por mar, acompañado de Arme-*

[21] RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA, X. / FABEIRO GÓMEZ, M.: Escudos de Noya, Compostela, 1972, pp. 4 a 6; HOYO, J. del: Memorias del Arzobispado de Santiago, Compostela, s.a., pp. 183-184.

nios, y Caldeos; casado, conforme el Doctor Carrillo, con Noya, empeçó a cimentarla año del mundo criado 1798, del dilubio general 142, y antes del Nacimiento de Christo 2163...[22]

Segundo este curioso cómputo, Noia fundouse o ano 1798 despois da creación do mundo ou, se se quere mellor, antes do diluvio, que corresponde ao 2163 antes de Cristo, polo que agora, de ser certa esta fábula, tería 4.181 anos.

A pesar de que Lucio Marineo Sículo, como Florián do Campo e Rodrigo Méndez Silva, foron considerados no seu tempo grandes historiadores, xa daquela houbo outros autores que denunciaron que parte do que publicaban estaba baseado en fontes falsas, pero aínda así algunhas das súas fábulas mantivéronse como verdades ata a segunda metade do século XIX, principalmente polo interese da Igrexa en defender estes relatos bíblicos que lle eran favorables.

Entre os autores posteriores que seguen a mesma liña sobresae o xesuíta galego Pascasio Fernández de Seguín (1711-1793), que di na súa obra, non máis que un discurso apoloxético: *Apenas los historiadores acaban de reconocer repúblicas en el mundo destruído con las aguas del diluvio, cuando colocan en Galicia la más ilustre cabeza de todas ellas. Es esta el patriarca Noé, segundo padre del mundo, que ya oimos fundó a Noya en aquel reino cuando fue a visitar a sus nietos, hijos de su tercero génito Jafet. Aunque no fueran verdaderas estas y otras semejantes historias de cosas antiquísimas de Galicia, dan a conocer bastante cuan gran crédito tiene este reino para con los eruditos que le dan tan ilustres poblaciones* [...] *Esta verdad, comprueban pues, las antiquísimas historias que ponen a Noé haciendo poblaciones en Galicia, como reino en donde encontró a sus nietos a quienes fue a visitar. Y esto, finalmente, confirma (además del arca de Noé, que dijimos tiene por armas) el nombre de la villa de Noya, que conserva el nombre de Noé, pues Estrabon la llama Noevia, Noeglia Plinio, Noela una inscripción de su puente*[23]*; y afirma Florian del Campo que se tiene creído que después se llamó Noeya, y quitándole con el tiempo a la pronunciación una letra quedó Noya...*[24]

Aínda que quizais supera a todos Juan Henrique Ossorio, curioso personaxe, como o cualifican Xosé Ramón e Fernández-Oxea e Manuel Fabeiro Gómez, escribán do concello noiés falecido en Xallas (Negreira) o 3 de febreiro de 1824, que ata chegou a publicar o epitafio da sepultura de Galo Gafeto, un dos devanceiros de Noé, que se descubrira en Noia:

> *En nombre de Dios. Amén. Noela dedica a su hermano y marido Galo Gafeto Rey desde Finisterre a los altos Alpes de mar a mar esta memoria a honra de*

[22] MÉNDEZ SILVA, R.: Población General de España. Sus trofeos, blasones, y conquistas heroycas..., Alcalá de Henares, 1645, fs. 228r, 258r.

[23] Refírese á Ponte grande ou de Noia, substituída pola actual a finais do século XIX. O erudito pontevedrés Eugenio Reguera Pardiñas (1706-1866), que residiu aquí algún tempo, afirma que xa non existía cando el estivo na vila nin tampouco antes, tendo en conta que non a atopara o asturiano Gaspar Melchor de Jovellanos nunha visita que fixo durante a súa estadía en Muros, entre marzo de 1810 e xullo de 1811 (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia: Juan Henríquez Ossorio, Eugenio Reguera Pardiñas, Alberto Campero. Edición de Clodio González Pérez, Noia, 2000, p. 46). O devandito ilustrado talvez fixo aquí como en Muros, que se dedicou a copiar lápidas e inscricións, pero actualmente non se sabe do paradoiro destes manuscritos, só que a finais do século XIX estaban en poder do compostelán e varias veces ministro Antonio Romero Ortiz (SOMOZA Y GARCÍA SALA, J.: Cosiquines de la mió quintana, Oviedo, 1884, p. 246).

[24] FERNÁNDEZ DE SEGUÍN, P.: Galicia. Reino de Cristo Sacramentado y primogénito de la Iglesia entre las gentes..., México, 1750. Hai unha reedición posterior co seguinte título: Historia general del reino de Galicia. Idea de las grandezas, excelencias e historia eterna de dicho reino..., A Habana, 1847.

su segundo abuelo Noé y a este pueblo que para su descanso formaron en el fin del río Tambre frente a la vila cueba marina; su señal sea el arca con que Dios defendió su generación; su nombre el de su hija Novin y el del reyno el de su Rey, y marido que descansa en paz año 1999 del mundo[25].

Como remate, non obstante que se poden procurar máis exemplos, temos que aínda en 1865 ao historiador Benito Vicetto non lle chegaba repetir as elucubracións inventadas a finais do século XV, senón que engadiu outras máis: *El año 2332 antes del nacimiento de Jesucristo, y 84 después del Diluvio General, segun la opinion mas admitida, aportó Tubal á España, procedente de los campos de Sennar, region del Asia situada entre el Tigris y el Eufrates* [...] *Noé, segundo hijo de Gall y de Cel* (sic), *tambien dio origen á otra raza que se significo por mucho tiempo en la historia, la raza noeria ó nerita* [...] *Este Noé, hijo de Gall y Celt, como Artei y como Céltigo tiene tambien la gloria de haber dejado su nombre, aunque algo variado, á algunos de los ghas ó pueblos que fundó en la parte de la costa donde se fijára. Noia, entonces Noegla ó Noela, nombre de la muger de Noé, era el gha central de la raza noerita...*[26]

O mellor expoñente de que a obra do falsario italiano de finais do século XV, Xoán Annio de Viterbo, e dos seus seguidores, non se esqueceu en Noia aínda nos nosos días, testemúñao o feito de que manteña no seu escudo de armas esta ficción relacionada co patriarca Noé, sen outro fundamento que o que dixo un visionario hai máis de cincocentos anos.

[25] GONZÁLEZ PÉREZ, C.: Obr. cit, p. 40; RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA, X. / FABEIRO GÓMEZ, M.: Obr. cit., pp. 4-5. Os textos non son exactamente iguais.

[26] VICETTO, B.: Historia de Galicia, I, Ferrol, 1865, pp. 6, 50, 51 e 52.

O escudo de Noia e a arca bíblica do diluvio (capela de San Lázaro)

b) A opinión dos etimólogos actuais

Despois desta paréntese dedicada ás fábulas, de interese para coñecer o xeito de pensar dos eruditos e historiadores que nos precederon, pasamos á xeira da etimoloxía actual baseada en investigacións científicas, coas súas hipóteses, dúbidas, acertos e erros, como toda obra humana.

O primeiro en estudar o topónimo Noia foi Fernando Cabeza Quiles (Ponferrada, 1953, pero residente en Carballo), autor de catro libros relacionados con esta disciplina, dous deles publicados pola editorial noiesa Toxosoutos: *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado* (1992), *Os nomes da terra. Topónimos galegos* (2000), *Toponimia de Galicia* (2008) e *A toponimia celta de Galicia* (2014).

Ademais de ser o primeiro que tratou de descubrir o seu posible significado, tamén resumiu todo canto se leva dito verbo do mesmo por parte doutros autores, chegando á conclusión que se trata dun topónimo de etimoloxía difícil.

O primeiro que fai é repasar as diferentes posibilidades, partindo de como aparece escrito nos textos clásicos:

a) *Noega:* podería ter relación co grego *neos,* o celta *novio* e o latín *novus,* que todos significan "novo". De ser así, trataríase dunha poboación ou fortaleza (*oppidum*) construída por aquel tempo ou pouco antes, considerada máis recente que as da contorna[27].

b) *Novium:* talvez sexa a forma latinizada do nome celta, e como exemplos pon varios tomados da obra *De bello Gallico* de Xulio César (100-44 a. C.), na que se achan tres núcleos urbanos co mesmo nome e significado: *Noviduno* ou *Novidunum,* cidade ou fortaleza nova. Ptolomeo menciona outro situado na desembocadura do río Danubio, *Novioduno* ou *Noviodunum.* Ademais existen outros topónimos europeos precedidos do mesmo adxectivo: *Novioritum,* vao ou paso novo (agora Niort); *Noviomagus*, campo ou feira nova (Nijon), etc.

Malia ao dito non está seguro de que sexa así, partindo de que do suposto plural neutro de *Novium,* que sería **Novia,* aínda que foneticamente podería dar Noia, non deixa de ser unha hipótese, sendo máis seguro partir de *Noega,* como lle chama Plinio.

Por último, afirma que tampouco se pode rexeitar a procedencia de *noe* e *noue,* á súa vez da voz gala *nauda*, que significa canle, desaugadoiro, terreo percorrido por unha corrente fluvial, etc., orixe de varios topónimos da Bretaña, coincidindo neste caso co seguinte etimólogo, para o que Noia é un hidrónimo[28].

En 2006, Edelmiro Bascuas López (Castroverde, 1931 - A Coruña, 2011), publica a obra *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia,* na que o capítulo IV trata dos derivados da raíz indoeuropea **neigw-,* "lavar", que á súa vez divide en dous apartados: o primeiro dedicado ao grao pleno **noigw-* (no que trata de Noia e outros derivados), e o segundo tamén ao grao pleno **neigw-* e o grao cero **nigw-*. Ademais tamén fala da nosa vila no capítulo I (57.12).

Amósase partidario de que o único autor clásico que se refire a esta poboación e non á asturiana é Plinio[29], aparecendo na súa obra, segundo o códice, como *Noeta*, *Noeca*, *Noela* e *Noega*.

Nos apartados dedicados ás análises etimolóxica e fonética, afirma que *Noiga* é a única forma que leva á raíz indoeuropea **neigw-* de xeito claro e verosímil: *Noig-a* > **Nogia* > Noia, ou **Noigia* > **Noiia* > Noia. Sendo así, trataríase dun hidrónimo que significa "lugar con auga", "lagoa", "río", etc., que lle cadra ben tendo en conta que se acha nun promontorio situado nunha península, rodeada de auga e terras lamacentas que ao longo dos séculos foron a mellor defensa para acceder a ela os invasores, mesmo durante o devalo da marea.

[27] Cómpre ter en conta que isto non nega que xa fose antiga, e como proba abonda a igrexa de Santa María a Nova que foi consagrada en 1327 e aínda nos nosos días mantén tal cualificativo.

[28] CABEZA QUILES, F.: Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado, Vigo, 1992, p. 293; Os nomes da terra. Topónimos galegos, Noia, 2000, pp. 273-274; A toponimia celta de Galicia, Noia, 2014, pp. 399 a 402.

[29] Véxase o apartado I.1 do presente artigo.

Nos nosos días a paisaxe é diferente da que foi ata o século XIX, en que a auga do mar e do río Traba chegaba ás murallas.

A continuación enumera algúns topónimos derivados da mesma raíz existentes en Galicia: Noa (afluente do Tambre); A Noia (aldea situada na orela dun río, Trazo); Nois (parroquia na beira do mar, Foz); Noal (Porto do Son); Noalla (Sanxenxo); Noallo (aldea na beira dun río, Castrelo de Miño), etc.

Como remate, da mesma raíz, pero dubida se dende o grao pleno **neigw-* ou do cero **nigw-*, tamén pode derivar o topónimo Nimo, aldea deste concello pertencente á parroquia de Roo, non lonxe do Tambre.

Bascuas acaba con estas palabras: *En conclusión, Noia no está tan aislada como parecía. Se inserta en un numeroso conjunto de derivados de la misma raíz, curiosamente situados en su mayoría a orillas del mar y no pocos en la desembocadura de ríos o próximos a ella (Nois, Noala, Nimo)*[30].

Resumindo, existen basicamente dúas posibilidades: que se trate dun topónimo relacionado co grego *neos,* o celta *novio* e o latín *novus,* que significa poboación ou fortaleza nova; ou que sexa un hidrónimo derivado da raíz indoeuropea **neigw-*, río, lagoa, lugar con auga..., que lle vai ben tendo en conta a súa situación.

[30] BASCUAS, E.: Obr. cit., Sada, 2006, pp. 134, 351 ss.

II. SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. As primeiras mencións documentais

Compostela aparece por primeira vez nun documento do mosteiro de San Martiño Pinario do ano 914: *in Urbe Compostella*[31]; e a segunda noutro do de Antealtares do 988, no que se le: *villa Compostella, territorio Amae*[32]. Pero os historiadores non están seguros de que non se trate de interpolacións ou alteracións posteriores[33], polo que adoitan tomar como máis antigo o das actas do Concilio Compostelán do 14 de xaneiro de 1060: *Hoc est decretale concilium apud Compostellanam urbem, infra Basilicam Sancti ac Beatissimi Iacobi Apostoli...* ou *Compostellam urbem,* segundo outra edición[34]. Cronoloxicamente o seguinte é unha doazón de Fernando I ao mosteiro de Celanova, o 19 de agosto de 1061, dun *solare in Compostella ad aulam sanctissimi egregii Iacobi apostoli...*[35], e por último, porque en adiante xa se xeneraliza o nome, hai outro do mesmo monarca do 10 de xuño de 1065, confirmando os dereitos dos habitantes das posesións da igrexa compostelá en Portugal: *ob honorem nostri patroni Sancti Iacobi apostoli, cuius corpus requiescit in Gallecia, in urbe Conpostella...*[36]

[31] FLÓREZ, H.: España Sagrada: Estado antiguo de la Iglesia Iriense y compostelana, hasta su primer Arzobispo, XIX, Madrid, 1765, pp. 28-29.

[32] LÓPEZ FERREIRO, A.: Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela, II, 1899, p. 53.

[33] PORTELA PAZOS, S.: "Origen del topónimo Compostela", Compostellanum, II, 1957, pp. 336, e 346-351.

[34] FLÓREZ, H.: Obr. cit., XIX, apéndices, p. 396; LÓPEZ FERREIRO, A.: Obr. cit., apéndice XCII, p. 228.

[35] O Tombo de Celanova. Edición de José M. Andrade, Santiago de Compostela, 1995, doc. 59.

[36] Tumbo A de la catedral de Santiago. Estudio y edición de Manuel Lucas Álvarez, Ed. do Castro, 1998, p. 163. É o mesmo que outros autores dan como do 10 de marzo de 1063 (LÓPEZ FERREIRO, A.: Obr. cit., II, p. 492).

Todos estes documentos amosan que a nivel popular xa se tiña que usar dende moito antes, tendo en conta que no século X ou, ante a dúbida, no XI, se emprega nos escritos oficiais. Como se pode ver, a diferenza de Noia, Compostela é un topónimo moderno, posterior ao descubrimento dos supostos restos apostólicos, sendo unha das primeiras denominacións documentadas a de *Locus Sanctus,* nunha escritura do 4 de setembro do ano 834 pola que Afonso II concede á igrexa tres millas de terra arredor[37].

2. Significado e evolución do topónimo Compostela

En primeiro lugar cómpre advertir que o nome non é exclusivo desta cidade, polo que non ten por que estar relacionado co culto xacobeo como pretenden a maioría dos que teñen tratado verbo do tema, malia que a súa importancia relixiosa é moi superior á das demais, que todas son aldeas, pero isto non quere dicir que algunha sexa máis antiga que a capital galega.

Non resulta doado resumir canto levan dito ata o día de hoxe os filólogos, historiadores, etimólogos e eruditos que teñen esculcado na orixe e significado de Compostela, que por máis que digan non remata por satisfacer plenamente a todos. Ante tal situación, optamos por sintetizar a opinión dos máis sobranceiros e logo que cada quen tome partido por unha ou outra hipótese.

A primeira xa se acha no *Cronicón Iriense*, datado no século XII (c. 1120)[38], no que se conta que foi un grupo de sabios os que ditaminaron sobre o nome que se lle daría ao sitio onde tivera lugar a *inventio* ou descubrimento dos restos do Apóstolo. Segundo parece, houbo varias propostas, como *Locum Sanctum* (Lugar Santo), *Liberum donum* (Libredón), pero o aceptado foi *Compositum telus*, co significado de terra composta, bonita, xeitosa... Explicación etimolóxica non ben acollida polos estudosos posteriores e, en particular, dende que o P. Flórez afirmou que se trata dunha *puerilidad*, repetindo as súas mesmas palabras, aínda que co paso dos anos, máis de oitocentos, as opinións cambiaron e varios estudosos retomaron a idea aplicándoa non á terra, senón á cidade ou vila[39].

Esta é a única referencia antiga que coñecemos ferida á orixe e significado do topónimo Compostela, sendo as seguintes moito máis modernas:

O humanista e historiador *Joan Margarit i Pau* (c. 1421-1484), coñecido polo "Gerundense", por ter nado na cidade catalá de Xirona, autor dunha monumental historia de España, *Paralipomenon Hispaniae* (Granada, 1545), é partidario de que deriva de *Compos Stella*[40].

Anos despois, Rodrigo Méndez Silva (ou da Silva), xeógrafo e historiador portugués ao servizo da coroa de Castela, na *Población General de España. Sus trofeos, blasones, y conquistas heroycas...,* publicada en 1645, afirma que os restos do Apóstolo non se descubriron ata o ano 791 (agora dáse por máis seguro o de 835), *quando milagrosamente fue revelado a Teodomiro Obispo Iriense, apareciendo sobre el puesto una resplandeciente Estrella, de que dio noticia al Rey D. Alonso II, cognomento Casto: El qual agradeciendo a Dios tan singulares favores, hizo un suntuoso*

[37] Tumbo A de la catedral de Santiago..., p. 49.

[38] ISLA FREZ, A.: "Ensayo de historiografía medieval: Cronicón Iriense", España Medieval, 4, 1984.

[39] FLÓREZ, H.: España Sagrada: "Chronicón Iriense", XX, 1765, p. 601, comentario sobre a etimoloxía, "Noticia previa", parágrafos 15 e 16.

[40] Citado por LÓPEZ FERREIRO, A.: Obr. cit., II, 1899, p. 52.

Escudo de Santiago de Compostela na fachada do claustro da catedral que dá á praza das Praterías (s. XVI)

Templo, y fundó esta Ciudad con grandes privilegios, nombrandola Campo Estela, del precedente caso, alterado Compostela, dándole por Armas dorada en campo açul encima del sepulcro de marmol blanco...[41] Esta obra tivo grande influencia en moitos escritores posteriores, como entre outros Juan Antonio de Estrada, que non fixo máis que resumir o dito polo anterior: *el qual* [Alonso II O Casto] *agradeciendo á Dios tan singular favor, hizo fabricar alli un suntuoso Templo, y fundó esta ciudad con grandes privilegios, nombrandola* Campo-Estela, *por el precedente milagro, de que le ha quedado este nombre, en memoria y comprobacion del caso*[42].

Isaac Voss ou Vossius (1618-1689), erudito holandés, afirma nun comentario da obra de Pomponio Mela, que deriva de *Jacobus Apostolus,* co que tamén concorda o xesuíta Joannis Harduini (1646-1729), autor dunha edición da *Historiae Naturalis* de Plinio, pero a proposta non tivo éxito[43].

Agás estes dous, en adiante xa ninguén puxo en tea de xuízo que Compostela non veña de *Campus Stellae*, polo que non procede dar a nómina de todos, unicamente dicir que un dos que o fixo como máis afervoamento quizais fose o cóengo e historiador Antonio López Ferreiro. Con todo, non teñen faltado algunhas voces, senón discrepantes, que non ocultaron certas dúbidas, como Henrique Flórez, partindo de que nos documentos antigos non se di *estellae*, senón *luminaria,* é dicir, luces ou resplandores[44].

Hai que agardar ata os primeiros anos do século pasado para que xurdan os primeiros intelectuais que se atrevan a discrepar co aceptado cegamente pola tradición, dos que o primeiro foi o eclesiástico, historiador e filólogo Ángel Amor Ruibal (1869-1930). O 25 de xullo de 1909 publicou no xornal compostelán *Diario de Galicia* o artigo "Las peregrinaciones a Santiago. Los nombres de Libredón y Compostela", ao que pertence o seguinte parágrafo: *Mas, dado el origen latino de la palabra Compostela, ¿ha de decirse que significa Campus Stellae, Campo de la estrella? Lo primero que se ofrece para notarlo es, que quando la aparición de las estrellas en tiempo de Teodomiro, nadie dió ni divulgó tal nombre, continuando en uso la antigua denominación de Arca marmórica, según consta en los documentos de la época* (...) *Sin*

[41] MÉNDEZ SILVA, R.: Población General de España..., Madrid, 1645, f. 224r.

[42] ESTRADA, J. A. de: Población General de España..., 2ª ed., Madrid, 1768, p. 70.

[43] Citado por LÓPEZ FERREIRO, A.: Obr. cit., II, p. 52.

[44] España Sagrada: "Estado antiguo de la Iglesia Iriense y Compostelana", XIX, Madrid, 1792, p. 70.

Ángel Amor Ruibal: o primeiro investigador moderno que dubidou co topónimo Compostela proveña de *Campus stellae*

embargo, solo dos siglos después, en el siglo XI, comienza a figurar el nombre de Compostela, y el primero que hizo uso de él fué D. Fernando I en su Privilegio fechado en 10 de Marzo de 1063[45] (...) *Existen, según datos fehacientes, otros varios lugares en Europa conocidos por el nombre de Compostela; y desde luego tenemos en diversas provincias de Galicia lugares que se llaman Compostela. Cosa esta de muy difícil explicación, si el nombre de cada uno de esos lugares significase "Campo de la Estrella".* Polo exposto, amósase partidario que o nome da capital galega derivaría do verbo latino *componere* coa acepción de enterrar ou sepultar, tomado directamente do supino na forma sincopada, *compostum* e o sufixo *–ella,* da acción do verbo. De ser así, Compostela significaría enterramento, sepulcro ou cemiterio[46].

O seguinte foi Vicente Cobas Pazos, tamén eclesiástico, que non fixo máis que defender o postulado do anterior na prensa e en varias publicacións dende 1944, só diferindo en que o diminutivo *–ella* podería referirse a un cemiterio pequeno ou malo[47].

Na mesma época tamén intervén no debate o investigador francés, afincado en Portugal, Pierre David. En 1947 afirma que talvez derive do participio *composita, composta,* que se emprega como nome de persoa, preguntándose a continuación se existe a posibilidade de que *composta* e o seu diminutivo se aplicasen directamente a unha agrupación urbana feita con gusto[48]. Pouco despois, 1951, manifesta a mesma opinión o historiador e profesor portugués Torquato de Sousa Soares (1903-1987)[49].

O xesuíta e historiador navarro Ricardo García-Villoslada (1900-1991), amósase partidario da etimoloxía máis antiga, a que consta no *Cronicón Iriense* (s. XII), de xeito que procedería de *Compositum* e *tellus*, co

[45] Como se pode ver, non ten en conta os documentos anteriores dos anos 914 e 988, nin tampouco o de 1060, comezando coa confirmación do rei Fernando I das posesións da igrexa compostelá en Portugal, que agora se data no 10 de xuño de 1065, e non no 10 de marzo de 1063 (Tumbo A de la catedral de Santiago..., 163).

[46] AMOR RUIBAL, A.: "Los nombres de Libredón y Compostela", Diario de Galicia, 25 de xullo de 1909. Reeditado por LEMOS MONTANET, J. L.: "Obra viva" de Ángel Amor Ruibal, Santiago de Compostela, 2004, pp. 189 ss.

[47] COBAS PAZOS, V.: "De Libredón a Compostela", publicouse nos xornais El Correo Gallego e La Voz de Galicia o mesmo día, 25 de xullo de 1944; De Libredón a Compostela: Derivaciones etimológicas de las palabras "Libredón", "Solobio", "Arca Mamórica" y "Compostela", según el filólogo Angel Ruibal expuestas por V. Cobas Pazos, s. l., 1954; "Origen de Compostela ¿Cementerio o pequeña ciudad hermosa?, Compostellanum, IV, 1959; "Compostela". Probable origen de este topónimo, Compostela, 1960.

[48] DAVID, P.: "Études sur le Livre de Saint–Jacques attribué au pape Calixte II. 2: Les livres liturgiques et le livre des miracles", Bulletin des Études Portugaises et de l'Institut Français au Portugal, XI, 1947.

[49] SOARES, T. de Sousa: "Dois casos de constituição urbana: Santiago de Compostela e Coimbra", Revista Portuguesa de História, Instituto de Estudos Históricos Dr. António de Vasconcelos, V, Coimbra, 1951.

significado de terra composta, boa, bonita..., e non de *Campus Stellae*[50].

Cronoloxicamente o seguinte en interesarse polo tema, foi o eclesiástico e membro da Real Academia Galega, Salustiano Portela Pazos (1877-1976), que en 1957 di que se trataría dunha vila pequena, ben composta e agradable, quizais reconstruída despois dalgunha invasión. Como se pode ver, en liñas xerais segue a Pierre David[51].

O filólogo e lingüista alemán Joseph-Maria Piel (1903-1992), especialista no ámbito dos estudos románicos do galego-portugués, escribe: *Composta, Compostela, pode muito ben ser un equivalente do tipo Benposta, alusivo á situação privilegiada de um lugar de que os habitantes se sentem orgulhosos.* Defende a suposición de P. David, e aclara que tamén se pensou en que podería derivar dun *Campus Apostoli*[52].

En 1960, o médico e historiador medievalista ribadaviense, M. Rubén García Álvarez (191- 1980), tamén se interesa polo tema e defende a proposta de Portela Pazos: derivaría de *composta,* forma sincopada do participio pasivo de *componere,* despois de perder o *i* postónico, significando poboación ou vila composta, é dicir, ben construída e monumental. Dá como proba as seguintes palabras da *Crónica Najarense* (c. 1160): *Tunc Galletiam in Compostella, id est bene componita* (noutros manuscritos, *composita*), *super corpus beati Iacobi ecclesia...*[53].

Por último, Fernando Cabeza Quiles resume as diferentes teorías expostas ata agora: non é partidario de que proveña da expresión *campus stellae*, pero si de *compositum,* participio pasivo do verbo *componere,* que sincopado daría *compostum* e concertado cun substantivo elíptico *corpora* ou *ossa,* produciría Compostela, o mesmo que sepultura ao que se lle engadiría o sufixo afectivo-agarimoso –*ela,* significando entón sepulturiña ou sepultura pequena. E conclúe con estas palabras: *pola nosa parte chegamos á mesma explicación de ben composta e construída para Compostela, pero referida a un núcleo de poboación contiguo, aínda que distinto, ó que acolle os supostos restos do Apóstolo. Pois este último non aparece como Compostela nos documentos antigos, senón como* Arca Marmorica, Marmorice Locus, *etc.* (...) *Partindo pois dunha ubicación independente e distinta para Compostela de Santiago, pensamos que o significado de* Compos(i)tella *se refire a una pequena vila ou núcleo de poboación ben construída ou composta, e non á monumentalidade de Santiago.* En liñas xerais segue a P. David, S. Portela Pazos, J. M. Piel e M. Rubén García Álvarez[54].

Como se pode ver, polo de agora non existe unanimidade por parte dos etimólogos verbo da etimoloxía do topónimo Compostela, a pesar de se tratar dunha poboación nada na Alta Idade Media.

[50] GARCÍA-VILLOSLADA, R.: Historia de la Iglesia Católica, II, Madrid, 1953, p. 501.

[51] PORTELA PAZOS, S.: "Origen del topónimo Compostela", Compostellanum, II, 1957.

[52] PIEL, J.: "Una opinión valiosa sobre el origen del topónimo 'Compostela'", Compostellanum, V, 1960 (refírese a unha carta súa do 6 de decembro de 1958); "El topónimo Compostela", Compostellanum, VII, 1962 (publicado antes nas actas do Congreso de Onomástica de Florencia, 1961).

[53] GARCÍA ÁLVAREZ, M. R.: "Sobre la etimología de 'Compostela'", Compostellanum, V, 1960.

[54] CABEZA QUILES, F.: Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado, 1992; Toponimia de Galicia, 2008.

3. E as outras Compostela...?

En Galicia existen tres aldeas con este nome: unha na parroquia de Abeancos (Melide), outra na de Manín (Lobios) e a terceira na de San Pedro da Mezquita (A Merca); ademais temos coñecemento dun hidrónimo, afluente do Limia. Fóra están: no Bierzo a Compostilla de Cubillos del Sil, preto de Ponferrada, denominada antigamente *Compostella* ou Compostela[55]; en Francia, Composte e Compostel, e en Portugal, Composta.

Ángel Amor Ruibal, en 1909, puxo en tea de xuízo a etimoloxía de *Campus Stellae* precisamente por existir outras poboacións co mesmo nome que non teñen nada que ver cos restos apostólicos e, ademais, ata poden ser máis antigas[56].

En particular Portela Pazos cre que a orixe da de Melide foi unha ponte medieval situada no camiño de Santiago, sobre o río Mera, que cando se construíu ou reconstruíu cualificouse como ben feita ou composta; e o mesmo afirma da Compostilla leonesa: por outra ponte tamén neste camiño, que reconstruíu o bispo asturicense Osmundo no século XI, a *pons ferrata,* orixe do topónimo Ponferrada[57].

Mentres que Vicente Cobas Pazos, referíndose só á primeira, a da freguesía de Abeancos, coida que se pode deber a unha batalla que, segundo parece, se librou nesa zona durante o reinado de Fernando I (1036-1065), e que como morreron moitos e foron alí enterrados, o sitio rematou por denominarse Compostela, que significaría cemiterio ou cemiterio pequeno[58].

Como remate, da Compostela de Lobios ninguén di nada, unicamente Fernando Cabeza Quiles móstrase partidario da mesma etimoloxía para todas, das que a orixe sería unha aldea ou ponte ben composta, e como é un diminutivo, compostiña, feitiña ou bonitiña.

III CONCLUSIÓNS

Tendo en conta o contido do texto e segundo a opinión máis xeneralizada, case seguro que Estrabón non se refire á nosa Noia, senón ao *oppidum* de Noega situado en Asturias, preto de Xixón. Non está claro o que di Pomponio Mela cando afirma que na desembocadura do Tambre hai un porto denominado Ebora, non identificado deica agora; tamén fala da Noega asturiana, pero talvez erre ao engadir deseguido que preto estaban as aras Sestianas consagradas na honra de Augusto, porque o seguinte autor, Plinio O Vello, que viviu pola mesma época, menciona a poboación asturiana, pero sitúa as devanditas aras no promontorio céltico, habitado polos Nerios e Supertamaricos, que para uns investigadores sería o cabo Fisterra e para outros o Touriñán. E, a continuación, nomea a cidade, fortaleza ou castro de Noeta (*oppidum Noeta*, ou *Noeca, Noela* e *Noega*, segundo os códices), que este si correspondería, case seguro, á actual Noia, tendo en conta que a menciona antes dos *Praestamarcos,* o territorio onde está situada, que chegou ata os nosos días como Posmarcos. Por último tamén é posible que sexa a *Novio*, *Novion* ou *Novium* que cita Ptolomeo.

[55] FLÓREZ, H.: España Sagrada: "De la Santa Iglesia de Astorga", Madrid, 1762, p. 58.

[56] AMOR RUIBAL, A.: "Los nombres de Libredón y Compostela", Diario de Galicia, 25 de xullo de 1909.

[57] PORTELA PAZOS, S.: "Origen del topónimo Compostela", p. 687.

[58] COBAS PAZOS, V.: "Compostela" Probable origen de este topónimo, p. 25 ss.

A seguinte documentación corresponde á Idade Media, referida, consonte o caso: á terra de Noia (aproximadamente o que agora corresponde aos concellos de Noia e Lousame), á parroquia de Santa Cristiana de Noia (posteriormente repartida entre Santa Cristina de Barro e San Martiño de Noia) e á aldea de Noia, que é a actual vila. Aparece escrita entre os anos 1134 e 1277 como: *Noya* (con y grego), *Nogia*, *Noye* e *Noia* (con i latino).

No tocante á etimoloxía, cómpre distinguir entre o mítico e o científico. Sen máis base que a semellanza do nome, atribuíuselle a súa fundación a Noé ou a alguén da súa familia, e como testemuño no seu escudo figura aínda hoxe en día a arca do diluvio. Estas fábulas, o mesmo que as relacionadas coas orixes doutras poboacións, estendéronse sobre todo dende os séculos XV e XVI en adiante.

Malia que existen dúbidas e controversias entre os etimólogos cando se trata de topónimos de significado difícil, como cualifica o de Noia un dos nosos máximos expertos no tema, Fernando Cabeza Quiles, polo de agora xa se teñen exposto tres posibilidades, e poden xurdir máis: que proveña de *Novium,* significando entón vila ou poboación nova; que se trate dun hidrónimo relacionado coa raíz indoeuropea **neigw-,* que viría a ser río, lagoa, etc., que se axusta ben tendo en conta a súa situación; ou que estea relacionada coa voz gala *nauda*, que significa canle, desaugadoiro e terreo percorrido por unha corrente fluvial, que, como no caso anterior, tamén concorda coa orografía do territorio onde se acha a poboación.

Isto é canto se pode dicir polo de agora da orixe e etimoloxía de Noia. O enigma continúa, a pesar de que xa non sexa tan escuro como o foi ata hai poucas décadas.

A segunda poboación, Compostela, rexístrase por primeira vez o ano 914, pero ante a dúbida de que se trate dun documento alterado, os investigadores prefiren partir de 1060, en que aparece nas actas do Concilio Compostelán celebrado no mes de xaneiro do devandito ano. Non obstante de que xurdiu na Alta Idade Media e de a súa etimoloxía sexa latina, tampouco existe unanimidade sobre o significado.

No primeiro que se pensou foi en dúas palabras que xuntas dan outra moi semellante e, ademais, relacionada co descubrimento dos supostos restos apostólicos: *Campus stellae,* pola luz que apareceu sobre o sepulcro, aínda que xa contra o ano 1120 no *Cronicón Iriense* dise que o nome foi acordado por un grupo de sabios que decidiron que se chamase *Compositum telus*, terra composta ou fermosa. Proposta rexeitada durante oito séculos, pero agora retomada en parte.

Non se rexistran controversias de importancia ata 1909, en que o eclesiástico Amor Ruibal publica un artigo no que disente da etimoloxía considerada oficial e cre que pode derivar do verbo latino *componere* coa acepción de enterrar ou sepultar, polo que significaría enterramento, sepulcro ou cemiterio. Outros, entre eles Cobas Pazos, puxéronse da súa parte, pero matizando que como remata no diminutivo –*ella,* entón podería referirse a un cemiterio de escasa importancia ou pequeno.

En 1947 o investigador Pierre David pensou no participio *composita,* co mesmo significado que ten cando se di que unha persoa ou cousa está ben composta (aseada, vestida, adobiada...), que referíndose a unha poboación sería ben feita e bonita. Levan apoiado esta hipótese, algúns con pequenos matices, entre outros, Portela Pazos, Piel e García Álvarez.

Non temos coñecemento de máis achegas posteriores de interese, só que o etimólogo Fernando Cabeza Quiles resumiu hai uns anos as diferentes teorías: rexeita a de *Campus stellae*; cre que pode derivar de *compositum,* participio pasivo do verbo *componere* que concertado cun substantivo elíptico *corpora* ou *ossa,* e o sufixo afectivo-agarimoso *–ela,* sería sepultura pequena; pero, non obstante do exposto, amósase máis partidario de que signifique vila ou poboación ben composta.

Este é o estado da cuestión actualmente das etimoloxías de Noia e Compostela, que pode variar por mor dalgún descubrimento arqueolóxico, un documento descoñecido ou unha nova suxestión que se considere máis axeitada e veraz.

BIBLIOGRAFÍA[59]

AMOR RUIBAL, A.: "Los nombres del Libredón y Compostela", *Diario de Galicia*, 25 de xullo de 1909.

BASCUAS, E.: *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*, Sada, 2006.

Berosi chaldaei sacerdotis. Reliquorúmque consimilis argumenti autorum, de antiquitate Italiae, ac totius orbis. Cum F. Ioan. Annii Viterbensis Theologi commentatione…, Lyon, 1555.

CABEZA QUILES, F.: *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado,* Vigo, 1992.

- - - : *Os nomes da terra. Topónimos galegos,* Noia, 2000.

- - -: *A toponimia celta de Galicia,* Noia, 2014.

COBAS PAZOS, V. (1944): "De Libredón a Compostela", *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia,* o mesmo día, 25 de xullo de 1944.

- - - : *De Libredón a Compostela: Derivaciones etimológicas de las palabras "Libredón", "Solobio", "Arca Mamórica" y "Compostela", según el filólogo Angel Ruibal expuestas por V. Cobas Pazos,* s.l. , 1954.

- - -: "Origen de Compostela ¿Cementerio o pequeña ciudad hermosa?, *Compostellanum,* IV, Santiago de Compostela, 1959.

- - - : *"Compostela". Probable origen de este topónimo,* Santiago de Compostela, 1960.

DAVID, P.: "Études sur le Livre de Saint–Jacques attribué au pape Calixte II. 2: Les livres liturgiques et le livre des miracles", *Bulletin des Études Portugaises et de l'Institut Français au Portugal,* XI, 1947.

FLÓREZ, H.: *España Sagrada: Estado antiguo de la Iglesia Iriense y Compostelana,* XIX, Madrid, 1792.

---*: España Sagrada: Chronicón Iriense*, XX, Madrid, 1765.

GARCÍA ÁLVAREZ, M. R.: "Sobre la etimología de 'Compostela'", *Compostellanum,* V, Santiago, 1960.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia: Juan Henríquez Ossorio, Eugenio Reguera Pardiñas, Alberto Campero…,* Noia, 2000.

GONZÁLEZ PÉREZ, C. / XOGAINA, S.: *La iglesia y el cementerio de Santa María A Nova de Noia*, A Coruña, 2003.

LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela,* II e III, Santiago de Compostela, 1899 e 1900.

LUCAS ÁLVAREZ, M.: Véxase *Tumbo A de la catedral de Santiago.*

MARINEO SÍCULO, L.: *Obra compuesta por Lucio Marineo Sículo Coronista de sus Majestades de las cosas memorables de España,* Alcalá de Henares, 1539.

MÉNDEZ SILVA, R.: *Población General de España. Sus trofeos, blasones, y conquistas heroycas…,* Alcalá de Henares, 1645.

[59] Só a principal, a secundaria nas notas a pé de páxina.

OCAMPO, F.: *Los quatro libros primeros de la Cronica general de España que recopila el maestro Florian do Campo….,* Zamora, 1544.

---: *Los cinco libros primeros de la Cronica general de España, que recopila el maestro Florian do Campo…,* Medina del Campo, 1553.

Os documentos do Tombo de Toxos Outos, ed. de F. J. Pérez Rodríguez, Santiago de Compostela, 2004.

PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J.: Véxase *Os documentos do Tombo de Toxos Outos.*

PIEL, J.: "Una opinión valiosa sobre el origen del topónimo 'Compostela'", *Compostellanum,* V, 1960 (refírese a unha carta súa do 6 de decembro de 1958).

- - - : "El topónimo Compostela", *Compostellanum,* VII, 1962 (publicado antes nas actas do Congreso de Onomástica de Florencia, 1961).

PORTELA PAZOS, S.: "Origen del topónimo Compostela", *Compostellanum,* II, Santiago de Compostela, 1957.

ROMERO MASIÁ, A. Mª. / POSE MESURA, X. M.: *Galicia nos textos clásicos,* A Coruña, 1987.

RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA, X./ FABEIRO GÓMEZ, M: *Escudos de Noya*, Santiago de Compostela, 1972.

SOARES, T. de Sousa: "Dois casos de constituição urbana: Santiago de Compostela e Coimbra", *Revista Portuguesa de História,* Instituto de Estudos Históricos Dr. António de Vasconcelos, V, Coimbra, 1951.

Tumbo A de la catedral de Santiago. Estudio y edición de M. Lucas Álvarez, Santiago de Compostela, 1998.

VITERBO, J. A. de: Véxase *Berosi chaldaei sacerdotis…*

VICETTO, B.: *Historia de Galicia*, I, Ferrol, 1865.

A orixe medieval do Portus Apostoli

(unha vila portuaria e atlántica no fondo dunha ría)

Pedro García Vidal

COLISEO NOELA. 850 ANIVERSARIO

INTROITO

Ao igual que as persoas, algunhas cidades posúen tamén certificado de nacemento. No caso de Noia ten data de 9 de abril de 1168, momento en que o rei Fernando II lle outorga a súa Carta Pobra, polo que a vila vén de celebrar o seu 850 aniversario. Logo de tanto tempo, a memoria devalou, e a cidadanía foi perdendo conciencia do mundo que a creou. Pero as pegadas están aí, permanecen como testemuñas mudas dun pasado feito por quen nos precedeu. Nesta artificial paisaxe de séculos, observamos o mundo que outros crearon. Non podemos dar un paso sen pisar o resultado da súa obra. Nin abrir os ollos sen vermos o trazo da súa pegada. Unha obra que é todo o que nos rodea. Só o descoñecemento nos fai ser ingratos cos seus creadores.

A paisaxe como arquivo da historia precisa do estudo dos acontecementos humanos que é a razón da historia. Diferentes xeracións de investigadores vimos traballando na recuperación da memoria da vila e indagamos na orixe e características das diferentes pegadas presentes na súa paisaxe. Nesta especial efeméride viaxamos ata o momento mesmo do seu nacemento, coa finalidade de recoñecer a figura do seu creador Fernando II, así como o documento que certifica ese feliz acontecemento, a Carta Pobra. Pola miña parte, tratarei de describir a formación e desenvolvemento urbano da vila de Noia, o burgo e *portus apostoli* inicial que vai ser a orixe dunha vila portuaria e atlántica no fondo dunha ría que chegou a ser das máis importantes de Galicia. Centrarei a exposición nos aspectos relativos á morfoloxía da vila nese tempo, a súa *facies* externa, deténdome especialmente naqueles elementos máis significativos da armazón do seu espazo urbano: a malla urbana e a división interna do espazo, as súas rúas e prazas, a articulación do construído e os principais elementos morfolóxicos da vila.

O RENACEMENTO URBANO GALEGO

Os séculos XII e XIII constitúen o momento de maduración do sistema feudal e, polo tanto, da Idade Media. Un dos trazos salientables deste tempo é o nacemento das cidades, que son un elemento imprescindible dende o punto de vista económico e político. A rede urbana galega nace neste momento. Unha maior seguridade nos mares por mor do cese das devastadoras incursións de normandos e musulmáns; os progresos acadados na navegación e, especialmente, a reactivación do comercio atlántico, son factores que explican esa política rexia de promoción urbana da orla costeira.

Ata ese momento a orla litoral constituía un espazo marxinal, carente de centros locais con funcións urbanas e ocupada só ocasionalmente en determinadas épocas do ano. A poboación vivía ancorada nunhas estruturas socioeconómicas e politíco-administrativas moi arcaicas e encadrada nos ríxidos marcos duns poderes señoriais que asumen o principal protagonismo histórico destas terras periféricas. A intensa e programada política de promoción urbana levada a cabo por Fernando II e Afonso IX, logo continuada por Afonso X, seguramente responde á necesidade que deberon sentir de someter a unha profunda transformación os espazos marxinais dos seus respectivos reinos. Será esta actividade rexia de fundación de novos centros urbanos a que sente as bases do que no futuro próximo se consolidará como unha rede urbana de vilas e cidades costeiras.

AS CARTAS POBRAS, A PARTIDA DE NACEMENTO DE VILAS E CIDADES

Tendo en conta que a cidade medieval non responde a un modelo único e que cada cidade é distinta ás demais, porén todas elas presentan elementos comúns que as definen como tales e as distinguen doutras realidades. En primeiro lugar, a orixe de todas elas soe ser un documento fundacional redactado polo monarca no que quedan establecidas as condicións da relación que van establecerse entre el e os poboadores do novo lugar. En segundo lugar elíxese para o seu establecemento un emprazamento no que se crea un hábitat concentrado e pechado en contraposición ao sistema aberto e disperso do mundo rural. A combinación destes dous elementos vai dar lugar á aparición dunha realidade espacial, xurídica e social totalmente diferente ao contorno no que se empraza. Os documentos que manifestan e instrumentan xuridicamente a acción repoboadora, de iniciativa rexia ou señorial, que dan orixe ás vilas costeiras son as Cartas de Poboación, Cartas Forais ou Cartas Pobras, verdadeiras actas fundacionais que marcan o nacemento oficial do establecemento urbano.

A Carta fundacional así como as posteriores leis van ofrecer toda unha serie de privilexios para o novo grupo social que vai dar lugar a unha sociedade diferente en canto ás súas liberdades persoais, ás súas actividades económicas e en canto á súa autonomía. O artesanado e o comercio florecen na cidade, e a elección dos seus cargos concellís representan as bases dunha sociedade nova. Pero, ademais, a nova sociedade desexa que esa diferenza social teña tamén representación física e espacial. Por iso as vivendas aparecen agrupadas nun espazo que pronto se rodea cunha muralla que, ao mesmo tempo que protexe ante os inimigos, igualmente diferenza entre o espazo privilexiado daquel que non o era.

UNHA "VILA NOVA" ORGANIZADA CON CRITERIOS DISTINTOS AOS DA ALDEA PRIMITIVA

O rei era quen concedía xeralmente o estatuto privilexiado ao lugar, converténdose por iso no verdadeiro protagonista do proceso urbanizador do noroeste peninsular. A pesar da presenza de poderes señoriais, a fundación da vila como persoa xurídica referéndase mediante un acto administrativo, privilexio exclusivo do rei. Así, no ano 1168, o rei Fernando II, no marco da política rexia de promoción urbana coa creación de vilas novas, funda unha "*nova vila*", unha comunidade de intereses económicos centrada na pesca e no seu comercio, coa declarada intención de ser o porto de Compostela, a súa saída natural ao mar. O pequeno núcleo de pescadores de Santa Cristina de Noia nas ribeiras do Tambre vai tomar agora carta de natureza xurídica mediante a concesión dunha carta de poboamento.

En Galicia, a presenza de poderes señoriais poderosos como os arcebispos composteláns no seu señorío, dá lugar a que o rei delegue neles a fundación, o que vai implicar unha tendencia á señorialización das urbes galegas[1]. O arcebispado de Santiago, coñecedor do potencial político e económico destes novos portos, vai empregarse a fondo en lograr o control para si da fundación dun sólido cinto de núcleos costeiros como Padrón, Noia, Pontevedra, e logo Muros, centrados todos eles

[1] Solano Fernández-Sordo, A. (2010): "Historia urbana en la Galicia Medieval-Balances y perspectivas. En Cuaderno de Estudios Gallegos, vol. LVII, nº 123, p. 63.

nas actividades portuarias. Todos os indicios apuntan a que as primeiras fundacións de Fernando II son intentos –errados– de desviar no seu favor parte da riqueza que entraba en Galicia por mar. As fortes presións exercidas polos arcebispos composteláns darán lugar a que moitas das fundacións rexias acaben pasando ás súas mans como un dominio máis do señorío.

Podemos dicir, logo, que a configuración de Noia como entidade urbana no século XII debeuse, ante todo, a unha motivación política. A iniciativa formaba parte da lenta e progresiva apertura da fachada galega ás rutas de navegación atlántica, que ten o seu inicio na creación de vilas novas no marco da política de promoción urbana despregada polos monarcas astur-leoneses. Isto supuxo un cambio cualitativo na organización territorial da época. A nova situación nace ao amparo xeneralizado do outorgamento das cartas pobras de fundación de cidades que instauraban unha serie de privilexios para os recintos urbanos fronte ao territorio rural.

Novo modelo poboacional urbano, nova arquitectura e cambios non só na orde social (na vila nova aparece tamén un ser "humano novo", o cidadán libre) e territorial senón na produción e a tecnoloxía que levou a algúns autores a falar da primeira revolución industrial. Así, o novo *portus apostoli*, apoiado nos seus privilexios e grazas ao traballo dos seus poboadores, foi quen de desenvolver un núcleo urbano reducido, pero que contou con todos os elementos característicos dos núcleos urbanos medievais. Unha pequena cidade chea de contrastes: o seu carácter humilde será o contrapunto da fermosura e rango dos seus edificios da nobreza ou relixiosos, así como a presenza manifestamente urbana dalgunha das súas edificacións –murallas, pazos, hospitais.

Con anterioridade a esta data, son moitas as hipóteses e poucas as certezas sobre un asentamento previo á fundación real. Dende a posible presenza dun castro no alto do Tapal, pasando pola probable existencia dunha *villae* romana coa ponte como elemento estratéxico[2], ata a case segura existencia dun pequeno establecemento pesqueiro precursor[3], o seguro é que será nesa data cando o rei Fernando II decida outorgar unha Carta de Poboamento que concede unha serie de vantaxes co fin de favorecer o seu desenvolvemento, nacendo neste momento un "novo burgo e porto" organizado de acordo a criterios completamente distintos aos da incerta aldea primitiva. É, sen dúbida, neste momento cando nace Noia[4].

NO FONDO DA RÍA, UN OUTEIRO PROTEXIDO POLAS AUGAS PARA CONTROLAR UN PASO ESTRATÉXICO

Como porto pioneiro, o *portus apostoli*, responderá ao modelo antigo, de porto de

[2] A vía romana XX, coñecida como "Per Loca Maritima" cruzaba, entre outras, a mansión denominada Ad Duos Pontes, que segundo Peña Santos, máis que sinalar o nome dunha localidade parece referirse a unha saída de vía, en dirección cara a dúas pontes que non terían que estar próximas entre si. Para este autor, a referencia Ad Duos Pontes "no podía ser la actual Pontevedra sino que su situación habría que buscarla en los alrededores de Noia". Juega Puig, J.; Peña Santos, A. de la; Sotelo Resurrección, E. (1995): Pontevedra, vila amurallada, p. 20; Peña Santos, A. de la (1990-91): "Consideraciones sobre las vías romanas de la provincia de Pontevedra". Castrelos, 3-4, pp.217-244; (1991): "Ponte do Burgo (Pontevedra)". Arqueoloxía informes,2, pp.219-222; (1995): "La excavación de 1988 en el puente del Burgo (Pontevedra): Crónica de una frustración". Revista de Estudios Provinciais, 11, pp. 21-63.

[3] En dous documentos do Tombo de Toxosoutos, con datas 1154 e 1161, dados a coñecer por Clodio González, fálase dunha primitiva aldea co nome de Noia, que fan pensar na existencia anterior á fundación real dalgún tipo de instalación habitacional previa. Ver, González, C. (2003): La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia, pp.32-33.

[4] Ver, López Carreira, A. (1999): A cidade medieval galega, p. 71.

Emprazamento da vila: a) Plano de Simancas de 1597 b) Detalle Atlas de Teixeira de 1622 c) Topografía actual do emprazamento

fondo de ría, un porto de marea sen prolongación a un tráfico fluvial. O emprazamento elixido para o novo establecemento urbano con vontade de permanencia vai ser unha elevación granítica situada ao final dunha canle en forma de embude que, dende a bocana que forman as puntas de Abruñeiras e Testal, vai estreitándose progresivamente ate chegar ao lugar de converxencia dos tres vales principais do territorio, berces dos ríos Traba, Tállara e Vilaboa. Nese recuncho máis interior da ría, que conta coa vantaxe engadida de ser o punto máximo da crecida das augas mariñas (situación vantaxosa pois permitía aproveitar o fluxo e refluxo das mareas para a navegación) elíxese un saínte rochoso situado sobre a marxe dereita da ría, un pequeno outeiro granítico de apenas 10 metros de altitude, abrazado polas augas doces dos ríos por un dos seus bordos e polas salgadas do mar polo outro.

Naquel tempo as augas, que superaban a curva de nivel de cinco metros actual, lambían os alicerces do penedo granítico, introducíndose terra dentro, alí onde a rocha desaparecía, formando a modo de pequenas enseadas no que hoxe son as rúas Ferrador e Carreiriña. Esta disposición das augas proporcionaba ao outeiro unha imaxe de maior insularidade e illamento do que presenta na actualidade. No vértice máis avanzado do saínte pétreo asentarase a ponte que enlaza as dúas orelas da enseada. A presenza deste paso estratéxico, polo que probablemente xa discorría unha vía romana[5] ou salvado mediante un paso de barcas, condicionará o asentamento e a propia morfoloxía da vila.

Semella probable que aquel primeiro asentamento de poboación, a partir do cal xurdirá a vila de Noia, tería como razón de ser o control da ponte sobre a ría ou dun paso en barcas previo. Unha agrupación de vivendas, con carácter preurbano, e que se proxectaba dende ese punto cara ao leste pola ribeira dereita do Traba coa pesca como actividade principal.

[5] Para investigadores como Fabeiro Gómez, autor do traballo titulado "Datos para a Historia da Ponte Grande de Noia", publicado no ano 1959 na revista Compostellanum, Vol. IV. e reeditado no libro Páxinas Históricas de Noia (1990: 43-72), "a Ponte Grande é tan antiga como a mesma vila" (p. 43). Cita este autor un artigo publicado por Oviedo Arce na revista Galicia Histórica no que este investigador escribe "... dada la importancia del nuevo burgo por su posición topográfica, ya terrestre, ya marítima, es de creer que el antiguo famoso puente se construyese en el siglo XIII, época de inmenso movimiento comercial en el puerto Jacobeo" para afirmar máis adiante "Tenemos nota fehaciente de que el puente de Noya estaba edificado ya en el siglo XIV". A primeira documentación na que aparece mención á Ponte é un documento notarial de 1496 dado a coñecer por Fabeiro Gómez (1990: 72) que fala de "o lagar de casal novo na ponte de Noya".

[A] Ponte figura mencionada igualmente nos Fueros Romanceados da vila de Noia, que segundo López Ferreiro (1975): Fueros Municipales de Santiago y de su Tierra, [1895], p. 116, datan de principios do século XV, pero neles consígnanse usos e costumes "que venían de tiempos mucho más remotos".

A ponte une as dúas beiras da ría nun punto preciso que permite aos habitantes do Barbanza salvar conxuntamente o obstáculo que representan as augas dos ríos Traba e Lobo así como os da ría para achegarse cara ao novo burgo e porto. A pontella da Chaínza sobre o río Vilaboa resolvía o problema de tránsito sobre este obstáculo menor, facilitando o paso cara á ponte grande aos ribeiregos da banda norte do Barbanza.

A ponte de Noia está nunha zona baixa e enlamada que constitúe o esteiro dos ríos Traba e Lobo ou Tállara. Ao mesmo tempo, a este punto chega o influxo das mareas. Con marea alta o oco entre os arcos é tan escaso que apenas pode pasar unha barca. Estamos ante un impedimento para a navegación seguramente buscado: impedir o paso dos barcos polo río. Desta maneira, o emprazamento da ponte neste lugar, así como a altura da mesma, formaba parte do sistema defensivo e protexía o novo establecemento contra os ataques da piratería marítima.

BURGO E PORTO, A DOBRE FUNCIÓN, MILITAR E ECONÓMICA

Baseándonos na carta foral de Noia, podemos sinalar dous tipos de razóns básicas para a súa fundación: económicas e defensivas. Na Carta Pobra podemos ler de xeito explícito a finalidade económica, e está claro que a fonte da riqueza das xentes que nela residan vai ser o mar. Noia vai ser unha vila marcada polo porto e polo mar, que destacaba ademais pola súa importancia militar como bastión estratéxico da ría no camiño cara a Compostela por mar. Era, polo tanto, unha vila de pescadores e mercadores, cunha dimensión defensiva importante.



Situación do burgo e do porto sobre plano topográfico actual

O sitio elixido cumpría á perfección a dobre tarefa imprescindible para asegurar un florecente futuro ao nacente establecemento urbano[6]: a económica e a militar. Como consecuencia, dende as orixes aparecen dous núcleos xustapostos tal como era vontade real na Carta fundacional: o burgo e o porto, que só co paso de tempo irán fundíndose nun único núcleo urbano. O burgo no alto, con función administrativo-militar, mantén a súa fisionomía de enclave amurallado custodiando o paso da Ponte Grande. Fóra deste espazo dominante, o arrabalde da Ribeira esténdese a carón das augas, inicialmente ao pé da ponte, concentrándose aí o tráfico marítimo e as actividades relacionadas coa pesca. Os dous núcleos, burgo e porto irán desenvolvéndose separadamente.

A riqueza creada por esta dobre función deu lugar a unha acumulación de excedentes

[6] No caso de A Coruña, Baiona ou Cangas, a non coincidencia de funcións defensiva e comercial fixo necesario un cambio do emprazamento elixido. Nos tres casos o factor económico foi determinante. (López Carreira, A.: A cidade medieval galega, p.85).



Planos do Tapal: a) Pazo e fortaleza do Tapal, b) Plano do Pazo do Tapal. FONTE: Fabeiro Gómez, M. Arquivo particular

que permitiron unha transformación rotunda da realidade física da primitiva vila portuaria.

TRES MOMENTOS NA EVOLUCIÓN FÍSICA DA VILA

a) A cidadela inicial protectora: O Tapal

Unha vez tomada a difícil decisión de onde emprazar o futuro establecemento urbano baixo a protección natural que lle outorgaba o marco xeográfico, e aínda considerando que a protección natural fose a mellor posible, atraer poboación disposta a residir no novo establecemento supoñía ofrecer unha serie de vantaxes, entre as que a promesa dunha maior seguridade non sería a menos importante. Por conseguinte, pronto vai poñerse de manifesto que deixar só a protección do enclave en mans dunha natureza favorable á defensa non constituía unha sólida promesa de supervivencia. Por iso, á natureza había que sumarlle a acción humana. Así, case inmediatamente despois de concedida a Carta Pobra, procedeuse á construción do que sería un primeiro recinto defensivo, un recinto protector que vai asentarse sobre o cumio do pétreo saínte litoral de topografía suave, constituíndose nunha vila fortificada nun cruce de camiños e protexendo o paso da ría.

A altura proporcionada polo penedo granítico conforma unha plataforma elevada de cume aplanado, que marca claramente a súa separación respecto ao terreo exterior, favorecendo o dominio visual sobre a enseada do fondo da ría e o territorio circundante[7]. O recinto pechado coñecido como O Tapal, era un lugar de reducidas dimensións con función militar que acollería en caso de perigo

[7] O recinto protector inicial, aínda recoñecible en todo o seu perímetro sobre a planimetría actual do núcleo urbano de Noia, adopta unha configuración defensiva característica e semellante a outros portos de fondo de ría (Pontevedra, Viveiro, etc.) vinculados estreitamente ao paso que salva as dúas orelas opostas e aproveitando os cursos de auga como liñas defensivas de primeira orde. Todos os seus bordos ao sueste e suroeste atópanse protexidos polo foxo natural da canle do río Traba e o litoral da enseada do final da ría. Tan só os sectores do seu perímetro norte resultan máis adversos para a defensa, seguindo dúas pequenas depresións do terreo sen grandes descontinuidades orográficas.

os cidadáns que vivían arredor[8]. Para González, C. (2003: 39), a propia denominación de *O Tapal*, "*que quiere decir lugar o terreno cerrado o cercado*", talvez se refira á posible existencia no lugar dunha acrópole castrexa cuxa pervivencia ao longo da Idade Media viría ser o antecedente do castelo e fortaleza posteriores[9]. O Tapal, espazo de amparo en caso de perigo, convértese así en símbolo do poder militar ante o resto da poboación civil, que en vivendas agrupadas nas ribeiras ten nas augas do mar a súa fonte de vida[10]. Deste xeito, en Noia a diferenza entre a cidade civil e a militar aparece claramente representada dende os inicios da vida urbana.

A medida que o burgo vai facéndose máis importante e, por conseguinte, a súa prosperidade económica aumenta, na mesma medida se incrementan as posibilidades de rapina por parte dun inimigo sempre desexoso de obter un importante botín. De aí que igualmente sexan maiores as demandas dunha defensa máis efectiva. Seguramente por iso, o recinto foi completándose no tempo, e coñecemos, aínda que dun xeito impreciso, algún dos elementos que chegaron a formar parte del[11].

O edificio máis destacado do conxunto era o coñecido como Pazo do arcebispo. Situado na parte oeste da praza, estaba composto por un corpo de torre –"*La Torre de Palacio*"– situado á esquerda do corpo principal do pazo[12], cuxas medidas eran "*siete brazas castellanas en quadrado*", que virían ser algo menos de 12 metros[13]. O pazo propiamente dito –"*el cuerpo principal de dho palacio*"– estaba unido á torre. Constaba dun corpo rectangular cuxas medidas, dinos o anónimo autor, eran "*de largo catorce brazas i una quarta y de ancho siete brazas y qta –en gueco–*", equivalentes a uns 24 metros de longo por 12 metros de ancho. A metade frontal da torre e a totalidade da fachada do pazo estaban percorridas na súa parte inferior por un tellado a xeito de pórtico dunha auga que cubría as entradas principais. Medía "*18 bazas de largo y quatro de ancho*" o que viñan sendo uns 30 metros de longo por algo menos de 7 metros de ancho. Todo este conxunto, do que apenas queda en pé unha pequena parte cando o anónimo autor levanta o plano, pertencía ao poder arcebispal: "*La torre que esta destinada pª carcel y todo el formal de casa hes..... de la dignidad*". A praza pechábase polos tres lados restantes por medio dunha serie de edificacións de menor porte

[8] Cando en 1524, Fonseca, arcebispo saínte, entrega o castelo do Tapal a Tabera, arcebispo entrante, faino coa súa lista de armas. Boletín de la Real Academia Gallega, tomo II, p, 223.

[9] González, C. (2003): La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia, p. 39.

[10] As referencias a este recinto defensivo fano indistintamente co emprego dunha tripla terminoloxía: castelo, fortaleza ou cidadela do Tapal. Tres elementos distinguen a todo castelo: un recinto amurallado, unha torre habitable e un patio de armas, dinos Vitrubio, M. (1987): Los diez libros de arquitectura, p. 36, a fortaleza, igual que o castelo, é un lugar fortificado pero posúe un carácter máis amplo. A principal diferenza estriba, polo tanto, na súa maior dimensión. Cando o recinto fortificado estaba destinado a residencia dun señor feudal, xurdía toda a gama de castelos-pazo, que se adapta perfectamente á función do Tapal. Ás veces tamén se fai referencia ao Tapal como cidadela. Neste caso, as cidadelas xorden na Idade Moderna facendo referencia a un recinto fortificado no interior ou preto da cidade. Posúe tamén unha dobre función: dominar a cidade e protexela constituíndo o derradeiro refuxio.

[11] Un par de bocexos de autor e data descoñecidos (seguramente de finais do XV ou do XVI) do conxunto edificatorio que encadra a praza do Tapal, aos que acompañan unha serie de anotacións aclaratorias, permite facerse unha idea bastante aproximada de como era este recinto primitivo fortificado, lugar de residencia dos señores da vila. Estes documentos fóronme facilitados polo investigador Manuel Fabeiro Gómez procedentes do seu arquivo particular. Posteriormente aparecen publicados no libro de Fiaño González, P. (1999): Documentos para a historia de Galicia, pp. 141-142. Ver García Vidal, P. (2016): Noia e Muros, paisaxes urbanas de séculos. Dende as orixes ata o ano 1950, pp.53-56.

[12] Neste senso, este bocexo é moi aclaratorio pois ata o de agora existía unha gran confusión á hora de situar esta torre e o pazo correspondente.

[13] Se aceptamos a equivalencia de 1braza = 1´67 metros.



Planos secuencia do desenvolvemento urbano: a) b) c) d) e)

que figuran a nome das familias Mariño e Reyno pero, tal como sinala o anónimo autor, "*tambien son de dominio de la dignidad y estan aforadas*".

Todo este conxunto edificatorio ao que acabamos de facer mención pechábase en torno a unha praza de armas, en cuxas esquinas abríanse cadansúa porta en arcos oxivais. Unha porta constituía a entrada-saída da ponte de Noia e do mar, e a oposta era a entrada-saída por terra. Por esta praza do Tapal éralle preciso pasar a calquera que pretendese cruzar a nova entidade urbana. O papel fiscalizador, elemento fundamental nestes espazos, quedaba logo garantido a través destas dúas portas, que se pechaban ao anoitecer e se abrían ao clarexar o día[14].

[14] Esta era a visión que Abella (1911): La villa de Noya. Su historia, su topografía, sus monumentos y sus hombres ilustres, pp. 10-11, tiña do espazo do Tapal, ao que el denominaba "ciudadela de O Tapal": "La Ciudadela era la plazoleta que aún hoy se llama "o Tapal", porque se "Tapeaba", cerraban sus dos puertas al toque de oración y se abrían al venir el día. Este recinto era la morada de los señores feudales de la villa. Estaba cuadrangulada por casas de dos pisos, con una puerta en un ángulo que daba a la calle del puente y otra en el otro que daba a la plaza de la iglesia de San Martín; arco que yo aún recuerdo en pie, entre la casa del "cuco" y la de Reino". "Esta ciudadela estaba y aún está rodeada de calles tortuosas, como lo son todas las calles de las ciudades antiguas, y constituía el último refugio de sus defensores en caso de asedio".

Sobre este núcleo señorial de carácter político-militar, vai gravitar tamén o espazo relixioso. Nunha época onde a relixión xogaba un papel prominente, a igrexa, o símbolo do poder de Deus, estaría igualmente presente en forma primeiro dunha modesta igrexa[15], substituída logo por unha poderosa igrexa fortaleza, unha gran "catedral" que dominaba a imaxe da vila, a cuxo arredor se abren pequenas prazas de mercado.

As xentes do mar eran sempre xentes devotas e de arrabalde[16]. A navegación case sempre perigosa, os frecuentes naufraxios alimentaban unha vivencia moi intensa da relixión cristiá, non só por parte dos mariñeiros como tamén das respectivas familias, suspensas cada vez que os seus se facían ás augas. Do risco naceu unha relación forte co divino; eis outro dos atributos usado para definir este grupo de xentes do mar: devoto, profundamente crente nos santos protectores, en terra e no mar. Vocación marítima e, mais ao mesmo tempo, forte compoñente devocional. A modesta comunidade medieval rezaba de seguro nunha primitiva igrexa de San Martiño de ubicación incerta.

A actual igrexa de San Martiño, reedificada no século XV sobre unha anterior máis modesta e de estilo románico, coa súa ábsida ameada e a torre de vixía denominada logo "torre do reloxo", era unha auténtica fortaleza que completaba á perfección o entrabado defensivo do Tapal. San Martiño, ía ser o fito sempre visible na liña do horizonte da realidade urbana. A súa fachada encara o oeste e dende tan formidable atalaia pode contemplarse o seo de Noia en toda a súa extensión[17].

b) A Noia do século XIII, unha vila que medra a partir do recinto defensivo do Tapal

É lóxico pensar nunha transición urbana entre o primitivo recinto amurallado do Tapal e a muralla do arcebispo Landoira de 1320, manifestándose dende o punto de vista morfolóxico na construción e o trazado de rúas que foron ampliando progresivamente o antigo

[15] Henríquez Osorio, J.; Campero, A. e Pardiñas Regueira, E., son historiadores e eruditos que na primeira metade do XIX falan da existencia dunha primitiva ermida. O primeiro deles escribía cara ao 1800: Noya se ha mudado después de sumergida a la Capilla de San Martiño del Sobreiral, por los muchos árboles de estos que allí había en toda su estensión, hoy ribera y en aquel tiempo dehesa, es tradición muy antigua y testigos los troncos de aquellos árboles que aún se encuentran en lo que de entonces acá se formó ría, que la capilla de Sn. Martín estaba cerca del Puxilgo y no donde está la Iglesia, se evidencia por que habiendo Meis hecho obra, allí casas, tinglados, y lagares para sardina, haciendo escabaciones de cimientos antiguos halló la imagen de piedra de S. Martín pequeña, y para memoria le aconsejé la pusiese en la parez que hizo y lo recuerdo como yo... (A.H.N.: Noticias varias sobre Galicia: "Apuntes sobre la villa de Noya", ms., códice 1.054 B, sen foliar). Igualmente, dunha igrexa anterior á reedificada por Lope de Mendoza, fala Fiaño, P. (1999): op. cit., p.109.

[16] As xentes do mar eran xeralmente xentes de arrabalde. As continxencias da profesión forzábanos a habitar sitios onde ninguén quería vivir: fóra do conforto e da protección das murallas; xunto das augas dos ríos ou próximo do océano, máis que calquera outro suxeitos aos elementos e ao perigo. Virán a ter fama de lugares marxinais, degradados, insalubres e perigosos. As confrarías e irmandades do mar mantiñan capelas pequenas en tamaño mais grandes en significados devocional, e hospitais para asistir os seus pobres; inspirábanse nas obras de misericordia que a cristiandade tiña por guía de conduta, e facíano á súa custa, tantas veces sen depender da acción dos poderes, centrais ou locais.

[17] Aínda no século XIX esa visión da ría desde a praza do Tapal sorprende o visitante Manuel Murguía, quen escribe: "Ancha plazuela se presentaba a nuestra vista. A la derecha la extensa línea del mar se destacaba en el horizonte iluminado por el más hermoso ocaso. En las aguas tranquilas, en los charcos que dejaba la marea baja, se reflejaban las encendidas tintas, cubríanse de sombras los montes que aprisionan la villa, y cuando echamos pie a tierra ya el crepúsculo llenaba con sus misterios la iglesia de San Martín, cuyas campanas tocaban el Angelus". Murguía, M. [1988]: Galicia.

recinto do Tapal[18]. Pouco a pouco a prioridade do factor económico evidenciouse dende o momento en que o vello burgo, vixiante tamén da ponte, vai ir crecendo e trasladando as súas funcións ata o asentamento de pescadores na mesma beira das augas. Así, a vila dispúxose na aba do outeiro que mira ao río Traba, cun recinto protector no cume que, vixiante da entrada marítima, acollería, en caso de perigo, a eses habitantes extra muros. O porto vai comunicarse coa zona alta por medio de pequenas rúas perpendiculares que cortan a outras máis longas e paralelas ás augas, debuxando desta maneira un claro plano en cuadrícula.

O papel protagonista que ten o porto na xénese e posterior desenvolvemento urbano na vila de Noia resulta a todas luces indiscutible. A vila ten unha orientación case exclusivamente pesqueira ata bastantes anos despois da súa fundación. O modesto porto inicial ao pé da ponte e a carón das augas do Traba, asentado nun reborde aluvial lamacento de pendente suave, permitía ás pequenas embarcacións achegarse á orela. As instalacións portuarias deberon ser mínimas. Unha pequena rampla a carón da ponte facía as funcións de peirao para labores de carga e descarga. As embarcacións maiores ancoraban na ría ou varaban nos areais próximos, recorrendo a embarcacións menores para cargar e descargar. Desta maneira, ao pé das augas do Traba medra o arrabalde, o centro máis vivo e de maior actividade, onde mariñeiros e comerciantes se benefician da riqueza da ría e das boas comunicacións marítimo-fluviais e terrestres (ponte). O porto foi, sen dúbida, o motor económico do novo establecemento urbano. Centrado case exclusivamente na pesca ao principio, axiña o labor comercial e mercantil vai desenvolverse dunha forma importante.

As actividades marítimas preexistentes recibiron novo pulo coas novas condicións creadas polos *fueros*. Sucesivos privilexios van permitir a rápida expansión das pesquerías, cun forte crecemento das tradicionais antes dedicadas ao consumo en fresco. Serán os sucesivos privilexios os que senten as bases que permitiron a transformación dos perecedoiros peixes en produtos duradeiros e, polo tanto, susceptibles de comercialización afastada. A conservación e conseguinte comercialización dos excedentes vai facilitar o acceso aos mercados máis afastados, tanto por vía marítima como terrestre. Unha das razóns do esplendor do porto de Noia no século XIV foi o privilexio real de contar con

[18] A falta de documentos esclarecedores non permite adiviñar a primeira evolución urbana do nacente porto xacobeo, e non será ata o século XIII cando a concesión por parte do novo arcebispo Xoán Arias á vila de Noia dos Usos y costumbres de Pontevedra coa institucionalización do seu oficial na vila –o Mordomo–, poña de manifesto a evolución positiva do novo establecemento urbano. Segundo García Oro (1987: Galicia en los siglos XIV y XV, pp. 170-171), Noia conta nese intre cun pequeno grupo de homes bos, "acaso os antigos burgueses compostelans que allí fueran a morar". A vila está rexida polo mordomo arcebispal; ten concello e os seus xustizas e procuradores actúan no radio concellil, sobre todo exercendo xustiza no campo das fraudes mercantís, as ordenanzas municipais e en especial as de tema alimenticio, os actos de violencia e os roubos, etc. "Noya pudo poseer por entonces, segue a referir o mencionado autor (p. 71), un buen surtido de pescado, una dotación suficiente de alimentos y ganado y una moderada cuantía de objetos de ferretería. A ello habría que añadir la presencia de sus bodegas y algún taller familiar de carpintería ribereña. Finalmente hay que suponer que, como el caso bien documentado de la ría de Arosa, era aprovisionada de aceite y sal por alfolineros reales en la menuda proporción en que podía necesitar estos productos".

alfolís para o comercio do sal[19]. A mediados do XIV, as vilas arcebispais de Pontevedra, Padrón, Noia e Muros contaban xa con alfolís[20]. Nos anos 80 do século XV o Tapal en Noia serve de almacén de sal do arcebispado, implicado no comercio portuario[21]. Propíciase, por parte dos monarcas, o desenvolvemento das actividades marítimas, concentradas en determinados portos como Noia. O obxectivo desa concentración era facilitar o crecemento demográfico e urbano que dera lugar a unha xeración de excedentes que permitisen levar a cabo as grandes obras de infraestruturas como igrexas maiores, castelos ou murallas protectoras que convertesen eses lugares en destacados puntos fortes para a defensa dos intereses do reino.

O certo é que no porto aforado a práctica das pesquerías e o comercio marítimo tiveron a virtude de transformar física e funcionalmente a vila, co efecto engadido de proxectar a presenza das súas xentes do mar sobre as costas peninsulares e do resto de Europa. Se ao comezo o motor principal de crecemento foron as pesquerías, actividade que durante séculos se mantivo como soporte fundamental da vida na vila, tamén é certo que estas fixeron posibles outras empresas de maior ambición como as mercantís. O comercio marítimo axiña engadiu outros produtos da terras aos toneis de peixe cecial, tales como cítricos, viño, coiros, madeira, etc., a cambio do cal como viaxe de retorno chegaban produtos manufacturados do norte.

Os oficios foron progresivamente diversificándose, pois a documentación evidencia que, ademais dos maioritarios pescadores e agricultores, a vila contaba con zapateiros, carpinteiros, canteiros, toneleiros, xastres, tendeiros, carpinteiros de ribeira, etc., que van ir organizándose en gremios ou asociacións de artesáns e comerciantes. Darán nomes, que aínda perviven, a rúas e barrios da vila. Paralelamente ao crecemento económico, demográfico e físico semella que a poboación vai estratificándose nunha pirámide cuxo cume de poder retían unhas poucas familias ou liñaxes, que non tardaron en controlar o poder municipal.

Por outra banda, o desenvolvemento doutras actividades propias da cidade fixo que a expansión da vila sucedese con especial intensidade dende o alto do espazo protector cara ao interior e en dirección nordeste, a través da vía que conduce a Compostela, que vai converterse na rúa principal da vila. Dito desenvolvemento –situado no mesmo nivel topográfico que o Tapal– realízase mediante a prolongación da Rúa da Ponte que, logo de atravesar a praza de armas do Tapal, continúa nun pequeno tramo polas prazas da igrexa para logo mudar o nome polo de Rúa do Cantón ata posiblemente rematar nunha porta do que pensamos sería o segundo recinto fortificado. A destacada presenza deste eixo

[19] O "privilexio do sal" era un privilexio transcendental dado que a importación do sal era vital non só para o seu uso alimentario senón tamén para asegurar a industria pesqueira e para a preparación de determinados produtos ligados á exportación como os coiros. Por outra banda, un achegamento masivo ás costas galegas do denominado peixe azul exemplarizado na popular sardiña, provocado por un cambio na temperatura das augas, vai poñer á disposición dos pescadores unha sobreabundancia de materia prima. Se a isto lle engadimos un descenso nos custes de transporte provocado pola aparición dun transporte marítimo económico, comprenderemos que a pesca e os seus produtos derivados se convertan nunha actividade de clara e forte proxección internacional con todas as consecuencias que isto ten no desenvolvemento dos pobos que como Noia e Muros teñen unha clara orientación pesqueira.

[20] Ferreira Priegue, E. (1988): Galicia en el comercio marítimo medieval, pp.162-163. O rei Alfonso XI de Castela promulga en 1338 o Ordenamento de alfolís. Uns lugares moi concretos da costa galega van dispor do privilexio rexio de contar con almacéns de sal, os alfolís. Trátese dunhas concesións que, a cargo dunhas persoas, os alfolineiros, van converterse nos únicos lugares autorizados para a compra e carrexos do sal, e o seu almacenamento e distribución.

[21] En Vázquez, M. (2002: 228), citada por Barros, C.(2009): op. cit., p.16.

viario diagonal, que conecta a ponte co resto do territorio, fai que funcione como un eixo reitor daquel espazo más afastado das augas. A vila comercial naceu a carón desta vía e prolóngase ao seu través e proximidade. Nos seus bordos, artesáns e comerciantes van, coa súa presenza, convertela na vía principal da vila ata hoxe.

Nese proceso de desenvolvemento do plano medieval de Noia apreciamos as pautas repetidas en moitas vilas e cidades galegas: dende o burgo inicial, presidido pola fortaleza do Tapal e igrexa de San Martiño, medra a vila, seguindo un trazado máis ou menos circular. Unha trama de rúas envolve o centro fortificado, tendendo a ocupación cara ao leste e norte a continuar pola cota superior, descendendo ata as augas polo sur e oeste conformando un entrabado viario a base de longas rúas paralelas á ribeira das augas conectadas entre si por curtas rúas travesas. A existencia dunha cerca ou muro que pechase esta Noia anterior ao século XIV semella probable. A distinta trama urbana, tanto no que se refire á diferente anchura, trazado e densidade das rúas, como ao volume dos quinteiros, son argumentos que se suman a esta hipótese[22].

Pero tamén, a medida que esta Noia do século XIII vai compactándose, novos arrabaldes van ir formándose ao seu carón. Así, a continuación da rúa do Cantón sería a coñecida como Corredoira de Adentro, hoxe rúa do Comercio, cuxo nome fai referencia claramente á súa ruralidade. Polo leste, a praza da igrexa tería continuidade por unha rúa que conducía en suave descenso cara a unha porta que se abría ao que constituía o corazón da *Pescadería*: a rúa dos Lagares, cuxo nome refire a súa principal actividade. Esta sería a zona extra muros máis importante antes da construción da muralla de 1320, constituíndo case unha segunda cidade. O conxunto comprendía o espazo formado por esta rúa-praza dos Lagares ata as mesmas ribeiras do Traba. Aquí estaban, logo do crecemento experimentado polos iniciais barrios mariñeiros, as instalacións mariñeiras, peiraos, vivendas e demais instalacións propias das actividades pesqueiras e comerciais. É o barrio mariñeiro por excelencia da vila onde van concentrase, nos sotos das vivendas asoportaladas, os complexos de salga de peixe (lagares) máis importantes da vila antes de 1320. Posteriormente á construción da nova muralla, e ao igual que sucedera anteriormente, a incomodidade que os muros supoñían para as actividades relacionadas co mar, así como o feito de tratarse de actividades molestas para a poboación, fan que estas novamente sufran un desprazamento no espazo e novas zonas extra muros, afastadas do novo núcleo murado, acollan estas tarefas (Ver plano de Simancas).

c) A muralla de Don Berenguel de Landoira de 1320

En Noia, a muralla que mellor coñecemos é a realizada en 1320 que, como rematamos de ver, correspóndese seguramente cunha ampliación dunha precedente. O custoso dunha obra destas características facía imprescindible a colaboración por parte do poder señorial para levala a cabo. En Noia, ese favor señorial vai vir

[22] Este, que chamaremos segundo recinto protector, posiblemente estivese protexido por unha cerca de material perecedoiro como a madeira; por ese motivo non chegou ata nós ningunha proba da súa existencia. Porén, o que si aparece, xusto no linde ata o que chegaría este primeiro recinto expansivo pola parte do río, é un elemento que, construído en material máis consistente como a pedra, ben puidese ser unha torre defensiva que se erguía no esquinal desta primitiva cerca. Este elemento era coñecido co nome de "O Forte", e sabemos da súa existencia pola cita que del fai Abella S. (1911: 10), cando describe as portas da muralla: " ... otro (fuerte) donde aún se le llama "o Forte", que la defendía por la parte del río". Puido suceder que cando se acorda elevar unha cerca máis consistente e de maior amplitude, este elemento fose aproveitado como unha máis das portas que se abrían na nova muralla.

da man dun dos seus máis ilustres benfeitores, o arcebispo de Compostela e señor da vila, Don Berenguel de Landoira[23]. O crecemento do núcleo inicial ao longo do século XIII por mor do desenvolvemento económico, coa pesca como actividade estelar, facía necesaria unha maior amplitude e consistencia do recinto amurallado. De aí que se vexa como unha necesidade a consolidación da vila de Noia como vila amurallada e porto fortificado[24]. Seguramente, na idea de Don Berenguel está tamén presente o elevar a vila de Noia á categoría de cidade, pois naquel momento a muralla pétrea non só era un elemento de protección senón que ao mesmo tempo sinalaba un espazo definido por un estatuto xurídico peculiar e diferenciado das terras rurais do contorno. A muralla significaba seguridade, pero igualmente era o elemento que tipificaba a unha cidade, o seu símbolo por excelencia.

A nova muralla segue a liña da ribeira fixada polo mar e o río Traba con cuxas augas estaba en contacto directo[25]; constitúe, por isto, dende o momento da súa edificación, a orela da vila sobre a auga. Coñecemos, cada vez con máis precisión a través de documentos varios[26] e polas escavacións arqueolóxicas de urxencia nas vivendas nos bordos[27], as principais características que esta muralla presentaba. A súa anchura superaba en pouco os dous metros, podendo chegar aos dous metros e medio na proximidade das portas principais[28], e outorgaba á obra un aspecto sólido e robusto. En canto á súa altura, esta situábase entre os cinco e seis metros. Nas torres ou cubos intercalados na muralla, a altura podía chegar posiblemente aos sete metros e incluso máis. Na parte superior presentaba un acabado en ameas, reforzando deste xeito o seu carácter de elemento defensivo.

[23] Don Berenguel de Landoira fora nomeado polo Papa como novo arcebispo de Compostela. Pero, por mor da oposición dos burgueses de Santiago á súa toma de posesión da sé arcebispal, vai verse na necesidade de solicitar axuda dos noieses coa intención de conseguila pola forza. Cando, vencida a resistencia dos compostelans, logre facerse co poder, Don Berenguel non esquecerá a axuda prestada polas xentes de Noia.Sobre a figura de Don Berenguel de Landoira e Noia, ver Agrafoxo Pérez, X. (1987): Noia. Unha vila histórica, pp. 75-79; Tamén en Díaz, M. e García Oro, J. (edits.) (1983): Hechos de Don Berenguel de Landoira.

[24] O carácter militar defensivo da nova muralla ponse de manifesto nas palabras do propio arcebispo: "los de la villa de Noya eran muy pobres y muy atrasados por raçon de cavalleros et de otros homes poderosos que lles façen mal, por raçon que la dicha villa no es çercada". Deste xeito, no ano 1320, os noieses van quedar exentos durante un período de seis anos do pago de todo tipo de impostos "de todo pecho et de todo pedido et de ayudas et de aiuda et de emprestido et de seruicio et de seruicios et de todos los otros pechos quales quier que me ouieren a dar daqui adelante cada anno en qual quier manera que nombre aya de pecho saluo moneda forera quando acaescier de siete en siete años", co fin de que poidan financiar máis facilmente as obras necesarias de ampliación da muralla. López Ferreiro, A.(1983): Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela, [1903], pp. 30-31.

[25] As sucesivas escavacións arqueológicas de urxencia nos bordos do recinto histórico precisan cada vez máis o trazado da muralla. Así, segundo a arqueóloga Manola Pérez, o entrante que presenta a muralla no Malecón de Cadarso explícase pola busca dunha cimentación axeitada, procurar un firme sólido que ofrecese seguridade ante o poder erosivo das augas do Traba.

[26] Abella, S. (1911): op. cit., pp. 9-11; e Fabeiro Gómez, M. (1969): La villa de Noya: Defensas, posesiones y regalías, pp. 4-13, foron os autores que dedicaron estudos á muralla noiesa. Eu mesmo dedico varios traballos ao tema das murallas da vila de Noia que podemos ver en: García Vidal, P. (1991): A Noia da memoria. Pasado e presente dun casco histórico. Evolución urbana, pp. 41-55; (2004): "Xeografías defensivas nas vilas de Noia e Muros", en Actas da IV Semana da Historia de Noia, Casa da Gramática, pp 39-69; (2016): Noia e Muros, paisaxes urbanas de séculos. Dende as orixes ata o ano 1950, pp.63-79; así como na revista Alameda, publicación da Sociedade Liceo de Noia, concretamente nos números 1, 2, ,4 e 5.

[27] Concello de Noia: Memorias de intervencións arqueolóxicas de urxencia no Casco histórico.

[28] Segundo Fabeiro Gómez, M. (1969) op. cit., p. 4, tendo en conta un documento de 1742 en que se manda reparar a un veciño a porta da Borbandeira que este desfixera, o ancho da muralla sería de "dos metros ciento siete milímetros (equivalencia de las diez cuartas que se señalan)", exceptuando o lugar das portas, en que acadarían os "dos metros quinientos veintiocho milímetros (12 cuartas)".



Muralla e portas principais sobre Plano de Simancas de 1597

A muralla contaba cunha ducia de portas[29] que interrompían de cando en cando a continuidade do seu trazado. Baixo a xenérica denominación de portas están incluídos tamén os *postigos*, pequenas aberturas no muro polos que unicamente podían penetrar as persoas, non así as bestas ou carretas. A súa angostura cumpre a misión de impedir o tránsito de mercadorías ao interior da vila, xa que a esta finalidade só estaban destinadas as chamadas "*portas reais*" ou principais da vila. Eran estas portas principais as que acollían un importante fluxo de homes e mercadorías, e acostumaban estar protexidas por torres defensivas que as flanqueaban. Sobre a forma das portas, Abella (1911: 9) dinos que eran de "*sillería bien labrada; de arco románico unas, y de ojival otras*". Son portas que, realizadas con grosos taboleiros de madeira, ás veces recubertos con chapas e cravos, "*acorazadas*", constan de poderosas ferraxes que permiten pechalas ao solpor e abrilas coas primeiras luces do día. En Noia, as portas da Vila e da Ponte respondían a este tipo de porta monumental. Eran portas de arco gótico realizadas en boa pedra de cantería granítica. Coroadas por ameadas torres protexían o seu tránsito. Fortalecía o carácter protector a existencia, en cada unha delas, dunha figura dun santo que figuraba sobre a porta, metido nunha fornela á maneira de capela e ao que a veces se lle dedicaban oficios relixiosos no mesmo lugar[30]. Estas figuras relixiosas, ademais de ofreceren protección divina, emprestaban o seu nome á porta contribuíndo á súa diferenciación, como sucedía por exemplo coas portas da Asunción ou da Peregrina. O feito de que fosen estas torres, dinos Fabeiro Gómez, M. (1969: 13) "*del tiempo de construcción de la Iglesia de Santa María a Nova (1320-1327) y existir en ellas una capilla, donde se celebraba el Santo Sacrificio de la Misa, nos da a conocer su grandiosidad*". Na fachada da torre da Porta da Vila ou da Asunción, aparecía o escudo de armas de D. Pedro Fernández de Castro e Portugal, conde de Lemos. O aspecto que ofrecía ao viaxeiro era maxestoso[31]. Pero aínda máis espectacular debía ser a entrada pola Porta da Ponte ou da

[29] Son 12 o número de portas que figuran no Plano de Simancas de finais do XVI, un documento fundamental para o seu estudo. Arquivo Xeral de Simancas (AXS). [GA 498] M.P. y D. 9-10-11-12. Autores como Rodríguez, P. (1883): "La villa de Noya", en Galicia Diplomática, e Fabeiro Gómez, M. (1969): op. cit., p. 9-13, coinciden no número, aínda que discrepan en canto ao posible emprazamento das mesmas.

[30] Protesta ante as autoridades municipais polos ruídos das vendedoras na Porta da Vila que non deixaban seguir coa atención debida os oficios relixiosos.

[31] Esta é a descrición que fai dela Agra Cadarso, J. Mª (1950): "La puerta de la Asunción" en revista Tapal, nº 1, p. 12.: "Allí donde la vieja "Rúa Nueva", que corría paralela a las murallas dominadoras del "Cuncheiro", hoy calle de Oviedo Arce (vulgo "Forno do Rato") finaliza en la "Corredera de adentro" (hoy Comercio), se mostraba ostentosa dentro de su sobriedad arquitectónica, la "Puerta de la Villa" o puerta de la "Asunción". En su frontispicio, la veleidad de lo humano, tuvo asiento: Armas Reales, arzobispales, de ducado y exóticas, desfilaron en peregrina y fugaz ostentación. Tan solo permanece el símbolo de fé: El altar de la Asunción de María a los cielos" que en todo tiempo dio carácter y nombre a la puerta principal de acceso a la villa.....Dos cuerpos constituían el referido monumento: Una torre cuadrada en cuya parte inferior se abría el arco ojival, excesivamente apuntado –rasgo que acusaba claramente la época de D. Berenguel- , sin exornación alguna, cubierto por un cornisón sencillo, y sobre él, la torre lisa coronada por dieciséis almenas puntiagudas encima de otro cornisón, y en el centro, sobre el arco, la hornacina con la imagen de la Virgen de la Asunción".

Peregrina[32], para aqueles que traspasada a monumental Ponte Grande de Noia cos seus dezaseis arcos, encamiñaban os seus pasos cara á praza de armas da fortaleza do Tapal[33].

Ao igual que sucedía coas dúas portas principais da vila, outras eran coñecidas tamén cun nome concreto[34]. Tal acontece coa *Porta do Espolón*, que daba ao Campo de San Francisco[35]. No mesmo lugar –cabe a posibilidade de que incluso se trate da mesma porta–, Fabeiro Gómez (1969: 9) fala dunha porta coñecida como *Nueva de Mazacánabos* ou tamén *Porta Borbandeyra*, cuxo nome figura nun documento de 1579. Outra das portas das que coñecemos o seu nome era a de *Mazacánabos*, que conducía ao Ribeiro Grande, barrio rodeado dunha extensa zona onde inclusive existían terras de labranza[36]. A coñecida como *Porta da Condesa* respondía a que esta pequena rúa conducía frontalmente dende esta porta á casa dos Condes de Lemos, onde vivira moitos anos a condesa Dona Teresa Henríquez[37]. A coñecida como *Porta da rúa Cega* é citada por Abella (1911: 10)[38]. Igualmente, a *Porta da rúa Pero Sardiña*, figura nun documento de 1548. Fabeiro Gómez (1969: 12) dinos que mudou o nome da rúa, que hoxe corresponde coa coñecida como rúa do Forno. As dúas portas que daban ao río Traba coñecidas como *Porta do Forte*, e *Porta da Atafona*, son citadas por Abella (1911: 10). Por último, as portas nomeadas en documentos de 1565 e 1589 como *Porta da rúa da Laxe* e *Porta do Poxilgo* respectivamente, citadas por Fabeiro Gómez (1969: 12), estarían tamén situadas na beira do Traba.

Muralla de Simancas sobre imaxe actual da vila

[32] Fabeiro Gómez, M. (1969): op. cit., p. 10, fala dun documento de 1584 onde consta ese nome, pero, igualmente infórmanos de que antes dese nome era coñecida tamén como Porta do Tapal.

[33] Desta porta da Ponte ou porta da Peregrina dinos Reguera Pardiñas (2000): "Puente de Noya", en González Pérez, C. (edic): Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia, Noia, pp.45-47, que: "había una puerta con un alto y sólido torreón cuadrangular, que tenía unos emblemas gastados por el tiempo, distinguiéndose únicamente desde abajo, un perro u otro cuadrúpedo idéntico, echado sobre un sencillo cornisamento que estaba hacia la mitad de su altura, a la derecha del observador, y unas partes pudendas, varoniles, hacia la izquierda: al menos así parecía y por tales las mostraban los de la villa, que fue derribada después de 1845, y por la parte de adentro, una pequeña efigie de Nuestra Señora de la Peregrina, a quien alumbraban los devotos, que hoi (sic) la tienen empotrada en la pared de la casa que dice a la derecha, y tiene un gran balcón de piedra sobre el mar, conforme se sale".

[34] Rodríguez, P (1983): "La villa de Noya", en Galicia Diplomática, t. I, nº 41-43; Abella, S. (1911); Fabeiro Gómez, M. (1969), son os autores que facilitan información e citan documentos onde figuran os nomes das portas.

[35] Abella, S. (1911): op. cit., p.9.

[36] Fabeiro Gómez (1969: 11) sinala que o seu nome figura nun documento de 1692. Igualmente esta porta, por información facilitada por López Carreira (1999: 137) sabemos que contaba cunha torre e que se coñecía como torre de "Domingo Caçurro" no ano de 1469.

[37] En realidade co nome de rúa da Condesa coñecese a rúa paralela á ribeira e que transcorre pola fachada frontal da referida vivenda da Condesa de Lemos.

[38] Esta porta que refire Abella é a que se abría na hoxe coñecida como rúa da Axuda.



Esquema viario

O ESPAZO PÚBLICO OU DA COLECTIVIDADE

Imos analizar de seguido, dun xeito breve, o aspecto físico que ofrecía Noia na Idade Media. Comezamos polo espazo público ou da colectividade para continuar logo polo espazo edificado ou espazo privado.

Coa contemplación do plano da vila de Noia ponse en dúbida a idea tradicional de que a cidade medieval é un ente orgánico no que a desorde é un elemento característico. Nada máis falso que definir como orgánica ou espontánea a vila gótica de Noia. A vila naceu por unha vontade creadora. Aínda que previamente, como apuntamos, puidese existir no seu soar unha pequena poboación rural, a súa natureza é ser unha vila nova. Por iso, o plano é bastante ordenado e regular, tendendo á creación de trazados en damero, no que a rectitude das rúas e a doada comunicación son valores tidos como positivos. O esquema é sinxelo: rúas longas paralelas ás augas, que seguen o trazado das curvas de nivel (Laxe, Canliña, Salutación ou Condesa), que responden ao esquema rúa de Abaixo, rúa do Medio e, nalgúns casos, rúa de Arriba, cortadas por outras máis curtas e estreitas, as denominadas rúas *travesas*, perpendiculares ás curvas de nivel e que facilitan a comunicación da ribeira co interior así como o tránsito e intercomunicación das vías máis importantes evitando así longos rodeos. As rúas travesas funcionan tamén como excelentes canles de evacuación das augas tanto as residuais como as de choiva.



Rúas e nomes

Rúas e prazas: espazos para a reunión, a compra e o intercambio

Rúas e prazas son, xunto coa muralla, os elementos que máis carácter imprimen ao plano da vila, pois regulan os movementos da poboación e delimitan os espazos destinados á edificación onde xorden quinteiros de casas. Rúas, calellas, corredoiras, congostras, cantóns ou rúas cegas definen a diferente categoría do viario da vila, mentres que nomes como *Pescadería*, *Carnicería*, *Lagares* ou *Alfándega*, *Cuncheiros*, *Mazacánabos*, *Pelamios* ou *Besteiros*, respondían a realidades económicas e sociais concretas. Outras veces os nomes fan referencia a algunha característica do lugar onde están: *Rúa do Forno*, *Pedrachán* ou *rúa da Laxe*[39], etc.

Pórticos ou soportais escoltaban a arañeira de rúas que se dirixían ás portas principais da muralla noiesa. A xeografía porticada tivo un enorme peso na vila de Noia, tanto dende o punto de vista cuantitativo como do cualitativo, na medida en que a súa presenza era dominante nas rúas principais, pero, igualmente, contribuía a alterar significativamente a imaxe do rueiro.

Dende a rúa da Ponte ou da Peregrina, principal vía de entrada por mar, pasando polas

[39] Recentes escavacións arqueolóxicas puxeron de manifesto a existencia da referida "laxe", unha masa granítica que se estende baixo a rúa actual.

Soportais na rúa do Cantón a finais do século XIX

rúas do Cantón e Corredoira de Adentro, e continuando extra muros ao longo da Corredoira de Afora, temos detectado na documentación conxuntos de casas con soportal, que nos levan a pensar nun *contínuum* asoportalado como marca senlleira da principal arteria viaria de Noia. Pero, igualmente, fóra deste eixe central, o soportal formaba parte do espazo construído a ambos lados da rúa de Lagares, Alfándega ou Curro, lugar de celebración do importante mercado de cereais. Este é o espazo onde a permanencia do soportal foi maior, e na actualidade, aínda que gravemente alterado e mutilado, é un dos poucos lugares onde podemos contemplar a súa presenza. Ao longo da rúa de *Mazacánabos* aparecían tamén edificacións nas que figuraban na súa fachada este elemento arquitectónico, así como na rúa do Forno e nalgunha outra que os labores arqueolóxicos irán confirmando no futuro.

As prazas, *prazuelas* ou *prazoletas* e praciñas teñen a condición de lugares necesarios, e nelas o goberno municipal concentrou todo tipo de comercio. Na confluencia de varias rúas, nas proximidades do edificio relixioso e nalgúns outros espazos abertos fóronse formando prazas que daban acollida a reunións de veciños con fins relixiosos, mercantís ou políticos. Nos arredores da igrexa de San Martiño abríase unha serie de prazas con función de mercado: a pequena praza do Tapal, entre a fachada principal da igrexa e o muro que pechaba a praza de armas do mesmo nome; a actual praza da Constitución, antes praza da Igrexa, na entrada lateral norte; ou a praza de Guisamonde, a carón da ábsida. A praza da *Fanequeira*, ao igual que a de *Lagares* ou *Alfándega,* puido ter a súa orixe ao amparo dunha porta da muralla.

O ESPAZO EDIFICADO OU ESPAZO PRIVADO

Mentres que o espazo público que acabamos de referir mantense polo xeral inalterable unha vez creado (lei de pervivencia do plano), e rúas e prazas conservan o seu trazado dende as orixes con só modificacións na súa anchura, pola contra, o espazo privado desapareceu case por completo. Por iso, o estudo do espazo privado debe abordarse fundamentalmente a través dos quinteiros e os soares, os cales mantiveron a súa morfoloxía no decorrer do tempo.

Delimitado polas rúas paralelas ás augas e as rúas travesas aparece un espazo edificable: o quinteiro ou mazá. O común é a presenza do quinteiro rectangular, podendo ser simple, formado por unha soa fieira de casas, ou dobres, con dúas fieiras de casas que contrapoñen as súas traseiras. A división dos quinteiros dá lugar ao nacemento dos soares, parcelas privadas nas que se constrúen as vivendas.

A parcelación do recinto histórico de Noia mostra, na actualidade, a pervivencia do sistema de subdivisión medieval, cuxa estrutura repetirase ata finalizar o século XVIII, caracterizado pola ampla difusión dos lotes con



Prazas

fronte estreita cara á rúa e desenvolvementos en profundidade variables, nos que a tendencia predominante é a fragmentación intermedia de cada parcela segundo as dúas rúas principais opostas. En Noia, existe, porén, unha clara diferenciación na morfoloxía catastral, correspondéndose con dúas etapas distintas da expansión do recinto medieval, cun primeiro anel de crecemento máis densificado, onde a parcelación adopta unha sistematización evidente, con claro predominio da pequena dimensión. Pola contra, o espazo anexo á muralla e, en maior medida, as primeiras extensións extra muros sobre a Corredoira de Afora, presentan unha pauta de fragmentación semellante na fronte de fachada pero alcanzan fondos moito maiores, configurando quinteiros de gran tamaño e hortas interiores.

As parcelas do conxunto urbano inicial presentan un alto grao de homoxeneidade e indiferenciación, destacando nalgún quinteiro onde se ve a tendencia a regularizar tanto a fronte como os fondos de parcela. Este é o

Supervivencia do parcelario medieval

caso das agregacións situadas nas rúas Laxe e Canliña, onde a partir destes dous eixos lonxitudinais paralelos ás augas desenvólvense calellas perpendiculares segundo as liñas de máxima pendente, que dan lugar a quinteiros moi semellantes nas dimensións, nos que se repite a pauta de subdivisión a partir dunha liña intermedia. Tamén as rúas Cantón e Condesa sustentan un sistema de fragmentación idéntico, aínda que esta vez desenvolvido co eixo lonxitudinal das mazás perpendicular coas curvas de nivel mantendo a regular división en unidades rectangulares de fronte estreita con fachada única a cada unha das rúas opostas e liña intermedia de división da parcela cando o ancho o permite.

O parcelario

En poboacións como Noia, que responden a unha creación planificada, debeuse proceder a un reparto equitativo do espazo destinado á edificación. A cada veciño vai corresponderlle un lote, xeralmente todos coas mesmas dimensións, co obxecto de que neste espazo constrúa a súa vivenda e así pase a formar parte da comunidade que está a nacer. Sabemos por documentos varios que estas pezas de terreo, denominadas na documentación como *formales*, e que hoxe coñecemos como soares, constitúen o coñecido como parcelario medieval, produto da particular división do espazo destinado a fins privados nesa etapa histórica. A forte pervivencia que o escenario físico en que se desenvolve a vida dunha sociedade vai ter no tempo, vai facilitar que esta particular forma de repartir o espazo chegue ata a actualidade e iso nos permita ter unha visión aproximada do pasado.

Polos *Fueros* outorgados á vila de Noia polo arcebispo Xoán Arias a mediados do século XIII, dados a coñecer por López Ferreiro (1975: 508-527), sabemos as dimensións permitidas ás vivendas de nova edificación que se vaian levantar na vila. Estas podían realizarse de acordo a dúas dimensións ás que tamén corresponderían tipos diferentes de impostos: *"Sy algún ombre quisier faser casa en la villa en lugar que nunca fue fecha, deue dar al mayordomo u mri. Se o formal for doyto pasos en longo e de quatro en ancho. E se for medio formal deue a dar quatro soldos"*. Segundo isto, e tendo tamén en conta os estudos realizados por Armas Castro (1992) na vila medieval de Pontevedra[40] e que podemos considerar válidos para todas as demais vilas costeiras, podemos sinalar que a casa máis corrente sería aquela que viría ter uns 4 metros de fachada e un fondo duns 8 metros. A superficie total da vivenda sería, polo tanto, duns 32 metros cadrados. Este sería o tipo de tamaño máis corrente; porén, existía outro tipo de soar máis pequeno, de medio formal, que estaría reservado para aqueles cidadáns dun menor poder económico, co resultado dunha vivenda de dimensión sumamente reducida con fachada que só presenta unha porta e ventá sobre ela.

Na actualidade, a pervivencia do parcelario medieval permite comprobar como as vivendas manteñen unhas medidas constantes, 4 metros de fachada á rúa por 8 de fondo, que xeralmente comparten con outra parcela das mesmas medidas e que daba lugar a un dobre quinteiro con fondo de 16 metros. Isto vai ser o habitual na que podemos denominar como casa común, nas vivendas que simbolizaban o poder burgués como as casas-torre ou casas-pazo a maior extensión conséguese xeralmente coa anexión de dous soares ou de soar e medio. Por conseguinte, non é frecuente

[40] Armas Castro, J. (1992): Pontevedra en los siglos XII a XV.



O soar e a parcela medievais

o emprego de medidas arbitrarias senón que existe unha sistematización evidente.

O soar non soe edificarse na súa totalidade. Con frecuencia, a traseira da casa resérvase como espazo dedicado a horto doméstico –a *cortiña*–. Neste espazo libre, con orientación claramente hixienista, podía existir un pozo para o consumo de auga doce, ás veces con lavadoiro anexo, e tamén era este o lugar a onde se enviaban os detritos interiores da vivenda. Nesta pequena extensión de terreo soen cultivarse produtos hortícolas preferentemente destinados ao consumo directo: "*Item ha de auer el mayordomo la meitad del diesmo de las ortas que labrar fuera de la villa e de las fructas de las cortiñas de la villa*"[41].

Características xerais da vivenda preindustrial

Sen dúbida, as vivendas da Noia altomedievais foron pobres e precarias. Non era unha excepción. En todas as vilas e cidades, a sobriedade, austeridade e pobreza no vivir diario en casas reducidas era a norma para a xente común, en contraste coas máis amplas, sólidas e amobladas dos poderosos, pois a casa expresa sempre as posibilidades e as ideas dos grupos sociais. Pero, áparte duns poucos privilexiados que podían permitirse

[41] Fueros Romanceados de Noia, en López Ferreiro, A. (1975): op. cit., pp. 508-517.

Madeira e pedra combínanse nas vivendas

o luxo de residir en pazos ou casas-torre, o resto da poboación habitaba un tipo de vivenda sinxela, de dous niveis, estreita, mal iluminada e construída con materiais pobres. De feito, o material máis utilizado nos inicios foi a madeira.

A razón do uso da madeira, a pesar da súa escasa resistencia ao lume ou á humidade, era que se trataba dun material abundante e barato. O predominio da madeira na construción era tal que se chegou a falar de "*cidades de madeira*", e sábese que en vilas como Betanzos, Ribadeo, Viveiro ou Mondoñedo a madeira era o material de construción practicamente exclusivo[42].

Seguramente, ao igual que sucedera noutras vilas e cidades europeas, a pedra vai utilizarse para levantar o edificio relixioso, a igrexa. Progresivamente tamén as casas comúns se farían de pedra, pola súa fortaleza e estabilidade. Os mesmos Reis Católicos ordenan construír as casas de pedra polo perigo do lume sobre as casas de madeira maioritarias. A pedra seguramente comezou a empregarse na planta baixa das casas e para as medianeiras, xa que así contaban con muros resistentes e duradeiros para soportar a armazón de madeira e para servir coma testemuñas dos lindes dos predios cando os incendios, moi frecuentes, arrasaban con todo o demais. Os canteiros, por isto, convertéronse en traballadores demandados na localidade urbana. A súa destreza poñíase de manifesto cando as pezas ben talladas e escuadradas

[42] López Alsina, F. (1976): op. cit., p. 59.

quedaban á vista. O proceso de petrificación, como apunta Rosende Valdés (2004: 98) no caso de Santiago, foi un proceso lento, de ningún modo repentino, que se impulsa dende mediados do XVII e desenvolverase de xeito repousado aínda que significativo.

O clima ou os materiais próximos son factores que condicionan a arquitectura, pero será a economía, o modo de produción, o que dará carácter ao edificio nuclear e ás outras construcións. "*A economía que rexe a casa vai ser a que determine as características espaciais e as solucións que se decidan para a casa-vivenda e para as dependencias que se integran nela ou se incorporan á mesma*"[43]

A persistencia de actividades agrarias no interior das localidades urbanas ponse de manifesto na presenza de determinados elementos propios do mundo rural. Por exemplo, xa citamos que é frecuente a existencia de pequenos hortos nas traseiras das vivendas de Noia, "*as cortiñas*", onde se cultivaba un pequeno horto para consumo familiar. Igualmente, a presenza de currais e cortes no interior da vivenda destinadas a albergar animais como galiñas e porcos, manifesta a íntima relación de rural e urbano na vila preindustrial. As ordenanzas municipais tratarán de regular a incómoda presenza e a circulación destes animais pola vila.

Na maioría dos casos, a casa presenta unha dobre funcionalidade como vivenda e lugar de traballo. No baixo atópase o taller ou a tenda, con despacho ao público; no sobrado sitúase a vivenda; e directamente baixo o tellado, no faiado, soen gardarse obxectos do propio oficio. Ás veces a casa tamén conta con *soto*, "*huna casa sotto e sobrado que esta dentro da cerqua da villa de Muro*"[44]. O reducido do espazo daba lugar a que os artesáns sacasen á rúa os seus materiais. En numerosas vivendas da Noia preindustrial o traballo realizábase na propia vivenda. Non será ata a industrialización cando se produza a separación entre a vivenda e o lugar de traballo.

As reducidas dimensións son unha das características que distinguen a casa-vivenda mariñeira. A planta é rectangular, cun único espazo que concentra todas as tarefas domésticas naquelas construcións máis primitivas, como a coñecida como casa terrea. A evolución posterior dará lugar a diferentes estancias separadas por taboleiros de madeira. Os modelos en que se materializa a casa-vivenda mariñeira son variados, dende a simple e espartana *casa terrea* ata casas abertas ao exterior coa aparición de patíns e corredores que sobresaen nas fachadas.

A rúa medieval adaptábase ao camiño. Os edificios ían colocándose ao seu carón formando continuos edificados. As fileiras de casas van seguindo a forma dos camiños que sucan o territorio, penetran na vila e saen dela para perderse de novo no campo. A estrutura do terreo e as esixencias de cimentación inflúen nas tipoloxías arquitectónicas. A casa-vivenda máis corrente aséntase directamente sobre o terreo natural, con frecuencia algo soterrada.

Respecto á altura, a casa-vivenda do pescador máis humilde era a denominada "*casa cha*" ou *casa terrea*. Edificación moi simple cunha única estancia, onde se concentraban o lar, habitacións, almacén dos trebellos de traballo de mariñeiro e cortello dos animais.

[43] Caamaño Suárez, M. (2003): As construccións da arquitectura popular, pp. 94-96.

[44] Documento de venda dunha casa sita dentro da cerca da vila de Muros no ano 1440, en Fabeiro Gómez, M. (1997): Páxinas históricas de Muros, p. 154.

Variantes da anterior son as casas do pincho e as casas do remo, así denominadas porque a súa anchura coincide coa lonxitude dun remo. Ambas presentaban a fachada principal no muro piñón e estaban dispostas xeralmente en medianeira. A diferenza estriba en que a casa do remo serve como un elo entre a casa terrea e a casa dun andar, posto que nela pode apreciarse o uso do espazo situado entre a vivenda e a cuberta ao que se accedía interiormente por medio dunha esqueira .

O modelo de vivenda máis estendido, porén, era o denominado *casa asobradada*, por coñecerse como sobrado o andar principal dedicado xeralmente a vivenda. Este tipo de edificación vai resultar do progresivo incremento de alturas, así como de saíntes e beirados, con vistas a acoller un número cada vez maior de persoas. A fachada das edificacións de planta baixa e sobrado presentan ocos dedicados a portas e fiestras, nalgúns casos balcóns en madeira encaixados, e na parte inferior poden contar co típico soportal. A vivenda culmina nun tellado a dúas augas.

A presión demográfica e a escaseza de solo urbano fixo que dende datas temperás se densificase a construción de vivendas urbanas, tendo como resultado o desbordamento da fachada sobre a rúa pública. As fachadas das casas avanzaban sobre a liña da rúa grazas aos beirados, que sobresaían en cada piso, chegando con este sistema a que os tellados das casas enfrontadas cubrisen a rúa. A pesar de que as ordenanzas trataron de controlar os abusos que os veciños realizaban de xeito sistemático en contra do espazo público, os



Xeografía porticada

propietarios conseguen modificalas e avanzar medidas cada vez máis amplas sobre a rúa e incluso con soportais. Este proceso de privatización do espazo vai dar lugar á paisaxe característica de Noia que chega ao século XIX.

CASA CON SOPORTAL

O soportal integra a casa no espazo público, sobre cuxa planta superior voa o espazo privado da vivenda no primeiro andar. A súa función é diversa. Proporciona un lugar de refuxio ao abeiro do sol e da chuvia e, ao mesmo tempo, permite prolongar o taller artesán, situado na recuada fachada da vivenda, ao espazo cuberto polo soportal mediante unha sinxela armazón de madeira. O soportal, por conseguinte, constitúese como lugar de exhibición e venda de mercadorías. Ao seu amparo tamén se gardan os aparellos de pesca e, ás veces, a propia embarcación e, igualmente, o espazo interior dedicábase en moitos casos como adega de salga emprazada na planta baixa que daba ao soportal.

A casa de soportal soe ter dúas alturas. A planta terrea está dominada polo espazo cuberto, que soe estar aberto cara á fronte e comunicado polos laterais cos soportais das casas veciñas. O soportal adoptaba distintas solucións, podendo descansar os seus arcos –semicirculares ou apuntados– ou as súas vigas rectas que soportan o peso do primeiro andar, sobre columnas portantes circulares ou cadradas, pés dereitos en pedra ou en madeira. Segundo sexa o modelo de soportal podemos falar de dous tipos de vivendas asoportaladas:



As vivendas do Curro, antes rúa dos Lagares, contaban con lagar para salgar e arengar sardiñas

unha, aquela que se sostén sobre robustos arcos de medio punto e poderosos piares e columnas, con muros construídos por bos perpiaños. O seu tellado prolóngase sobre un corredor sustentado por fortes canzorros ou ben apoiados sobre soportais construídos con esteos e trabes de pedra. A planta terrea era empregada polos mariñeiros como almacén, quedando a vivenda limitada ao andar superior. A outra, de soportal máis simple, consistente nunha sucesión de columnas de pedra de sección cadrada ou circular, sobre as que descansan as trabes que soportan o peso do corredor.

OUTRAS CONSTRUCIÓNS ESPECÍFICAS DO LITORAL

Completaban a paisaxe construída das vilas mariñeiras toda unha serie de edificacións destinadas a tarefas relacionadas co mundo do mar, que tiñan a particularidade de precisar de emprazamentos determinados para cumprir axeitadamente coa súa finalidade, unhas veces por necesitar estar preto da auga, outras por precisar unha exposición favorable a determinados ventos, etc.: a tribuna, os secadoiros ou estacadas, os fumeiros, carpinterías de ribeira, peiraos e varadoiros, así como muíños eran construcións características na contorna da entidade urbana.



Diferentes espazos na vila medieval

As edificacións singulares

O poderío naval, mercantil e artesanal onde se manifesta cunha maior visibilidade é nas grandes obras que se levantan nas vilas e que reflicten aqueles séculos de plenitude e esplendor. A fortificación da vila de Noia acelera a súa prosperidade ao longo da segunda metade do século XIV. Son anos de frenética actividade construtora que acadan non xa o levantamento dunha impoñente muralla, senón tamén obras de carácter asistencial como os hospitais de Afora e de San Lázaro, edificios relixiosos como a mencionada igrexa de Santa María a Nova, ou impresionantes pazos urbanos nos arredores de San Martiño.

No recinto urbano de Noia destacan os grandes edificios de natureza institucional. Son edificios que se enclavan en puntos estratéxicos e cualifican selectivamente os espazos urbanos máis inmediatos. Edificios relixiosos, locais de carácter asistencial como hospitais de peregrinos, casas nobres e pazos urbanos, eran tipos de edificacións que destacaban sobre o conxunto pola súa propia e diferente natureza construtiva. Integradas e anexas a outras casas do quinteiro –en Noia, unicamente San Martiño no espazo intra muros se presenta como edificación exenta- esas construcións son as que van converterse, co paso do tempo, en símbolos da cidade, nos seus elementos representativos, parte fundamental do seu patrimonio e da súa memoria. Para un cidadán de Noia a vila non se concibe, por exemplo, sen a existencia de edificios relixiosos como as igrexas parroquiais de Santa María a Nova ou San Martiño. Entre



Os espazos de saúde

estas edificacións institucionais sobresaen aqueles que ofrecen un servizo de tipo asistencial e sanitario como os hospitais de leprosos ou de peregrinos, como a capela e hospital de San Lázaro ou os hospitais de Adentro e de Afora, recordo da importancia de Noia como ruta de peregrinación a Compostela.

Pero non soamente se tivo en conta a arquitectura como expresión de prestixio e poder, senón o seu emprazamento no conxunto urbano, a súa situación como fito panorámico ou con respecto a unha praza e rúa dándolle –como vemos na documentación municipal a miúdo– maior ornato (adorno) e incluso autoridade (prestixio).

ARRABALDES, HORTAS E CAMPOS ARREDOR DO CONXUNTO AMURALLADO

O levantamento da muralla en 1320 vai dar lugar á aparición de pequenos núcleos extra muros recoñecidos como arrabaldes e que, nalgún caso, xa viñan funcionando como tales incluso antes de levantarse a nova cerca. A súa localización ten que ver nuns casos coas vías principais de entrada e saída do núcleo, como pode ser o caso do burgo xurdido a carón da Corredoira de Afora. Noutros casos, a aparición de burgos extra muros está en relación coa existencia dun edificio público importante. Nos arrabaldes da vila de Noia pronto destacaron tres grandes edificacións, tres elementos focalizadores da imaxe dos barrios xurdidos ao seu carón: a igrexa de Santa María a Nova, o Hospital do *Sancti Espiritus* de Afora e o convento dos franciscanos[45]. Porén, o motivo máis frecuente de aparición de burgos extra muros está en relación co desempeño de actividades molestas para a poboación. Neste caso podemos mencionar o burgo do Espírito Santo, antes coñecido co nome de *Pelamios*, denominación referida á actividade predominante que era o curtido de peles, actividade de grande importancia na historia da vila, pero que era considerada vil[46]. Próximo a este barrio está a Pedrachán, onde aparece un lugar favorable para a instalación de muíños, elementos de moita importancia na vida das sociedades preindustriais. As xentes que vivían nestes burgos desempeñaban ademais actividades, na maior parte dos casos, relacionadas co mar, incluídas aquelas que teñen que ver coa construción de barcos, constituíndo desta maneira barrios tipicamente mariñeiros que coas súas vivendas características chegan ata épocas recentes. Outros burgos extra muros da vila de Noia relacionados con actividades molestas, atopámolos, un na parte norte, a carón do mar, denominado no plano de Simancas como "*burgo de Lagares de Riveiro Grande*". Esta zona do "*Riveiro Grande*" era

[45] Santa María a Nova, rematada no ano de 1327 e levantada sobre unha previamente existente, leva a pensar que arredor deste primitivo lugar de culto existiría xa unha poboación anterior ao trazado da muralla, aínda descoñecendo os motivos que puideron levar a que sendo a construción da cerca coetánea á finalización da igrexa esta permanecese fóra da mesma. Outro burgo aparecido arredor dun edificio importante foi o do contorno da igrexa de San Francisco. A construción desta igrexa no ano 1522 deu lugar, como acostuma a ser normal, á aparición dun novo burgo coñecido co nome de San Roque. O nome fai referencia a que nese lugar atopábase a pequena capela da Angustia e o santo que nela se veneraba era San Roque. As pequenas edificacións acaroadas formaban un linde lineal nun dos lados do atrio da igrexa dos franciscanos. Na casa situada actualmente máis próxima á igrexa, que foi edificada sobre outras máis antigas que integraban o primitivo barrio de San Roque, atópase unha esclarecedora inscrición recuperada das antigas vivendas que fala da existencia do burgo: "Estas casas del barrio nuebo de San Roque las hiço el regidor Don Diego de Pas de Ivaces en el año de 1678". Porén, o motivo máis frecuente de aparición de burgos extra muros está en relación co desempeño de actividades molestas para a poboación.

[46] Os coiros preparábanse nas "poças" e nos píos. Alí raspábaselles o pelo e dábaselles un lavado e un curtido elemental con sal e casca.



Os diferentes arrabaldes extra muros

moi extensa e nela existían incluso labradíos. Coñecemos neste lugar a existencia das rúas denominadas, Riveiro Grande, Orraca Aras[47] e Besteiros, e tamén que nese espazo estaba situada a casa sobre a que posteriormente se levantará o Pazo coñecido como de Varela Radío. A este burgo conducían dúas portas abertas na muralla[48]. Outro burgo relacionado coas mesmas actividades molestas situábase na parte sur da vila, ao outro lado da ponte, tamén citado no mesmo plano de Simancas como "*burgo llamado os Lagares*", do que fala Ferreira (1988: 150) quen nos di que este como outros lugares existentes na vila: "*eran auténticos complejos industriales, que recibían la denominación general de "casa de salgar e arangar sardina". En ellas había lagares, magueiros, salgas, fumeiros, pedragueiras y todo lo necesario para el ciclo completo de preparación de ambos tipos de sardina*"[49].

A paisaxe extra muros completábase cun anel agrario claramente perceptible. A vila atopábase rodeada por un cinto de viñedos, cousa polo demais bastante xeneralizada

[47] García Oro, J. (1987): op. cit., p. 173.

[48] López Carreira (1999): op.cit., p. 37.

[49] Segundo García Oro (1987: 173) era o mosteiro de San Paio de Santiago quen tiña a propiedade desta zona exclusiva que era o "Campo de la Pena do Ouro junto a la rivera de la mar", na que os veciños tiñan as súas explotacións con foro tradicional do mosteiro. Segundo o autor citado, o volume desta explotación e o número de afectados explica que no ano de 1464 se negociase conxuntamente entre o concello e o mosteiro sobre o futuro deste barrio.

nas cidades medievais, e o seu coidado ía correr a cargo de determinados veciños da vila[50]. Á parte das actividades vinícolas, nas proximidades da cerca os cultivos cerealeiros extensivos propios da produción rural, así como o monte inculto ou os arborados de fragas e soutos, deixan paso a terreos dedicados a unha agricultura máis tradicional[51] destinada a abastecer a poboación urbana[52]; un espazo rural urbanizado ou *espazo rururbano*, en termos actuais. Nestes espazos agrícolas cultívanse produtos perecedoiros destinados ao comercio local ou ao autoconsumo.

CONCLUÍMOS

A fundación rexia en 1168 dunha vila nova vai outorgar a Noia un protagonismo urbano e mercantil dende moi cedo. A restauración do *Portus Apostoli* vai dar lugar ao inicio dunha nova etapa e unhas novas condicións con respecto ao pasado *portus* máis ou menos espontáneo.

A vila de Noia na Idade Media exemplifica o concepto do "urbano". Nacida como un modesto burgo e porto no fondo dunha ría de difícil navegación logrou converterse co paso do tempo nun dos núcleos urbanos máis importantes da costa galega. Noia desenvolveuse nos séculos medievais cun verdadeiro afán de diferenciarse daquilo que existía no momento do seu nacemento. Os habitantes da nova vila quixeron ser algo radicalmente distinto ao medio rural próximo. Por iso, cercaron a vila cunha muralla e distinguiron sempre o que estaba dentro e o que quedaba fóra e non formaba parte da comunidade cidadá. Igualmente, aínda que cultivaban os campos e practicaban a pesca, a súa riqueza procedía do comercio, que é precisamente a función para o que os monarcas crearon os núcleos urbanos. E, por último, os habitantes privilexiados souberon aproveitar as vantaxes obtidas e van defendelas con vigor cando sentiron algunha ameaza sobre algunha desas atribucións.

Na Idade Media, a vila de Noia exerceu o seu papel urbano, traballando arreo para sobresaír sobre o mundo rural e sobre o resto de vilas de Galicia. Foi un esforzo teimudo que non se detivo ante ningún impedimento, nin os propios do medio natural, nin no enfrontamento con outras vilas. O resultado fixo de Noia a finais da Idade Media un exemplo do que unha vila medieval debía ser.

[50] No documento de venda aos franciscanos do terreo onde na actualidade se levanta a igrexa de San Francisco (ano de 1518), esa zona da vila recibía o nome de Agra das Biñas, e nel faise referencia ás hortas e leiras que alí van labrar os veciños da vila, e que os franciscanos deberán deixar seguir traballando no sucesivo como unha das condicións do contrato: "que las personas que alli tienen sus heredades en la dicha Agra das Biñas, leiras e otras eredades no se las ocuparán e quedarán libres sus duenos para que las labren e fagan sus boluntades dellas libremente. Saluo si se las compraren o doutaren y no de otra manera"..."La tercera condición hes que no les tomarán ni zerrarán sus caminos para sus binas e guertas e seruidumbre dellas libremente aora ni en ningún tiempo que sea quedarán libre".

[51] "..podemos pensar que en torno ao ano 1168 os territorios que conforman as parroquias do actual concello de Noia contaban cun importante nivel de ocupación, un mundo agrícola distribuído en aldeas", Pérez Mato, M.(2018): "Noia, Totum Bonum e o seu territorio", en rev. Alameda, nº55, p56.

[52] Ademais, Noia desenvolveu tamén actividades relacionadas con outros produtos máis exclusivos como o cultivo do liño e do cánabo (Rúa e Porta de Mazacánabos)

BIBLIOGRAFÍA

Abella, S. (1911): *La villa de Noya. Su historia, su topografía, sus monumentos y sus hombres ilustres*.

Agra Cadarso, J. Mª (1950): "La puerta de la Asunción" en revista *Tapal*, nº 1.

Agrafoxo Pérez, X. (1987): *Noia. Unha vila histórica*.

Armas Castro, J. (1992): *Pontevedra en los siglos XII a XV*.

Barros, C.(2009): *Torres, varas e demos, Os irmandiños da ría de Muros.Noia*.

Caamaño Suárez, M. (2003): *As construccións da arquitectura popular*.

Cadarso, J. Mª (1950): "La puerta de la Asunción" en revista *Tapal*, nº 1.

Díaz, M. e García Oro, J. (edits.) (1983): *Hechos de Don Berenguel de Landoira*.

Fabeiro Gómez, M.: "Datos para a Historia da Ponte Grande de Noia", publicado no ano 1959 na revista *Compostellanum*, Vol. IV. e reeditado no libro *Páxinas Históricas de Noia* (1990; (1969): *La villa de Noya: Defensas, posesiones y regalías*; (1997): Páxinas históricas de Muros.

Ferreira Priegue, E. (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*.

Fiaño González, P. (1999): *Documentos para a historia de Galicia*.

García Oro, J. (1987): Galicia en los siglos XIV y XV.

García Vidal, P. (1991): *A Noia da memoria. Pasado e presente dun casco histórico. Evolución urbana*: (2004); "Xeografías defensivas nas vilas de Noia e Muros", en *Actas da IV Semana da Historia de Noia, Casa da Gramática*, pp 39-69; (2016); *Noia e Muros, paisaxes urbanas de séculos. Dende as orixes ata o ano 1950*.

González Pérez C. (2003): *La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia*; edic. (2000): *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia*.

Juega Puig, J.; Peña Santos, A. de la; Sotelo Resurrección, E. (1995): *Pontevedra, vila amurallada*.

López Alsina, F. (1976): *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Viveiro y Ribadeo*; (1987): "La formación de los núcleos urbanos de la fachada atlántica del señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela en el siglo XII: Padrón, Noya y Pontevedra", en *Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*.

López Carreira, A. (1999): *A cidade medieval galega*.

López Ferreiro (1975): *Fueros Municipales de Santiago y de su Tierra*, [1895]; *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, [1903].

Murguía, M. [1988]: *Galicia.*

Peña Santos, A. de la (1990-91): "Consideraciones sobre las vías romanas de la provincia de Pontevedra". *Castrelos*, 3-4; (1991); "Ponte do Burgo (Pontevedra)". *Arqueoloxía informes,*2; (1995): "La excavación de 1988 en el puente del Burgo (Pontevedra): Crónica de una frustración". *Revista de Estudios Provinciais*, 11.

Pérez Mato, M. (2018): "Noia, Totum Bonum e o seu territorio", en rev. *Alameda*, nº55.

Rodríguez, P. (1883): "La villa de Noya", en *Galicia Diplomática*.

Rosende Valdés, A. A. (2004): *Unha historia urbana: Compostela 1595-1780*.

Solano Fernández-Sordo, A. (2010): "Historia urbana en la Galicia Medieval. Balances y perspectivas, en *Cuaderno de Estudios Gallegos*, vol. LVII, nª 123.

Totum Bonum e o seu territorio

Manuela Pérez Mato

Ilustracións: Domingo Filgueira Lado

No marco das celebracións do 850 aniversario da concesión da Carta de Poboamento á vila de Noia intentaremos debuxar, na medida en que as evidencias documentais e arqueolóxicas o permiten, as características do territorio que rodeaba a Totum Bonum no intre da súa fundación real.

Para preparar un acercamento ao estudo deste período histórico na vila de Noia, a metodoloxía empregada foi a consultada dos resultados das intervencións arqueolóxicas efectuadas no concello, o estudo da bibliografía e das fontes publicadas, sendo o noso limitado obxectivo, recoller as mencións e/ou vestixios arqueolóxicos relativos a este período histórico dos territorios do actual concello de Noia.

No estado actual da investigación, está aceptado o feito de que a Carta de Poboamento non significaba a aparición dun lugar ex novo a partir de 1168, senón que estamos ante unha *creación institucional* do lugar, para un espazo previamente habitado ao longo dunha fase pre urbana[1]. Esta fase é difícil de seguir tanto a nivel arqueolóxico coma documental xa que *el período que precede a la eclosión del núcleo en el primer documento escrito que lo menciona suele ser particularmente oscuro*[2]. A nivel arqueolóxico, as características do subsolo do Casco Histórico da vila de Noia, onde o substrato natural se atopa a unha cota moi superficial e polo tanto unha nova construción soe supoñer a destrución do anterior para asentar sobre base firme, dificultan a aparición de vestixios arqueolóxicos. De todos os xeitos, estes, afortunadamente aínda que escasos, existen e nas diversas intervencións arqueolóxicas que se realizan en Noia dende a aprobación do PEPRICH en 1988 foron rexistradas evidencias que nos permiten retrotraer a ocupación da vila ata época baixo imperial romana. Na intervención realizada no inmoble nº 7 da rúa Montero Ríos, dirixida polo arqueólogo J. F. Doval Galán[3], foron localizados tres fragmentos cerámicos: o borde dun *dolium*, un borde de fonte e un fragmento de panza, elementos que o director da intervención data entre o século III e século V d. C.

Esta presenza romana tamén se considera por parte doutros investigadores, e así, na obra de Fermín Pérez Losada[4], recóllese a proposta de varios investigadores que fan pasar por territorios de Santa Cristina de Barro a Vía XX, situándose aquí o denominado *Vico Spacorum*, unha mansión viaria.

Esta teoría apóiase, entre outras consideracións, na aparición nas inmediacións da igrexa parroquial de Santa Cristina de Barro de diversos restos de construcións a finais do século XIX, entre eles capiteis e bases de columnas, unha columna de base dórica, bal-

[1] García Vidal P. (2016): Noia e Muros Paisaxes urbanas de séculos. I. Dende as orixes ata o ano 1950. Editorial ToxosOutos. Noia. (...) na costa da ría de Muros-Noia antes da creación de realidades urbanas por simple vontade rexia, existían xa os xermes de primitivas entidades urbanas creadas de xeito espontáneo".

[2] López Alsina F: (1987): la formación de los núcleos urbanos de la fachada atlántica del señorío de la iglesia de Santiago de Compostela en el siglo XII: Padrón, Noya y Pontevedra. Jubilatio: homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González. Santiago: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, V. 1 (p. 107-117).

[3] Doval Galán José Francisco (1999): Informe Valorativo Arqueolóxico na rúa Montero Ríos nº 7. Noia (A Coruña). Depositado na Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Noia.

[4] Pérez Losada F. (2002): Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia. Brigantium volume 13. Museo Arqueolóxico e Histórico. Castelo de San Antón. A Coruña.

dosas e tellas de época romana[5] e unha estela funeraria[6]. Segundo Pérez Losada (opus cit.), o nome recollido do Itinerario de Antonino debe ser en realidade unha deformación por *Vicos Caporum* ou *Coporum,* e Barro estaría situada nos límites marítimos do sector xeográfico ocupado pola etnia dos *Copori.* O autor estima que a falta de máis datos pode tratarse dun *vicus*, un moi pequeno aglomerado dependente da cidade de Iria Flavia.

Así mesmo, Fabeiro Gómez fala da recollida de *tégula* e cerámica romana, *terra sigillata,* na beiramar da parroquia do Obre[7].

A partir da caída do Imperio romano, comeza unha época caracterizada polo silencio documental pero podemos aplicar ao noso territorio o comunmente aceptado, e así, coa chegada dos suevos, suponse unha continuidade coa estrutura anterior a nivel de organización do territorio, e para este tempo contamos co Parroquial suevo (ano 572), xeografía diocesana máis antiga, onde os territorios que conforman o actual concello de Noia formarían parte da Sede Iriense, sede episcopal cun total de 16 distritos territoriais ou parroquias, coincidente co territorio dos Postamaricos.

Ao longo da Alta Idade Media o espazo rural segue o esquema xeral herdeiro da época visigoda, e prodúcese un aumento da poboación rural coa aparición de novas *villae* e restauración das antigas. As *villae,* segundo López Alsina conforman *nese tempo a célula espacial básica, cunha base xeográfica estable, pechada dentro duns límites ou termos perfectamente recoñecibles, cunha superficie susceptible de ser ampliada. Esta funcionaría de xeito independente de quen fose o seu propietario, non sendo afectada polos continuos cambios de toda propiedade. Así mesmo, abarcaría todas as combinacións posibles dende o dominio señorial (dominus) ata a aldea campesiña de pequenos propietarios libres. Así, as grandes fortunas territoriais e os grandes patrimonios señoriais eran un conxunto composto por un número variable de villae completas ou de parte de villae. Estas estarían conformadas polo intus, o foris e o casal.*[8]

Respecto á parroquia sueva, esta comprendía grandes territorios, estando documentada dende o século IX unha gran pluralidade de igrexas rurais dentro de cada parroquia que xa contaban cunha gran tradición. As igrexas rurais dispuñan dun territorio estable e dunha base xeográfica fixa que incluía un número variable de *villae*. O marco territorial básico sería a freguesía, por riba da *villa* e baixo o *Commisso* (distrito administrativo controlado polos grandes señores). A partir do século XI as parroquias ou dioceses do bispado de Iria reproducen case exactamente as bases xeográficas dos *commissos*, pasando no século XII a ser arciprestados e faise coincidir a freguesía coa parroquia[9]. Polo que se pode deducir do estudo das fontes publicadas para épocas posteriores, as parroquias de Noia

[5] López Ferreiro A. (1898-1909): Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia Catedral de Santiago. Vol I páx. 274. Seminario Conciliar Central. Santiago de Compostela.

Meakin A M. B. (1909): Galicia, the Switzerland of Spain. Londres.

Unión Académica Internacional (Comité Español) (1991): Tabula Imperii Romani, Hoja K-29 (Porto, Conimbriga, Bracara, Lucus, Asturica) I.G.N./C.S.I.C/Ministerio de Cultura. Madrid.

[6] Bouza Brey F.; D´Ors A. (1949): Inscripciones romanas de Galicia. Santiago de Compostela, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago.

Pereira Menaut G. (1991): Corpus de Inscricións Romanas de Galicia I. Provincia de A Coruña, Consello da Cultura Galega. Santiago.

[7] Fabeiro Gómez M.; Fabeiro Gómez Mª M. (1988): A feligresía de Santa Mariña do Obre. Monografías de Noia. Cuadernos: Cruceiro do Rego nº 1. Ed. Sementeira.

[8] López Alsina F. (1988): La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media. Concello de Santiago. Santiago de Compostela.

[9] López Alsina F. (1988).

Plano de parroquias

en época medieval coincidirían a grandes trazos coas actuais (San Pedro de Boa, Santa Mariña do Obre, Santa María de Argalo, Santa Cristina de Barro, Santa María de Roo) non existindo a parroquia de San Martiño, que non foi creada ata unha data indeterminada entre os anos 1211 e 1244[10] formando parte os seus territorios actuais da parroquia de Santa Cristina de Barro.

Será tamén a partir do século VIII e, sobre todo, ao longo do IX, cando se leve a cabo un proceso de reorganización administrativa, por medio do que se asenta un poder señorial centralizado, fundamentalmente representado pola monarquía e a igrexa. Os monarcas encárganlle á nobreza e, sobre todo, ao clero, a tarefa de reordenar e controlar o territorio, restaurar e crear dioceses e asegurar de novo a drenaxe do excedente agrario e o control de todo o espazo de Gallaecia[11].

No noso territorio vaise a producir o feito fundamental da *Inventio* compostelá, o descubrimento da tumba do Apóstolo Santiago na primeira metade do século IX o que traerá consigo a constitución do primeiro núcleo urbano da Galicia medieval baixo o reinado de Afonso II e sendo bispo Teodomiro, o que supón, tal como indica López Alsina, o inicio da relación de poder entre os bispos compostelans e a monarquía, coincidindo co fenómeno do feudalismo, que suporá a progresiva patrimonialización do poder público por parte das distintas instancias aristocráticas, tanto laicas coma eclesiásticas.

Nesta conxuntura sitúase a doazón no ano 934 por parte do Rei Ramiro II e da súa muller Dona Urraca á igrexa compostelá da totalidade do condado de Posmarcos, territorio entre as desembocaduras dos ríos Ulla e Tambre, pasando os territorios de Noia a formar parte da Terra de Santiago.

A partir desta data aparece, en consonancia ca nova época, unha maior presenza da nosa vila e do seu territorio na documentación medieval pero, de acordo cos tempos e coa realidade medieval nos primeiros séculos desta nova etapa, o groso da documentación fai referencia a diferentes lugares do mundo rural.

En estudios previos realizados nas fontes publicadas e en diferentes arquivos na procura de referencias documentais sobre a vila de Noia[12], a documentación máis antiga (S.X) procede do fondo de San Martiño Pinario e o seu anexo Antealtares[13], e cita dous lugares de Argalo: ***villa Lusentario* e *Balbargos*.** Trátase

[10] González Pérez C.; Xogaina S. (2003): La Iglesia y el Cementerio de Santa María A Nova de Noia. Deputación Provincial de A Coruña. A Coruña.

[11] López Alsina F. (1988) opus cit.

[12] Pérez Mato M. (2015): Noia: Arqueoloxía e Historia. Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza. Nº 11. Páx. 95-109.

[13] Lucas Álvarez M. (1999): El monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela. Tomo I. Seminario de Estudos Galegos. Santiago. Páx. 529.

dun intercambio feito o 8 de xuño de 976 ó mosteiro de Antealtares dunhas herdades na vila Lusentario, Balbargos e terra de Posmarcos. O topónimo ***Lusentario*** aparece a partir do século XII dando nome a un río.

En relación á existencia das denominadas ***villae***, aparece citada a principios do século XI no Tombo A[14] a ***villa Anna***. Neste documento, o monarca Vermudo III concédelle, con data de 15 de novembro de 1028, á igrexa de Santiago a vila de Cordeiro no territorio do Salnés e a vila Anna na ribeira do Tambre, localizada na parroquia de Santa Cristina segundo o historiador López Alsina[15].

Para o século XII contamos coas entradas procedentes da *Historia Compostelana*[16], onde podemos destacar a mención á reedificación e traslado a un lugar máis conveniente da igrexa de Argalo[17] polo Bispo Xelmírez, e a existencia doutra *villae* denominada ***villa Sinales***, *Adquisición del arzobispo Xelmírez para la obra de su iglesia la villa que se llama Sinales que está junto a Santa Cristina de Noia*[18].

Os fondos de Toxos Outos[19] proporcionan unha abundante documentación sobre as terras de Noia e teñen unha cronoloxía variada, pero predominan os do século XIII no referente ao noso territorio. As entradas recollidas están relacionadas fundamentalmente coa parroquia de Santa María de Roo (en segundo lugar Santa Cristina de Barro e en menor medida Argalo e a vila de Noia e Obre). Con cronoloxía do século XII e posterior, nos documentos citados aparecen os seguintes lugares:

- Parroquia de Santa María de Roo**: *Pastoriza, Agrelo, Vilaverde, Roo, Nimo, Vilardante, Castro, Pomeda, Miro, Outeiro, Merou, Paradela, Gorgae*[20].**
- Parroquia de Santa Cristina de Barro**: *Xilvir, Alvariza, Eiroa, Ponte, Barro, Ousoño, Pazos.***
- Parroquia de Argalo**: *Argalo, Bauza*.**
- Parroquia de Santa Mariña do Obre**: *Codessido, Negral.***

Isto demostra a súa continuidade de ocupación destes lugares de xeito ininterrompido ao menos dende esas datas, aínda que probablemente moitos, se non todos, xa existían antes de ser rexistrados na documentación.

En suma, podemos pensar que en torno ao ano 1168, os territorios que conforman as parroquias do actual concello de Noia contaban cun importante nivel de ocupación, un mundo agrícola distribuído en aldeas. A consolidación desta ocupación do territorio no contorno do futuro Totum Bonum maniféstase tamén na existencia, nestas datas, de dúas igrexas, a de Santa María de Argalo –que, como dixemos anteriormente, xa foi reconstruída no século XII– e a de Santa Mariña do Obre, da que, aínda que non temos evidencias escritas, conta con fábrica orixinal románica[21].

[14] Lucas Álvarez M. (1998):Tombo A da Catedral de Santiago. Seminario de Estudos Galegos. Santiago. Páx. 155.

[15] López Alsina F. (1988): opus cit.

[16] Historia Compostelana Ed. Falque Rey E. (1994). Ed. Akal.

[17] Historia Compostelana (1994) páx. 417.

[18] Historia Compostelana (1994) páx. 445.

[19] Pérez Rodríguez F. J. (2004): Os documentos do Tombo de Toxos Outos. Consello da Cultura Galega. Santiago.

[20] Pérez Rodríguez F. J. (2002): O mosteiro dos santos Xusto e Pastor de Toxos Outos na Idade Media (séculos XII-XIII). Seminario de Estudos Galegos. Edicións do Castro. Sada. O autor localiza o lugar non identificado en Santa María de Roo. Páx. 61.

[21] Soraluce Blond J. R.; Fernández Fernández X. (dir.) (1998): Arquitecturas da provincia da Coruña. Vol. VII. Comarca de Muros e Noia: Carnota, Lousame, Muros, Noia e Porto do Son. Deputación Provincial da Coruña.

Nestas terras, en combinación cos labores gandeiros, cultivábanse froiteiras, tales que cerdeiras, figueiras, pereiras, castiñeiros e maceiras; e tamén hortalizas, legumes, trigo, cebada, centeo, millo miúdo e avea[22].

O cultivo das maceiras tiña unha grande importancia xa que a sidra era *"bebida case exclusiva nos séculos X e XI no norte de Galicia, segue ocupando neste intre un lugar importante alí onde as condicións para o cultivo da vide son especialmente difíciles"*[23]. Pérez Rodríguez[24] ten recollido o consumo de sidra na documentación de San Xusto en varios documentos e destaca a referencia a pomares, parcelas de terra onde a maceira era o cultivo, se non exclusivo, si predominante, coma figura na doazón feita en Xilvir (Santa Cristina de Barro) datada en 1152[25]. Os cultivos se complementaban coa a gandería tanto bovina como equina e porcina.

Neste tempo contábase con condicións moi boas para os traballos agrícolas xa que, en torno ao século X, sucede o Período Cálido Medieval, cun incremento das temperaturas, que puideron acadar medias 3,5ºC superiores ás de hoxe en día, ata verse estabilizadas sobre 1ºC por enriba[26] fronte a séculos anteriores, denominado Período Frío Altomedieval, caracterizado por baixas temperaturas, brusca oscilación térmica e menores e irregulares precipitacións respecto ao Período Cálido Romano[27].

Esta paisaxe agrícola presentaría similitudes coa paisaxe rural que chegou ao século XX, e estaría formada por bancais e terrazas de cultivo en zonas de ladeiras, agras, camiños, muros de división de fincas, canles de rego e construcións auxiliares nas terras de labradío, e sistemas de valos e fosos de delimitación de fincas nas de monte. Sen esquecer que nos sectores de ribeira se complementaba cos labores de pesca e marisqueo.

Respecto ao solar que logo será denominado Totum Bonum de xeito oficial, ten pouca presenza documental previa a esa data. O topónimo "Noia" aparece xa na documentación dende primeiros anos do século XII pero referido fundamentalmente á comarca ou ligado a Santa Cristina coma parroquia na acepción de Santa Cristina de Noia[28]. Facendo referencia ao *locus,* xerme da futura vila, pensamos, coma González Pérez C., que se refiren a el dous documentos do tombo de Toxos Outos, con datas de 1154 e 1161. No primeiro, Diego Páez dóalle ao mosteiro de Toxos Outos a súa herdade nos lugares de Noia e Eiroa[29] e, no segundo, Paio Muñiz dóalle ao mosteiro de Toxos Outos a metade da súa herdade nas vilas de Ousoño e Noia. No caso de que o seu fillo morra sen descendencia, o mosteiro recibirá a outra metade[30].

Esta claro entón que existe un lugar habitado previo á designación rexia, pero do

[22] Teira Brión A. (2015): Cultivos e froiteiras na Idade Media en Galicia. O conxunto carpolóxico da escavación do Banco de España (Santiago de Compostela). Gallaecia n 34.

Pérez Rodríguez F. J. (2002): opus cit.

[23] Pallares Méndez Mª C. (1979): El monasterio de Sobrado: un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval. A Coruña.

[24] Pérez Rodríguez F. J. (2002): opus cit. Páx. 50.

[25] Pérez Rodríguez F. J. (2002): opus cit. Páx. 50.

[26] Martínez Cortizas A.; Valcarcel Díaz M, Pérez Alberti A., Castillo Rodríguez F., Blanco Chao R. (1999): Cambio climático e paleoclimas cuaternarios. En Martínez Cortizas A. e Pérez Alberti A. (eds). Atlas climático de Galicia. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

[27] Font Tullot I. (1988): Historia del clima de España. Cambios climáticos y sus causas. Ministerio de Transportes, Turismo y Comunicaciones. Instituto Nacional de Meteorología. Madrid.

[28] González Pérez C.; Xogaina S. (2003).

[29] Pérez Rodríguez F. J. (2004) páx. 552.

[30] Pérez Rodríguez F. J. (2004) páx. 557.

que pouco ou nada máis sabemos. En base ás súas características morfolóxicas podemos pensar que nas zonas de ribeira se localizarían *tinglados* de pouca entidade, posiblemente de madeira, relacionados coas tarefas de pesca, pequenos alpendres pechados para almacenaxe de redes e outros utensilios ou abertos para a secada do peixe, así coma pantaláns e atracadoiros de madeira para os barcos de pesca.

Consideramos que no sector do Tapal e arredores, no século X e na primeira metade do século XI, non existía lugar de habitación permanente, non atrevéndonos a levar esta hipótese máis ala desta data [31], sendo Noia porto antes que vila[32] feito constatable na chegada das preto de 200 naves que atracaron en Noia en 1147[33]. A teoría da inexistencia de lugar de habitación no futuro xerme da vila medieval establécese en base a dous factores clave, tanto coma polas características edafolóxicas do terreo, non sendo atopadas nas diversas intervencións arqueolóxicas indicios da existencia de terras de cultivo e pola situación de exposición ao perigo de ataques estranxeiros, sendo no século XII e, sobre todo, a partir da segunda metade, cando se inicie o proceso de urbanización na hoxe vila de Noia[34].

Recreación do Tapal circa 1000

Teñamos en conta os factores anteriores así coma o feito fundamental de que estamos a falar dunha sociedade agraria e da organización do espazo agrario en Galicia, onde na zona inmediata ás casas se dispoñen as cortiñas de reducido tamaño, xeralmente onde se plantan legumes, hortalizas e froiteiras, zonas de traballo moi intenso e de abonado continuo; da disposición das agras nas inmediacións das casas e da necesidade de ter o bosque relativamente cerca tanto para o cultivo do cereal por sistema de rozas (estivadas) coma para pasto complementario para o gando e a recollida de toxo e madeira. Por iso, temos que situar nestas datas o lugar de habitación no sector norte e este da vila actual, sendo aquí onde as características do solo presentan as condicións para ter soportado algún tipo de explotación agrícola.

Algo similar aconteceu en Santiago, onde o núcleo da cidade medieval será un cemiterio de orixe romano, ao redor do que se constrúen diversas instalacións relixiosas a partir das que se irá conformando a cidade, pero existía un poboamento documentado en torno a San Félix de Solovio, situado ao NE do *Locus*[35].

[31] Pérez Alsina (1987) defende a existencia dun burgo mariñeiro en 1113, en base aos decretos que elaborou o Bispo Xelmírez nesa data para o bo goberno das terras do señorío de Santiago, onde se establece explicitamente que as normas non teñen que rexer nin na urbe compostelá nin nos burgos a causa da afluencia de forasteiros. Segundo o autor, Xelmírez non pensa só nos burgos do Camiño, senón na totalidade dos existentes in toto honore beati Iacobi e non dubida en incluír os burgos mariñeiros: el viejo puerto del Apóstol, situado en la ría de Noya y la villa de Padrón(...). Eran estos con diferencia los más dinámicos y florecientes de todos ellos, exceptuada Compostela, y no en vano serán los que accedan a la plena condición urbana en la segunda mitad del siglo XII.

[32] García Vidal P. (2016).

[33] Agrafoxo Pérez X. (2010): A chegada a Noia dos cruzados de Dartmouth. Revista Alameda nº 36 páxs. 42-44.

[34] García Vidal P. (2016).

[35] López Alsina F. (1988): opus cit.

Por outra banda este relativo afastamento da zona máis costeira, daríalles aos seus habitantes un tempo extra para escapar ante a chegada, que parece bastante frecuente nestes anos, dos inimigos, existindo dous camiños tradicionais nesta zona: *Calzada* e *Outonil*, vías de comunicación con Santa Cristina, territorio ao que os habitantes desta zona estaban moi ligados, tanto por vínculos relixiosos (centro parroquial e de enterramento) coma sociais e familiares, producíndose nesta beira da ría unha ocupación do territorio de norte a sur. Este vínculo tan forte con Santa Cristina mantense ao menos ata o século XIII, xa que ata esas datas o actual casco histórico da vila de Noia forma parte da parroquia de Barro, e a nivel simbólico é importante destacar que o patrón da vila non é San Martiño senón San Bartolomé, que nomea un pequeno illote na enseada da Barquiña.

De todos os xeitos, isto sería compatible coa existencia, dende tempos antigos, dalgún tipo de posto de vixilancia e control[36], dada a situación do outeiro do Tapal, coma lugar de paso e confluencia de camiños. O paso entre ambas beiras da desembocadura dos ríos Traba e San Francisco debía levarse a cabo mediante barcazas abertas con certa capacidade de carga ou, tras da súa construción, por unha ponte, antecesora da Ponte Grande de Noia, cuxa data se descoñece[37].

Recreación da futura Noia circa 1000

Vista da ría dende Orro en Santa Cristina

A partir do século XII irase producindo o desenvolvemento da vila medieval que, mentres que en Compostela se orixina ao redor dun establecemento relixioso, en Noia o núcleo do burgo feudal será unha fortaleza medieval, a localizada no Tapal, que certifica no territorio a institucionalización do poder. Esta vila, que en canto medieval é rural, confórmase mediante casas con pequenas hortas e cortiñas nas partes traseiras, espazos baleiros que quedarán integrados dentro da muralla de 1320, para posteriormente ser macizados ou convertidos en hortas e xardíns urbanos que chegaron, algúns deles, ata a actualidade.

[36] Pensamos tamén que na parte alta de Barro debeu de existir algún tipo de posto de observación e vixilancia dado o dominio visual dende este punto da entrada da ría.

[37] Segundo López Alsina, en 1168 aínda non existía ponte neste lugar, e a articulación entre rutas marítimas e rutas terrestres seguía garantida polas barcas fluviais. López Alsina (1987). Para o historiador González Pérez, antes de 1151 xa existía unha ponte, afirmación baseada nunha manda testamentaria desta data onde o cabaleiro Diego Muñiz lega ao mosteiro de Toxosoutos unhas propiedades situadas en "ponte Iusana" que o autor identifica coma a futura ponte grande. González Pérez C. (2015): As catro pontes de Noia Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza. Nº 11. Páx. 111-124.

Recreación da Fortaleza en Totum Bonum



Noia e a súa muralla

Intentando establecer as características básicas do territorio de Totum Bonum en torno aos séculos da Carta de Poboamento, non podemos deixar de facer algún tipo de referencia á cidade de Compostela, cidade á que a vila de Noia aparece intimamente ligada.

No é o obxectivo destas páxinas facer unha historia de Santiago nos séculos centrais da Idade Media, senón basicamente falar de dous achados arqueolóxicos cunha cronoloxía relativa aos anos centrais da Idade Media e de singular relevancia, localizados na rúa Preguntoiro nº 23 e rúa do Franco nº 31.

O primeiro deles, por orde cronolóxica de escavación, é relativo aos achados localizados na rúa Preguntoiro nº 23. Ao longo do ano



Localización elementos en foto aérea de Santiago de Compostela

2009 foron efectuadas no solar que ocupaban os antigos almacéns O Pilar situados na rúa Preguntoiro nº 23, diversas intervencións arqueolóxicas (sondaxes, escavación en área e posterior control das obras) baixo a dirección da arqueóloga que subscribe o presente documento. Neste solar situábase o Pazo do Conde de Ximonde, pero baixo os restos das súas estruturas murarias apareceron no curso das diversas intervencións arqueolóxicas 22 fosas (todas excepto tres de sección circular) escavadas no substrato, das que foron escavadas 14. Aparecen repartidas por todo o solar (excepto nos sectores SW e NW) e, nas escavadas, documentouse que na maioría están colmatadas mediante depósitos térreos entre os que aparecían restos cerámicos en fase de estudo na actualidade.

As fosas presentan unha factura e tipoloxía similar, e polo seu número, uniformidade e características morfolóxicas consideramos que responden a un plan de uso comunitario.



Plano situación fosas en Preguntoiro nº 23 Compostela

A aparición no sector norte dunha fosa e dun rebaixe no sector sur, que se continúan baixo os muros respectivos do inmoble actual, indica unha prolongación do establecemento cara aos sectores norte e sur, e sinala a posterior modificación na configuración parcelaria.

Non contamos con indicios arqueolóxicos nin documentais que nos indiquen a data de inicio da explotación, pero os resultados das análises de sedimentos[38] atopados no seu interior indican que a colmatación/abandono das fosas foi iniciada a partir do século XI, data

Fotos fosas

que se corresponde con parte da cerámica recollida.

En base aos diferentes estudos realizados[39], podemos afirmar que se trata probablemente dun campo de silos, que puido ter sido reutilizado coma instalación artesanal no que

[38] Datación por luminiscencia de materiales sedimentos y una cerámica. DA ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA DO SOAR DE ALMACENES EL PILAR PROXECTO: AUDITORIO CAIXANOVA R/ REGUNTOIRO, 23. SANTIAGO DE COMPOSTELA. LABORATORIO DE DATACIÓN POR LUMINISCENCIA. UNIDAD DE GEOCRONOLOGÍA. UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

[39] Teira Brión A. et al. (2010) ANÁLISE DAS MOSTRAS ARQUEOBOTÁNICAS DA ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA DO SOAR DE ALMACENES EL PILAR PROXECTO: AUDITORIO CAIXANOVA R/ REGUNTOIRO, 23. SANTIAGO DE COMPOSTELA USC.

Recollida de mostras

Fosa

Fosas intercomunicadas



Debuxos sección fosas

concursase o movemento de líquidos. Os indicios que nos levan a pensar que as fosas contiñan líquidos é o feito de que, relacionadas con moitas delas, aparecen rebaixes no substrato a xeito de pequenas gabias que intercomunican claramente e/ou parecen intercomunicar unhas fosas con outras.

Así mesmo, existe un rebaixe no substrato que comunica unha fosa circular cun rebaixe rectangular. Isto enlaza con outra cuestión, os posibles diferentes usos dentro da explotación artesanal das distintas interfaces.

A escavación das fosas permitiu documentar que as profundidades que acadan cada unha delas é diferente (2,50 m; 1 m; 1,90 m; U.E. 94 foi escavada ata 5 m de profundidade sen acadar o fondo; 2 m; 3,20 m; 3,30 m; 2,20 m) e existen tres fosas que teñen unha profundidade media de 0,30/50 m. Polo tanto, podemos deducir que respondían a funcionalidades diferentes dentro do proceso, podendo algunha delas corresponder a pozos de almacenamento de auga.

Plano situación fosas en Franco nº 31

Fosas en Franco nº 31



Detalle fosa en Franco nº 31

Fosas baixo muro medianeiro en Franco nº 31

O segundo achado relacionado localízase na rúa do Franco nº 31. Neste solar, na fase de escavación arqueolóxica, foron detectadas 11 fosas escavadas no substrato[40].

Estes achados indícannos que nos atopamos ante dous campos de silos localizados dentro do segundo perímetro amurallado de Compostela, escavados, ao menos as fosas do Preguntoiro, probablemente entre os séculos IX e X, xa que a partir do século XI as fosas situadas no Preguntoiro, caen en desuso".

[40] Esta intervención tivo dúas fases. Ata nivel de fosas, a intervención foi dirixida por Manuela Pérez Mato, e a escavación das mesmas baixo a dirección de Álvaro Rodríguez. Para a información relativa ás mesmas ver:

-Alonso Toucido F. et al. (2013): Cerámica en Silos. Contextos medievais e modernos na rúa do Franco nº 31. Santiago de Compostela. Gallaecia nº 32.

-Rodríguez Resino, A. 2013. "Sistemas subterráneos de almacenamiento en la Galicia medieval. Una primera tipología y consideraciones para su estudio". En A. VIGIL, G. BIANCHI e J. A. QUIRÓS (eds.), Horrea, barns and silos. Storage and incomes in Early Medieval Europe Argitarapen Zerbitzua, pp. 193-208.

As escavacións de fosas no xabre para a almacenaxe de produtos vexetais é un método documentado dende a prehistoria. Baseado en principios anaeróbicos, as fosas sélanse pola parte superior evitando a respiración, o que orixina unha atmosfera con ausencia de osíxeno e un aumento do CO2, o que impide a xerminación dos grans, que poden permanecer en estado latente durante varios anos, e evita a proliferación de insectos e fungos[41].

Segundo investigacións de arqueoloxía experimental, os silos escavados presentan unha moi boa conservación, incluso en climas húmidos, provocando unhas perdas do 2 ao 3 % do gran almacenado[42]. Non obstante, é preciso abrilos anualmente, xa que a humidade pode corromper o gran, tendo que airear a parte superior por ser a máis susceptible de filtracións[43].

Os campos de silos, tradicionais de zonas meridionais (Andalucía, norte de África), tamén están sendo documentados na zona norte da Península Ibérica en contornos e dentro de núcleos urbanos medievais.

Dentro da nosa comunidade son significativos os paralelismos co atopado na rúa Bordel de Padrón[44], onde se localizan varias estruturas tipo silos, de profundidades diversas e con material de adscrición medieval. O director da escavación interpreta este espazo como unha área de almacenaxe extra muros do burgo medieval de Padrón.

Fóra do territorio galego, na provincia de Álava, atópanse varios xacementos similares. Segundo o informe valorativo dun solar en Rivabellosa (Álava)[45], encontramos neste expediente resultados moi similares aos documentados en Santiago, tanto en características estruturais das fosas (seccións, situación) como respecto aos depósitos que as selan. Noutra intervención a escasos metros da anterior, atopáronse 7 silos[46] en 200 m^2, e noutro solar tamén próximo 8 silos[47] repartidos en 372,2, m^2. Os autores conclúen que todo forma parte do mesmo complexo.

Nun pobo próximo, Estavillo, escaváronse un total de 17 silos[48], repartidos en 143 m^2; na Llana (Labastida) documentáronse 16 silos[49]

[41] Teira Brión A. et al. (2010) ANÁLISE DAS MOSTRAS ARQUEOBOTÁNICAS DA ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA DO SOAR DE ALMACENES EL PILAR PROXECTO: AUDITORIO CAIXANOVA R/ REGUNTOIRO, 23. SANTIAGO DE COMPOSTELA USC.

TEIRA BRIÓN, A., CURRÁS DOMÍNGUEZ, A., PORTILLO, M., ALBERT, R. M. e PÉREZ MATO, M. (2010). "La excavación arqueológica de los grandes almacenes de El Pilar (Santiago de Compostela, Galicia, España): Un estudio arqueobotánico de silos de almacenaje medievales". Estudos de Quaternário, 6, APEQ, Braga, pp. 75-90.

[42] Reynolds, P. J. (1988). Arqueología experimental: una perspectiva de futuro.Vic. Eumo.

[43] Pujante Martínez, A. (2006). El yacimiento prehistórico de Los Molinos de Papel (Caravaca de la Cruz, Murcia). Intervención arqueológica vinculada a las obras de infraestructura del plan parcial SCR2, 1999-2000. Memorias de Arqueología, 14 (1999): 133-172.

[44] Rúa Carril V (2009): Escavación en área para obras de construción dun edificio de vivendas na rúa Bordel, Padrón. Actuacións Arqueolóxicas. Informes 2007. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 127-128.

[45] Ajamil Baños F. J. Memoria Final de Resultados. Hallazgo y excavación de cuatro silos en el solar nº 15 de la calle López de Ayala. Rivabellosa. Álava.

[46] APELLÁNIZ, J. A., "Intervenciones Arqueológicas. Programas de Protección y Conservación. Sondeos. Álava. C/ Enrique IV, nº 1, Rivabellosa", Arkeoikuska ´00, 2001.

[47] AJAMIL, F. J., "Intervenciones Arqueológicas. Programas de Protección y Conservación. Excavaciones. Álava. Necrópolis de San Martín de Rivabellosa ", Arkeoikuska ´03, 2004, y AJAMIL, F. J., "Intervenciones Arqueológicas. Programas de Protección y Conservación. Excavaciones. Álava. Iglesia y necrópolis de San Martín de Rivabellosa", Arkeoikuska ´04, 2005.

[48] APELLÁNIZ, J. A.; AJAMIL, F. J., "Intervenciones Arqueológicas. Programas de Protección y Conservación. Excavaciones. Álava. Finca Mavilla (Estavillo, Ármiñón)", Arkeoikuska ´97, 1998.

[49] GIL, L., "Los silos de La Llana (Labastida, Álava): una aproximación arqueológica al estudio de la aldea medieval de Mutilluri", Congreso Nacional de Historia de Navarra, 1998.

en 450 m², e en Laguardia (Álava) apareceron 9[50] silos, aínda que en 1550 m².

Respecto dos localizados en Rivabellosa, a vila correspóndese a un núcleo medieval que aparece en fontes escritas dende 1025, aparecendo en 1099 como unha aldea anexionada á vila de Miranda do Ebro (Burgos)[51]. Por iso, o autor infire que a aldea tiña unha poboación importante xa no século XI e un poboamento consolidado no século anterior. Aínda que tampouco contan con depósitos primarios cre que a escavación dos silos coincidiría coa orixe da aldea. En base ao estudo dos materiais atopados nos seus depósitos de amortización[52], en paralelo con outros achados similares e coa documentación de novos silos na zona, estiman o seu abandono nun momento indeterminado entre o século XI e XIII, dato que coincide co estimado nas fosas de Preguntoiro nº 23.

Os autores antes citados barallan varias hipóteses para o feito da súa desaparición: en primeiro lugar, o fortalecemento do feudalismo. Durante a plena Idade Media cambian as formas de propiedade familiar, o que supón o abandono deste sistema de almacenaxe das reservas de cereal ou doutro tipo de colleita, dentro dunha economía de subsistencia, xa que a extensión do feudalismo, no caso do Santiago eclesiástico, obriga á entrega do excedente.

En Compostela, foi tamén a partir do século XI cando se desenvolve o sistema feudal, aínda que máis tarde a igrexa de Compostela almacena e canaliza o excedente dende a *Tenencia do Hórreo*.

Outra hipótese que completa a anterior é o feito constatado de que dende o século XI e, sobre todo, durante os séculos XII e XIII, o crecemento demográfico implica una reestruturación da morfoloxía das vilas. O poboamento de casas separadas pasa a aglutinarse en mazás reguladas, o que dificulta en gran medida a escavación de silos xunto coas vivendas. Así, o excedente non pode continuar sendo almacenado en silos senón en estruturas supraxacentes. Desaparecen entón coma sistema de almacenaxe e pasan a ser receptores de residuos ata a súa definitiva colmataxe.

Polo tanto, todo parece indicar que, á altura do século X, existían polo menos dous campos de silos no solar de Compostela, fóra do primeiro recinto murado Un no sector NE (actual Preguntoiro nº 23) e outro no sector SW (Franco nº 36). Almacenaban o excedente da poboación, ao menos da máis inmediata, e xestionaríase a súa redistribución. Os campos de silos esténdense sobre parcelas de maiores dimensións que as actuais e, polo tanto, escavados cando a rede parcelaria era menos recargada do que o foi posteriormente[53].

No século XI, o aumento da poboación trae consigo unha nova distribución do espazo, e as parcelas que ocupan os silos fragméntanse, deixando o sistema de ser operativo. Ao mesmo tempo, a igrexa adquire cada vez máis cotas de poder, canalizando o excedente.

[50] APELLÁNIZ, J. A., "Intervenciones Arqueológicas. Programas de Protección y Conservación. Excavaciones. Álava. Convento de los Padres Capuchinos (Laguardia)", Arkeoikuska ´98, 1999.

[51] Nesas datas Santiago xa tiña construída a súa segunda muralla.

[52] De características similares aos exhumados no Preguntoiro nº 31, aínda que tamén está documentada a súa amortización como osarios en dous dos silos na necrópole da Igrexa de San Martín de Rivabellosa.

[53] Pérez Mato M (2011): Informe puntual da escavación arqueolóxica na rúa do Franco nº 31. Santiago de Compostela. (inédito depositado na oficina de Arqueoloxía de Santiago de Compostela).

A documentación en Compostela deste campo de silos testemuña a existencia do *vicus francorum* que aparece en fontes escritas dende o 995[54]. Polas pegadas arqueolóxicas descritas, trátase nese intre dun sector organizado a traveso de parcelas máis amplas e na beira do camiño que saía da porta oeste e principal da basílica de Alfonso III e atravesaba a primitiva cerca do *Locus Sancti Iacobi*, para conducir a Iria e Padrón[55]. Coa chegada da expansión do século XI, o *vicus* reparcélase en solares máis pequenos, mentres que a Igrexa vai adquirindo cada vez maiores parcelas de poder e, como elemento que organiza a incipiente vida urbana, controla e almacena o excedente agrícola. A documentación do campo de silos de Preguntoiro nº 23 pode indicar polo tanto que, polo menos, ata este sector se estendía o *vicus* vinculado ao poboamento documentado en torno a San Félix de Solovio, situado ao NE do *Locus*.

[54] Tombos de Sobrado I nº 2 p. 25; nº 6 pp. 34-35; nº 112, p. 138 en Pallares Méndez, M. C.: El monasterio de Sobrado: un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia Medieval. A Coruña 1979.

[55] López Alsina, F. (1988).

Conflito político e social en Boiro durante o bienio conservador republicano (Decembro 1933-febreiro 1936)

Antón Rodríguez Gallardo

Mentres a mediados de decembro de 1933 daba os seus primeiros pasos o novo goberno da República, encargado polo presidente Alcalá Zamora a Alejandro Lerroux (Partido Republicano Radical), os interventores e apoderados socialistas boirenses encarcerados a raíz dos sucesos das eleccións xerais de novembro irán abandonando gradualmente a prisión. Non obstante, quedaban suxeitos a comparecer ante un consello de guerra acusados dun delito de "insulto a fuerza armada". Esta crítica situación era o resultado do acontecido en Boiro nas dúas xornadas electorais de novembro; a do día 19, cando os socialistas escachan a maior parte das urnas, e a do 22, cando estes son tiroteados pola Garda Civil tras o seu enfrontamento cuns matóns dereitistas chegados dende Santiago. Todos os detidos, a excepción de Jesús Blanco Rebollido, hospitalizado cun disparo na cabeza, estiveran presos en Noia e, nalgún caso, tamén na prisión provincial de A Coruña.

Despois de arredor dun mes de catividade e tras depositar cadansúa fianza de 1.000 pesetas, entre mediados e finais de decembro conseguían a liberdade condicional Marcelino Castro Gallardo, albanel de vinte e catro anos de idade, popularmente coñecido como Marcelino o *Pinchudo*; José Iglesias Peiteado, o *Baloco*, tamén de vinte e catro anos, carpinteiro e vicepresidente da *Agrupación Socialista Obrera local*, e Antonio Álvarez Pérez, o *Paragüero*, ourensán casado en Boiro, que traballaba como peón de panadería. A pesar de que, como se indica na resolución da autoridade xudicial militar (causa nº 87/33), nun primeiro momento se lle negaba a liberdade aos irmáns Juan e Felipe Somoza Rebollido, da popular familia dos *Chonos*, e ao seu curmán Jesús Blanco Rebollido (Jesús de *Xan Ramón*) por atribuírlles un papel preponderante nos feitos, posteriormente rectificarase a decisión para concederlles tamén a condicional. Tras pagar a correspondente fianza, os *Chonos* saían da prisión de A Coruña o 23 de decembro, coa obriga de presentarse no xulgado de Boiro cada quince días e ante as instancias xudiciais superiores sempre que fosen chamados. Aínda hospitalizado en Santiago despois de perder un ollo e case a vida, Jesús de *Xan Ramón* tería que agardar ata o 25 de xaneiro para obter a liberdade baixo fianza, que nas súas circunstancias supoñía o cese da vixilancia policial á que estaba sometido no propio sanatorio. Unha vez dado de alta, tamén quedaba suxeito ao control dos xulgados. Previamente foran postos en liberdade sen cargos Ramón Somoza Rebollido –outro dos *Chonos*– e José Ramón Blanco Rebollido, irmán de Jesús, o mozo ferido.

Como se pode deducir dun informe previo remitido dende a alcaldía ao xuíz militar (1 decembro 1933), a posta en liberdade dos socialistas detidos non será ben recibida polas autoridades boirenses, ao entenderen que a súa excarceración derivaría en situacións de acoso cara as persoas de orde. Con especial dureza se informa sobre Juan Somoza Rebollido, ferreiro e comerciante de trinta e cinco anos, e principal promotor das organizacións socialistas con sede no local de *La Fraternidad*, na capital Cimadevila. Juanito, o *Chono*, como popularmente se lle coñecía, era acusado de comunista e de ter unha conduta pública detestable, orixe de toda a conflitividade social producida en Boiro dende os inicios da República, incluídos os sucesos polos que agora tería que ser procesado xunto aos seus camaradas. Tamén se xulga con severidade o seu irmán Felipe, ferreiro de vinte e cinco anos de idade, e o aínda hospitalizado Jesús de *Xan Ramón,* mariñeiro de vinte e dous. Exceptuando a Ramón Somoza Rebollido, José Ramón Blanco Rebollido e Antonio Álvarez

Juan Somoza Rebollido (Juanito *o Chono*), líder do socialismo boirense. Cedida pola familia

Pérez, todos son cualificados como "poco gratos en la localidad" e "amenaza constante para la paz y tranquilidad del pueblo".

Lonxe de amedrentar os socialistas, as circunstancias que rodearan as eleccións xerais de novembro de 1933 e as conseguintes secuelas xudiciais excitarían aínda máis o seu ánimo, contribuíndo a que a tensión política recruara en Boiro.

O SUICIDIO DO DOUTOR GÓMEZ GORORDO UNE OS CONSERVADORES BOIRENSES

Se as autoridades locais vían en Juanito Somoza o causante principal do problema, os socialistas sinalaban o médico municipal e xefe político na sombra, José María Gómez Gorordo, como o responsable de todo o sucedido. Amparado no seu prestixio social, nunha privilexiada posición económica e nas súas excelentes relacións, o doutor Gómez Gorordo convertérase nun persoeiro das maiores influencias e poder na localidade. O seu status levárao a dirixir, sempre dende un discreto segundo plano, a vida política boirense durante aproximadamente as dúas décadas finais da Restauración borbónica como representante do Partido Liberal e da familia Gasset. Despois de que o golpe de Estado do xeneral Primo de Rivera puxese fin a este réxime, represaliando moitos valedores seus, tanto nos concellos como a niveis superiores, para dar paso a unha ditadura, as habilidades e influencias do doutor boirense –era familiar distante do xeneral Jordana, membro do Directorio Militar primorriverista, ao tempo que mantiña excelentes relacións co futuro ministro de Facenda José Calvo Sotelo– permitiríanlle conservar o seu poder, distinguíndose ademais como un dos baluartes da Unión Patriótica local, partido único do réxime. Despois de rematada a ditadura, vai participar na organización da Unión Monárquica Nacional, clara vencedora nas eleccións municipais boirenses de abril do 31; e, tras a proclamación da Segunda República, será o principal impulsor da Agrupación Republicana de Boiro, que triunfará con rotundidade na repetición dos comicios baixo as siglas da FRG (*Federación Republicana Gallega*), habilmente arrebatadas aos seus adversarios da ORGA.

Todas estas manobras de acomodación política, xunto aos manexos propios do caciquismo atribuídos ao influente doutor e aos seus acólitos, atoparían agora, nos tempos republicanos, a decidida contestación dun significativo sector da poboación, que, agrupado en torno ás organizacións socialistas,

cuestionarán firmemente a súa hexemonía. A belicosa disputa polo poder iniciada entre ambas partes –o movemento obreiro por unha banda e os conservadores de tenue verniz republicano por outra–, culminaba nos violentos sucesos das eleccións xerais de novembro do 33, que neste momento estaban no centro da polémica.

Os socialistas acusaban o influente doutor de contratar os matóns de Santiago que o día da repetición das eleccións se enfrontaran aos seus apoderados e interventores, dando lugar á represión a tiros da Garda Civil; e tamén de conseguir testemuñas falsas que declararan contra os detidos. En consecuencia, facíano responsable da situación penal dos seus representantes nas eleccións e de que un deles se vise entre a vida e a morte na cama dun hospital. Un verso popular que menciona estas circunstancias e remata cunha referencia ao alcalde Benito Calo ("a burra de Insuachán"), contribuirá a caldear o ambiente por todo Boiro: *Cala Xan, cala Xan, cala Xan, non nos fagas reloucar, que estas chanzas nin se dan en tempos de carnaval/ En Boiro hai boa xente, tamén os hai majaderos, que para ghanar as eleucións trouxeron aos pistoleros/ Cala Xan, cala Xan, cala Xan, .../ Unhas señoras de Boiro que se tiñan por moi santas, tuveron pouca vergonza e foron testigos falsos / Cala Xan, cala Xan, cala Xan, .../ Calaremos para hoxe, deixemos para mañán, que nos pode mandar presos a burra de Insuachán.*

No medio dun clima de crecente tensión, marcado polos reproches mutuos, os insultos e as ameazas, un tráxico suceso producido nos primeiros compases de 1934 vai conmocionar a vida pública da localidade boirense. Inesperadamente, o día 19 de xaneiro José María Gómez Gorordo xacía morto nun cuarto da súa casa, no barrio d'A Tenencia. Tiña cincuenta e tres anos e a autopsia revelaba que a causa da morte fora "hemorragia y lesión cerebral". Nunha breve nota, o periódico *El Compostelano* (20 xaneiro 1934) informaba do sucedido, indicando que o doutor se suicidara pegándose un tiro. *El Pueblo Gallego* (21 xaneiro 1934), pola súa parte, atrevíase a atribuír as causas do suicidio ao temor que o finado tiña a sufrir un atentado.

A pesar de que é complexo coñecer as razóns últimas desta fatal decisión, o testemuño dunha veciña e amiga da familia, Rosa Martínez (*a Serena*), apunta a que o doutor Gómez Gorordo se suicidou tras caer nunha profunda depresión, á que chegara debido tanto á súa situación económica, moi preto da ruína, como ao acoso e ameazas que recibira na proximidade daquelas datas, nas que mesmo, ao parecer, alguén chegara a colocar un artefacto explosivo nun cuberto da súa casa: *Don José María matouse antes da gherra. Era de dereitas. Tiña moitos votos e por eso estaban contra el. Dicían que o habían de ..., que lle habían de matar as fillas. Esas cousas que había. El tiña dúas fillas, unha chamábase Pepiña e outra Maruja, amighas íntimas miñas, que con elas me criei. E botáranlle a bomba enriba da corte da besta, ... Tíñaa alá contra Bao. E don José María púxose mal da cabeza, dos nervios, delghado, non comía. De cartos nada, empeñado e coa revolución enriba ... Había moito lujo naquela casa. Ghastaban moito. As fillas eran mozas e tíñaas* no *colegio en Vigho, e entonces, claro ... A familia tíñaa en Vigho. A se*ñorita Carmela, a súa muller, tíñaa en *Vigho. Tiña toda a familia alá. Eles querían que tamén el fora, pero el non quixo ir. E un día apareceu morto no cuarto. Sinteuse un tiro, e apareceu morto enriba da cama de Marujiña, da filla máis nova.*

Aínda que a testemuña non o contempla, no trastorno depresivo do doutor tamén puideran ter influído as adversas circunstancias políticas e sociais que, o noutro tempo todopoderoso don José María, tivera que afrontar dende apenas iniciada a República. Un novo escenario dominado por unha belicosa e tenaz oposición, tanto na corporación como na rúa, que dificultara en extremo o seu control da vida pública do concello; e unha inédita falta de consideración cara á súa persoa por parte dun significativo sector da poboación, que xa non temía acusalo de cacique e manipulador, e mesmo chegar á agresión física, como seica sucedera nunha ocasión na casa do concello, ou a atentar contra o seu patrimonio.

O que pasou en Boiro entre o 19 de novembro de 1933 e o 19 de xaneiro de 1934 (rotura de urnas electorais, represión a tiros, ferido grave, detencións e encarceramentos, suicidio) constituía, en definitiva, o tráxico resultado da implacable disputa polo poder que viñan sostendo dende inicios da República o emerxente movemento socialista liderado por Juanito Somoza, anheloso de varrer do goberno local as vellas formas políticas caciquís, e estas, representadas en esencia polo agora defunto doutor Gómez Gorordo e o secretario municipal Ramón Dios Rivademar, outro dos xefes políticos de Boiro na sombra, que querían seguir prevalecendo. Todo o sucedido supoñerá un punto de inflexión na vida pública da localidade, que a partir de agora vai acelerar o seu deterioro. O feito de que, tan só uns días despois do enterro do influente médico, os funcionarios municipais –acusados polos socialistas de ser fieis instrumentos do caciquismo–, solicitasen do Goberno Civil licenza para usar armas curtas argumentando estar "de continuo expuestos y amenazados por los elementos extremistas", pon de relevo a tensión á que estaba sometida a vida pública boirense naquelas datas. Do mesmo xeito que o facía a decisión do secretario Ramón Dios de trasladar o seu domicilio dende A Tenencia para o máis concorrido barrio de Cimadevila.

Tras a inesperada e impactante morte do principal xefe político de Boiro, que o conservadorismo entendía en boa parte inducida pola actuación dos socialistas, o goberno municipal e a oposición, esquecendo os durísimos enfrontamentos de anos precedentes, achegarán definitivamente posturas para acabar confluíndo no Partido Radical de Alejandro Lerroux, á fronte do goberno da República tras as eleccións xerais de novembro de 1933. Esta acomodación dos dous grupos municipais ás novas circunstancias políticas, que supoñía o abandono da ORGA, agora á marxe da gobernación do Estado, e o enganche ao cabalo gañador lerrouxista, iría acompañada da constitución do comité municipal do Partido Radical. Malia non figurar en documentación oficial ningunha, sabíase que detrás da iniciativa estaban Ramón Dios e o doutor Benigno López, eterno aspirante a máximo xefe político da localidade, que adquiría protagonismo agora tras a morte de José María Gómez Gorordo, acérrimo adversario seu dende os tempos da Restauración. E tamén, seguramente, Jesús Vázquez Rodríguez (Jesús de *Lamas*), un dos escasos concelleiros da corporación con criterio político e, ata pouco tempo atrás, belicoso líder da oposición e aliado dos socialistas de *La Fraternidad* na súa loita por descabalgar do poder o goberno co que agora fraternalmente se fundía. Non obstante, os que asinaban o regulamento do Partido Radical de Boiro que se envía ao Goberno Civil eran o comerciante Ángel Carbajosa, o tamén comerciante e cobrador dos consumos José Romero Abeijón (José de *Andrea*) –cuñado e sogro, respectivamente, do doutor Benigno López– e outras persoas sen

significación política ningunha. As autoridades provinciais legalizaban esta asociación a principios do mes de xuño.

Pola súa parte, o socialismo local continuará ampliando a súa estrutura coa constitución da *Juventud Socialista*. Xurdida, como indican os seus estatutos, para traballar pola educación socialista, a propaganda e a acción política en pro da causa obreira, vai concretar o seu labor na difusión de publicacións, no acrecentamento do número de subscritores da prensa obreira e na organización de mitins e conferencias. Tamén se propón realizar unha extensa campaña e labor educativo contra *las viejas filosofías y religiones oponiendo a ellas la filosofía socialista, que abarca los* órdenes *todos de la vida individual y social*. Figura como presidente destas mocidades José Somoza Romero (José de *Fontán*), operario na fragua de Juanito Somoza, e como secretario xeral Antonio Somoza Outeiral, fillo maior do líder socialista. Completaban a xunta directiva Robustiano Rebollido Torrado, vicepresidente; Jesús Blanco Rebollido –o mozo ferido nas eleccións–, vicesecretario; Victorino Somoza Rebollido, secretario de actas; e Francisco Triñanes Saborido, Alejo Briones, Antonio Ces Fernández e Benito Rebollido Torrado, vogais. Tamén se constituía un grupo encargado da revisión de contas que formaba Bautista Torrado Rivadulla, Juan Suárez Somoza e Gustavo Briones Rodríguez. A súa sede quedaba establecida en *La Fraternidad,* xunto ao resto de organizacións socialistas da localidade. O seu regulamento era aprobado no mes de marzo polo Goberno Civil.

Deste xeito, transcorridos os primeiros meses de 1934, o panorama político boirense simplificábase respecto aos inicios do réxime republicano, limitándose agora a dous bloques políticos enfrontados. Por un lado, o

Antonio Somoza Outeiral, secretario das *Juventudes Socialistas*. Cedida pola familia

conservador, integrado esencialmente polo Partido Radical e a dereita católica, que tras a desaparición oficial da *Unión de Derechas* de Boiro do ex-alcalde da ditadura primorriverista Guillermo Torrado, estaba representada pola *Juventud Católica*, organización relixiosa cunha marcada intencionalidade política antirrepublicana e antiesquerdista. Enfronte deste bloque conservador situábase o socialista, no que se aliñaban a *Sociedad Agraria La Fraternidad, Unión de Canteros y Oficios Varios, Agrupación Socialista Obrera, Juventud Socialista*, *Sociedad de Agricultores de la Parroquia de Bealo La Armonía* e a *Sociedad Agraria, Marítima y de Oficios Varios El Centro Obrero,* de Escarabote. Con esta división en bandos, que non estaba xeneralizada loxicamente a toda a poboación pero si afectaba a un importante número de persoas, e un ambiente cada día máis tenso vai continuar desenvolvéndose a vida pública nunha poboación que, ademais, seguía gravemente afectada polo paro, a necesidade e as máis indecentes prácticas caciquís.

Selo da *Sociedad Agraria y de Oficios Varios La Fraternidad*. Arquivo Municipal de Boiro

SINDICALISMO UXETISTA FRONTE A SINDICATOS AMARELOS NUN PANORAMA POLÍTICO REACCIONARIO

Mentres no Concello de Boiro a situación política tomaba o perigoso camiño do extremismo e da polarización, no goberno do Estado o Partido Radical escoraba cara posicións conservadoras ante a necesidade de contar coa colaboración parlamentaria do catolicismo político representado pola CEDA (*Confederación Española de Derechas Autónomas*), grupo maioritario no Congreso pero sen apoios suficientes para gobernar. En consecuencia, o gabinete presidido polo veterano político Alejandro Lerroux emprenderá unha serie de medidas tendentes a desmantelar ou paralizar a obra das Cortes Constituíntes, nas que a coalición de republicanos de esquerda e socialistas constituíra maioría. Na opinión dos cedistas, ía producirse a necesaria corrección do que eles cualificaban como a política sectaria e socializante seguida ata entón.

Como unha das primeiras decisións de calado do novo goberno da República, camiño da primavera daquel ano 1934, iniciábase nas Cortes Xerais a tramitación do proxecto de Lei de Amnistía dos delitos políticos e sociais anteriores ao 3 de decembro de 1933. A idea era beneficiar os militares dereitistas sublevados o 10 de agosto de 1932 e tamén a ex ministros e xenerais da ditadura de Primo de Rivera; en definitiva, a moitos declarados inimigos do réxime republicano. En opinión do historiador J. Arrarás (1965) con esta medida *se trataba de pacificar los espíritus y también, aunque no se decía, de pagar a las derechas su generoso apoyo*. O feito de non afectar os anarquistas do levantamento de decembro, e si, por exemplo, os procesados por evasión de capitais (amparados en que o proxecto tamén comprendía delitos que pola súa natureza non se podían cualificar de delitos comúns), o proxecto de Lei de Amnistía atopou coa oposición frontal dos socialistas nas Cortes e dos anarquistas na rúa.

A protesta anarquista adquirirá nalgúns casos un cariz anticlerical, como así parece que sucedeu en varias poboacións da provincia de A Coruña, onde unha serie de incendios de igrexas eran denunciados ante o ministerio da Gobernación polo deputado galego da CEDA Gil Casares. Semella que os ecos daquela protesta deberon chegar tamén ata o municipio de Boiro, onde segundo *El Correo Gallego* (21 marzo 1934), un incendio na igrexa de Santa María do Castro consumía o altar maior. Como posibles autores deste acto vandálico, varios veciños de orientación comunista e anarquista daquela parroquia eran detidos e trasladados ao cárcere de Noia, aínda que posteriormente quedarían en liberdade sen cargos. Aprobada finalmente con algunhas emendas o 20 de abril, a Lei de Amnistía abriría unha crise entre o presidente da República Alcalá Zamora e o do Goberno Alejandro Lerroux, rematada coa dimisión deste e a formación dun novo gabinete con Ricardo Samper á fronte.

Ao igual que sucedera na etapa de Lerroux, o goberno de Samper seguirá compracendo o seu aliado cedista cunha política máis próxima

á dereita católica que ao ideario de centro republicano teoricamente representado polo Partido Radical. A entrada no ministerio da Gobernación de Rafael Salazar Alonso tras a dimisión de Martínez Barrio, vai coincidir cun endurecemento da política de orde pública. A aprobación nas Cortes dun importante incremento no número de gardas civís, o proxecto de lei para o restablecemento da pena de morte, ou considerar as folgas como problemas de orde pública en vez de conflitos sociais eran outras mostras desta nova orientación.

Mentres o goberno da República profundaba na corrección das políticas do bienio anterior, en Boiro o desconsolador panorama laboral estaba a favorecer a conflitividade obreira. Á tradicional carencia de empregos de calidade, tanto na industria como na agricultura, unírase agora o retorno de moitos emigrados en América tras a crise que seguiu ao crack do 29, para crear unha bolsa de man de obra dificilmente asumible pola economía boirense. A crise laboral afectará de maneira especial os afiliados ás organizacións adheridas á UGT, habitualmente rexeitados polos patróns debido ás súas actitudes sindicais. O certo é que a aparición deste combativo sindicalismo fora recibida con receo polos sectores conservadores da localidade, que vían na unión dos traballadores un potencial perigo para os seus intereses; e na súa mobilización, concretada en frecuentes mitins e manifestacións, unha intolerable alteración da paz social. En consecuencia, os xefes políticos e a maioría dos patróns, en conivencia cos funcionarios públicos e cregos, intentarían que non frutificase, realizando campañas de desprestixio e usando medios coercitivos como, precisamente, o de dificultar ou negar o acceso ao traballo aos seus afiliados. Marcelino Castro, un comprometido sindicalista daquela época, recordábanos, por exemplo, como o párroco de Santa Baia de Boiro, Clemente Moreira, tomara parte activa contra os socios de *La Fraternidad*: *Don Clemente non nos deixaba poñer os avisos do sindicato na porta da iglesia. Faláballe mal de nós á xente; e dicía que non se nos chamase a traballar. Facía política desde o púlpito e máis á rastreira.* O conservadorismo tamén buscará contrarrestar o empuxe do reivindicativo sindicalismo de clase que agromaba en Boiro, urdindo a creación de sindicatos de corte dereitista que fixeran competencia ao monopolio da UGT. Deste xeito, van aparecer no panorama asociativo boirense organizacións obreiras de filiación política difusa –nuns casos denominadas autónomas, noutros mesmo adheridas á CNT–, como o *Sindicato Obrero* de Boiro, a *Sociedad La Marina* de Escarabote ou a *Sociedad de Obreros del Campo y Oficios Varios de la Parroquia de Cespón*, creados seguramente non por casualidade en núcleos onde xa funcionaban as da UGT. *Antonio Crusat* –contábanos Marcelino Castro– *promovera en Escarabote un sindicato da CNT, pero enfrentouno contra a Fraternidad. Antonio Crusat era un señorito de Escarabote, fillo de don Paco Crusat. Quería dividir os traballadores para sacarlle forza ao noso sindicato. E o meu tío Cándido Castro, que era incondicional de don Ramón Dios e dos da Tenencia, pois foi presidente do Sindicato Obrero de Boiro, que o tiñan alá no camiño vello, alí onde José de Cariño, o propietario máis rico que había por aquí daquela, alí tiñan un local. Fora promovido polo cura, polo secretario, os médicos, ..., por toda a cacicada que había aquí.*

Os socialistas boirenses criticarán de maneira reiterada estas manobras que pretendían menoscabar o poder das súas organizacións para preservar os intereses das elites. Dende as páxinas do semanario socialista pobrense

La Lucha (23 abril 1933), censurábase a existencia dos sindicatos promovidos pola dereita, cualificándoos como "centros traidores" e de "carácter amarillo y fascista", ao tempo que se reprocha a conivencia dos seus afiliados cos "caciques y reptiles de la burguesía" e se realiza un chamamento xeral para combatelos.

Neste contexto non só xurdirán, pois, confrontacións entre empresa e traballadores, senón tamén entre sindicatos de signo contrario, entre obreiros de filiación uxetista e os acollidos ao amparo do cacique e o patrón, xa fora baixo a etiqueta de autónomo ou anarquista. A coexistencia de sindicatos tan opostos acabaría transformando a dura competencia polo escasísimo traballo asalariado en fonte continua de discordias.

Un dos asuntos que á altura de 1934 estaba a tensar as relacións laborais na localidade, eran as contratacións de traballadores para a reparación da estrada Padrón-Noia ao seu paso polo municipio boirense. O conflito xurdira contra principios do ano anterior, despois de ser iniciado o arranxo dos dous quilómetros correspondentes á parroquia de Cespón. Dende o periódico *La Lucha* (15 xaneiro 1933), os socialistas denunciaban que o contratista Luís Muñiz non lles pagaba ás mulleres os xornais estipulados por lei; e que, cando a *Unión de Canteros y Oficios Varios* estaba a mediar no asunto, aquelas foran coaccionadas polo contratista e o sindicato amarelo de Boiro para asinar uns salarios ficticios e acalar así o problema. Uns dous meses despois desta desavinza, os socialistas volvían ter conflito coa empresa concesionaria, á que agora denunciaban por empregar unicamente operarios do sindicato amarelo da parroquia de Cespón, que ao seu entender organizara o propio contratista. Tras forzar a paralización dos traballos durante uns días, a uxetista *Unión de Canteros y Oficios Varios* realizáballe á empresa unha oferta de pacto laboral para solucionar o conflito. Con todo, os dous puntos propostos (carga de traballo compartida a medias entre os afiliados aos dous sindicatos, e xornais axustados ao estipulado pola xefatura de obras públicas) non dobregaron a vontade do contratista, polo que o conflito continuaría. Como lemos en *El Pueblo Gallego* (11 marzo 1933), esta falta de acordo derivará nunha manifestación, na que participaban a *Unión de Canteros y Oficios Varios, El Centro Obrero* de Escarabote, e a *Agrupación Socialista Obrera e Sociedad Agraria La Fraternidad*. Ademais de reivindicar a admisión dos afiliados á UGT nos traballos da estrada, os participantes facían un chamamento ao Concello para que organizase o rexistro municipal de colocación obreira, como xeito de garantir a ecuanimidade nas contratacións.

Malia as súas firmes reivindicacións de salarios axustados á lei e tamén da xornada de oito horas que tanto rexeitamento producían

Selo da *Unión de Canteros y Oficios Varios*.
Arquivo Municipal de Boiro

nos patróns, os afiliados uxetistas entrarán nas quendas de obra dos posteriores tramos da estrada, adxudicados a outros contratistas. Non obstante, a pesar de ser repartida a carga de traballo, no verán de 1934 produciranse igualmente fortes discrepancias, agora entre sindicatos, véndose obrigadas tanto as autoridades superiores como a Garda Civil a mediar para evitar que a situación derivase en enfrontamentos violentos.

A conflitividade laboral non só afectaba as obras da estrada, senón tamén as minas que na parroquia de Lampón, baixo a denominación de "Minas do Cobo", explotaba a *Estañífera de Arosa*. A pesar das calamitosas condicións laborais –denunciadas ante a alcaldía pola Agrupación Socialista de Santiago xa na primavera de 1931–, a mina era unha das contadas vías de emprego da localidade, ao tempo que a empresa onde máis se cobraba, cuns xornais que oscilaban entre as 3 e as 4 pesetas aproximadamente, segundo se tratase de traballos a ceo aberto ou no interior das galerías. A reiterada negativa da xerencia a contratar os obreiros das organizacións adheridas á UGT puxera en garda os socialistas boirenses, que na primavera de 1932 denunciaran á *Estañifera de Arosa* ante a Dirección Xeral do Traballo por incumprimento do pacto laboral acordado por ambas partes en setembro do 31. No informe que o alcalde Benito Calo –actuando como acotío ao ditado do secretario Ramón Dios, verdadeiro xefe político na sombra– tivera que remitir ao gobernador civil para intentar aclarar o asunto (22 xuño 1932), indicábase que non existía incumprimento do pacto por parte da empresa, polo que non tiñan razón de ser as reiteradas denuncias na súa contra, atribuídas pola alcaldía, sorprendentemente,

Estrada Padrón-Noia ao seu paso por Boiro.
Cedida por Mari Carmen Piñeiro Sampedro

Benito Calo Beade, alcalde boirense do Partido Radical.
Cedida pola familia

ao capricho e afán de molestar de determinados directivos das organizacións uxetistas. Remataba o informe afirmando que nas minas de Lampón se cumpría escrupulosamente con toda a lexislación laboral, e que a empresa concesionaria estaba disposta a someterse a unha inspección oficial.

A través das páxinas do seu voceiro comarcal *La Lucha,* os socialistas boirenses chamarán a atención sobre esta situación. O seu líder Juanito Somoza facíao asinando un artigo (18 setembro 1932) para recordarlles ás autoridades locais a súa obriga de crear unha bolsa de emprego para as minas, e recriminarlle ao xerente en Boiro da *Estañífera de Arosa* a non admisión de obreiros asociados á UGT, cando noutras minas explotadas pola empresa non sucedía o mesmo. Por este último motivo, nunha nota posterior (23 abril 1933), os reproches irán dirixidos cara ao accionista Modesto Gosálvez –xenro do médico municipal e xefe político Gómez Gorordo–, contra o que se arremetía duramente tachándoo de "diputado cavernícola" e "monárquico de la extrema derecha". Así as cousas, a discriminación laboral á que aseguraban estar sometidos nas minas os obreiros uxetistas ocupará un lugar central nas súas reivindicacións do 1º de maio de 1934. A pesar da declaración do estado de alarma feita polo Goberno Civil, *La Fraternidad* e *El Centro Obrero* de Escarabote organizaban unha manifestación que se dirixía ata o couto mineiro de Lampón, onde se traballaba con normalidade a pesar da festividade. A actitude do xerente Casto Dios que, ao parecer, se presentou ante a concentración obreira armado cun revólver, derivaba nun altercado no que o responsable das minas resultaría ferido despois de recibir un golpe dun dos manifestantes. Tras este suceso, a actividade quedaba paralizada, regresando a manifestación a Boiro para continuar cos actos da xornada. Ao día seguinte, emitíase un informe dende a alcaldía para o Gobernador Civil dando a súa versión do sucedido: *[...] Después de haber cruzado un trayecto de unos 3 kms la carretera del Estado de Padrón A Noya, a los gritos de viva Lenin, viva la revolución social, mueras al Ministro de la Gobernación y a los asesinos coaccionando en la marcha a los labradores que encontraban al paso para que abandonasen sus trabajos, dirigiéndose a las minas de Estaño que la S.A. Estañifera de Arosa explota en la parroquia de Lampón, donde se enfrentaron con el Gerente, D. Casto Dios, rodeándole y maltratándolo y exigiendo que los obreros abandonasen el trabajo lo que hicieron seguidamente, es de advertir que la sociedad "Estañifera de Arosa" había fijado unos pasquines, que los manifestantes arrancaron, donde se anunciaba que a las 12 del día suspendían los trabajos. La cordura y prudencia de los jefes y empleados de la mina, nunca bien ponderados, aguantando pacientemente las provocaciones de los manifestantes, evitaron las tristes consecuencias de una cruenta lucha que fatalmente tenía que desarrollarse. Regresó la manifestación a las 15 horas aproximadamente, y hubieran con toda seguridad continuado en mayores proporciones a no ser por la presencia de la Guardia Civil del Puesto de La Puebla que hizo su presencia aquí, coincidiendo con el retorno de aquella.* Co fin de controlar a actividade do que cualifica como "sociedades extremistas", a alcaldía remataba o seu informe solicitando ao gobernador o regreso a Boiro da Garda Civil, mobilizada fóra da localidade dende había xa un tempo.

Para os poderes fácticos da localidade aquel altercado menor, que magnificaban como tantos outros, era un novo atentado contra a paz social, unha mostra máis da rudeza e ruindade do proceder dos socialistas

Panorámica das minas do Cobo (Lampón). Cedida por herdeiros de Elena Casais Pardiñas

boirenses. Para estes, en cambio, non era máis que a maina consecuencia de anos de frustracións e denuncias dos seus sindicatos, tanto na Dirección Xeral do Traballo como noutros organismos públicos, ante a negativa da concesionaria das minas a empregar os afiliados uxetistas.

ÁS VOLTAS COA SITUACIÓN DOS LABRADORES SEN TERRA

No contexto da paralización da lei de Reforma Agraria aprobada no bienio republicano-socialista e a adopción doutras medidas contrarias aos intereses e, nalgúns casos, incluso dignidade dos obreiros agrícolas, a *Federación Española de Trabajadores de la Tierra (FETT-UGT)* convocaba unha folga campesiña para primeiros de xuño daquel ano 34, coincidindo co inicio da colleita do cereal.

En Boiro, como no resto de Galicia, a problemática social derivada do traballo no agro pouco ou nada tiña que ver coa dos municipios das rexións latifundistas, caso de Andalucía ou Estremadura, onde a FETT-UGT atopara os motivos principais da convocatoria da folga. No concello boirense o número de obreiros agrícolas era limitado pero, polo contrario, había un significativo número de parceiros, labradores que traballaban leiras alleas a cambio do pago dunha renda en especie. As abusivas condicións económicas dos contratos para o parceiro, que o obrigaban a entregarlle ao propietario xeralmente o 50% da colleita anual, constituían un escollo insuperable para o progreso social das familias destes labradores sen terra, forzadas a pasar as súas vidas entre privacións e miserias. Cun número significativo deles entre os seus afiliados, a sociedade agraria *La Fraternidad* convertera o asunto das denominadas "leiras a medias" nunha das súas principais preocupacións.

Cartilla de asociado da Sociedade *La Fraternidad*. Arquivo Municipal de Boiro

Mentres a Reforma Agraria aprobada en setembro de 1932 non se plasmara na realidade para darlle unha solución integral ao problema, *La Fraternidad* realizaría algunhas suxestións co fin de mellorar de xeito inmediato a situación destes labregos pobres, tamén coñecidos como "caseiros". Unha das súas propostas era a redución da renda a pagar, que entendían debería quedar establecida nunha terceira parte do que producía anualmente a leira e non na metade, como viña sendo habitual. Outra das súas suxestións era a distribución, sen dereito á propiedade, de terreos de monte público entre os labregos sen terra co fin de poñelos a producir: *En este Municipio* –comezaba unha nota publicada en *El Pueblo Gallego* (6 xaneiro 1932)– *existen varias parcelas de monte que en la actualidad apenas si producen algún esquilmo y esto no debe continuar así de ningún modo; estos terrenos incultos, divididos y cedidos en pequeñas parcelas a los labradores pobres que no tengan tierras que cultivar, serían productivos en extremo, puesto que el terreno es fértil y* únicamente *lo que falta es que sean cultivados. Estos campesinos no piden aumento de sueldo, ni se declaran en huelga, sino todo lo contrario, lo que piden son tierras para trabajar y vivir de lo que produzca, y como es una petición muy justa y humana deben concedérseles, desde luego, sin derecho de enajenación, o sea única y exclusivamente para trabajarlas*.

Talvez por non lesionar os intereses dos labradores podentes, que percibían unhas elevadas rendas pola cesión das súas leiras, estas reivindicativas propostas non serán atendidas polas autoridades locais malia encaixar na legalidade vixente. Ante a falta de sensibilidade cara ao problema da parcería, parece ser que non faltou algún exaltado agrario uxetista que alzase a súa voz para reivindicar a apropiación de terras por parte dos caseiros e a incautación do gando á ganancia, para escándalo dos conservadores locais que o aireaban na prensa (*El Ideal Gallego*, 17 marzo 1933). Mentres o conservadorismo no goberno municipal facía oídos xordos ás inquedanzas dos labradores sen terra e aseguraba que a Reforma Agraria non se aplicaría en Boiro, segundo se denunciaba dende as páxinas de *La Lucha* (9 abril 1933), nos montes públicos do municipio estaban a producirse apropiacións de parcelas "a la antigüa usanza" por parte de particulares sen que a administración fixese nada por evitalo.

Así as cousas, en xuño de 1934 a sociedade agraria *La Fraternidad*, presidida neste momento por José Benito Fajardo Piñeiro, sumábase á folga convocada pola FETT-UGT, presentando no concello o correspondente oficio. Sospeitando posibles altercados nos que tomaría parte xente de fóra da localidade, a alcaldía solicitáballe ao gobernador (28 maio 1934) que as forzas da Garda Civil do cuartel boirense non foran mobilizadas cara a outros lugares durante aquelas xornadas. Con todo, a folga sería declarada ilegal polo implacable ministro da Gobernación Salazar Alonso, que decretaba o carácter de servizo público nacional para os traballos de recolleita, considerando calquera acto contrario á súa orde como delito

de sedición ou atentado. Notificada oficialmente destas circunstancias, *La Fraternidad* optaba por non secundar o movemento. Como lemos na prensa daqueles días, o paro en Boiro, ao igual que no resto de municipios de Galicia, non tería seguimento. E a pesar de persistir os rumores de actos violentos, o día previsto para o inicio da folga de campesiños transcorrería con total normalidade ao dicir de *El Ideal Gallego* (8 xuño 1934). Uns días despois (12 xuño 1934), a alcaldía tería que informar á delegación provincial do Traballo sobre a negativa dalgúns patróns agrícolas a admitir ao traballo a xornaleiros debido ás súas opinións políticas e sindicais.

A tranquilidade que houbera en Boiro durante esta folga non existiría na España latifundista, onde o paro se prolongaba durante varios días, e o ministro Salazar Alonso, como afirma Gabriel Jackson (1967), *deportó a centenares de campesinos encerrándolos en cárceles de provincias distantes, y detuvo a varios maestros, médicos, abogados y diputados socialistas a quienes acusó de fomentar la revolución*. En resposta á orientación reaccionaria do Goberno, as organizacións socialistas proxectaban levar a cabo unha serie de actos entre o 10 e 17 do propio mes de xuño coa denominación de "semana antifacista". Con todo, os gobernos civís darán orde aos concellos de impedir calquera tipo de manifestación ou concentración. De acordo con esta disposición, o alcalde boirense solicitaba do comandante do posto da Garda Civil que disolvese os actos que de xeito espontáneo se producisen na localidade, sen que nos conste que finalmente fose necesario.

Manuel Brión Suárez, vicepresidente da Sociedade Agraria *La Fraternidad* en xuño do 34. Cedida pola familia

Pasado pouco máis dun mes das tranquilas xornadas boirenses da folga de campesiños, si estalará a violencia na localidade, pero non por causas políticas ou sindicais, senón debido á competencia polos aproveitamentos forestais do monte comunal. Os feitos producíanse no monte Peón, onde un grupo de veciños das parroquias de Cespón, Boiro e Cures, que cadraran recollendo batume, acababan enfrontándose con paus, pedras e fouciños por causa dos lindes. Sería necesaria a intervención da Garda Civil para rematar con esta refrega, na que resultaban feridas arredor de dez persoas, algunhas de gravidade, e serían realizadas varias detencións. O certo é que o problema non era menor, pois o aproveitamento do batume era fundamental para a economía dos labradores, que dependían del para estrar as cortes do gando e producir abono para as súas terras. A liorta do monte Peón alertaba os labradores de Abanqueiro e Cabo da Cruz, que, carentes de monte comunal, vían con preocupación o sucedido.

A FOLGA REVOLUCIONARIA DE OUTUBRO DE 1934

Durante as semanas que precederon o mes de outubro de 1934 fíxose patente que as executivas estatais do PSOE, *UGT* e *Juventudes Socialistas* viñan preparando un movemento insurreccional. Dende a súa saída do Goberno a finais do verán de 1933, os socialistas foran evolucionando dende as posicións reformistas iniciais ata as revolucionarias que agora defendían baixo a influencia de Francisco Largo Caballero, e ante un panorama dominado polo endurecemento da represión contra os traballadores, a paralización das medidas sociais e a conspiración monárquica que estaba en marcha. A este proceso de radicalización, do que se desmarcaba o sector liderado por Julián Besteiro, contribuíra decisivamente a aparición na escena política da CEDA. Partido dereitista confesional e non republicano, a CEDA declarábase disposta a "liquidar la revolución"; é dicir, a desmantelar a lexislación aprobada nas Cortes Constituíntes polo goberno de coalición de socialistas e republicanos da esquerda que dirixira o país no bienio 1931-1933. Os seus resultados nas eleccións de novembro do 33, ás que acudira en unión de varios partidos monárquicos e de extrema dereita nunha fronte antimarxista, convertérana na forza con maior representación no Parlamento e, en consecuencia, coa capacidade suficiente para influír na política española, como o viña facendo.

O receo da esquerda, tanto obreira como republicana, incrementárase cando, rematando a primavera de 1934, transcendía á prensa (*ABC*, 6 xuño 1934) a entrevista que un comisionado do líder da CEDA, Gil Robles, mantivera co rei Alfonso XIII no seu exilio de Fontainebleu (Francia). Santiago Herrero Galindo (1956:237) afirma que durante este encontro o enviado cedista *explicó al Monarca la posición de su partido y éste quedó muy complacido y de acuerdo con lo que se decía, no sin antes hacer grandes elogios de la CEDA, de Gil Robles, y de lo mucho que esperaba de la organización populista*. Pola súa parte, o historiador J. Arrarás (1965:238) pon de manifesto igualmente a existencia de negociacións secretas entre a CEDA e o Rei, informando, ademais, dunha entrevista anterior, celebrada en París en xuño de 1933, na que o propio Gil Robles en persoa lle asegurara a Alfonso XIII que a República non se consolidaría, pero había que esgotar todas as vías legais para amosar a súa imposibilidade en España. A realidade política emanada das eleccións a Cortes de novembro do 33, na que o Partido Radical gobernaba co apoio parlamentario e as esixencias da CEDA, podía supoñer, pois, algo máis que a revisión e desmantelamento progresivo da obra das Cortes Constituíntes. Podería derivar na restauración da monárquica –aínda desprestixiada pola súa conivencia coa ditadura de Primo de Rivera–, o que moi probablemente significaría unha radical involución, que non estaba disposta a permitir a esquerda.

A política reaccionaria levaba a cabo, especialmente a referida á lexislación social e laboral, truncaba as arelas de cambio das bases obreiras e incrementaba a radicalización das súas organizacións, nun momento no que a onda de involución autoritaria que inundaba os parlamentos de Europa Occidental derivara en casos como o da Alemaña de Hitler ou a Austria de Dollfuss en brutais represións contra os partidos comunista e socialdemócrata. Chegado o verán daquel ano 1934, na rúa xa se pregoaba a ameaza de que se a dereita católica e, en aparencia, filomonárquica, entraba no goberno da República produciríase un levantamento xeral das masas obreiras.

No contexto boirense, o escuro panorama laboral que angustiaba os traballadores asalariados agudizábase, como xa quedou exposto, no caso dos afiliados ás organizacións socialistas, que vían como as súas opinións políticas e sindicais adoitaban constituír un atranco para atopar emprego, xa fora nas minas, nas obras da estrada, nas fincas dos maiores propietarios ou en calquera outro sitio. A situación pola que atravesaban á altura de 1934, queda definida nitidamente nun escrito dos socialistas boirenses que recollemos de Bizcarrondo, M. (2008): *Existe una mina en este pueblo llamada "Estañífera de Arosa". Jamás se pudo lograr que trabajara en ella ningún asociado. Los afiliados solían hallar trabajo, cuando el gobierno Azaña, en trabajos de caminos y canteras. Ahora no hallan ocupación en parte alguna; siendo inútiles las quejas que hemos mandado a todas partes. Más del 90% estamos sin trabajo. Los jornales, sin límite de jornada, son de 4´ 50 pesetas en las minas, 3´ 50 a 4 en las canteras y de 2 a 2´ 50 en el campo. El ideal es lo único que nos fortalece para ir aguantando las persecuciones y continuar en las filas socialistas.*

Lonxe dos centros de poder e as súas intrigas, mais non á marxe do ambiente político do momento e da preparación do gran movemento insurreccional obreiro, por Boiro circulaban unha vez máis contos sobre a posibilidade de que a esquerda local realizase algún tipo de acción violenta. As sospeitas das autoridades acrecentaranse tras a aparición dunha serie de pintadas que o alcalde Benito Calo denunciaba ante o gobernador civil (9 setembro 1934): *En la mañana del viernes 7 del corriente aparecieron fijados en la Iglesia parroquial, Sindicato Agrícola de Boiro y otros edificios, los siguientes* rótulos: No queremos *ladrones en el poder. Pedimos el poder para los socialistas. Muera el Papa. El cura os engaña,*

Selo da *Agrupación Socialista Obrera*.
Arquivo Municipal de Boiro

fijaros en la doctrina de Cristo, y otros, con grandes caracteres y que debieron ser escritos la noche del jueves o en las primeras horas de la mañana de ayer. Dando por certo que os socialistas ocultaban un arsenal de armas de fogo, a alcaldía, sempre atenta ás indicacións do secretario Ramón Dios, cursaba orde á Garda Civil para que realizase rexistros en varios domicilios. Aínda que con cautela, *El Ideal Gallego* (20 setembro 1934), baixo o epígrafe *Se habla de que en Boiro han sido halladas algunas armas,* levaba á súa portada estes rexistros e os seus aparentes resultados: *Noticias recibidas de Boiro aseguran que se están practicando registros en los domicilios de diferentes socialistas de aquel Ayuntamiento, y parece que se han encontrado algunas armas de fuego.*

A pesar de que non aparecera por ningún lado o suposto arsenal de armas, as autoridades locais seguirían controlando exhaustivamente os socialistas. Calquera actividade súa será obxecto de investigación, mesmo as xuntanzas daquelas noitiñas de setembro ao pé do

comercio do seu líder Juanito *O Chono*, onde, segundo argumentaba o alcalde boirense ao comandante do posto da Garda Civil en demanda de maior vixilancia (24 setembro 1934), grupos de mozos cantaban o "himno soviético" e daban vivas á revolución social. O temor do rexedor ante o ambiente daqueles días previos a outubro, levábano a solicitar do Goberno Civil unha prórroga do seu permiso de armas, nun momento no que se declararan caducadas as licencias para alcaldes e concelleiros.

Alleos ás sanguentas liortas do monte Peón de finais de xullo, ás supostas conspiracións socialistas ou ás desavinzas de obreiros en competencia por rebentarse a traballar, mozos e mozas de familias acomodadas celebraban a principios de setembro unha velada teatral no salón de cine de Isabel Maestre, na capital Cimadevila. A obra elixida era a comedia *Muros de Oro*, orixinal do escritor boirense Ramón Fernández Mato, que daquela era, ademais, gobernador civil de Jaén. Afíns á *Juventud Católica* e vinculados por parentesco a valedores e representantes do Partido Radical, tal vez os promotores se decantaran por unha obra de Fernández Mato co fin de tributarlle unha simbólica homenaxe pola súa actuación á fronte do Goberno Civil de Jaén durante a folga de campesiños de xuño, que tanto recoñecemento tivera entre o conservadorismo. Ao mesmo tempo, que constituiría un sutil xeito de agraviar os seus adversarios socialistas da localidade, contrariados pola represión do político boirense cara aos depauperados campesiños xienenses. Completada coa actuación da tuna da *Juventud Católica* e un coro de nenas, esta velada constituía o contrapunto sereno e señorito a un ambiente marcado polo nerviosismo das autoridades ante unha posible acción dos socialistas.

Cando o primeiro de outubro se reiniciaba a actividade parlamentaria nas Cortes tras o parón estival, o xefe cedista Gil Robles anunciaba formalmente a retirada do apoio do seu partido ao presidente Ricardo Samper. Esta crise desembocará na inmediata formación dun goberno encabezado de novo por Alejandro Lerroux, que xunto a varios ministros do Partido Radical e un agrario incluirá a tres da CEDA (Xustiza, Traballo e Agricultura). A inclusión dos ministros cedistas sería interpretada polas executivas do PSOE e UGT como un paso máis no camiño da dereita confesional e non republicana cara ao control do goberno da República e a consecución dos seus obxectivos reaccionarios. En consecuencia, e como xa se viña anunciando, o día 5 os socialistas declaraban a folga xeral revolucionaria en todo o Estado. O Goberno, en alerta dende tempo atrás, respondía coa proclamación do estado de guerra e a mobilización do Exército.

A folga será secundada masivamente nas principais cidades e tamén en moitos pobos e vilas, mais na maioría dos casos non pasaría dun paro laboral de distinta intensidade e duración, non exento de episodios de violencia e, nalgún caso, vítimas mortais. A excepción estaría na cunca mineira asturiana, onde a alianza dos uxetistas cos anarcosindicalistas e comunistas orixinaba o único movemento armado con trazas verdadeiramente revolucionarias. Para sufocalo sería necesaria a intervención da Garda Civil e do Exército, incluídas a aviación, unidades da Armada e as tropas de elite africanas. A denominada revolución de Asturias, dominada definitivamente entre o 18 e 20 de outubro, saldaríase con cuantiosos danos materiais e numerosos feridos e mortos, especialmente no bando dos revolucionarios que, segundo o político republicano galego Manuel Portela Valladares (1988:140), sufrirían a durísima represión ordenada polo xeneral

ao mando López Ochoa, pródiga en aplicación de torturas e con episodios de guerra de exterminio.

Contradicindo unha vez máis as informacións de que dispoñían as autoridades locais, en Boiro nin se atoparon armas nin houbo violencias naquelas revolucionarias datas de principios de outubro. Con todo, como lemos en *El Faro de Vigo* (21 outubro 1934), a aparición dunhas follas propagandísticas que o correspondente do xornal conservador cualifica como "extremadamente subversivas y difamadoras contra el gobierno y su autoridad", fora suficiente motivo para que o Goberno Civil mandara arrestar a Juanito Somoza e Juan Outeiral, directivos da Agrupación Socialista Obrera, e tamén a Victorino Somoza, secretario de actas das súas mocidades, como presuntos autores e distribuidores daqueles panfletos. Días despois serían localizados e arrestados polo mesmo motivo o secretario da *Unión de Canteros y Oficios Varios*, José Iglesias Peiteado, e outro dos irmáns Somoza, Felipe, vogal da *Agrupación Socialista Obrera*. Nin bombas nin armas, só a literatura subversiva pintada nas paredes ou impresa en papel delataba a complicidade dos esquerdistas boirenses coa folga revolucionaria. En ausencia de motivos de peso, hai que entender estas detencións como de carácter preventivo ante o temor a que os arrestados propagasen a insurrección. Postos á disposición da autoridade militar, todos os detidos serán levados ao cárcere de Noia, para trasladalos logo a Santiago e posteriormente á prisión d'A Coruña.

Polo que se deduce das noticias facilitadas polas principais cabeceiras da prensa, no resto da bisbarra a mobilización obreira tampouco existiría practicamente. Os feitos máis destacables producíanse en Noia, onde os folguistas da Central Eléctrica do Tambre serían detidos

Felipe Somoza Rebollido, vogal da Agrupación Socialista en outubro do 34. Cedida pola familia

polas forzas da Garda Civil e obrigados a reintegrarse ao traballo baixo vixilancia policial co fin de que a central, abastecedora de enerxía eléctrica da maioría da provincia, seguise operativa. Con todo, as detencións preventivas deberon levar á prisión a moitos directivos das organizacións da esquerda, e incluso, como defende Xesús Santos (2005) para o caso de Rianxo, das agrupacións galeguistas. Como anecdótica, pódese considerar a proclamación do comunismo libertario na veciña Illa da Arousa, prolongada ata que no seu peirao atracou o vapor coas forzas da orde desprazadas dende Vilagarcía que, tras realizar uns disparos intimidatorios, acabarían detendo os membros do comité revolucionario e do goberno nomeado naqueles días.

Das informacións facilitadas por *La Voz de Galicia* (13 outubro 1934), conclúese que nas principais cidades galegas a folga xeral, secundada masiva e pacificamente na maioría dos casos, transcorreu sen incidentes de gravidade, salvo en Ferrol, onde morrían tres persoas,

entre elas o director do periódico socialista *El Obrero,* Angel Mato Peña. Mais, do mesmo xeito que no resto do Estado, exceptuados o caso asturiano e a romántica e frustrada declaración do goberno da Generalitat de Cataluña que, aproveitando a conxuntura, proclamara o Estado catalán dentro da República federal española, non houbo mostra ningunha de verdadeira revolución.

O movemento insurreccional de outubro de 1934, planeado pola ala radical do Partido Socialista, remataba en fracaso, ben porque as masas obreiras non entenderon ou non quixeron entender os postulados revolucionarios, ou ben, caso da cunca mineira asturiana, por derrota militar. En calquera caso, as consecuencias inmediatas para o PSOE e a *UGT*, e mesmo para os republicanos de esquerda, foron enormes: encarceramento para moitos militantes e dirixentes, exilio para outros, clausura das Casas do Pobo, prohibición das súas organizacións, acoso aos sindicatos ou prensa censurada, entre outras. Como deixou escrito nas súas memorias Manuel Portela Valladares (1988:140): *Dejó tras de sí aquello, que fue una revolución prontamente sofocada en Madrid, un trágico ruido sin finalidad en Barcelona y un comienzo de seria guerra civil en Asturias, muchas víctimas, grandes estragos en la economía nacional y descrédito enorme para el régimen republicano ... En el campo de desaliento que ante España se presentaba, dos tremendas llagas incurables habían de manar definitivo mal: el ejemplo perturbador de aquellos republicanos que, sin causa, se alzaron para derribar las instituciones que ellos habían creado y reglado, y la odiosidad de la represión, a veces injusta y siempre carente de sentido político, que detrás vino*. O denominado movemento de Asturias dáballe á dereita argumentos de peso para demonizar aínda máis as opcións políticas de esquerda e cuestionar definitivamente o réxime republicano. A fenda entre uns e outros semellaba insalvable.

A REPRESIÓN TRAS A FOLGA DE OUTUBRO DESMOBILIZA A ESQUERDA BOIRENSE

Adscrita en bloque ao gobernamental Partido Radical, a corporación municipal boirense tratará o tema da folga revolucionaria en distintas sesións plenarias ao longo dos meses de outubro e novembro, sempre para censurala duramente, ao tempo de eloxiar a enérxica actuación do goberno de Lerroux e das forzas empregadas na represión. Ademais, aprobará unha contribución de 250 pesetas á subscrición aberta para recompensar o Exército e a Garda Civil; e outra de 200 pesetas para axudar na reparación dos danos ocasionados en Oviedo. O entusiasmo das felicitacións enviadas ao Goberno Civil será resaltado na prensa conservadora: *El Gobernador Civil* –informaba *El Faro de Vigo* nunha das súas edicións daqueles días– *ha recibido numerosas felicitaciones por la dominación del movimiento revolucionario, que transmite al Gobierno de la República. Entre otras felicitaciones figura una del alcalde de Boiro llena de fervor patriótico.* Á parte da satisfacción pola actuación do Goberno, detrás daquelas entusiastas mostras de apoio das autoridades boirenses estaba seguramente tamén o alivio de entrever, por primeira vez nos máis de tres anos de República, un horizonte libre das mobilizacións e censuras dos socialistas, que vían como os seus centros de Boiro e Escarabote eran clausurados por orde gobernativa, as súas organizacións disoltas, e parte dos seus máis activos elementos encarcerados. A mesma satisfacción deberon experimentar os afiliados do *Sindicato Obrero,* que aparece

nomeado na prensa xunto a varias persoas da localidade –incluído o suposto organizador do sindicato "anarquista" de Escarabote– como adheridos á homenaxe ao gobernador civil d'A Coruña pola súa actuación durante os días da folga.

Paralelamente á desmobilización da esquerda e grazas á ofensiva propagandística efectuada na comarca naquelas datas pola *Juventud de Unión Regional de Derechas (JURD)* de Santiago de Compostela, a dereita non republicana afianzarase en Boiro coa constitución dun centro de mocidades afíns, adscritas á CEDA de Gil Robles. Así se afirma no xornal *El Eco de Santiago* (17 outubro 1934), que tamén fala da creación de centros semellantes en Escarabote e noutros lugares do contorno (A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Porto do Son e Noia). A mocidade vinculada á antirrepublicana e antiesquerdista *Juventud Católica* creada en 1932 por Clemente Moreira, párroco de Santa Baia de Boiro, será a que nutra a militancia do novo partido político que agora se implantaba no concello boirense. Curiosamente, a maioría gardaban relación de parentesco cos membros e valedores da agrupación local do Partido Radical. O programa destas mocidades xiraba basicamente en torno a un exacerbado nacionalismo españolista ("Espíritu español. Pensar en España. Trabajar por España. Morir por España", dicía un dos seus puntos programáticos), un catolicismo militante ("Familia cristiana frente a modernismo pagano") e un feroz antiesquerdismo, xunto á defensa do autoritarismo e a xerarquía ("Los jefes no se equivocan"), e un desprezo polo sistema parlamentario e democrático vixente ("Antiparlamentarismo. Antidictadura. El pueblo se incorpora al Gobierno de un modo orgánico y jerárquico, no por la democracia degenerada").

A principios de febreiro de 1935, apenas pasados tres meses dende que foran impostas as sancións contra as organizacións de esquerda pola folga revolucionaria, celebrábase na sala de xustiza do cuartel de Atocha n'A Coruña o consello de guerra por "insulto a fuerza armada" que os seis interventores e apoderados socialistas boirenses tiñan pendente como consecuencia dos sucesos das eleccións xerais de novembro do 33. Transcribindo literalmente outros anteriores, os informes remitidos dende a alcaldía á xustiza militar volvían coincidir en que todos os procesados eran unha ameaza constante para a paz e tranquilidade do pobo; e que a máxima responsabilidade era de Juanito Somoza, ao que unha vez máis se desacredita por comunista e pola súa conduta pública. A pesar de que o fiscal pedira catro anos de prisión para todos os procesados, finalmente só este último acabará sendo condenado. Mentres os seus camaradas abandonaban a prisión d'A Coruña con destino a Boiro, Juanito o *Chono* será trasladado ao cárcere de Pamplona e, posteriormente, ao penal de El Dueso (Santoña) coa previsión de cumprir a pena de catro anos e un día imposta polo xuíz militar. De nada servirá que a instancias de Consuelo Outeiral, a súa muller, a alcaldía solicitase por acordo plenario ao Tribunal Supremo de Xustiza "la gracia de indulto para el condenado por la jurisdicción de Guerra, D. Juan Somoza Rebollido". Tibia petición que semellaba motivada máis pola presión das sinaturas recollidas a favor da liberdade do carismático e batallador político que polas ganas que as autoridades locais tiñan de velo fóra do cárcere.

Se por un lado o socialismo boirense debía encaixar este novo e duro golpe, por outro, en cambio, volvía ver a luz ante a decisión do Goberno Civil de levantar a suspensión das súas organizacións. Amparados nesta

resolución, a finais de marzo os presidentes da *Unión de Canteros y Oficios Varios* e da Sociedade Agraria *La Fraternidad* solicitaban autorización para o reinicio das actividades das súas respectivas sociedades. Atendendo unha vez máis ás precisas instrucións do secretario Ramón Dios, verdadeiro urdidor da vida pública boirense, o alcalde Benito Calo comunicábase co gobernador (24 marzo 1935) a fin de evitar a amnistía, xa que entendía que a medida sería perigosa *por cuanto su funcionamiento alteraría la paz pública, precisamente ya algo alarmada a partir del anuncio del levantamiento de la clausura de los locales profiriéndose gritos subversivos, y hechos o procedimientos análogos a los usados con anterioridad al 6 de Octubre*. Para dar creto á súa afirmación informaba o rexedor do suceso ocorrido na madrugada dun daqueles días de marzo, no que o destacado dereitista Arturo Noal Alcalde *fue acometido con armas de fuego, interviniendo la Guardia Civil y deteniendo como presunto autor a Antonio Ferreirós, sujeto de pésimos antecedentes a quien siempre se consideró como fiel instrumento de los elementos destacados de dichas sociedades*. Con todo, estes argumentos non foron abondos para que o gobernador civil cambiase a súa decisión de permitir a volta á normalidade das organizacións obreiras da localidade. En consecuencia, coincidindo coa simbólica data do 14 de abril, cuarto aniversario da proclamación da República, un funcionario municipal abría *La Fraternidad*, entregándolle a José Iglesias Peiteado, secretario da *Unión de Canteros y Oficios Varios*, a chave, a bandeira e outras pertenzas da sede socialista. Non sucedía o mesmo co *Centro Obrero de Escarabote*, que, non sabemos por que motivo, seguirá clausurado.

Pero na súa teima por que *La Fraternidad* permanecese inactiva, a alcaldía denunciaba

José Iglesias Peiteado, secretario da *Unión de Canteros y Oficios Varios* en abril do 35. Cedida pola familia

de novo ante a autoridade provincial a actuación dalgúns dos seus afiliados durante a festividade da República. Nesta ocasión, no seu informe (15 abril 1935) a alcaldía alertaba o gobernador de que arredor duns vinte cativos, reunidos no local social, cantaran o "himno soviético"; e de que, posteriormente, un reducido grupo de asociados recorrera a rúa dando gritos subversivos. Ao mesmo tempo, insistía no negativo que para a paz e tranquilidade da localidade era que *La Fraternidad* seguise funcionando. Aínda que de parecida consistencia ao anterior, este novo informe si conseguiría que se fixese efectiva a clausura, pois ao xuízo do gobernador civil, os seus asociados cometeran "excesos subversivos" dos que terían que responder no xulgado.

Non satisfeito coa medida, o goberno local seguirá acosando os afiliados socialistas, que verán como, uns días despois do peche da súa sede, a alcaldía denunciaba ante o gobernador as contratacións nas obras da estrada xeral, asegurando que só beneficiaban

a traballadores de *La Fraternidad* e deixaban á marxe a *elementos que forman parte de otras asociaciones autónomas, de matiz moderado, y de trabajadores que no figuran afiliados a ningún centro de sociedad*.

Con estas e outras medidas coercitivas –multas por ostentar camisas vermellas na vía pública, por exemplo– a paz social volvía a Boiro despois duns tres anos, aínda que a orixe da súa alteración (paro e precariedade laboral, salarios miserables, discriminación no acceso ao emprego, indefensión social, prácticas caciquís en ámbitos como a xustiza ou a administración, etcétera) seguía latente. Nestas circunstancias, a primavera e o verán de 1935 transcorrerán sen máis sobresaltos para as autoridades locais que unha concorrida concentración ás portas do concello motivada polo imposto de consumos, derradeiro e maino rescaldo das conflitivas protestas antifiscais dos primeiros anos da República.

Sometido o belicoso adversario socialista, sen oposición na corporación e coas finanzas saneadas tras rematar as resistencias ao pago dos consumos, o goberno boirense dedicará os seus esforzos a combater a grave crise laboral. As súas preocupacións non só serán a cifra de obreiros parados, que calcula nun medio milleiro, senón tamén o crecente número de pequenos agricultores que, afectados polas escasas colleitas e a desvalorización do gando e a madeira de piñeiro, necesitaban dun xornal que complementara a súa débil economía. As autoridades locais eran conscientes de que se non se atopaba solución ao problema, o descontento popular podería derivar en explosións de violencia, nunha localidade considerada nos informes oficiais como das de maior grao de conflitividade da provincia d'A Coruña. Por tal motivo, iniciábanse os trámites para sacar adiante a realización dunha serie de obras menores, como pontes, fontes e arranxos en camiños, así como tamén outras de maior fuste, caso dos peiraos d'O Bodión e Cabo da Cruz. E era recibida con moita satisfacción a noticia da aprobación polas autoridades portuarias do proxecto do peirao de abrigo de Escarabote. Con estas e outras medidas pretendíase evitar que se agravase a crise e se producisen as explosións de violencia e alteracións da orde que tanto lle preocupaban.

O socialismo boirense tería que agardar arredor de medio ano dende a última represalia gobernamental para volver oficialmente á vida pública. A súa reorganización pasará pola renovación das directivas en cada unha das entidades con sede en *La Fraternidad*, previa convocatoria de xuntas xerais extraordinarias. A *Agrupación Socialista Obrera*, que agrupaba os máis implicados elementos da esquerda, celebraba a súa a finais de novembro, resultando elixida unha directiva cuxo núcleo estará composto por familiares do líder preso Juanito Somoza. O presidente será o seu cuñado Juan Outeiral Outeiral, próspero industrial, católico practicante e un dos asinantes da solicitude de legalización da Agrupación Republicana de Boiro, ao que as circunstancias encamiñaran polo socialismo finalizando 1933. Os cargos de vicepresidente, tesoureiro e revisor de contas recaerán, respectivamente, nos seus irmáns Victorino, Felipe e Ramón, e o de vicesecretario no seu fillo maior Antonio. Completaban a directiva Manuel Brión Suárez, no cargo de secretario, os vogais Agapito Torrado Hermo, Gabriel Ozores Fernández e Marcelino Castro Gallardo e, como revisores de contas, Daniel Sánchez Hermo e Luís Silva Triñanes. Ao tempo que as organizacións socialistas –exceptuando *El Centro Obrero* de Escarabote– ían normalizando a súa actividade, novas entidades vinculadas á esquerda darán os primeiros

pasos cara a súa constitución. Era o caso da agrupación municipal de *Izquierda Republicana,* promovida por José Martínez Virel e Rodrigo Álvarez Gantes, ambos mestres en Escarabote; e a de Unión Republicana, nacida por iniciativa doutro mestre, José Caballero Rubio, destinado na escola de Triñáns. Socialistas e republicanos boirenses coincidirán no mitin que o ex ministro Santiago Casares Quiroga celebraba en Noia rematando novembro.

A principios de decembro o goberno da República encabezado por Joaquín Chapaprieta, e integrado por ministros do Partido Radical, CEDA, Lliga Catalana e Partido Agrario, entraba en crise. Para solucionala, o presidente Alcalá Zamora acabará por darlle a responsabilidade de formar un novo goberno ao galego Manuel Portela Valladares, obviando a opción do cedista Gil Robles a pesar de que este, amparado na súa maioría parlamentaria, reclamaba tal responsabilidade. O día 7 de xaneiro de 1936, unha semana despois de ser nomeado presidente, Portela Valladares tramitaba os decretos de disolución das Cortes e da convocatoria de novas eleccións xerais, que quedarán fixadas para o 16 de febreiro. O período de goberno dirixido polos republicanos radicais de Lerroux en colaboración cos conservadores católicos da CEDA de Gil Robles dábase por concluído.

Juan Outeiral Outeiral, presidente electo da Agrupación Socialista en novembro do 35. Cedida pola familia

Para os socialistas boirenses a lexislatura radical-cedista que agora remataba resultara nefasta. Iniciárase con varios dos seus membros encarcerados polos sucedido nas eleccións xerais do 33, e rompendo definitivamente a alianza co grupo político de Jesús Vázquez, a súa conexión na corporación municipal. En desvantaxe cos sindicatos amarelos, experimentarían continuos atrancos para atopar emprego; e, tras a folga revolucionaria de outubro do 34, varios dos seus máis significados elementos acabaran en prisión, os seus centros pechados e as súas organizacións disoltas por orde gobernativa. Ademais, o seu líder Juanito Somoza fora condenado en consello de guerra a varios anos de prisión. Todas estas circunstancias limitarían ao máximo a súa capacidade de mobilización e reivindicación, ao tempo que desalentaban a moitos dos seus afiliados, que optarán por claudicar e darse de baixa ante o temor ás represalias. Pódese afirmar, en definitiva, que para o socialismo boirense o bienio radical-cedista resultou ser un verdadeiro bienio negro.

Pola súa parte, para a dereita fora un período de sentimentos enfrontados: por un lado, a tráxica perda do influente e discreto líder político José María Gómez Gorordo supuxera

Marcelino Castro Gallardo, vogal da Agrupación Socialista en novembro do 35. Cedida por Marcelino Castro Gallardo

un golpe enorme; pero, por outro, este suceso provocaba a unión definitiva dos dous grupos da corporación municipal, ata pouco antes desa data irreconciliables adversarios, así como o achegamento entre as distintas familias conservadoras da localidade. Ademais, o goberno local, aínda que con moito esforzo, lograba durante este período volver ter o control da vida pública do concello, circunstancia que non se dera practicamente dende o verán de 1931.

Un e outro bando depositarán todas as súas esperanzas e enerxías nas eleccións que a partir do 16 de febreiro ían configurar as terceiras Cortes da República.

FONTES DA INVESTIGACIÓN

Fontes hemerográficas: *ABC* (Madrid) / *Acción Socialista* (A Coruña) / *Diario de Galicia* (Santiago)/ *El Compostelano* (Santiago)/ *El Correo Gallego* (Ferrol)/ *El Eco de Santiago* / *El Faro de Vigo*/ *El Heraldo de Madrid*/ *El Ideal Gallego* (A Coruña)/ *El Obrero* (Ferrol)/ *El País* (Pontevedra)/ *El Pueblo Gallego* (Vigo)/ *La Lucha* (A Pobra do Caramiñal)/ *La Voz de Galicia* (A Coruña)/ *La Zarpa* (Ourense).

Hemerotecas: Biblioteca Municipal de A Coruña/ Biblioteca Nacional (Madrid)/ Biblioteca Provincial de Pontevedra/ Biblioteca Provincial de A Coruña / Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela / Fundación Pablo Iglesias (Madrid)/ Hemeroteca de *El Ideal Gallego*/ Hemeroteca dixital de *La Voz de Galicia*/ Instituto Padre Sarmiento (Santiago)/ Museo de Pontevedra/ http://www.bne.es / http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/ http://prensahistorica.mcu.es.

Fontes arquivísticas: Libros de actas do pleno. Concello de Boiro. (1930-1936)/ Libro rexistro saída de comunicacións. Concello de Boiro. (1930-1936)/ Correspondencia e diferente documentación do concelleiro Jesús Vázquez Rodríguez/ Correspondencia e diferente documentación de Bernardino López Romero.

Arquivos: Archivo de las Cortes Generales (Madrid)/ Archivo General de la Administración (Madrid)/ Archivo del Tribunal Militar Territorial IV (A Coruña)/ Archivo de la Zona Marítima del Cantábrico (Ferrol)/ Arquivo da Deputación Provincial da Coruña/ Arquivo Histórico Provincial de Lugo/ Arquivo Municipal de Boiro/ Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña)/ Arquivo do Xulgado de Paz de Boiro/ Ateneo Republicano de Galicia (A Coruña).

Fondos documentais particulares: Ramón Blanco/ familia de Manuel Brión Suárez/ familia de Benito Calo Beade/ herdeiros Elena Casáis Pardiñas/ Jesús Fabeiro/ familia de José Iglesias Peiteado/ familia de Javier Lago Briones/ Justo Cortizo Sóñora/ herdeiro de Bernardino López Romero/ herdeiros de Manuel Martínez Vidal/ familia de Juan Outeiral Outeiral/ familia de Arturo Siera Alonso/ Ramón Somoza Outeiral/ familia de Felipe Somoza Rebollido/ herdeiros

de Guillermo Torrado Jáudenes/ herdeiros de Jesús Vázquez Rodríguez.

Entrevistas persoais: Antonio Armental Romero (membro da Juventud Católica)/ Ángel Carbajosa Maestre (membro da Juventud Católica)/ Marcelino Castro Gallardo (afiliado do sindicato *La Fraternidad* e activista da Agrupación Socialista Obrera)/ Mercedes Fernández Fernández (vinculada co sindicato *La Fraternidad*)/ Juana Martínez del Río (filla de Manuela del Río, estreita colaboradora do sindicato La Fraternidad e o semanario socialista *La Lucha*)/ Ermitas Martínez Romero (veciña e amiga da familia do doutor e xefe político José María Gómez Gorordo)/ José Iglesias Peiteado (directivo sindical e concelleiro da Fronte Popular en 1936)/ Manuel Piñeiro Vidal (membro da Juventud Católica)/ Rita Romero (filla do concelleiro pola FRG e Partido Radical Juan Romero Vidal)/ María Sánchez Rodríguez (sobriña do concelleiro pola ORGA-PRG e Partido Radical Jesús Vázquez Rodríguez)/ Vicente Soler Sobradelo (familiar do funcionario municipal Vicente Sobradelo Aydo)/ Ramón Somoza Outeiral (fillo de Juanito Somoza, líder socialista e alcalde da Fronte Popular en 1936)/ Evarista Torrado Gómez (filla de Guillermo Torrado Jáudenes, ex-alcalde da ditadura de Primo de Rivera)/ José Vidal Mariño (fillo do concelleiro pola FRG e Partido Radical José Vidal Ozores)/ Ermitas Yañez Rey (sobriña do funcionario municipal Pepito Rey Eiras).

BIBLIOGRAFÍA:

Agrafoxo, X. (1993): *A Segunda República en Lousame e Noia. Radiografía dunha época.* Lousame: Edicións do Concello de Lousame.

Arrarás, J. (1965): *Historia de la Segunda República española*. Madrid. Editora Nacional.

Bernárdez Sobreira, A. e Cabo Villaverde, M. (1997): *Poder local e asociacionismo campesiño na II República: Unha análise microhistórica;* en *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*. Santiago de Compostela: USC.

Bizcarrondo, M. (2008*)*: *Entre la democracia y la revolución, 1931-1936*; en *Historia de la UGT. Vol. III*. Madrid: Siglo XXI de España Editores, S. A.

Cambó, F. (1991): *Discursos Parlamentarios (1907-1935)*. Barcelona: Ed. Alpha.

Carr, R. (1985): *Estudios sobre la República y la guerra civil española*. Madrid: Sarpe.

Comoxo, X. e Santos, X. (2006): *Saúde e República (Rianxo 1930-1936).* Rianxo: Concello de Rianxo.

Cores Trasmonte, B. (1978): *O libro negro da Galicia electoral.* Santiago de Compostela.

Cores Trasmonte, B. (1983): *Ramón Suárez Picallo. Socialismo, galleguismo y acción de masas en Galicia*. Sada: Ediciós do Castro.

Del Rosal, A. (1984): *1934: El movimiento revolucionario de octubre.* Madrid: Akal Editor.

Durán, J. A. (1972): *Historia de caciques, bandos e ideologías en la Galicia no urbana (Rianxo 1910-1914)*. Madrid: Siglo XXI de España Editores, S. A.

Galindo Herrero, S. (1956): *Los partidos monárquicos bajo la Segunda República*. Madrid: Ediciones Rialp, S. A.

García, X. L. (1978): *Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte. Discursos Parlamentarios (1931-1933).* Sada: Ediciós do Castro.

Gil Pecharromán, J. (1996): *La Segunda República. Esperanzas y frustaciones.* Madrid: Historia 16.

González Probados, M. (1983): *Movemento obreiro e socialismo. A Coruña, 1931-1933*. Sada: Ediciós do Castro.

Grandío Seoane, E. (2004): *Política e provincia. A Deputación da Coruña na II República*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.

Grandío Seoane, E. (1998): *Los orígenes de la derecha gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)*. Sada: Ediciós do Castro.

Grandío Seoane, E. (1999): *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República*. Vigo: A Nosa Terra.

Fernández Prieto, L. et al (coordinadores) (1997): *Poder local, elites e cambio social na Galicia non*

urbana (1874-1936). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Padilla Bolívar, A. (1988): *1934: Las semillas de la guerra.* Barcelona: Editorial Planeta.

Pereira, D. (1998): *Sindicalistas e rebeldes.* Vigo: A Nosa Terra.

Pereira, D. (Coord.) (1992): *Os conquistadores modernos. Movemento Obreiro na Galicia de anteguerra.* Vigo: A Nosa Terra.

Portela Valladares, M. (1988): *Portela Valladares. Memorias.* Madrid: alianza Editorial.

Robledo, R. (2008): *La Reforma Agraria de la Segunda República española: Ideas y hechos*, en *XV Encuentro de Economía Pública*. *Políticas públicas y migración.* Salamanca.

Rodríguez Lago, J. R. (2013): *La Iglesia Católica y la II República española. Resistencias, progresos y retos pendientes*; en HISPANIA NOVA. Revista de Historia Contemporánea. Número 11 (2013) http://hispanianova.rediris.es

Rodríguez Lago, J. R. (1997): *Sociología y comportamientos políticos del clero parroquial en la Galicia rural (1898-1936)-Una propuesta metodológica y su aplicación en los municipios de Cotobade, Cerdedo, Forcarei y A Estrada*; en *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*. Santiago de Compostela: USC.

Rodríguez Gallardo, A. (2003): *Memoria dos últimos días da II República en Boiro*. Boiro: Concello de Boiro. Cadernos Culturais, nº 3.

Rodríguez Gallardo, A. (2005): *Asociacionismo político e sindical no Boiro da II República;* en A II República e a Guerra Civil na bisbarra da Barbanza*.* Porto do Son: Concello de Porto do Son. Actas das III Xornadas de Historia e Cultura.

Ruíz, D. (1988): *Insurrección defensiva y revolución obrera. El octubre español de 1934.* Barcelona: Labor Universitaria.

Silva Ferreiro, M. (1938): *Galicia y el Movimiento Nacional*. Santiago de Compostela: Seminario Conciliar.

Tamames, R. (1976): *La República. La Era de Franco*. Madrid.: Alianza Editorial-Alfaguara.

Tuñón de Lara, M.: El movimiento obrero en la historia de España (II), 1986.

Velasco Souto, C. F. (2000): *Galiza na II República*. Vigo: A Nosa Terra.

VIllaverde García, E. (1995): *Heroes e mártires. A Segunda República e a Guerra Civil no Barbanza*. Santiago de Compostela: Tórculo.

Na nebulosa do Anxo: Loaira *revisitada*

Manuel Castelao Mexuto

Desengánese o lector. Non é posíbel falar do Ballesteros como merece nestas páxinas. Precisaría unha capacidade que non teño e un tempo ilimitado para desagregar a inmensa riqueza da súa obra. Ballesteros é unha nebulosa, a nebulosa do Anxo, e nela o viaxeiro pode perderse, até extraviarse. É posíbel percorrer esa nebulosa en múltiples direccións e eu fixen recentemente unha viaxe case completa, mais podería recomezar moitas veces sen nunca aborrecer.

Para alén disto, falar do Ballesteros envolve e esixe polo en posición de obxecto, construír un discurso para tratar dese obxecto que eu contemplo á distancia, con rigor analítico, e caer en todas as aporías da crítica literaria convencional, que intervén nos textos como unha forza de ocupación, e toma, digamos, militarmente, o seu obxecto, que neutraliza a obra e a deseca ao disecala.

Eu non querería ser apañado nesa rateira, mais as intencións nada poden cando se entra no labirinto da linguaxe. Talvez consiga construír unha aproximación cómplice, un falar *co* Ballesteros en lugar de falar *do* Ballesteros ou talvez non. Tenteino e tentareino, mais, para tal, preciso un punto de partida. Todas as nebulosas parecen ter no seu corazón un buraco negro, do cal xurdiron e onde poden acabar. Eu creo que a novela en que o Anxo traballou durante case dez anos (entre 1979 e 1988), *Loaira,* publicada en 1992, pode ser o meu punto de partida e o meu guieiro para a nebulosa do Anxo.

Ía escribir que *Loaira* é a mellor novela galega do S. XX –e do XIX, porque pouco se desenvolveu a narrativa nese século–, mais xa me vén á cabeza unha das publicacións póstumas do Ballesteros, debida aos infatigábeis coidados de María Xesús Armada, o libro sobre Maurice Blanchot *Presenza dunha ausencia,* e, en particular, o que nel se di sobre a relación fratricida entre as obras literarias dentro da Biblioteca Universal, ou entre os cadros no Museo.

Resumirei o razoamento do Anxo: toda a obra literaria, até unha considerada "clásica", pode ser escurecida retroactivamente por outra obra posterior que arrastre unha mudanza na orientación do gusto literario e veña ocupar o lugar da anterior no que agora chaman o canon. Mais, ai!, entón, cada libro ocupa só de forma interina o lugar do libro que destronou no aprecio literario, porque unha nova obra virá destronalo a el e, desta maneira, o libro primeiramente deposto consumará a súa vinganza sobre o obra usurpadora que o destronou, como o espectro do pai de Hamlet fixo de forma diferida co seu irmán e asasino Claudius.

En *Presenza dunha ausencia* está o xerme de *Tempo e vinganza* (2003), onde o Anxo analiza a temporalidade e ve no tempo linear, mecánico, propio do capitalismo unha tiranía onde a comunidade (a experiencia da comunidade) se disolve e o que é perece na pugna por se afirmar fronte ao que xa foi e fronte á súa irremisíbel aniquilación por parte do futuro que aínda non é. O Anxo describiu moi ben a oposición entre este tempo fóra dos eixos, o tempo do non dar sido, o tempo que nos mata, e un outro tempo, o do con-crecer común dos seres humanos, na súa excepcional interpretación do *Hamlet* de Shakespeare, obra –a do Anxo– que só está á espera dunha tradución para o inglés de modo a encontrar o eco que merece.

Escribo isto e vénme á memoria a singular capacidade que o Anxo tiña, na súa persoa e na súa vida, para se subtraer á dimensión letal

da temporalidade, pois del podemos dicir que era a encarnación do que dicía. Se o amigo non o sabía acompañar nesa eternidade de tantos instantes, era mellor partir, porque con el non se podía ter presa. Pensaba e falaba co corpo, o seu ser tamén era a súa obra e por iso o lembro como un astro que cruzou maxestoso o ceo das nosas vidas...

Regreso á miña convicción de que *Loaira* é a mellor novela galega do S. XX. Afírmoo agora sen matices porque a relación dese texto co pasado non é fratricida, por *Loaira* ser rigorosamente incomparábel: non veu ocupar a cadeira de ningunha obra anterior, eclipsándoa ou apagándoa (non tiña precedentes), nin se preocupa con que outra obra veña ocupar o seu lugar –o propio Anxo só volve escribir como en *Loaira* nun conto, "A morte busca a Tigre", de *A sombra do teus soños* (1998). En fin, a de *Loaira* é unha escrita soberana por non ter ataduras no tempo. Libérrima ou, mellor, libertadora.

A MODERNIDADE DE *LOAIRA*

A verdade é que eu non quererría ter que me preguntar tan cedo pola posición do Anxo na historia literaria. Decorreron dez anos desde a súa morte, pouco ou moito, segundo se ollar e se vivir, mais xa se contan vinte e seis anos desde a publicación de *Loaira*.[1] Iso ten unha vantaxe: permite ver a novela de forma moi diferente a como foi vista cando da súa publicación.

Relín as reaccións ao libro naquel tempo, non, a reacción, pois só o finado González-Millán, honra lle sexa feita, elaborou unha lectura, e este silencio da crítica, alén de ser un escándalo, é a proba do nove da singularidade de *Loaira* na literatura galega. No estudo de González-Millán, choca hoxe a súa insistencia na "modernidade" da obra. El, ademais, expresábase coa terminoloxía esotérica que tocaba no paradigma universitario da altura e iso vela a moita riqueza da súa lectura, en lugar de a tornar máis intelixíbel.

Escribiu: "*Loaira* apoiase nunha gramática abertamente interrogativa e inestable; e oponse a unha concepción narrativa pechada e articulada en torno a unha xerarquía discursiva, representada polo modelo da novela realista clásica na que a voz extradiexética impón a súa propia lectura da realidade ás demais voces intradiexéticas mediante a metalinguaxe narrativa propiamente dita. Na novela de Rei Ballesteros as instancias discursivas dialogan frontal e constantemente, impedindo que ningunha delas se faga co control da economía narrativa."[2] En suma, González-Millán quere dicir que *Loaira* é un texto radicalmente "moderno".

Porén, en tal énfase había moito de interpretación desfocada, a meu ver, da gran narrativa do XIX; quere dicir, non colle adelgazar a distancia entre a novela do S. XIX e a do S. XX, en especial coa variante desta máis caracterizadamente modernista,[3] mais tamén se tornou obvio que a visión tradicional da narrativa do XIX como dominada por unha omnisciencia *naïf* non está certa. Non hai omnisciencia *naïf* e as formas da ironía e os

[1] Lamentamos a morte, neste 2018, de Maribel Soto, última dedicataria viva da novela, pois Xoaquín García Marcos xa nos deixara hai tempo. Maribel conservou e transmitiu con xenerosidade a María Xesús Armada as páxinas inéditas do Ballesteros sobre Blanchot. Lembramos Maribel e lembrarémola, como á súa irmá, a actriz Marisa Soto, grande entre as grandes.

[2] X. González-Millán: "*Loaira*: A cartografía dun texto labiríntico", *Grial*, nº 127 (1995), p. 346.

[3] Utilizo o termo no sentido habitual fóra de España, i.e., como sinónimo de "vangardista".

procedementos autorreflexivos presentes na narrativa do XIX afastan calquera entendemento inxenuo da relación entre a arte e o mundo, mesmo se, por comparación, a desintegración da unidade da experiencia e do suxeito na novela do XX é innegábel.

Velaí, a meu ver, a diferenza verdadeiramente relevante: no S. XX o mundo deixa de facer sentido e o suxeito escacha. E así, *Loaira.* Ora, por tras da subvaloración da complexidade estética da narrativa do XIX bole o prexuízo, calcado do progreso científico-técnico, que facía ver a historia da arte como unha liña ascendente, na cal a novela do XX "superaba" a novela do XIX. Con certeza, existe progreso na cultura, mais non linear e tamén non envolve unha revocación do pasado. É, antes, unha espiral, como ben viu o primeiro romanticismo na Alemaña.

Digo que choca a énfase na "modernidade" de *Loaira* e mesmo a preocupación do Anxo por construíla como "obra aberta",[4] porque, na actualidade, *Loaira* xa nos aparece como un clásico en sentido forte e, por tanto, tórnase desnecesario subliñar o seu carácter subversivo, pois un clásico, na brillante fórmula de Italo Calvino, é un libro que nunca termina de dicir o que ten para dicir.[5]

A NOVELA DE COMPOSTELA

Poderiamos facer un gracexo fácil e apuntar que *Loaira* ten aínda moito para dicir, ten para dicir... todo, porque, na verdade, pouca xente a leu. Basta ver a lapela da edición orixinal (e única), onde se advirte que os protagonistas de *Loaira* son os mesmos de *Dos anxos e dos mortos.* Este disparate da editorial Galaxia inzou pola Internet e é agora imposíbel ver unha sinopse de *Loaira* que non o repita acriticamente, en nova mostra do coñecido –e terríbel– poder proliferante do desleixo.

Loaira e *Dos anxos...* comparten a localización fundamental: Compostela e o ambiente dos estudantes universitarios, máis preocupados por viviren e mudaren o mundo do que por estudaren, como era común entre o xuventude "conscienciada" da altura. Porén, a similaridade para niso e no sentimento de opresión que experimentamos todos na Compostela do tardofranquismo, "Cidade Espectral da Morte" –di *Loaira* (L74).[6] Con termos, máis coloquiais, de *Dos anxos,* "ás veces penso que aquí só nos quedan dúas solucións: ou estoupar por dentro ou rebentar cara a afora" (A51). Diferente é o caso de *Non sei cando nos veremos* (2005), onde si reaparecen personaxes de *Loaira* como Marcial "O pacífico" –así alcuñado pola súa radical negativa a facer o servizo militar, entón obrigatorio– ou localizacións como a Ofiusa Libertaria.[7]

Dos anxos e dos mortos, en comparación con *Loaira,* foi mellor comprendida, mais a recreación da Compostela estudantil do

[4] Vén ao rego facer resoar o título do influente libro de Umberto Eco, publicado en 1962, porque moitas das súas reflexións son aplicábeis a *Loaira*. Non por acaso levaba o subtítulo "Forma e indeterminación nas poéticas contemporáneas". Vid. *Obra aberta*, São Paulo, Perspectiva, 1976.

[5] Italo Calvino: *Por que ler os clássicos*, trad. N. Moulin, São Paulo, Companhia das Letras, 2ª ed. 4ª reimp., 2007, p. 11.

[6] Utilizaremos chaves ben simples para as citacións: L: *Loaira* (Vigo, Galaxia, 1992). A: *Dos anxos e dos mortos* (Vigo, Galaxia, 1991, 2ª ed. Citamos por esta edición, a última publicada en vida do autor, aínda que a obra fora editada por Castrelos en 1977). T: *Tempo e vinganza* (Vigo, Galaxia, 2003). P: *Presenza dunha ausencia* (Rianxo, Axóuxere, 2013). U: *Urda e mundo* (Fundación CaixaGalicia, 2008). Cando fixermos unha emenda por obvia errata, irá entre parénteses rectas –na edición orixinal de *Loaira* houbo moita incuria.

[7] Marcial ten moita presenza en *Non sei cando nos veremos* (Vigo, Galaxia, 2005), mais aparecen esporadicamente a Brigit (p. 84), Mauro Vilas e Xurxo Bugallal (p. 86). A Ofiusa Libertaria é descrita na p. 84.

tardofranquismo atinxe en *Loaira* unha altura e unha complexidade impar. É a diferenza entre un escritor que se anuncia, que se revela e un mestre na arte da narración. E, paradoxalmente, dá a sensación de que *Loaira* caeu no esquecemento, como mostra o estar indispoñíbel nas librarías ou en formato dixital.

Circunstancia máis chocante aínda se se reparar en que os agora sesentóns vemos inmortalizado en *Loaira* un mundo moi recoñecíbel e unhas experiencias que foron as nosas no amor, na política, no falar, no ler, no pensar, no beber e no foder. Acontece con *Loaira* un fenómeno característico doutras grandes novelas: sendo dun lugar e séndoo moito, tórnanse universais. Exemplo típico: o *Ulises* de James Joyce. Aquel lugar, Dublín, é o Santiago de *Loaira,* unha Compostela ben real e, ao mesmo tempo, parcialmente imaxinaria.

Talvez a dimensión máis espectacular desa reinvención de Santiago se localice no curso do río Saramela polo interior da cidade, cun fermoso meandro na curva que contorna a entrada da Alameda, na Porta Faxeira, onde un picheleiro coma min non ten ningunha dificultade para imaxinar o río, obvio irmán do Sarela e o Sar, e ver as barcas, os barqueiros e as mozas que o Anxo ben describe. Non custa nada unir os bares, rúas e discotecas descritas, en moitos casos co seu nome real, coas barcas a navegar ese río. Hai frases memorábeis, de pedraiano sabor, dedicadas a Compostela, "aldea universal (grande nave de pedra encallada na altamar da eternidade; solemnemente [L287/288] varada baixo a choiva)".

Respecto do tempo, aquel día ou as dezaoito horas do *Ulises* tórnanse en *Loaira* unha duración moito máis alargada, pois as retrospeccións lévannos anos atrás, mais o que interesa, deste punto de vista, é que o fondo da Ditadura de Castillo –con intelixente recusa dun atarse á de Franco ou sequera acoller o seu nome– e a opresión ditatorial en que reciben sentido os acontecementos non se extingue na novela, como non se extinguiu a dominación que denuncia. *Loaira* saíu do prelo en 92, cando xa fora instaurado o actual sistema político, mais a democracia non chegou a *Loaira,* aínda que xa aparecen os M.M.M., "medios de manipulacións de masas" (L184), prontos a dirixir o ollar e a vontade dos individuos no sentido máis conveniente para a reprodución do poder.

UNHA NOVELA POLÍTICA

Quero subliñar un aspecto, a meu ver, neglixenciado: *Loaira* é unha novela radicalmente política, mais non vulgarmente "política", interesada ou redutora. Por exemplo: para subliñar a violencia ligada á privación das liberdades característica da Ditadura, o capítulo inicial ("Introducción") ben esclarece que a novela só se pode publicar na Holanda e insiste nas precaucións adoptadas para protexer os personaxes, todos alegadamente reais, con nomes falsos, "sen unha soa excepción" (L13). Máis rechamante aínda é a violencia desatada que exercen os Corpos Represivos (L457), i.e., a policía castillista, omnipresente na novela e campante na tortura e no disparo, non apenas contra os obreiros (en vaga alusión aos mortos de Ferrol en 72), mais tamén contra os estudantes.

Este compromiso radical atravesa toda a obra do Anxo, porque, como non podía ser doutro modo, a súa preocupación coa memoria viva da comunidade envolve tamén a memoria histórica, até o punto de *A noite do moucho* e outros textos actualizaren unha e outra vez a famosísima cuestión do Adorno:

que sería da arte se rompese coa "memoria do sufrimento acumulado"?[8] En *Loaira,* ten unha presenza punxente no referido á figura de Arturo Lens, profesor da facultade de Económicas de Santiago, morto, "suicidado", ás mans da policía política castillista.

Xurxo Bugallal tenta rescatar a súa memoria na forma dunha novela que nunca consegue escribir. Ese "frustrado dó" (L16) de Arturo Lens deixa o seu lugar á historia efectivamente contada, co título *Loaira,* de Salgado Rebolledo, Mauro Vilas e o propio Xurxo, cuxa morte ecoa a do amigo Arturo Lens que quería homenaxear. Toda a literatura se compón con materia íntima e iso é moito perceptíbel na recorrente presenza do Arturo Lens no percurso de Xurxo Bugallal: "queríao resucitar, iso era o que eu quería; queríao re-suscitar transfigurado en min e a través da palabra do meu libro." (L404)

O vínculo Arturo Lens-Xurxo asume outra forma na reacción do Mauro ás mortes de Salgado Rebolledo e Xurxo Bugallal, mesmo se isto non está contado (o Xurxo xa morreu) e temos que o deducir. Tócalle a Mauro transcribir a novela de Xurxo –a partir das páxinas que coleccionou a Patricia, amiga do Xurxo, no lugar onde foi atropelado– e é como se esa lectura provocase no Mauro a definitiva radicalización que o leva a abandonar a súa vida de avogado no escritorio paterno, perder os dentes ás mans da policía política e, despois de entregar a novela do Xurxo ao editor, a perecer no incendio accidental dunha discoteca holandesa, inspirado no que tivo lugar na rúa Alcalá de Madrid en 1983, onde morreu unha persoa próxima do Anxo.

Na novela, el soubo construír unha tensión moi eficaz entre dúas forzas: a omnipresenza da opresión política, da carencia de liberdades, o inmenso poder do poder, onte e hoxe, en oposición co afán libertario dos protagonistas da novela, entregados a unha desmesurada exploración do posíbel, convictos de que os tiranos que os gobernan non pasan de constructos, no sentido de ficcións ruíns, de artefactos precarios, moito máis débiles do que parecen.

DO AMOR E DO DESEXO

No entanto, *Loaira* tamén é unha gran novela de amor, mesmo se non se conta, na verdade, ningún namoro tradicional, a menos que se interprete como a paixón pola Señora con maiúscula, i.e., a Galiza. Sen irmos, de momento, por aí, tórnanse inesquecíbeis os amores e paixóns de Brigit, de Mauro Vilas, de Salgado Rebolledo, de Amalia e Mauro, María Antonia, Liberata, Carmen María Paula, até o punto de os encontros eróticos que se narran seren unha verdadeira delicia para o lector.

Escollo só un exemplo, eventualmente chocante. Brigit –con alegado nome civil Ana García Fontao (L364), mais todos a coñecen como Brigit– é a *maîtresse-à-aimer,* quere dicir, quen mellor ilustra a filosofía do amor na novela, talvez por contar uns aniños máis que os outros personaxes –ten 25, traballa como tradutora e dispón de máis diñeiro. Por iso, paga a renda dun antigo muíño, ao pé do río dos Sapos,[9] transformado polos estudantes no que hoxe se diría un "espazo alternativo", a Ofiusa Libertaria. "Ofiusa", un dos posíbeis nomes do país na antigüidade, encóntrase na

[8] T. W. Adorno: *Ästhetische Theorie* [1970], Frankfurt am Main, Suhrkamp, 1990, p. 387.

[9] Outra designación, moito picheleira e usada en *Loaira*, para o río Sarela.

Ora maritima de Rufo Festo Avieno[10] e, por tanto, "Ofiusa Libertaria" quere dicir "Galiza libertaria".

O Mauro anda a cismar, deprimido, porque a Ofiusa decaeu a abeiro de fodedores ocasionais e parece un "club" (L220-1) recreativo sen calquera actividade propiamente política. Entón, a Brigit, para lle mostrar a complexidade da experiencia humana e o plurais que poden ser os camiños da emancipación, pouco a pouco vai seducindo o Mauro e, cando están en plena práctica erótica, desafíao para que comece a lembrar, ao mesmo tempo, as súas experiencias con outras rapazas, na convicción de que ela será quen de descubrir cal moza visita a memoria do Mauro.

Que anda por baixo deses xogos eróticos? Algo que choca a visión convencional do amor. Face á idea de o vivirmos en primeira persoa, posesiva e privadamente, o Anxo dános unha concepción do amor como experiencia que abala a identidade do individuo, ten unha dimensión transpersoal[11] e funde os límites entre os seres (os lectores máis voraces estarán a pensar en Georges Bataille, mais o Anxo non se limita a ilustrar Bataille). O que, nesa práctica erótica, parecería infidelidade escura ábrenos a unha fidelidade máis fonda, pois o esencial é que se ama, nunha muller ou nun home, todas as mulleres ou todos os homes e así cada muller será sempre en cada encontro apaixonado unha muller diferente e cada home un home diferente (L257) no proceso universal do amor. Tal enerxía comunicante chega a apagar os límites entre a humanidade e o non-humano: nos tempos aurorais do amor entre Amalia e Mauro, iso "espertaba nel unha capacidade descoñecida para poder comunicar poeticamente coas persoas e as cousas máis dispares" (L469), nomeadamente, a natureza.[12]

Nos explícitos termos de *Tempo e vinganza,* "o verdadeiro amor sería, pois, a repetición diferenciada, en cada caso concreto, dunha experiencia común e orixinaria; común a tódolos amantes que no pasado, no presente e no futuro, estiveron, están ou estarán reciprocamente namorados. Ten que haber, por tanto, unha esencial contemporaneidade orixinaria entre tódolos amores actuais, anteriores e posteriores" (T28). O mesmo acontece cando Brigit e un dos seus namorados se dedican a "capturar espíritos" nos seus amantes (L386-7).

TRANSNACIONALISMO

Porén, a dimensión erótica, onde a personaxe de Brigit sobrancea, tamén é unha historia de amor á Galiza, até o punto de termos en *Loaira* a gran novela da paixón por este país noso, na forma do que eu chamaría un transnacionalismo. Cos termos da novela, "se este fose un país normal, eu, podes estar segura de que non che sería nada galeguista. Con ser galego chegábame de abondo." (L294) Ou indo un paso para alén: "a min, cando, de pequeno, escoitaba falar ó meu avó, dábame a impresión, como cho hei dicir... a evidencia... cáseque palpable... de que Galicia (...) *era realmente.* (...) Para o meu avó Galicia, antes ca unha representación mental, eu creo que foi unha experiencia,

[10] Vid. Ana Mª Suárez Piñeiro: "Galicia en la *Ora Maritima* de R. F. Avieno?", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XLIX, fasc. 115, 2002.

[11] O termo está presente na novela para describir a comunicación entre o capitán, primeiro amor da Brigit, e os seus soldados: "Brillaba, inmenso e transpersoal[,] no medio dos seus soldados coma o mar entre as repetidas ondas ou coma o ceo entre as múltiples estrelas nas noites deleiradas do verán." (L368).

[12] Isto explica o sentido último das escenas de zoofilia no relacionamento entre Fernando Luaces (entón, Antonio García Mouriño) e a brasileira Liliana que talvez chocaron algúns lectores de *Non sei cando nos veremos*.

unha auténtica 'experiencia'" (L94, énfase do Anxo), "coma se Galicia falase a través del. Un amor no que el vivía" (L93).

Na novela, isto está elaborado, sublimado e ironizado de varias formas: por unha parte, na historia da princesa Loaira que Brigit conta a Mauro no curso do seu inspirador encontro. Así, a princesiña, "a máis linda rapariga que a ollos humanos lles fora dado nunca contemplar e a lídima herdeira do trono da nación" (L246), perseguida polo tirano estranxeiro Malvar, chega á recuada aldeíña onde moran Xan e Pericán. Os dous irmáns viven con ela horas inesquecíbeis. Pasan os anos, a princesiña desapareceu, mais os irmáns soñan con ela e inician unha procura que os conduce a unha reveladora aprendizaxe do amor, á maneira de Brigit, e significa tamén recuperar "a voz da terra" (L246-7). Reparemos: tal presenza da palabra 'loaira' no mundo narrativo serve, precisamente, para marcar a unidade ou a continuidade entre a vivencia do amor e a vivencia do ser comunitario.

Esta vinculación bole tamén no motivo dos Cabaleiros Suspirantes que son Mauro Vilas, Salgado Rebolledo e Xurxo Bugallal, entre outros (p.e., o poeta Adolfo Teixeiro Heim). Di a novela: "Tratábase, no último de contas, dunha inspiración común e unha mesma aspiración era a que alentaba en todos: a de poderen disfrutar en corpo e alma do Corpo e a Alma da Señora. Esta aspiración común, ó mesmo tempo separábaos e uníaos." (L122) A Señora é, con certeza, a Galiza, como explica Mauro a Brigit, quen sentencia: "—¡Para ti, Galicia é unha muller...!" Mauro retruca: "Galicia unha muller... ¿Estás tola?" "¿É que non sabes entende-lo que significa unha metáfora?" E ela remata: "¡Oh! ¡Todo é unha metáfora...!" (L242).

Noutro momento (L275), lemos: "ó que varios individuos logran comunicárense entre eles, sitúanse xa fóra da propia realidade persoal e, por tanto, fóra da 'realidade histórica' que sofren. Viven poeticamente no ámbito da metáfora". Quere dicir: son transportados ('metáfora', etimoloxicamente, significa 'transporte') e eses transportes –transformacións– son moito visíbeis nos procesos de converxencia e diverxencia entre Xurxo, Mauro e Salgado (L16).

A MÁQUINA EMOTIVA

Sobre o papel de Galiza na obra volverei despois. Interesa subliñar agora que *Loaira* é unha traxedia sen deixar de ser unha comedia e exhalar humor ás carradas. Hai épica e hai elexía, hai poesía e hai ironía, até redonda parodia. Isto, con certeza, logo se di, mais facelo e conseguilo da forma en que o conseguiu o Anxo non está ao alcance de case ninguén. A sofisticada composición da novela obedece, tamén, a iso e o seu acerto mídese pola capacidade de ultrapasar o tabú contra a emoción que aflixe moita da literatura "avanzada" do seu tempo, hoxe ilexíbel, e, até, moita arte do séc. XX.

Estou a pensar nas vangardas históricas (singularmente, no pendor racionalista do cubismo) ou na dramaturxia non-aristotélica de Brecht, co bloqueo dos mecanismos de identificación sentimental do público para o forzar a reflectir. Ese trazo da arte contemporánea, verdadeiro tabú contra os contidos emotivos, é superado en *Loaira* e falar de superación dá xeito porque se trata dunha obra moi reflexiva.

Caso invulgar: temos no Anxo un autor lúcido, hiperlúcido, até o punto de se converter

no mellor intérprete da súa obra, como vemos nas apostilas á lectura de González-Millán. Poderiamos recear unha perda de creatividade, un caer no intelectualismo... e non. A emoción e a intelixencia harmonízanse con tanta elegancia como o tráxico e o cómico. Porén, *Loaira* non é unha traxicomedia. É, ao mesmo tempo, unha traxedia e unha comedia: asusta, conmove e divirte. É profunda e é leve. Lonxe de calquera pedantismo, a unión do *delectare* e o *docere* da retórica clásica ocorre con enorme eficacia de modo a apañar o lector e subtraelo ás súas angueiras, transportalo (e transformalo) tamén a el.

Iso tórnase posíbel pola mestría que o Anxo mostra na arte de narrar, cun enorme amor aos detalles, en que as liñas maiores da arquitectura da obra se especifican a través da reelaboración constantemente diferenciada de temas e motivos chave. Consegue integrar con pericia unha larga variedade de xéneros, formas e rexistros novelescos: a novela de amor, a novela de acción, a narrativa fantástica tradicional, a narración epistolar, a novela erótica, hai páxinas que recrean os panfletos políticos daqueles anos, hai entrevistas, xogos pregunta-resposta, é unha novela reflexiva e todo con recurso a múltiples voces e enunciadores que fan de *Loaira* unha narrativa de narrativas, non apenas por moitos personaxes narraren historias senón, sobre todo, polo continuado uso da retrospección para evocar acontecementos e máis acontecementos situados en diferentes alturas temporais e a recibiren cabal sentido no conxunto da obra.

A retrospección é o mecanismo preferente da máquina de conter e producir historias en que consiste a novela. Porén, todas as narrativas fragmentarias se articulan nunha especie de "constelación" (a palabra vén do Anxo, con referencia a Adorno[13]) e iso sitúanos como ante unha noite estrelecida, para os lectores a contemplaren e nela faceren as súas propias conxuncións entre os corpos celestes.

LOAIRA REDUX

Vou encarnar iso na miña experiencia e describirei reaccións diferentes á lectura de *Loaira.* Eu lina catro veces. Na primeira, pareceume que o segundo capítulo, "Operación Gato con Botas", se tornaba abertamente disonante e o efecto acentuábao a horríbel capa posta ao volume polo editor, con feitío de novela policial. Porén, calquera hipótese de o capítulo estar alí para facer de "gancho" revelábase estúpida, porque, a seguir, o texto non tiña nada de *thriller.* Os capítulos seguintes, sen seren mazadores, non eran os máis amenos e, en todo o caso, o Ballesteros nunca se deixaría condicionar por criterios de comercialidade.

Eu non conseguía "cohonestar", cun verbo da linguaxe xurídica que gustaba ao Anxo, i.e., tornar coherente con outras dimensións do texto ese episodio do asasinato do Ministro do Interior Santos Soria, alias "Man de ferro". O alcume "man de ferro" tiña orixe nunha luva de ferro que utilizaba nos seus tempos de torturador na policía política da Ditadura e cuxo uso podía acabar coa morte do detido (L416). A sensación de que o asasinato non cadraba foi mudando en lecturas sucesivas, até case desaparecer na terceira. Díxenme: foi preconcepto meu, *mea culpa.*

[13] Anxo utiliza o termo nas respostas a unha entrevista de Vicente Araguas en *Diario 16 de Galicia* (9/1/1994) que nos facilitou María Xesús Armada. Na verdade, o concepto ten orixe no Adorno dos anos trinta (vid. a tese de doutoramento de S. C. Devita Vives *El concepto de constelación en Adorno: dilucidación, contexto e influencias*, Universidad Católica de Chile, Santiago de Chile, 2016), mais chega até a *Teoría estética*.

Porén, neste 2018, na miña viaxe pola nebulosa do Anxo, cando relín o artigo de González-Millán, batín cunha pasaxe que me chocou e me intrigou: "os códigos cronolóxicos están diseminados de tal xeito que, en vez de contribuír á ordenación da fábula global da novela, producen o efecto contrario dun crebacabezas sen solución" (p. 367). Podería ser, porque, cando era noviño, ao Anxo, entón Adolfo, gustáballe o *nouveau roman*. Mais non, a min non me parecía.

Decidín pór á proba esa idea dunha explosión da cronoloxía e procurei organizar os capítulos (e as seccións dos capítulos) por orde da historia, i.e, do punto de vista da sucesión dos acontecementos, de forma progresiva, para ver se o quebracabezas tiña ou non solución. A táboa incluída nesta páxina mostra o resultado.

A miña sorpresa foi grande cando verifiquei que, após a "reorganización" baseada nas referencias cronolóxicas absolutas e relativas do texto, as diferentes peripecias narradas respondían a unha ordenación no tempo coherente. E, ai!, así facía todo o sentido a "execución" de "Man de ferro" situada no

ORDE DO RELATO	ORDE DA HISTORIA
Introducción	Les larmes d'Éros 61 (pp. 217-278)
Operación Gato con Botas	Oomb, Allwombingtomb (pp. 279-330)
A desincorporación	Parolando-2 (do final da p. 361 á 365)
O fío de Ariadna	Monsieur (pp. 367-378)
Liberata	Finnale capriccioso con Madonna (pp. 379-395)
No "Hotel de las naciones"	Nun bater de ollos (pp. 207-216)
Lindo Belvís	Lindo Belvís (pp. 143-167)
Cas Elisa	Cas Elisa (pp. 169-172)
Ollos amarelos	Ollos amarelos (pp. 173-180)
A revolución dos escuros/Fragmentos	A revolución dos escuros/Fragmentos (pp. 181-205)
Nun bater de ollos	A Sublime Hoste-2 (do final da p. 335 á 346)
Les larmes d'Eros	A Suripanta (pp. 347-356)
Oomb, Allwombingtomb	Parolando (pp. 357-361)
A Sublime Hoste	A Sublime Hoste (pp. 331-335)
A Suripanta	Interludio para dúas nécoras (pp. 397-402)
Parolando	Man de Ferro (pp. 415-421)
Monsieur	Virgo clemens (pp. 423-440)
Finnale capriccioso con Madonna	As tres puntadas (pp. 441-447)
Interludio para dúas nécoras	O dragón e a doncela (pp. 403-414)
O dragón e a doncela	Operación Gato con Botas (pp. 25-71)
Man de Ferro	Doce Amalia (pp. 465-497)
Virgo clemens	A desincorporación (pp. 73-88)
As tres puntadas	Liberata (pp. 107-115)
A pantasma	No "Hotel de las naciones" (pp. 117-142)
Doce Amalia	O fío de Ariadna (pp. 89-106)
	A pantasma (pp. 449-463)
	Introducción (pp. 11-23)

inicio da novela, mais que ten lugar despois de moitos acontecementos que nela se contan. A acción de Salgado aparecía ben motivada e coherente coa traxectoria do personaxe.



Capa da edición orixinal da novela

Tamén entendín o percurso de Mauro Vilas desde a súa condición de estudante eterno (ten vinte e sete anos cando conclúe a carreira) até a "salgadorebollización" decidida e descubrín unha cousa que nin me pasara pola cabeza na lectura normal: a morte do Xurxo pode non ser un accidente e vir motivada pola súa entrevista na Francia co axente encuberto da fracción dos servizos policiais castillistas que adestrou e utilizou o Salgado para matar "Man de ferro". Na entrevista co policía, Xurxo evidencia ter descuberto toda a conspiración por tras do asasinato do ministro e a morte posterior de Salgado Rebolledo.

Xurxo conta esa entrevista nunha carta para o seu amigo Mauro, mais renuncia finalmente a remitirlla porque descobre que dous individuos misteriosos andan a seguilo (policías españois?) e teme que sexa interceptada. Así, tórnase evidente que a morte de Xurxo Bugallal ora pode ser un atropelamento con fuga do responsábel, ora un crime político contra o escritor intelixente, o escritor que sabía de máis. A arte narrativa do Anxo fica outra vez de manifesto: non recorre a fracturas "modernetas", mais tamén non deixa de preservar, no curso dos acontecementos, todo o seu potencial enigma e, por aí, o eco cun primeiro accidente, ou incidente, en que un camión está a punto de esmagar o Xurxo, cando Mauro lle vai presentar Salgado Rebolledo e fica estabelecida a comunicación entre todos tres.

FORMA E INDETERMINACIÓN

Na verdade, o que trata de evitar o Anxo ao dispor os capítulos nunha orde non secuencial é un efecto perfectamente coñecido e utilizado polos cociñeiros de narrativas. Nunha narración convencional, a continuidade cronolóxica, a pura sucesión dos acontecementos, acaba transformándose nunha continuidade lóxica, nunha sucesión causa-efecto: o que vén despois é motivado e explicado polo que acontece antes. Nos filmes de xénero, isto vese con nitidez, mais, nalgunha medida, decorre do propio proceso da recepción, pois é unha inferencia derivada da actividade do público, lector ou espectador, quen tenta dar sentido ao curso do relato e tece tales conexións.

O Anxo quixo evitar esa causalidade clásica e, así, a organización escollida para o relato ten un propósito típico na "obra aberta": non impor unha Orde coactiva[14] e unha interpretación dos acontecementos narrados ao lector e renunciar, até, a ser o deus pai organizador da obra, para o público se sentir libre e se tornar co-creador, autor tamén el, de acordo cunha estética moi daqueles anos.[15] Para orientar o lector, o Ballesteros situou próximo do comezo da novela o capítulo titulado "O fío de Ariadna", que pode servir como carta de navegación, como serviu a Teseo para saír do labirinto do Minotauro. Porén, en *Loaira,* como en *Rayuela,* de Julio Cortázar, tórnase indiferente a orde de lectura dos capítulos. O público pode percorrela como mellor entender. Tamén axuda o haber series de capítulos conectados entre si e dispostos consecutivamente.

O Anxo, nos apuntamentos ao artigo de González-Millán, explica ben o seu dilema para a organización da obra: "como cohonestar, con certa eficacia estética, a necesaria 'unidade' que esixía a novela (se non quería sucumbir nun puro fragmentarismo ou nunha pura caoticidade amorfa e sen tensión) coa *tendencia á emancipación* (emancipación ou 'soberanía' tendencial, non total, senón toda *tensión* desaparecía) da pluralidade de elementos que, se se quería escribir *unha* novela, habería, dalgún peculiar xeito, ineluctablemente, que 'unificar'." (id., énfases do propio Anxo)

Ballesteros non quería unha totalidade cerrada, de sentido unívoco e prefixado e, por iso, a novela de Xurxo Bugallal non chega ao lector na íntegra. Faltan (segundo di a "Introdución" acrecentada polo editor a ese corpus para producir a *Loaira* que lemos) vinte páxinas sobre Arturo Lens (L16), perdidas no accidente fatal para o seu autor. Reparemos tamén en como o Anxo utilizou, na cita, dúas veces a palabra 'tensión', para salientar que o texto non debe perder intensidade, como infelizmente acontecía en moitos experimentos narrativos da altura e, no xeral, cando se abre de máis a estrutura novelesca. De certo, intensidade é palabra que ao Anxo se aplica con perfección. El era a intensidade personificada.

E iso devólveme, outra vez, á miña preocupación do inicio: como falar de *Loaira* sen a esmagar? Voume deter un bocado na palabra. Que significa 'loaira'? O termo entra na lingua pola porta de Novoneyra, n'*Os Eidos-2,* en 1974. El explícaa así no glosario que acrecentou á edición completa d'*Os Eidos:* "lampos errantes de sol ou lúa, con vento e nebras espalladas."[16] O dicionario da Real Academia Galega nin a recolle, mais os dicionarios que utilizabamos de mozos, antes da normativización, si e resumen a explicación de Novoneyra: "Ráfaga de sol que pasa rápidamente".[17] Esqueceulles a lúa e perderon o matiz de errancia, de nomadismo, de nebulosidade. Non por acaso o Xurxo Bugallal incluíu, na súa novela, despois do título *Loaira,* un subtítulo: "evidencias parciais". Como iluminacións parciais son os diferentes capítulos, "loairas".

[14] Os termos son do Anxo na "Carta inacabada a Xoán González-Millán. A propósito dunha recensión de *Loaira*", *Grial*, nº 183 (2009), p. 56.

[15] Tratábase de explorar os "limites dentro dos quais uma obra pode lograr o máximo de ambigüidade e depender da intervenção ativa do consumidor sem contudo deixar de ser 'obra'", "entendendo-se por 'obra' um objeto dotado de propriedades estruturais definidas, que permitam, mas coordenem, o revezamento das interpretações, o deslocar-se das perspectivas" (Eco: *Obra aberta*, p. 23; vid. tamén p. 28).

[16] Novoneyra, U.: *Os eidos. Libro do Courel*, Vigo, Xerais, 1981, p. 220. A palabra aparece en *Os eidos-2. Letanía de Galicia e outros poemas*, Vigo, Galaxia, 1974, p. 27.

[17] Franco Grande, X.L.: *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*, Vigo, Galaxia, 1975, 3ª ed., s.v.

A IDENTIDADE PULSANTE

Na verdade, todo na novela, tratemos do amor, da política, da Galiza, remite á dialéctica da identidade, entendida polo Anxo como identidade inestábel, vibrante, plural, en coherencia (e resonancia, diría) coas connotacións da palabra *Loaira,* coa estruturación escollida para a novela e, até, co seren "falsos" os nomes de todos os personaxes.

Así, o amor e o desexo, en canto forzas que abren a comunicación entre os seres e pon en crise as identidades pechas, acaban levándonos a unha comunidade alargada, que é, en primeiro lugar, a Galiza. *Loaira* trata toda ela sobre o amor e sobre a Galiza, que se funden e confunden, pola forza desa identidade vibrante capaz de romper toda a clausura, comezando polo triste cárcere do ego.

O gran perigo, para o Anxo, é que esa vibración da identidade pulsante, a forza das cordas que unen alma e corpo se bloquee, se fixe ou se deteña e entón os bicos tórnanse bicos mecánicos, baleiros, ritos, os amantes xa non se aman como se amaron ("as manifestacións do amor" ocupan "o lugar do amor mesmo", L484) ou a Galiza xa non é experiencia e si apenas unha imaxe onde se conxela e morre.

Por iso, no curso enteiro da súa obra (e da súa vida), el falaba sempre do que xorde no "entre" (e, diría eu, no "intre"), na abertura entre o ser e os entes,[18] entre a verdade e a mentira, entre a realidade e a ficción, na fenda, ou entre os labios da fenda, da ferida, a cicatriz, o que eu chamo a atopía,[19] no sentido dun non-lugar e, por iso, falei de transnacionalismo para pór en relevo a constante recusa do Anxo a fixar a Galiza ou o amor nunha imaxe, nunha forma cerrada e cabal –vén á memoria Manoel-Antonio.[20]

Imposíbel sobreestimarmos o papel do idioma nesa Galiza-proceso. A propia Brigit esclaréceo a propósito da comunicación, a comunidade, o amor e a Galiza: "O día que os galegos soubesemos falar 'ben' a nosa lingua, ¿sabes, Monsieur?, eu penso que xa non sería necesa-(L233/4)rio facer revolución ningunha. ¿Que por que? ¡Porque xa estaría feita, Monsieur! (...) falar 'ben' sería ser capaz de deixar que a comunidade falase a través dun. Nin máis nin menos. Pero, coa Comunidade, Monsieur, coa Comunidade... hum... eu creo que debe de pasar un pouco como pasaba antes co amor. A Comunidade supoño eu que debe ser, ela tamén, coma o amor, algo indefinible e inmenso. (...) nin un nin dous nin tres nin tres millóns de homes. Nin de quilómetros cadrados... Outra cousa. A esa outra cousa, eu chámolle Galicia."

Di a Brigit na fábula de Loaira que lle narra ao Mauro: "a voz da propia terra levaba xa moitas primaveras sen resoar no corazón de xentes coma Xan e Pericán. Tamén neles

[18] O Anxo introduce explicitamente unha distancia coa diferenza ontolóxica de Heidegger: "a min –di o Mauro– seméllame que non deberiamos fixarnos tanto na contraposición entre ser e entes, coma na diferencia que cae entre os dous termos; aquela abertura que, asemade[,] os une e os separa" (L324).

[19] En sentido etimolóxico, facendo funcionar o prefixo a- con valor privativo, de onde "atopía" como non-lugar, e non no sentido de Roland Barthes, máis ligado á teoría do texto. Con poéticas palabras da novela: "Eso que case nin se ve; ese estremecemento que se repite entre onda e onda e que é, en parte[,] o propio nadador e que non é o propio nadador." (L232) É interesante confrontar co que di Gilles Deleuze en *Différence et répétition*: "o movemento do nadador non se asemella ao movemento da onda (....) Cando o corpo conxuga os seus puntos relevantes cos da onda, estabelece o principio dunha repetición que non é a do Mesmo, mais que abrangue o Outro, que abrangue a diferenza, dunha onda e dun xesto a outro, e que transporta esta diferenza polo espazo repetitivo así constituído." (París, P.U.F., 1993, 7ª ed., p. 35)

[20] Remitimos ao noso *Manoel-Antonio. 'De catro a catro'*, Bertamiráns, Laiovento, 2010 e, en particular, ao excurso sobre o espazo e o lugar de Galiza (pp. 297-314).

houbera de cumprirse aquilo que o tirano Malvar secretamente estaba a desexar que se cumprise en tódolos naturais do territorio que el e as súas tropas invadiran: que ós propios fillos dela, a súa terra, non lles 'dixese' nada." (L247) Por iso, para a Brigit, unha verdadeira fala comunicante, un falaren ben o galego con radical sentido comunitario sería tanto como unha revolución. Para min, tamén.

Porén, a comunicación –di a novela (L274)–, "cando chega verdadeiramente a producirse entre varios individuos, é tamén unha especie de ferida. Gozosa, liberadora ou todo o que ti queiras. Pero unha ferida." Os Cabaleiros Suspirantes están unidos por esa ferida (L121), que vive no Mauro Vilas, no Salgado Rebolledo e no Xurxo Bugallal, mais tamén na María Antonia e, doutro modo, na Brigit. Esa ferida actúa como un oscilador; non por acaso, a cicatriz que lle ficou da tentativa de suicidio á María Antonia acabou por se converter "nun dos puntos máis sensibles, eroticamente vulnerables, do seu corpo" (L327), cicatriz definida como "a quebra da cerrada autosuficiencia da persoa" (L328). Mesmo cando a María Antonia anda a facer escarnio de todo o seu compromiso coa Galiza, o narrador, Xurxo, apostila: "feríndose a si mesma con asaño despiadado e enfermizo" (L318), cunha "ollada brutal e carregada de dor" (id.) –ao mesmo tempo que fere o país, que caga por el.

Nada é laxo en todo isto e así o expresa con brillantismo unha pasaxe a propósito do amor entre Amalia e Mauro: "Eran un trío de amor. Amalia, Galicia, Mauro: un transitar da alma que era peregrinación alegre, afervoado vía crucis, travesía interminable a través de múltiples instantes e de múltiples lugares que viñan sendo un Lugar Múltiple e un Instante Repetido. A alma de Mauro atinxía a alma de Amalia despois de previamente as dúas realizaren un vasto periplo a través do plural latexo dos demais seres que poboaban o mundo. E o mundo era o inzado ámbito onde a amorosa transformación recíproca estaba constantemente a producirse. Eles mesmos eran dúas memorias *vivas*: dous consortes da Dama, dúas encarnacións da Deusa, dúas vivas metamorfoses dela, dúas epifanías da Señora: a anguria embebedante de sabérense dous seres abismalmente separados e, sen embargo, un; o desacougo ardente que lles impedía a ambos sentírense definitivamente un e definitiva e totalmente dous. Amábanse en Galicia, nunha Galicia que nunca habería de aparecer nos mapas. Adentrábanse no húmido corpo da Señora e penetraba Ela, en consentida unión copulativa e en docísimo coito anonadante, dentro e a través deles." (L467)

Se o quixermos ver formulado nunha forma menos emotiva e máis lapidaria, temos estoutra frase: "Entre O Individuo e A Masa, ¿que outra cousa debeu de existir algunha vez, distinta desas dúas categorías da desgracia?" (L119) Por aquí, ese carácter vibrante da identidade xa aluma o que se tornará, despois de *Loaira,* motivo recorrente nos ensaios do Ballesteros: o concepto de Orixe. Na novela aínda non recibe ese nome, é "memoria *viva"* (L12), "nostalxia creadora" (L296), é "tradición" (L12), mais xa está latente, porque non esaxero se dixer que en *Loaira* vive case todo o mundo do Anxo, con maior ou menor presenza e grao de desenvolvemento, aínda que, naturalmente, a nebulosa do Anxo non se confina en *Loaira.*

UNHA FICCIÓN TEÓRICA

Ora, a Orixe non a concibe o Anxo sen a articular con outro dos seus temas maiores: o tempo. "Orixe e tempo" podería titularse un ensaio que nunca escribiu ou, máis ben dito,

que nunca parou de escribir. Con palabras de *Tempo e vinganza:* "o ser, a esencia de cada cousa, resulta inseparable do tempo concreto e 'propio' –o tempo diferenciado– en que esa esencia, repetidamente, se actualiza. Vendimado fóra do seu tempo propio (antes ou despois), o viño non é verdadeiramente tal. É unha aparencia desvirtuada ou un parecido substitutorio de si mesmo. Poderá parecer viño, pero non o é. Daquela, por 'ser' deberíamos entender a repetición diferenciada da orixe intemporal no tempo; as periódicas actualizacións, os sucesivos renacementos desa Orixe no seu tempo natural ou apropiado. Orixe (...) que é común a un determinado territorio e a unha determinada comunidade humana, que concrecen conxuntamente no tempo e mais no espacio. Nisto se fundamenta a eticidade comunitaria, e a verdade do Ser." (T84)

Da citación xa se tira o carácter de *ficción teórica,*[21] anárquica (en sentido etimolóxico), que ten ese concepto de orixe e non fai diferenza a palabra aparecer escrita con maiúscula ou con minúscula inicial. Próbano algúns esclarecementos a que o propio Anxo se viu forzado perante o malentendido perpetuo que sempre ameaza quen pensa. Di, por exemplo, en *Urda e mundo,* o ensaio sobre Rof Carballo: "a orixe ben pouco ten que ver con regreso ningún cara a un tempo biográfico ou histórico anterior para se poder identificar con el e para ficar así petrificado ou estabilizado nesa etapa; nin tampouco coa pretensión imposible e desastrosa de retornar, para aferrarse a ela, cara a unha fase pretérita da propia evolución colectiva ou individual. (...) nela debemos ver máis ben a forza propulsora, anterior á constitución de toda a identidade, que dende o seu pasado me está a empurrar incesantemente cara ao meu futuro." (U93)

Ou, no ensaio sobre Blanchot, "a Orixe debemos concibila non como falta, carencia ou ausencia, senón como un plus, un exceso, ou unha superabundancia do Ser. O 'presente' –este presente concreto– é máis que presente; [é] xa, tamén, ó mesmo tempo, o pasado e o futuro, é contemporaneamente o que xa non é e o [P71/72] que aínda non é. Non habería, pois, nada que esperar nin que desexar con impaciencia no futuro que non estea xa sendo vivido e convivido no presente." Dito por outras palabras (miñas): a Orixe non se manifesta como acontecería coa divindade das relixións ou con calquera principio transcendente, preexistente e subsistente. A orixe, cando é, con-crece desde a nosa materialidade elemental e, como querería a Brigit (L384, 475), realiza a eternidade nun presente puro que é o tempo de todos os tempos, o común amor de todos os amores, a comunidade que apalpamos na experiencia de Galiza como presenza e non vacua representación.

QUEN SOMOS NÓS?

Alguén podería interpretar *a contrario* a meditación do Ballesteros e vela como unha resposta desesperada contra o progresivo esmorecer da comunidade no duplo cepo da modernización capitalista e a desgaleguización españolista. Non me quero afastar de *Loaira* e responderei cunha pasaxe do diálogo entre o Mauro e a Carmen María Paula. Ese episodio é hilarante (en especial, para os amadores da lingua), mais del só quero lembrar a resposta do Mauro cando a Carmen María Paula, perante a lúcida descrición que o rapaz fai da disolución do corpo da Galiza, conclúe: "estamos aviados, non?" (L296). Entón, o Mauro

[21] No sentido literal da expresión, para recoller a dupla excentricidade do Anxo a respecto da filosofía e a literatura que describimos nun artigo publicado en *Barbantia* (nº 6, 2010).

retruca: "non necesariamente". Iso era verdade en 1992 e continúa a selo en 2018. A Galiza vaise converter nunha "Gallicia" e todos nós en androides? Non necesariamente.

Con certeza, os diferentes personaxes viven, cada un ao seu xeito, a relación con esa identidade vibrante. O Anxo escribiu que, entre outras lecturas, *Loaira* podía ser interpretada como unha longa resposta á cuestión "¿quen somos verdadeiramente os galegos?"[22] Quen somos nós e, por tanto, quen son eu, quen somos cada un? ¿Conseguiremos levar o que pensamos á nosa vida, como di o epígrafe inicial da novela,[23] ou seremos pobres pallasos (L45 e 167), simuladores, fantasmas?

O Mauro, o Salgado, o Xurxo esgótanse nesa dúbida, pois experimentan como carencia e "falta de ser" a súa exterioridade á cultura tradicional galega que se foi esfumando no curso do S. XX e o seu acceder á experiencia da Galiza só por vía intelectual (L297). Isto lévaos a partillaren vivencias moi características: o non conseguiren conciliar a cabeza co corpo –até o país enteiro aparece como un corpo sen cabeza ou unha cabeza sen corpo (L295)– e a sensación de perda de contacto co mundo, unha experiencia, dito sexa de pasaxe, moito do simbolismo e o decadentismo, aínda que o Anxo foi procurala ao romanticismo alemán e, en concreto, á lectura que L. Tieck fixo de Heinrich von Kleist.[24]

Co título dun dos capítulos, consiste nunha "desincorporación", un afastamento da vida material, en que o corpo, escindido da mente, non dá apreixado a realidade. Prodúcese unha "alarmante disminución do tacto: as cousas non se sentían, [L80/81] parecían sombras. Non o fería nada xa, non o atinxe nada oblicuamente nin o acaricia con afago: vive incomodado e escindido entre unha serie de emocións cegas, sen o correspondente obxecto, e unha serie de obxectos que non dan logrado transmitirlle a máis mínima emoción."

Así, a vida tórnase mera supervivencia: "¿E, para o noso Mauro, que viña significar sobrevivirse? Resposta: Significaba saberse de memoria. Transforma-la propia vida en persoal e planificada biografía e a planificada biografía en anticipado epitafio de si mesmo. Pero, ante todo, non ter corpo: iso quere dicir sobrevivirse." (L79) É a fantasmatización da vida e a conversión de toda a xente en "cadáveres diferidos" (L125). Iso tamén explica a entrega á política e, en último termo, á acción violenta como unha forma de consolidar algún tipo de relación coa realidade, mesmo se Mauro (á diferenza de Salgado) non acaba de se identificar co partido,[25] o Partido Galeguista Revolucionario, "seizón" estudantil, humoristicamente, o "pegarse" (L97).

Esa dificultade na relación co mundo real tamén alenta nunhas páxinas dedicadas a evocar a experiencia infantil do Mauro ao visitar a feira do gando na belísima carballeira compostelá de Santa Susana (L300 e ss.): "Tivera a impresión de adentrarse, ós seus dez-once anos, nun fragmento de 'realidade verdadeira' (...) Berros, voces, sabores, entre-

[22] Na entrevista con Vicente Araguas a que xa antes me referín.

[23] "Unha cousa é pensa-lo que se sente e outra, intentar senti-lo que se pensa" (L9). Trátase dun fragmento do *Xornal Íntimo* de Xurxo Bugallal, imaxinario texto a que a novela non dá acceso, mais que volve ser citado no epígrafe inicial de *A sombra dos teus soños* (p. 7.) e tórnase así un referente intertextual imaxinario, transversal na obra do Ballesteros.

[24] Segundo di o propio Ballesteros nun documento mecanografado que nos facilitou amabelmente María Xesús Armada.

[25] "Unha cousa éche ser do P.G.R. e outra ser galego. Ser do P.G.R. era unha forma de ser galego (a que, daquela, mellor a min me parecía) pero, precisamente por ser eso, unha forma determinada, era tamén unha limitación, un certo *olvido* dese ser." (L96)

mediada e vibrante grita de homes e animais, o recendo a leña queimada que esparexían as fogueiras onde, nas caldeiras tradicionais de cobre, estaba a se coce-lo polbo. [L300/301] E a solemne, rumorexante enfiada dos mendiños e a combinación de atracción e de pavura que exercían sobre el as implorantes ringleiras de baldados que exhibían, apousentados nas beiras do camiño, con impudicia aterradora, a insoportable realidade dos seus tocos. E os cegos que relataban cantando os crimes máis espeluxantes e que vendían despois, ós aldeáns, os textos impresos e completos das cancións atroces que previamente interpretaran. E era como encontrarse mergullado no gorentoso, rico e animado Reino da Sustancia. Pois parecíalle a Mauro que alí, amais de significaren, as cousas 'eran'. Os cuxos, as vacas, os sorrisos fanados da meirande parte das labregas, as pitas, os queixos e os cochos nos que os seus ollos terminaban a cada instante por bateren, irradiaban, no aire asoellado das doce do medio día, toda a ansia incoercible –a delicada violencia– dun ser propio." E continúa cunha espléndida descrición daquel mundo, hoxe desaparecido, onde se sentía a vibración da identidade.[26]

A perda de contacto coa memoria viva da comunidade provoca nos protagonistas non apenas o dito sentimento de insuficiencia, mais, tamén, de culpa, no sentido de que cómpre facer algo contra a realidade negadora e non se dá feito, como acontecía á xuventude "conscienciada" no franquismo ("hai que se comprometer" era a palabra de orde), e iso levaba directamente á acción política e, na novela, á violencia, cando os heroes asumen o seu propio nada, o seu non dar sido e, como escribiu o Pessoa, van para a morte como para unha festa ao crepúsculo.[27]

A opción consumada pola violencia como desfecho da evolución do heroe caracteriza o personaxe de Salgado, quen "executa" o ministro "Man de ferro". Salgado é o heroe dunha traxedia sen gloria, porque el non sabe que está a ser utilizado por unha fracción da policía política da Ditadura, mais non por iso deixa de ter os sinais do heroe tráxico: vive con desmesura a súa paixón pola Galiza (a novela escribe esta forma, en vez da habitual "Galicia", sempre que utilizada por Salgado ou posta en relación con el), padece a típica "cegueira" do heroe para todo o alleo ao obxecto da súa loita, até tolear (por toda a parte, ve traidores, forma invertida da súa fidelidade maníaca á identidade de loitador anticastillista en que se fixou), e finalmente, xa lúcido, asume o seu destino e cae con estrépito.

É interesante como o Anxo trata moitos dos episodios da vida de Salgado en ton de comedia e, despois, o percurso de Salgado provoca unha catarse, ao exercer unha gran influencia, de retruque, nos outros "Cabaleiros Suspirantes": leva á radicalización do Mauro e pode resultar na morte do Xurxo Bugallal, se a interpretarmos como un crime urdido pola mesma fracción da policía política que utilizou o Salgado para os seus fins.

Da relevancia de Salgado dá idea o motivo dos ollos de iris amarelo, ambarino, recorrente na novela. O primeiro título de

[26] Identidade comunicante até o extremo de "non soamente os animais, nin tampouco os homes, non soamente, non. Tamén os obxectos inanimados insistían en manifestaren un parentesco insólito coa natureza: tal que se fosen todos eles producidos máis por un inconsciente impulso nacido da propia terra ca pola premeditada intervención do enxeño humano." (L302) Loxicamente, a desaparición dese mundo aparécelle ao Mauro como "unha grande vaca de cornos aluarados e que estivese traxicamente a deitar no aire o seu suspiro derradeiro." (L303)

[27] No poema de Álvaro de Campos, "Desfraldando ao conjunto fictício dos céus estrelados", vid. http://arquivopessoa.net/textos/2453 (última consulta: 17/10/2018).

Loaira foi "Ollos amarelos",[28] agora título dun capítulo, e eses son os ollos do rapaz: "ollos, asombrosamente grandes, inquietantemente amareliados e solares (..) Veraces, insomnes, deslumbrados: líquidos reflexos ambarinos: o sol reflexándose nos rápidos dun río: os seus ollos" (L359). Mesmo para alén de Salgado, os ollos son os órganos máis presentes na novela, instrumentos da pesquisa no mundo e da procura do outro.

Referinme a algúns personaxes masculinos, mais a galería de personaxes femininas non arreda o pé, a comezar pola fascinante Brigit, portadora dun saber encarnado que o Ballesteros asocia á muller, até o punto de Brigit ser unha especie de voz "autoral" ou, no mínimo, autorizada. Interesante: Brigit aniquila todos os argumentos en prol do recurso á violencia política que o Mauro lle formula[29] e, no amor, vén ser a forma emancipada da Paula "Cara bonita" que encontramos en *A sombra dos teus soños*.[30] A propósito da Brigit, maniféstase outro motivo ligado á identidade con curso na novela: a máscara, pois o rostro é unha máscara (L277), mais hai máscaras que non son nin verdadeiras nin falsas e se sitúan para alén da sinceridade e a insinceridade (L119), como o propio amor (L475).

Outras personaxes inesquecíbeis son a María Antonia e a Carme María Paula, ou a Suripanta, unha prostituta galega emigrada en Madrid (alí designada como "Galicia", L348) que impresionou un Salgado adolescente, e coñecemos tamén a Liberata e a Patricia, quen, a pesar de ter unha posición submisa infelizmente galega, a do "Perdón e gracias" (vid. capítulo "No 'Hotel de las naciones'"), é quen apaña os papeis de Xurxo Bugallal, após a súa morte, e garante así a preservación do seu legado –o propio Ballesteros avisou da relación entre 'Patricia' e 'Patria'.[31] No xeral, os personaxes tórnanse tan singulares como recoñecíbeis e por iso parecen seres vivos, a punto de saltaren para fóra das páxinas da novela e viren ao noso encontro.

PANGALEGO

A única dificultade que o público pode ter na lectura de *Loaira* nace de ser a obra con maior caudal léxico da literatura galega, só con parangón nas de Otero Pedraio[32] que, por seren máis breves, non se comparan. Ora, iso non supón problema, nin mínimo, para o seguimento da peripecia narrativa. Os lectores poden ler e non se preocupar, porque a historia os agarra. Poden saborear as palabras descoñecidas como un viño raro e de prezo. É a vía certa, porque se as procuraren nos dicionarios galegos usuais, non as encontran,[33] desde que estes, a partir da normativización Instituto da Lingua Galega-Real Academia Galega de 1982, expurgaron moitísimo léxico tradicional na literatura galega, como se xa non formase parte da lingua. *Loaira,* publicada dez anos despois, aínda sabe manter o vínculo coa

[28] Tamén debo esta información a papeis que me foron facilitados por María Xesús Armada.

[29] A novela xa di, na "Introducción", i.e., antes do asasinato de "Man de ferro", na voz do editor da Holanda: "Un home que, na súa desesperación, non recúa ante a posibilidade de arrebatarlle a vida a outro (...), aínda que iso que apeteza sexa o máis fermoso que caiba concebir, ese home, por máis que, aparentemente[,] siga vivo, na súa máis fonda verdade, está xa morto" (L20).

[30] Vid. *A sombra dos teus soños*, Vigo, Galaxia, 1998, pp. 69-88.

[31] Anxo A. Rei Ballesteros, Dolores Vilavedra e Carlos Lema: "Anxo A. Rei Ballesteros. Metáfora dunha comunidade ausente", *Grial*, nº 159 (2003), p. 126.

[32] Na entrevista citada anteriormente, o propio Anxo considera un fito a escrita de Otero Pedrayo (p. 126). No artigo de *Barbantia* antes citado (nº 6, 2010), puxemos en relación o concepto de orixe do Anxo e a categoría de terra en Otero.

[33] O lector curioso ten un excelente recurso on-line para acceder aos dicionarios anteriores á normativización, antes só dispoñíbel en CD-R, o *Dicionario de dicionarios*: http://sli.uvigo.es/ddd/index.php (última visita: 13/11/2018).

tradición literaria contemporánea anterior e, para min, constitúe a súa cúspide no xénero da novela.

Estaban no auxe as polémicas sobre a normativización, alá contra o final de setenta, e Ballesteros escribiu un ensaio titulado "O Revólver",[34] en que eu andei tamén envolvido, a alertar contra os perigos da intervención normativa na literatura. Canta razón tiña! Foi decretada a extinción de hiperenxebrismos, vulgarismos, lusismos, castelanismos... e, pouco a pouco, os escritores comezaron a escribir so a tutela dos filólogos. Tivo isto consecuencias positivas? Certamente: a lectura tornouse moito máis fácil, porque pasaba a existir e vigorar unha lingua uniforme.

Ora, a aplicación da normativa por parte das editoras con maior peso, alén de ir acompañada pola "purga" dos dicionarios, tamén envolveu as obras clásicas comezaren a ser editadas en versións "corrixidas" (por veces mal, porque os censores acostuman ter menos cultura que os autores), adaptadas á normativa vixente, so pretexto do seu uso pedagóxico, en canto as edicións orixinais desaparecían para nunca máis volveren. Se ben repararmos, iso significaba obrigar os autores, como dixo Carvalho Calero, a erguerse das súas tumbas para render acatamento póstumo a unha normativa que nunca coñeceran.[35] En circunstancias normais, o público de hoxe non está a ler as obras clásicas. Está a ler os clásicos reescritos polos correctores.

"O revólver" tiña un subtítulo: "por unha escritura soberana". A práctica desa soberanía puña o Anxo a enorme distancia de tan perversa relación entre literatura e normativa (como escribiu o Pessoa, "a grammatica é um instrumento, e não uma lei")[36] e así despregou en *Loaira* un vehículo lingüístico espléndido, un "pangalego", onde se dan a man todo o tipo de voces procedentes do léxico histórico da literatura galega, da fala do pobo que el andou a auscultar sempre, do portugués e doutras linguas, cun uso irónico soberbio do castelán.

Eu acho de menos esa escrita de ourive nas narrativas que escribiu despois –onde tenta recrear a oralidade– e, de certo, nos autores posteriores. É curioso como a normativización, que tivo aspectos positivos, supuxo unha mingua brutal da capacidade de creación léxica dos escritores, temerosos do "erro", acomplexados e submisos perante os correctores das editoriais. O Anxo denunciouno xustamente en *A flor da boca*.[37]

FINNALE

Para min, toda a obra do Anxo é unha demorada explicación ('explicar', etimoloxicamente, significa 'despregar') de *Loaira*. No entanto, o mérito da novela non nace aí. O excepcional mérito da novela nace de o Anxo ter sido capaz de apañar, nunha prosa que se mastiga, a vibración dun tempo e dunha terra e iso dá ao texto un alcance universal. El conseguiu que na novela alenten e vivan as pulsións máis imperecedoiras daqueles estudantes composteláns dos anos setenta (a

[34] Publicado inicialmente, con moitas grallas, en *Bonaval*, nº 0, inverno 1979, e, despois, en *Grial*, nº 183 (2009), pp. 102-117.

[35] Carvalho Calero, R.: *Do galego e da Galiza*, Santiago, Sotelo Blanco, 1990, p. 55. Pilar García Negro esclarece as consecuencias de tan louco proceder en "A transmisión da literatura galega: alarma por un atentado", en J. L. Rodríguez Fernández (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, Santiago, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, 2000, pp. 305-309.

[36] Fernando Pessoa: *Livro do desasocego*, ed. de Jerónimo Pizarro, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2010, t. I, p. 246. O Anxo cita esta obra en *Loaira*.

[37] Anxo A. Rei Ballesteros: *A flor da boca*, Boiro, Barbantia, 2009, p. 25.

xuventude galega a que foi dedicada *Dos anxos e dos mortos*), nomeadamente, a esixencia de mudar a vida, que comezou a ser apagada con rigor polo capitalismo desenfreado após a caída da cortina de ferro.

Escribiu Deleuze: "A saúde como literatura, como escrita, consiste en inventar un pobo que falta. Compete á función fabuladora inventar un pobo", "isto é, unha posibilidade de vida."[38] Ballesteros, pola súa parte, dixo: "Só a través da Comunidade pode haber con-creción [no sentido de con-crecer, de desenvolvemento en común] entre o Nós-outros e eu." (P106) *Loaira* elabora esta forma de relación entre o eu e a comunidade nunha épica moderna ou, se se quixer, posmoderna, que os personaxes tornan intelixíbel para os lectores de calquera parte do mundo, pois toda a xente é interpelada polo afán de nunca postergar a impreteríbel esixencia de vivir, no sentido forte da palabra 'vida'.

Ora, a vida, para selo, ten de ser vivida sempre en plural, en común, e ese plural cruza a barreira entre os tempos para facer posíbel o diálogo entre os vivos e os mortos que é a base mesma da cultura, un diálogo que nos trae o Anxo redivivo na súa escrita, como vivo seguirá, para alén de nós, nos lectores que a súa obra aínda espera. Oxalá estas páxinas poidan ser un eficaz estímulo para os traer á travesía de *Loaira,* á fascinante nebulosa do Anxo.

[Reelaboración dunha intervención oral na Pobra do Caramiñal, a 24 de outubro de 2018]

[38] Gilles Deleuze: *Critique et clinique*, París, Minuit, 1993, p. 14 e p. 15.

Revisións e reescrituras do mito de Penélope

Aurora Marco

INTRODUCIÓN

De todas as personaxes que a epopea homérica nos legou, unha das que conseguiu maior relevancia dentro da historiografía literaria é Penélope, filla de Icario e da náiade Peribea, muller de Ulises/Odiseo, rei de Ítaca. Mentres agardaba o regreso do heroe, tecía e destecía un sudario para Laertes coa finalidade de entreter os pretendentes que a acosaban para que escollese esposo. Inmortalizada na *Odisea* homérica como paradigma da muller fiel, virtuosa, que gardou vinte anos de tenaz fidelidade ao home ausente, no canto XXIV do poema épico, a alma de Agamenón profetiza non só a supervivencia das virtudes que simbolizará no futuro, senón tamén as loanzas de que será obxecto nos séculos vindeiros como modelo para as mulleres, face a Clitemnestra. Esta é, moi simplificada, a historia canónica que nos chegou da heroína[1]. Seguir a traxectoria do mito a través das numerosas elaboracións existentes sería tarefa imposíbel porque o tema daría para un curso monográfico. A súa supervivencia como mito vai unida a un dos arquetipos que proliferou en determinadas épocas, sobre todo a finais do XIX, cando tamén salientou, por contraste, o da muller fatal, encarnado noutras figuras míticas como Salomé, Judith ou a mesma Circe, tan presente na historia de Penélope.

A fiel, recatada, casta e abnegada Penélope seguiu proxectándose na imaxinaría literaria e visual do século XX. Porén, a súa imaxe non chegou inalterada: como ocorre con outros mitos bíblicos, homéricos e, inclusive, pictóricos (Salomé, Judith, Antígona, Circe, Eva, Betsabé, Gioconda), nos últimos anos experimentou unha revisión desde a creación literaria, sobre todo feminina –e feminista–, cunha nova ollada, de muller, cunha nova lectura e reescritura; unha desmitificación, un dar non só protagonismo senón tamén voz aos seus pensamentos, sentimentos, frustracións, desexos...Unha nova imaxe que racha coa tradicional que caracterizou esta e outras figuras míticas femininas ao longo da historia. Construída por voces masculinas da antigüidade, mais non só, foi evoluíndo até chegar á Penélope contemporánea, a Penélope do noso presente literario, proveniente de diferentes escritoras. Neste proceso de

Penélope, William-Adolphe Bouguereau, 1891, Mead Art Museum, Amherst College, USA

[1] O ciclo pos-homérico achéganos a visión non oficial de Penélope. Segundo esta tradición, Penélope non foi un modelo de castidade e tivo relacións cos pretendentes –das que nacería o deus Pan, como, ao parecer, contaba Esquilo na comedia perdida *Penélope*–. Tamén Pausanias, Apolodoro (*Epítome*) e Eugamón (*La Telegonía*) están nesta liña.

ruptura co significado do mito clásico, hai un antecedente que anuncia e adianta máis dun século esta nova interpretación de Penélope, a que fai a nosa escritora universal Rosalía de Castro nun poema de *En las orillas del Sar*, que se lembra *infra*.

A LITERATURA COMO MEDIO DE CONSTRUCIÓN DE NOVAS IDENTIDADES

Nun interesante ensaio de Helena González, *Elas e o paraugas totalizador* (2005), a autora lembra que a literatura é a única arte sensíbel para construír e debater identidades subalternas, que xorden como consecuencia das mudanzas operadas pola incorporación das mulleres á sociedade. Efectivamente, numerosas voces femininas fixeron ouvir a súa voz e xeraron profundas transformacións nos textos literarios. A través de diferentes xéneros e con distintos procedementos, interrogaron sobre a identidade feminina con outras miradas, con outros valores, con novos discursos e puntos de vista; e cando cambia o punto de vista, todo se modifica. Moitos textos literarios, sobre todo dos últimos trinta ou cuarenta anos, revisaron os modelos impostos que anulaban o *EU* feminino –convertidos en moitos casos en estereotipos– e deslexitimaron os patróns clásicos da feminidade (construída socialmente), algúns inmutábeis e inspirados na Biblia e na antiga literatura grega. As protagonistas destes novos textos pasaron do *non-ser* ao *ser*, pasaron de ser mulleres *escritas* a mulleres *enunciadoras* do discurso.

As autoras destas revisións, primeiro como lectoras e despois como creadoras, leron como mulleres a imaxe doutra(s) muller(es). En *Leyendo como una mujer* (1996: 24), Lola Luna manifesta:

> "Leer como una mujer significa revisar axiológicamente desde una perspectiva feminista las lecturas y modos de lectura que nos han configurado como lectores, y que nos han transmitido simultáneamente modelos de identidad sexual mediante roles o estereotipos sociales, arquetipos y mitos."

As súas lecturas foron elementos de resistencia ao imaxinario mítico feminino, legado pola tradición, e nas súas creacións deixaron as marcas da súa identidade: partindo dunha trama, unhas personaxes, un espazo e un tempo concretos, no proceso de "lectura" destas personaxes míticas participan como suxeitos e constrúen novos significados (teoría da recepción), posteriormente plasmados nas creacións literarias, nas que se inscribe o paradigma de xénero.

Sinalar a ruptura a que acabo de referirme e analizar algúns textos centrados neste mito, constitúe o obxectivo deste artigo. O corpus seleccionado parte dun poema de Rosalía de Castro, "Desde los cuatro puntos cardinales" (*En las orillas del Sar,* 1884), para continuar coa análise doutras producións: "Penélope", de Xohana Torres (*Tempo de Ría,* 1992); "Penélope", de Isabel Rodríguez Baquero (*Angélica. Revista de literatura*, 1993); "Penélope", de Myriam Fraga (*Fémina*, 1996), e "A Redeira", de Marilar Aleixandre (*Boletín Galego de Literatura*, 1999).

A través da visión desmitificadora de Penélope, pódese analizar a súa cara oculta, coincidente na maioría dos textos analizados mais con distintos matices, o que confirma, por outra parte, a modernidade da formulación rosaliana, cuxa reescritura está cruzada pola categoría de xénero.

Penélope, de Antonio Bourdelle, 1912, Musée Bourdelle, París

A NOVA IDENTIDADE DE PENÉLOPE NUN POEMA ROSALIANO

Apuntaba *supra* que na evolución experimentada por esta figura mítica hai un significativo antecedente en Rosalía de Castro, que marca unha nova identidade feminina para a heroína homérica. Trátase da visión que ofrece a escritora no poema "Desde los cuatro puntos cardinales", pertencente ao libro *En las orillas del Sar* (1884).

Nas numerosas investigacións publicadas sobre Rosalía de Castro, a súa obra foi analizada desde diferentes ángulos: existencialista, sociolóxico, psicolóxico. En 1985, con motivo do centenario da súa morte, celebrouse un congreso internacional sobre a súa vida e obra, auspiciado polo Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela. Naquel encontro científico tratáronse aspectos inéditos e renovadores, con especial incidencia na lectura feminista de parte da súa obra. Nunha das comunicacións que versaba sobre a alegoría do amor, alúdese á desmitificación de Penélope, e de Ulises, discrepante co mito clásico fixado na *Odisea*:

> "La Penélope homérica operaba dentro de una situación arquetipal representativa de un canon cultural patriarcal; la Penélope en Rosalía es autónoma, y teje y desteje sin cesar su tela, creando y recreando ya dueña de su yo-mismo" (Lewis, 1986:144).

En efecto, "Desde los cuatro puntos cardinales", preséntase como unha subversión dun modelo cultural, estereotipado, que a historia literaria tradicional transmitiu. A subversión é un procedemento narrativo que se usa cando se quere crear un discurso feminino diferente e reflíctese na escrita non só na temática senón nos modelos estilísticos e lingüísticos, segundo analiza Biruté Ciplijauskaité en *La novela contemporánea (1970-1985). Hacia una tipología de la narración en primeira persona* (1988). Hélène Cixous vai máis alá:

"Un texto femenino no puede no ser más que subversivo (...) Es necesario que la mujer se escriba porque es la invención de una escritura nueva, insurrecta, lo que, cuando llegue el momento de su liberación, le permitirá llevar a cabo las rupturas y las transformaciones indispensables en su historia..." (1995: 61)

O poema rosaliano consta de tres estrofas: na primeira, a escritora alude á tarefa común das xentes que poboan o planeta, xentes activas e poderosas que ensanchan os campos da ciencia, a favor do progreso; na segunda,

con asombro e respecto, saúda os obreiros comprometidos co movemento progresista e pídelles que agarden e crean porque "crea el que cree". É na terceira estrofa onde Rosalía introduce o mito de Penélope:

> Pero yo en el rincón más escondido
> y también más hermoso de la tierra,
> sin esperar a Ulises,
> que el nuestro ha naufragado en la tormenta,
> semejante a Penélope
> tejo y destejo sin cesar mi tela,
> pensando que ésta es del destino humano
> la incansable tarea,
> y que ahora subiendo, ahora bajando,
> unas veces con luz y otras a ciegas,
> cumplimos nuestros días y llegamos
> más tarde o más temprano a la ribera.[2]

Hai nestes versos unha reelaboración do mito que rompe coa visión literaria lexitimada pola tradición: un *EU* poético feminino, "semellante a Penélope", xa non agarda Ulises –o case inmortal heroe da *Odisea*, símbolo de todas as virtudes, que no poema rosaliano fracasou na navigación–, e decide participar no acto creador, tecendo e destecendo arreo, para sumarse ao destino de todos os seres humanos, para unir a súa tarefa, de muller, ao progreso da humanidade. A pasividade que caracteriza a figura de Penélope en múltiples elaboracións literarias, recluída nos apousentos de palacio, silenciosa e chorosa, fiel ao esposo ausente e submisa ante o seu fillo Telémaco –que a manda calar e subir ao cuarto porque el é o dono da palabra e exerce o mando da casa–, dá paso a unha nova Penélope, cunha nova representación do feminino. Un poema que subverte a hierarquía

Penélope e Telémaco, pintura en vasilla ática vermella (circa 430 a. de C., Museo Cívico de Chiusi)

das personaxes da trama, centrada na figura masculina. Ulises xa non ocupa o centro, o protagonismo pasou a Penélope. O mito actualizouse, o protagonismo desprazouse e o EU poético feminino adquiriu prioridade. Un poema, en definitiva, no que o eu-muller buscou novos criterios de identidade, como fixo Rosalía de Castro en parte da súa obra narrativa escrita en castelán.

DE TECEDORA A NAVIGANTE NO POEMA DE XOHANA TORRES

Foi na década de 1980 cando se publicou un poema de Xohana Torres, "Penélope"[3], que se converteu en símbolo da navigación libre, da navigación sen ataduras. Trátase dunha proposta transgresora e feminista que tivo grande repercusión na poesía de escritoras das seguintes décadas. Coas palabras finais da heroína "co verso-lema que pecha a composición" estabelecéronse numerosas relacións

[2] Castro, Rosalía de (1973): *Poesías*. Vigo, Patronato Rosalía de Castro, p. 393.

[3] O poema publicouse por primeira vez no número 4 de *Festa da palabra silenciada*, especial Xohana Torres (1987, p. 28). Posteriormente, foi incluído en *Tempo de Ría* (1992) e en *Xohana Torres. Poesía reunida* (1957-2001), edición de Luciano Rodríguez, PEN Clube de Galicia/Danú, S.L., 2004, p. 251.

intertextuais e a propia Xohana Torres titulou "Eu tamén navegar" o discurso de ingreso na Academia Galega en 2001.

PENÉLOPE

DECLARA o oráculo:
"Que a banda de solpor é mar de mortos,
incerta, última luz non terás medo.

Que ramos de loureiro erguen rapazas.
Que cor malva se decide o acio.

Que acades disas patrias a vindima.
Que amaine o vento, beberás o viño.

Que sereas sen voz a vela embaten.
Que un sumario de xerfas polos cons."

Así falou Penélope:

"Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto novelo e tanta historia?
EU TAMÉN NAVEGAR"

Nun diálogo intertextual cun poema de Álvaro Cunqueiro –"Retorno de Ulises", de *Herba aquí e acolá*, no que a tecedora e resignada Penélope agarda entre novelos, sorrindo e soñando, o Ulises namorado[4]– a Penélope de Torres rompe coa lenda e, nun xesto de simbólica rebeldía, de inconformismo, descobre que a navegación tamén pertence ás mulleres. Por iso, decide saír da soedade do cuarto baleiro, esquecer tanta la e tanta historia e participar do fascinio que semella reservado aos homes. Non convén esquecer que na minuciosa lexislación romana os oficios destinados ás mulleres eran lavar, coser, tecer, e para os homes reservábanse os de ir á guerra e navigar.

As palabras pronunciadas por Xohana Torres no acto de recepción como académica de número na Real Academia Galega, o 27 de outubro de 2001, son esclarecedoras:

> "Penélope e Ulises, poesías diverxentes. Xiramos as agullas do reloxo e velaí a paciente Penélope. Despois do xusto repertorio das explicacións, tan longa foi a ausencia, a muller abre a porta da mansión de altos teitos e respira, aliviada. Desafía entón a lei da gravidade, días e días ao asento do tecido doméstico, e traza a súa ruta, esta vez polo Atlántico. ( ) É que non hai unha Odisea, hai moitas. Non é pois unha disidencia de última hora a revitalización de Penélope, tan oculta en si mesma e aburrida polo paso do tempo. Só os traballos artesáns protexérona do tedio. Non perderá tensión argumental nin deberíamos asustarnos por enviar a Penélope a outras latitudes. Ben merece, á fin, ampliar as vistas. Queremos xogar cos mecanismos das transferencias, o fío conductor do nobelo debe de levala a un camiño de descubertas. Penélope interpreta de novo o seu futuro e, ¿por que non? ( ) É súa a decisión de abandonar a sombra dos cipreses sedentarios, conta cun barco para levar a cabo a abordaxe, conquistar outros momentos de felicidade e aprisionar nos peiraos outros

[4] Eis algúns versos do poema: "Pende en que pende Penélope pensativa/ perdo novelo nove novamente canto. / Ese rosto que ás augas envexando / como sorrí tecendo cando o vento: /as augas como sorrí envexa que tecendo / ese rosto en que pende que amañeza. / Cando o vento o novelo novelovento leva, /os longos dedos que nasceron frautas / na boca de Ulises, cando namorado. / Digo que os longos dedos non resisten / os pós do vento que nas oliveiras, / os longos dedos que solprendidos dicen / novelovento, novelo nove pido, / o meu corazón tecendo mar e soño / baixo esa ponte de ignorados ríos." (*Obra en galego completa. Poesía-Teatro I*, Editorial Galaxia, Vigo, 1980, p. 138).

> cánticos de orela. Avista así un país de metáforas e proba o viño aromado de froitas, sazón de mar e callado no difícil mosaico dos socalcos, unha opción máis de acordo cos tempos que corren. Qué sería, senón, do sentido da vida se nos detivesemos. Os símbolos só se manteñen se evolucionan. ( ) Se cadra, aínda haberá alguén que proteste por tanta indisciplina."[5]

Así, na literatura galega, alén da nova Penélope de Rosalía de Castro –"relida" moi serodiamente, na década dos 80–, o punto de partida que serviu de referente para textos posteriores é este poema de Torres. A Penélope navigante, a partir da súa publicación, prolongouse noutras reescrituras de escritoras galegas das xeracións dos 80 e dos 90 (Ana Romaní, Marta Dacosta, Chus Pato, María do Cebreiro, Marilar Aleixandre, Olga Novo, Emma Pedreira, Pilar Beiro...). Todas son *penélopes* transgresoras que camiñan pola senda da autonomía, da liberdade, da independencia.

O SILENCIO, A PAZ E A SOEDADE PARA PENÉLOPE

Dúas poetas que tamén cuestionaron a feitura masculina deste mito son Isabel Rodríguez Baquero e Myriam Fraga. As dúas introduciron o punto de vista feminino e reinterpretaron e adaptaron o mito ao mundo moderno. Tamén as dúas reivindicaron nos poemas respectivos o silencio, un silencio creativo que facilita a introspección, que permite conectar co interior das persoas; un medio de coñecemento que posibilita a Penélope descubrir e aprehender o mundo.

"No creáis en mi historia", reitera Penélope no poema de Isabel Rodríguez. Unha historia construída polos homes para manter vivo o ideal da domesticidade, cuxo papel estelar sempre se atribuíu ás mulleres. A protagonista do poema nunca agardou Ulises, o invencíbel arqueiro polo que só sentía desdén. A lembranza do esposo, forxado para a loita e disposto sempre á acción, devólvelle os seus símbolos de forza (espadas, arcos, cascos, combate, sangue), símbolos que nada lle interesan. Nun signo de rebeldía, o tecido que elaboraba cada día convértese nun escudo, e o sudario para Laertes, que facía e desfacía sen descanso, deixa de ser un pretexto para templar a impaciencia dos pretendentes. A escala de valores da protagonista tamén experimenta unha transformación: a espera, a volta do ausente, do "estranxeiro", xa non teñen significado porque, mesmo dentro dos límites domésticos, Penélope gaña un espazo simbólico no que autoafirmarse, no que poder expresar os seus desexos (paz e silencio) e no dereito á soedade, "ao tálamo baleiro":

> PENÉLOPE
> No creáis en mi historia.
>
> Los hombres la forjaron
> para que el sacro fuego de inventados hogares
> no se apagara nunca en femeniles lámparas.
>
> No creáis en mi historia.
> Ni yo esperaba a Ulises
> -tantas Troyas y mares y distancias y olvidos...-
> ni mi urdimbre de tela
> desurdida en la noche
> se trenzaba en su nombre.

[5] *Eu tamén navegar*, Real Academia Galega, A Coruña, 2001.

Mi tela era mi escudo,
no del honor de Ulises,
no de la insomne espera
del ya más extranjero
que los osados príncipes que
acechaban mi tálamo.

Y si el arco de Ulises
esperaba su brazo,
es porque yo al arquero
sólo desdén profeso,
y nada me interesan sus símbolos de
fuerza:
sus espadas, sus arcos,
sus cascos tremolantes
y las espesas sangres
de su inútil combate.

No creáis en mi historia.
Cuando volvió el ausente
me encontró defendiendo con mi
ingeniosa urdimbre
mi derecho inviolable al tálamo
vacío,
a la paz de mis noches,
al buscado silencio:

La soledad es un lujo que los dioses
envidian[6].

O poema da poeta brasileira Myriam Fraga reclama así mesmo o silencio como elemento necesario para alcanzar a paz que faltaba a Penélope. A súa espera xa finalizou, tamén o rutinario traballo de tecer, porque vai iniciar un novo ciclo, magníficamente expresado nos dous últimos versos: cando chegue Ulises, a sopa xa estará fría. O home ausente, o arco, as frechas non son máis que unha lembranza na súa memoria. Representan o pasado:

Penélope

Hoje desfiz o último ponto,
A trama do bordado.
No palácio deserto ladra
O cão.
Um sibilo de flechas
Devolve-me o passado.
Com os olhos da memória
Vejo o arco
Que se encurva,
A força que o distende.
Reconheço no silêncio
A paz que me faltava,
(No mármore da entrada
Agonizam os pretendentes).
O ciclo está completo
A espera acabada.
Quando Ulisses chegar
A sopa estará fria[7].

Malia o poema non anunciar explicitamente a partida de Penélope, os derradeiros versos poden interpretarse neste sentido: mortos os pretendentes, que agonizan na entrada de palacio, non semella haber nada, nen ninguén, capaz de retela porque o descubrimento da propia identidade impulsa as súas arelas de "voar", como un acto de liberación, por acudir a esa imaxe tan querida e reiterada por Hélène Cixous (1995: 60):

"Volar es el gesto propio de la mujer... Hemos aprendido las mil maneras de poner en práctica el arte de volar y sus variadas técnicas, hace siglos que sólo tenemos acceso a él mediante el vuelo... encontrando cuando lo deseamos pasadizos angostos, secretos, entrecruzados."

[6] Este poema publicouse por primeira vez en *Angélica. Revista de literatura*, 4, (1993), pp. 215-216. Tamén apareceu en *Revista de Occidente* (1994), 158-159, pp. 226-227, na sección "Trece poemas odiseicos", con presentación de Carlos García Gual. Foi editado de novo na antoloxía *Estirpe femenina: 28 poetas cordobesas* (2000, pp. 145-146).

[7] Pertence ao libro *Fémina* (1996). Publicouse tamén na *Antologia da poesia brasileira* preparada por Xosé Lois García (2001, p. 229).

"A REDEIRA" DE MARILAR ALEIXANDRE

O relato[8] iníciase *in media res*. Non lle interesa á autora a historia canónica xa coñecida, só o motivo do tear e o propio acto de tecer, e as personaxes innominadas dos pretendentes, as criadas e Odiseo, nomeado nunha única pasaxe. Tampouco aparece o nome de Penélope, convertida no texto nunha redeira, oficio tradicional ben coñecido en Galiza.

Transcorreran máis de dez anos desde que finalizou a guerra. Penélope seguía co seu labor interminábel, un día tras outro. Non tecía de forma mecánica, repetitiva senón que en cada ir e vir da súa lanzadeira de almafí ían nacendo novos debuxos: golfiños azuis, ourizos púrpura, monstros descoñecidos, complicados debuxos de diferentes formas trazados con primor. Eran composicións diversas que en nada lembraban as do día anterior. E mentres "simulaba" agardar a volta de Ulises acudindo apurada ao peirao cada vez que chegaba un novo barco, a redeira, *viúva de vivo*, no seu afán creativo –crea o que cre, anunciara Rosalía de Castro–, urdiu unha nova estratexia, en silencio, oculta ás olladas dos que a rodeaban. Con agullas de ferro, con sete agullas de ferro e un fío finísimo mais tan forte que podería amarrar un tiburón, avanzaba noite tras noite na elaboración do instrumento que estaba a construír: unha rede tecida cos fíos da liberdade, un aparello que realizaba coa sabiduría herdada da súa avoa –figura que suxire a continuidade e o cambio, a tradición e a modernidade–, tamén redeira.

Así, á volta de Odiseo, sucede a escena da morte dos pretendentes e das criadas. Unha vez limpo de sangue o salón, Odiseo reclámaa para ir ao leito. Só entón aparece a rede para envolvelo, para atrapalo, e é xustamente nese momento, na soedade da noite, cando a redeira- navigante, cansa xa de tanto agardar, inicia unha nova singradura, para enlazar con esa tradición marítima, centrada nos homes, que escapaban ao mar para encontrar a liberdade e novas experiencias; unha viaxe mental en principio (madurada durante tempo) e despois física:

> "... ninguén se explicou de onde saíu aquela rede na que caeu enguedellado Odiseo, ninguén soubo que foi dela,



Penélope, de Franklin Simmons, 1896, Young Museum

[8] Véxase en Anexo. Está publicado en *Boletín galego de Literatura* (1999, nº 21-22, pp. 337-339).

onde puxo rumbo naquel barco en que marchou co seu can Argos, libre xa de agardar por el".

Na estrutura do texto a configuración espacial non experimentou variación con relación ao relato homérico: a redeira segue encerrada no seu cuarto tensando as finas urdiduras con cores diferentes (rosa, azul, púrpura), con delicados matices, entretecendo o liño coa seda, *creando* novas tramas que pola noite desfacía. E, ao mesmo tempo, armaba a súa rede liberadora. Mais o tempo, outro dos elementos integrantes da estrutura, percébese dun modo diferente. Xa non é o tempo repetitivo dos textos tradicionais, coa súa carga de inmobilidade, que se manifesta a través da pasividade, da quietude da protagonista, senón un tempo en progresión: a rede era, como indica a autora, "o único traballo que progresaba cos días", que lle permitía abandonar a rutina diaria "para non desesperar". Con esta única alusión ao estado de ánimo da redeira, a desesperación, o relato diferenciase doutros que insisten no carácter triste e choroso de Penélope.

Os dous primeiros parágrafos reproducen, *grosso modo*, a historia oficial do mito, coas modificacións relativas ao aspecto creativo do tapiz e ao oficio de redeira. Xa non se trata da raíña de Ítaca. Por iso, a autora recrea nesa primeira parte o mito tal como se contou e, a través dalgunhas formas verbais utilizadas, semella querer distanciarse do xa coñecido e narrado, como se non acreditase nesa visión:

"Dicíase que ela mesma destecía cada noite...o labor do día"
"Contaban que argallara aquela estratagema para burlar os pretendentes"
"(Contaban)... que lle arrincaran promesa de entregarse a un cando o tecido estivese acabado"

É na segunda parte, nos dous parágrafos finais, onde reside sobre todo a visión novidosa da autora, na que chama tamén a atención a imaxe da protagonista –recatada e pudorosa na *Odisea* e noutras reelaboracións literarias– que nun momento da historia aparece medindo a rede contra o seu corpo *nu*.

A redeira-Penélope de Aleixandre subverte, como a dos textos xa analizados, a versión do arquetipo de muller que agarda polo navigante Ulises/Odiseo, o heroe homérico que abandonou a placidez da illa pola aventura, o combate, a competitividade, a posesión, o triunfo. Trátase dunha Penélope que supera outros modelos precedentes na súa tentativa, e logro, de desvelar outro rostro deste mito intemporal, cinxido por patróns patriarcais. Unha Penélope que precisa para construír a súa identidade *facer* porque o *ser* e o *estar* non abondan. Un tránsito feminino que proxecta unha nova construción identitaria.

Na "Autopoética" que precede o texto, Marilar Aleixandre explica que lle interesa "o reverso das historias" e engade que coa súa forma de mirar pretende erguer o veo co que contemplamos o mundo e suscitar a dúbida de "se as cousas serán como parece que as vemos".

Estas reescrituras de Penélope, e outras moitas que aquí non se analizan, poñen de manifesto o amplo e rico abano interpretativo da heroína clásica a partir do hipotexto homérico. Narradoras, poetas, dramaturgas, deixáronnos un abundante corpus de *penélopes* insubmisas, que trazaron as rutas da *Odisea*

feminina. Ficou inmortalizada igualmente nas artes plásticas e escénicas.[9]

Son *penélopes* que negan a historia oficial, que inician o camiño da liberdade e que aprenderon, non a agardar por Ulises, senón a agardar por si propias.

Como sinalou Montserrat Roig no artigo "Mujer y literatura":

> "Surge una manera diferente de ver a Circe, a Calipso o Atenea, diosas reducidas luego a Hetairas; Nausica, Arete, Penélope o la vilipendiada Clitemnestra, las cuales no son más que venganzas sublimadas de la imaginación masculina. Existieron, sí, ¿pero fueron así realmente? Nunca lo sabremos. Hay que reinventarlas."[10]

Aínda que a análise de textos sobre esta figura mítica centrouse en diferentes producións femininas, non quero deixar de referirme ao relato "La tela de Penélope (o quién engaña a quién)", do escritor guatemalteco Augusto Monterroso, que figura en *La oveja negra y demás fábulas* (1969), no que apoia a subversión da personaxe polo camiño da sátira e o humor:

> Hace muchos años vivía en Grecia un hombre llamado Ulises (quien a pesar de ser bastante sabio era muy astuto), casado con Penélope, mujer bella y singularmente dotada cuyo único defecto era su desmedida afición a tejer, costumbre gracias a la cual pudo pasar sola largas temporadas.
>
> Dice la leyenda que en cada ocasión en que Ulises con su astucia observaba que a pesar de sus prohibiciones ella se disponía una vez más a iniciar uno de sus interminables tejidos, se le podía ver por las noches preparando a hurtadillas sus botas y una buena barca, hasta que sin decirle nada se

Penélope, autor anónimo. Museo do Vaticano, Roma

[9] Hai numerosos exemplos, en diferentes xéneros. Por citar só algúns, entre os textos narrativos: "Penélope" de Lourdes Ortiz, que figura no libro *Los motivos de Circe*, 1991; Marta Traba (*Los laberintos insolados*, 1967); Margaret Atwood (*Penélope y las doce criadas*, 2005). Entre os textos poéticos, pódense citar: Juana Castro ("Penélope", *El extranjero*, 2000); "Ítaca" de Teresa Ortiz (que figura na antoloxía de poesía feminina editada por Francisco Manuel Reina, *Mujeres de carne y verso*, 2002). Hai unha peza teatral moi interesante de Itziar Pascual (*Las voces de Penélope*, 1997).

Tamén nas artes plásticas está moi presente Penélope (Leandro Bassano, Pinturicchio, Jan van der Straet, Francesco Primaticcio, Gustave Moreau, Jhom William Waterhouse, Franklin Simmons, William-Adolphe Bouguereau, Antonio Bourdelle, Emilio Prieto Rodríguez, Nello Colavolpe); nas artes escénicas (*Penélope*, ópera de Cimarosa, 1795; *Penélope* de Fauré, 1913); na música (Joan Manuel Serrat, Georges Brassens, e até hai alusións ao mito en *Buscando una luna* do grupo Extremoduro).

[10] *Boletín Informativo de la Fundación Juan March*, 114, 1984, pp. 10-11.

iba a recorrer el mundo y a buscarse a sí mismo.

De esta manera ella conseguía mantenerlo alejado mientras coqueteaba con sus pretendientes, haciéndoles creer que tejía mientras Ulises viajaba y no que Ulises viajaba mientras ella tejía, como pudo haber imaginado Homero que, como se se sabe, a veces dormía y no se daba cuenta de nada.

ANEXO

A REDEIRA, de Marilar Aleixandre

Os pés do seu tear eran de pau de laranxo e a lanzadeira de marfil do unicornio mariño, que non en van era a esposa –anque abandonada, esquecida ou tal vez viúva– dun príncipe. E cos anos chegara a adquirir unha habilidade tal como tecedeira, que do que aparentaba ser o rutineiro abaticar dos lizos ían nacendo intrincados debuxos, arroaces e golfiños azuis, ourizos púrpura, rosadas luras e ata outros monstros nunca vistos e dos que ninguén na illa sabía o nome, e ela menos ca ninguén pois no canto de embarcarse nas cóncavas naves pasaba os días tecendo. Quizais seu home, se é que aínda vivía, mirara algunha vez, xurdindo do pélago, aqueles enrodelados tentáculos, aquelas cegas cabezas. Pero era máis probable que non puidese velos, ou que se os vira non o puidese contar, porque, dicían, os seus ósos xacían nas profundidades do abismo logo de perecer en loita cun deles nas axitadas travesías de Escila e Caribdis.

Sen embargo nin as mulleres que se afanaban en torno a ela, nin os pretendentes que a importunaban a cotío chegaran xamais a ver completado o debuxo, chegaran a admirar o arroaz na crista da onda, o extremo dos raios da lura, pois o que fora tecido durante o día aparecía desfeito á fin de cada noite, desganduxado o remate, soltos os fíos de liño, ennobelada a seda, como se ningunha das figuras trazadas con tanto primor o día anterior tivese resistencia real fóra do lembrado ou imaxinado por quen a rodeaban. Mesmo a lembranza da trama resultaba difícil xa que ningún día gardaba parecido aquel deseño co do día anterior, e se un día o que se rebirichaba entre as escumas era un golfiño riscado, o seguinte semellaba unha quenlla e os raios da lura convertéranse nos fráxiles brazos da arañenta ofiura. Dicíase que ela mesma destecía cada noite, á incerta luz de lámpadas de aceite, o labor do día. Contaban que argallara aquela estrataxema para burlas ós pretendentes que a apremaban para que escollese un de entre eles, que lle arrincaran a promesa de entregarse a un cando o tecido estivese acabado. Eles debían crer que, ó posuír o seu corpo moreno e lanzal, transformaríanse en héroes invictos como fora seu home, que a súa mirada torva mudaría en resplandecente intelixencia, que a partir dese día serían sabios e astutos no canto de xarotos e galloufeiros. Os pretendentes tiñan a certeza de que seu home non había volver, transcorridos xa máis de dez anos desde a fin da guerra, cheas de ferruxe as armas que se amoreaban nos cabaneis, cicatrizadas as feridas, casadas de novo as viúvas. Todas bardantes dela que aínda esperaba a volta do viaxeiro, que aínda corría cara ó peirao cada vez que os vixías anunciaban a chegada dun barco do que unha vez e outra desembarcaba un novo pretendente e nunca el.

Mais se alguén tivese a oportunidade de ollar o que facía ás noites, encerrada no seu cuarto, coas lámpadas prendidas, mentres unha fiel camareira destecía no tear e os pretendentes se entregaban á bebida e ó trouleo

no grande salón, vería como, tirando dun estoxiño de madeira de urce sete agullas de ferro, entrallaba unha grande rede, tecida cun fío tan sutil que podería apañar nela os pións ou as xoubas máis miúdas, pero tan rexo que termaría dun tabeirón e mesmo resistiría a acometida dos seus dentes. Se era esta rede, único traballo que progresaba cos días, instrumento destinado a pescar no mar ou a apañar os paxaros que peteiraban as viñas en setembro, iso ninguén podía sabelo porque nin a viran nin sabían da súa existencia. Súa avoa fora redeira e tal vez era este labor unha invocación que a neta elevaba cada noite, na soidade do seu cuarto, para non desesperar. Ou poida que preparase a rede por se un rei ordenaba que se presentase ante el nin núa nin vestida, e fose esa a razón de que algunhas noites medise a rede contra o seu corpo espido e fermoso, envolvéndose nela como se probase unha túnica nova. Ata é posible que se algún dos pretendentes soubese que ela, ás noites, tecía unha rede, pensase que era unha actividade por facer a noite máis pasadía, pois adoitan os heroicos soldados crer que só eles actúan cun propósito e que os demais, sobre todo as mulleres, móvense ás toas.

Por iso, cando seu home volveu, despois do batifundo e sangue, tripas por fóra, despois de que el lle rebentase o fígado ós pretendentes e guindase as miudanzas ós cans, despois de que o salón estivese baldeado e limpo de sangue e mortas tamén as criadas que o limparon –só logo de limpar o salón foi cando as matou Odiseo–, despois de que el a chamase para o leito suntuoso e que ela lle pedise uns instantes para acabar o tecido de vez, despois de que ela fose con el para o cuarto, ninguén se explicou de onde saíu aquela rede na que caeu enguedellado Odiseo, ninguén soubo que foi dela, onde puxo rumbo naquel barco en que marchou co seu can Argos, libre xa de agardar por el.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ALEIXANDRE, Marilar (1999): "A Redeira". *Boletín galego de Literatura*, 21-22, pp. 337-339.

CASTRO, Rosalía de (1973): *Poesías*. Edición preparada pola Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago. Vigo, Edicións do Padroado Rosalía de Castro.

CIPLIJAUSKAITÉ, Biruté (1988): *La novela contemporánea (1970-1985). Hacia una tipología de la narración en primeira persona*. Barcelona, Anthropos.

CIXOUS, Hélène (1995): *La risa de la medusa*. Barcelona, Anthropos.

CUNQUEIRO, Álvaro (1980): *Obra en galego completa. Poesía-Teatro I*. Vigo, Editorial Galaxia.

GARCÍA, Xosé Lois (ed.) (2001): *Antologia da poesía brasileira*. Santiago, Laiovento.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2005): *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación*. Vigo, Xerais.

GUILLÉN, Claudio (1985): *Entre lo uno y lo diverso*. Barcelona, Crítica.

LEWIS, Clive Staples (1969): *La alegoría del amor*. Buenos Aires, Eudeba.

LEWIS GALANES, Adriana (1986): Rosalía: tejedora de la plenitud. *Actas del Congreso Internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade, v. II, pp. 141-151.

LUNA, Lola (1996): *Leyendo como una mujer*. Barcelona, Anthropos.

ROIG, Montserrat (1984): "Mujer y literatura". *Boletín Informativo de la Fundación Juan March*, 114.

TORRES, Xohana (2001): *Eu tamén navegar*. A Coruña, Real Academia Galega.

Escenas de Portosín
en tempos de Fernando VII

Daniel Bravo Cores

A parroquia de San Sadurniño de Goiáns unha das máis antigas de Barbanza, remonta as súas orixes á máis rancia antigüidade medieval. Das súas orixes ancestrais fálanos a Igrexa parroquial, con elementos prerrománicos no propio edificio, e algúns obxectos inda anteriores, como a tapa dun sepulcro paleocristián adorsada á parede da nave central, que se ha de datar segundo González Millán cara ao ano 570 d. C. A parroquia pertencía, ao igual que a maior parte das de Barbanza, á Xurisdición da Vila de Noia, territorio de señorío do Arcebispo de Santiago de Compostela.

A estrutura poboacional de San Sadurniño encontrábase fragmentada en varios pequenos núcleos, illados uns dos outros, que sumaban un total de 500 "almas", aproximadamente uns 1.900 habitantes. Ata 1800, o núcleo de poboación máis importante da parroquia era o de San Caetano-Silva, onde se agrupaba unha morea de vivendas nas marxes dun pequeno regato, e onde se ubicaba a pequena capela que aínda sobrevive. No extremo oposto, languidecía Portosín, por aquel entón unha aldeíña cuxo casarío escoltaba o Camiño Real ao seu paso polas inmediacións do templo parroquial, e onde moraba, máis mal que ben, un escaso centenar de habitantes dedicados ás actividades pesqueiras.

Durante o século XVIII, o pequeno núcleo mariñeiro apenas se tiña beneficiado do auxe das pesquerías, xeneralizado en todas as Rías Baixas, entre outras razóns porque a pesca polarizárase nos tres antigos portos de Noia, Muros e Porto do Son. Con todo, a presenza de fomentadores cataláns da salga desde os últimos anos do século XVIII viría axitar a tranquilidade secular daquela pequena aldea, situada ao pé dun dos contornos costeiros máis fermosos da comarca.

Deixando a un lado iniciativas empresariais catalás de carácter temporal, a primeira das instalacións de salgadura permanentes das que se ten noticia, foi a de Pedro Plá Rapulls, que en 1806 levantou en Portosín unha factoría de salga en contra da opinión das autoridades noiesas –querían obrigalo a levantala en Noia, en beneficio das súas arcas municipais, e das autoridades fiscais do reino, que decretaron a ilegalidade da súa iniciativa, e pediron a súa demolición, como fixeran coa de Manuel Font en Boa, en 1788.

O camiño iniciado por Plá tería continuidade mercé a unha cohorte de novos fomentadores, como José e Juan Moreu i Targa (1807), Salvador e Daniel Martorell (1819), Antonio Crusat (1819), Francisco Roura (1819), Manuel Suárez (1819), José Coch (1829), Juan e Pablo Roura (1829), Miguel Jover i Carreras (1827) Juan e José Poch i Giró, (1830), José Roig i Poch (1841), e un longo etcétera, que lle farían xogar a Portosín un papel nesa ría, similar ao da Vila do Caramiñal e Vilaxoán en Arousa, e Marín e Pontevedra, e Cangas e Vigo nas rías máis meridionais, como centros de salgadura por antonomasia.

Algúns documentos notariais dos anos entre 1818 e 1824 permítennos debuxar a grandes pinceladas o panorama histórico que presentaba Portosín por aqueles tempos. Superados os tempos da guerra contra o francés, e restablecida a normalidade, o pequeno porto encaraba a modernidade con novos bríos, e á calor da actividade despregada por aqueles puxantes empresarios, as súas actividades mariñeiras daban un salto cualitativo que moi pronto permitiría a Portosín competir con vantaxe cos potentes portos veciños tradicionais.

SAN CAETANO, CENTRO DA VIDA PARROQUIAL

Por aquel entón, e a pesar de que a igrexa parroquial se levantaba cerca do areal de Portosín, o centro da vida comunitaria atopábase en San Caetano, onde, como xa dixemos, achábase a maior concentración de poboación da parroquia. Por esa razón, no adro da capela alí levantada, era o "*sitio de juntas de costumbradro*", como dicían os propios notarios de Noia, e alí celebrábanse as principais reunións desde tempo inmemorial: alí elixíase cada ano o mordomo pedáneo da parroquia, representante e responsable ante o seu señor, o Arcebispo; alí repartíanse os impostos entre os parroquianos, sorteábanse os mozos que tiñan que servir na Real Armada; líanse as disposicións e ordes do Arcebispado, etc.

FACTORÍAS DE SALGA EN 1818

Unha vez chegados aos anos finais do século XVII e primeiros do XIX, a convivencia entre os industriosos cataláns, a quen lles sorrí a fortuna en moi pouco tempo, e a mariñeiría local sometida a unha vida moi dura, nas marxes da miseria, non sempre fora unha balsa de aceite, nin en Portosín, nin nos demais portos da ría. Xerardo Agrafoxo e Manuel Mariño glosaron diversos episodios marcados pola violencia, e relataron, por exemplo, como en outubro de 1812 grupos de mariñeiros de Muros asaltaron a pedradas varios almacéns cataláns alí establecidos, queimaron varias factorías en Esteiro e O Freixo, asaltaron outra en Porto do Son, onde se refuxiaran varias familias..., e tamén en Portosín onde incendiaron os almacéns de Salvador Martorell e Alejandro Gayoso.

Cara a 1818, os restos de violencia estaban practicamente apagados. Daquela, funcionaban en Portosín seis almacéns de salgadura propiedade dos cataláns Manuel Suárez, Salvador Martorell, José Plá, Antonio Crusat, D. Francisco Roura e D. Juan Vilasó, cada un dos cales "giraba" a súa propia empresa ou "Compañía", na que traballaban os varóns da familia. Así sucedía, por exemplo, no caso de "Salvador Martorell y Cía", onde traballaba o seu fillo Daniel, ou os casos de "José Plá y Cía", onde traballaba o seu fillo José Plá Avallé. Case todos os "encargados" do almacén, homes da enteira confianza dol fomentador e que se ocupaban do seguimento dos procesos de produción, eran tamén de procedencia catalá. Era o caso, por exemplo, de Juan Sagrera, encargado do almacén dos Martorell. Había, ademais, por entón, outros dous almacéns inactivos e medio en ruínas, un dos cales era o coñecido almacén de Don Alejandro Galloso, incendiado nos disturbios de 1812, que fora valorado cando estaba en funcionamento na nada desdeñable cantidade de 89.543 reais.

O traballo xerado polas factorías de salgadura revolucionou a vida laboral do núcleo portosinense: case todos os seus habitantes pasaron a desempeñar labores directa ou indirectamente relacionados coas factorías: entre 120 e 170 mulleres –unhas 25 por almacén– como "espichadoras" de sardiña nos tabais; 2 ou 3 toneleiros encargábanse en cada almacén da elaboración dos envases: pipas, cascos, tabais e pandeiretas; o fomentador e o encargado dedicados á dirección técnica; e, finalmente, os mariñeiros que subministraban a sardiña ás factorías, vendéndoa, ou como asalariados do fomentador.

Ao compás do aumento do número de almacéns creceu tamén a poboación de Portosín ao logo do século, ata converterse no

núcleo máis poboado da parroquia e en polo de atracción de xente foránea para traballaren no sector pesqueiro.

OS IMPOSTOS EN PORTOSÍN

Por entón, o sistema fiscal era ben distinto ao actual. A dificultade da cobranza dos impostos, explicaba que con frecuencia la Coroa cedese ao señor o dereito a cobrar eses impostos, no territorio do seu señorío, a cambio dunha cantidade que logo este repartía –de aí o nome de "compartos"– entre os veciños de cada localidade segundo as súas fortunas. Os encargados da cobranza directa aos veciños eran os mordomos pedáneos e, para facilitar a recadación, xeralmente adoitaban pagar os compartos en tres prazos anuais

En 1818, o mordomo pedáneo de Portosín respondía ao nome de Ignacio Sersón que, como todos os anos, procedeu ao "comparto" do tributo sobre os "consumos" entre todos os veciños. Tratábase dun tributo sobre o subministro de viños, augardentes, carnes, aceite e vinagre que había que pagar á *Real Hacienda* cada ano. Sersón e os seus axudantes asignaran ao colectivo de fomentadores cataláns unha cantidade que estes consideraban excesiva, dados os anos de penuria que corrían. Por iso, o 5 de maio de 1819 reuniuse o fomentador Don Francisco Miguel Ronquete, "*como facultado por los Señores D. Manuel Suárez y Cía, Don Salvador Martorell y Cía, Don José Plá, Don Antonio Crusat y Cía, D. Francisco Roura y D. Juan Vilasó y Cía*" –os seis cataláns que entón tiñan almacén en funcionamento e residían en Portosín– co mencionado Sersón, acompañado de Salvador Queiruga e outros tres veciños da localidade "*con motivo de tratar de hacer una rebaja a los dichos almacenes por las fábricas que tienen de sardina en Portosín*".

Finalmente conviñeron en que os almacenistas se comprometían a pagar a cantidade de 2.469 reais e 14 marabedís en tres prazos –*por tercios iguales*–, a condición de que, se volvese a se reiniciar a actividade algunha das factorías pechadas, ou se levantasen outras novas, aumentaríaselles o pago aos propios fomentadores *"en la parte que les toque*". Se, polo contrario, pechase algunha factoría, os cataláns comprometíanse a seguir pagando colectivamente os 2.469 reais asignados: *"y si, a lo adelante, alguno de los seis almacenes dichos no hagan sardina, en tal caso cargarán los almacenistas en la parte que les toque".* En principio, polo tanto, o acordo era claramente vantaxoso para os veciños de Portosín. O convenio establecía tamén o compromiso de pagarlle ao mordomo "*a su debido tiempo*", so pena de que, non o facendo así, serían polar conta dos almacenistas "*los apremios a que hubiere lugar por su omisión*" (é dicir, os recargos poa demora).

Lamentablemente, en 1824 un incendio destruíu o almacén de Salvador Martorell, "*según es público y notorio,.. y quemado el almacén de mí, el expresado Martorell y todo cuanto contenía*", o que obrigou o citado fomentador a reunirse cos veciños, negociar de novo o acordo e reducir a parte alícuota que lle correspondía.

Os documentos históricos que serviron de base para este artigo, poñen de manifesto que, ao menos en Portosín, a minoría catalá alí afincada chegara a un certo grao de integración coa poboación local. Por eses anos parecía imporse a concordia, deixando atrás vellas liortas acaecidas unha decena de anos antes, e que tinxiran de sangue a ría.

A maioría de idade da Literatura Infantil Galega.

María Victoria Moreno como referencia

Pilar Sampedro

Que no ano 2018 se celebre a Mª Victoria Moreno o Día das Letras Galegas pode lerse como un salto cualitativo no recoñecemento desta literatura. Despois de Manuel María cos seus *Versos na gaiola* e *As rúas do vento ceibe,* en poesía; *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela,* en teatro; *As ribeiras son escuras,* en narrativa xuvenil; a triloxía de Manuel de Paderna (*A tribo ten catro ríos, Cando o mar foi polo río* e *Viaxes e vagancias de M.P.*); a narración oral *Unha sombra vai polo camiño. Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos*, e o conto infantil *O bigote de Mimí*, podiamos preguntarnos se a elección de Manuel María non se trataba, en realidade, dun eloxio da nosa literatura para a xente máis pequena e moza. Este autor entrou na escola e nas bibliotecas escolares con paso firme, a rapazada adorábao e cantábao coas músicas de Suso Vaamonde, representábao e líao con verdadeira devoción. Foi tanta a súa influencia que o primeiro premio Leixaprén entregado polos equipos de normalización lingüística da zona do Barbanza e ría de Muros-Noia foi para el. Tanto fixera polo idioma, tanto axudara a querelo, que había que agradecerllo!

Corría o ano 2016, pero agardamos antes de tirar as campás a voar, porque ben é certo que Manuel María contaba con moitísima obra tamén para adultos (máis de medio cento de poemarios, media ducia de libros de narrativa, máis dunha ducia de obras dramáticas, ensaios...) que o facían xusto merecedor da homenaxe das Letras. Ademais, a súa vontade de escribir moito e de publicar axudara a encher os andeis de libros galegos. Nunca llo daremos agradecido suficientemente!

Pasado o ano de Manuel María, no 2017, chegou a celebración de Carlos Casares. Mediadores e rapazada volveron saber que se recoñecía a literatura infantil e xuvenil. Casares recibira o primeiro premio de contos d´O Facho no ano 1968 por *A galiña azul* e o primeiro premio de teatro d´O Facho por *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas,* ía estreando os premios convocados para esta literatura, facendo de pórtico. Consciente da súa necesidade, crea a primeira serie dirixida ao lectorado infantil (*Este é Toribio, Toribio contra o profesor Smith, Toribio e o contador de contos, Toribio ten unha idea, Toribio revoluciona o tráfico*), o antecedente d´Os Bolechas. Escribe tamén, *O can Rin e o lobo Crispín* e *Lolo anda en bicicleta,* así como *O galo de Antioquía e O polbo xigante* para lectores e lectoras de fronteira. Casares traducira moitas obras para estes lectores e lectoras, achegando á nosa lingua o que noutras se escribira, como no caso de *O principiño, Eu son un neno, Eu son un peixe, Eu son un*



Mar adiante

paxaro, Bestiario fantástico, Os escaravellos voan á tardiña... Aínda que agradecemos a atención á literatura infantil, pensabamos que Casares tamén era merecedor dunha celebración das Letras pola súa literatura dirixida unicamente aos adultos. A este tipo de público dirixiuse en artigos xornalísticos, estudos literarios e traducións; pero, especialmente, en narrativa con obras como *Vento ferido, Cambio en tres, Xoguetes para un tempo prohibido, Os escuros soños de Clío, Ilustrísima, Os mortos daquel verán, Deus sentado nun sillón azul, O sol do verán.* Son títulos que marcaron unha época e supuxeron o identificación dun autor, xa dende a súa mocidade.

No 2018, cando a Real Academia Galega (RAG) decide nomear a Mª Victoria Moreno, xa non temos dúbida de que os académicos e académicas están a recoñecer a nosa literatura infantil e xuvenil, máis alá da defensa do galego por parte dunha muller que naceu fóra, máis alá dunha opción de amor polo idioma, máis alá dunha antoloxía (*Os novísimos da poesía galega*), dun par de ensaios (*As linguas de España, Verso e prosa*), do memorialístico *Diario da luz e a sombra* ou dunha obra poética *Elexías de luz.* María Victoria Moreno tiña un nome e unha obra ligada á literatura para a infancia e a mocidade, e por ela era coñecida e recoñecida.

Comezouse a falar de Mª Victoria Moreno cando, en 1973, publica *Mar adiante,* en Edicións do Castro, ilustrado por ela). Este é un libro para o lectorado autónomo no que fai unha crítica do ensino tradicional e defende unha nova escola. Unha escola que ensina no mundo, fóra das paredes que a pechan, en contacto coa realidade; unha educación na que a mestra está ao lado doutros cidadáns (o vello mariñeiro; o mariñeiro poeta, o debuxante e o amigo das estrelas; o capitán, a cociñeira capaz de inventar unha canción para espertar a rapazada e de ir recoller argazo para facer unha árbore de Nadal antes de durmir para sempre...) que colaboran ensinando aquilo que mellor saben facer; unha formación na que á crúa realidade se lle engaden uns grans de poesía, da lírica maneira de ver a vida e a morte (porque esta aparece nese primeiro libro pisando na consciencia da rapazada, sen ocultarlla). Nese barco cóntanse contos coma o dos náufragos aos que alguén non axudou (porque o mal anda a dar voltas arredor de nós), o de Mariquiña que se fai amiga dun lobo pensando que é un can (porque non hai nada peor que os prexuízos), o da illa dos paxaros (porque debemos aprender a convivir) ou o do vagalume namorado dun luceiro (porque hai que amar sen límite). Darlle a volta ao conto de Carapuchiña Vermella é un paso adiante que non ten retroceso; neses tempos, José Agustín Goytisolo escribía aquel poema "Érase una vez / un lobito bueno" ao que puxera música Paco Ibáñez, para falarnos dun mundo ao revés no que a xente espertaba ás arelas do cambio político e social con ela nos labios, porque non todo era como nos dixeron sempre que debía ser. Porque podemos darlle a volta e crer que outra escola é posible, que outro mundo é posible!

Outros títulos de narrativa foron engadindo presenza á nosa autora: *A festa no faiado (*no que se representa a vella cobiza de que os xoguetes esperten á vida), *A brétema* (sobre unha vella que se converte en brétema despois de reclamar atención e agarimo) e *O cataventos* (onde se xoga, de novo, coa transformación, neste caso dun soberbio galo en viravento) ou *Pan con chocolate* (unha das obras de máis contido social que recolle a pobreza como máxima discriminación, ao lado da étnica, na voz dunha rapaza que chora a perda do amigo que era o chocolate que complementaba o seu pan).

Eu conto, ti cantas...

Son tamén da súa autoría algúns libros de historias rimadas como *Un cachiño de bica?; Eu conto, ti cantas; Xa non teño medo; Can branco, can negro; E haberá tirón de orellas?,* dirixidas aos primeiros lectores. Nelas, os medos tan propios desa idade, a inxustiza coa que trata a vida a uns e outras, a soidade, as ansias de liberdade, a amizade, a necesidade de aceptación e afecto, a tenrura, o amor polos animais e as historias de cans se fan presentes e protagonistas establecendo unha constante á que dan ás as ilustracións de Manuel Uhía, quen achega toda a dozura que destilan os textos. Historias sinxelas nas que a emoción toca o peito desas lectoras e lectores noviños que len e recitan achegándose a eses animais que máis que mascotas son membros da familia; así llelo fai sentir María Victoria, coa autenticidade de pórlles os nomes dos que están na súa casa e transmitir a emotividade que ela mesma sente.

Os seus grandes libros, os que lle achegarán lectores e recoñecemento a nivel estatal e internacional, serán os dirixidos ao público de máis idade. *Leonardo e os fontaneiros* e *Anagnórise,* especialmente, suporán ese paso cualitativo que erguerá a súa obra a un nivel incuestionable e, ao tempo, sitúa esta literatura galega nunha cota da que non se apeará.

Leonardo e os fontaneiros, que consegue o terceiro premio O Barco de Vapor en 1986 é unha novela dirixida a un lectorado experto. Falamos de "Unha boa historia, moi ben contada, con altas doses de sentimentos e humor na que un rapaz de catorce anos se dirixe a un can da rúa para contarlle o que lle sucede e preocupa. A voz do neno narra con ton infantil, coa inxenuidade e comicidade que se produce cos malentendidos e puntos de vista propios da idade... un recurso que utilizarán Fina Casalderrey en moitas das súas obras (*O misterio dos fillos de Lúa, O misterio do cemiterio novo...*) ou Concha Blanco en *A min que me importa!.* É imposible non rir mentres se len as observacións do rapaz sobre a súa familia e a escola, non emocionarse coa relación que establece co can, non reflexionar sobre o comportamento humano ou non atender aos cambios que están a transformalo"[1]. Neste libro, a autora introduce a posibilidade dunha lectura que non sexa lineal, posibilitando o salto de capítulos ao estilo de "escolle a túa propia aventura".

Leonardo e os fontaneiros vai ter esa carga de humor e afectos, de emoción contida e empatía cos adolescentes. Nesta, como noutras obras, ábrese paso o seu rol de mestra á que lle encanta o oficio, de profesora que lle quere ao seu alumnado, que se preocupa por el e está disposta a acompañalo, a transmitirlle o mellor

[1] Cita dun artigo anterior, da mesma autoría.

que posúe e o que pode salvalo ao longo da vida: o amor pola lectura e a literatura.

Anagnórise, foi o libro cume. Un libro co que entre na Lista de Honra do IBBY en 1990. Aquel que inaugura a novela xuvenil galega, o que chega a moitos adolescentes e fai que esa palabra latina que lle dá título se faga popular entre eles. Nunca antes tanta rapazada citou nunha lingua morta!

Pola dedicatoria, ao seu alumnado do IES de Vilalonga, sabemos que o escribiu mentres traballaba nese instituto. Lendo a novela, descubrimos tamén o profundo respecto que lles profesa a eses estudantes e o empeño en escribir unha novela que lles resulte interesante e profunda, a eles, aos que nese momento están a estudar bacharelato.

O título non pode ser máis acaído para unha historia na que hai que agardar case ata ao final para descubrir a identidade da muller protagonista. Un mozo que foxe da familia e da ruptura sentimental viaxa en autostop cunha muller de mediana idade. Pechados nun coche, nunha longa viaxe de Galicia a Madrid, enfrontan as súas personalidades e experiencias: o rapaz que racha co que ten para adentrarse no mundo das drogas e o seu tráfico; á súa beira, unha muller disposta a compartir o que é e o que pensa con alguén co que tropeza de maneira casual. Ela vai quebrando todos os prexuízos machistas del, moitas veces sen necesidade de falar, simplemente mostrándose e facéndolle caer na contradición, e abre unha fenda na que el debe "pensarse" en contacto con outras voces e lecturas. Montse Penas fai fincapé no feminismo desta novela na que unha muller adulta (a máis invisible de todos os invisibles) acada un lugar de altura e, sen mostrar explicitamente a súa defensa do papel da muller no mundo, consegue facer cambalear as falsas seguranzas do mozo.

Anagnórise

Unha muller boa, preocupada por alguén ao que apenas coñece, disposta a falar con el ata a extenuación para evitar que caia; unha muller que lle entrega tempo e afecto para que poida medrar. Eis o papel da escritora!

Hai outra novela, *Guedellas de seda e liño,* que resultou finalista do premio da Crítica de Galicia no que se cita por primeira vez unha autora e obra de LIXG (literatura infantil e xuvenil galega) e resultou seleccionada nos White Ravens 2002. Unha obra escrita para a mocidade, ese derradeiro tramo antes de chegar ao estadio adulto (ao que se dirixe toda a literatura sen cualificativo).

Non imos estendernos máis porque está suficientemente claro que a autora o é de LIX, sobre calquera outra literatura. En todo caso, podemos citar unha serie de trazos que se

repiten ao longo da súa obra: a escolla de nomes de personaxes que se corresponden con nomes reais de persoas ou animais do seu contorno próximo; da mesma maneira, podemos pararnos nesa atención aos animais, nesa necesidade de facelos personaxes das súas obras e transmitir unha mensaxe de respecto e cariño cara a eles.

Si, non hai dúbida de que a LIXG acadou a maioría de idade. Por se non fose suficiente citar os autores e autora aos que se lles teñen dedicado as Letras Galegas, poderiamos falar das académicas e académicos que teñen traballado nesta leira.

Por un lado, temos os que foron académicos e escribiron de forma tanxencial para a infancia: Xosé Mª Álvarez Blázquez (*Roseira do teu mencer*), Iglesias Alvariño (*Polo correo do vento*), Otero Pedrayo (*Historia dun neno*), Filgueira Valverde (*Os nenos*, *Agromar. Farsa para rapaces*). Outros, a pesar de non escribir para eles foron asumidos pola infancia (quen dubida do xogo que ten dado algunha obra de Cunqueiro, Dieste, Cstelao, Ánxel Fole ou Eduardo Blanco Amor na escola?)

Por outro, cómpre citar, con letras ben grandes, a Xohana Torres, tradutora de LIX e autora de *Pericles e a balea* e *Polo mar as sardiñas*, a Neira Vilas, que nos fixo identificarnos co seu neno en múltiples obras desde as *Memorias dun neno labrego, O cabaliño de buxo, Cartas a Lelo, Espantallo amigo, A marela tarabela, Contos vellos para rapaces novos, De cando o Suso foi carteiro, Chegan forasteiros, O xardín de Irene, Quique na aldea, Cantarolas...*

Na actualidade, están na RAG autores que teñen transitado a LIX como Bernardino Graña con máis de vinte libros (*O león e o paxaro rebelde, Planeta de ratos tolos; Xan Guindán, capitán; Namoro de lobo Pipo na escola de don Perico*, *Oso mimoso; Cristo e San Pedro, peregrinos. Contos populares de Galicia; O gaiteiro e o Rato Pérez, Rata linda de Compostela; Xan Guindán, mensaxeiro*; *Contra o león cobarde, O lobo e o grilo, Son un pasmón peatón, Xan Guindán e os Salvaxes, Cantigas de Santa María, O quirico lambón, O gaiteiro e o ratiño, No castelo de Marbel, Un porco con chapeu, Larpancia saborosa do lobo e a raposa, Curros Enríquez e os gansos, Tragaxán e Tragadiño...*), Euloxio R. Ruibal con teatro e narrativa (*Teatro infantil*, *A fantástica viaxe de Sabela*, *Teatro infantil e xuvenil*, e *Formigas, risas, flores e dinosaurios*), Darío Xohán Cabana (*As aventuras de Breogán Folgueira, Chirlo merlo na figueira, O avión de Cangas, As viaxes do príncipe azul, O milagre das estrelas, O castrón de ouro, Chucho Cacho, Inés e a cadela sabia, Dende o Himalaia a Ceilán*) e algún máis cunha rápida incursión, como Méndez Ferrín con *Arnoia, Arnoia* e aínda autoras como Margarita Ledo cunha obra tan hermética, escribiu a obra *O serrote de Gil*.

Entre os académicos correspondentes contamos tamén con Gonzalo Navaza (coas súas traducións de clásicos xuvenís e o seu *Santos e defuntos*), pero especialmente con dous autores que o son especialmente de LIX e que custaría moito entender que non sexan de número por non contar con obra para adultos; é o caso de Xoán Babarro e Helena Villar, creadores de mundos recoñecidos para a infancia e a mocidade e autores en todos os xéneros. As traducións de LIX de Salvador García Bodaño ou a mirada de Manuel Rivas (*O sombreiro chichiriteiro, Milú, O raposo e a mestra, Madonna e outros contos de inverno*). De calquera maneira, hai dúas académicas de recente entrada na RAG que supoñen tamén esa *posta de longo* á que nos referiamos coa dedicatoria das Letras a Mª Victoria Moreno. Trátase de Fina Casalderrey, unha autora que conta con máis de medio centenar de obras

infantís e case todos os premios dese campo aos que se pode acceder desde a literatura infantil galega (Merlín, Barco de Vapor, Edebé, Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, premio Frei Martín Sarmiento, Premio Lecturas, Premios das Librarías e Editoras de Galicia...) e cuxa obra foi incluída nas selecciónns de máis prestixio como a Lista de Honra do IBBY, a dos White Raven, a de CLIJ, a de CCEI ou a de *Outstanding Books for young people with disabilities* de Oslo. "Con ela entrou a literatura infantil e a escola na Academia" foi a mensaxe que se estendeu polas redes na boca das bibliotecas escolares de Galicia cando é nomeada membro numerario da RAG; daquela xa non se podía negar, xa era evidente, a LIXG entraba pola porta grande, da Academia, do canon.

Outra académica que confirma este dato é Marilar Aleixandre. A súa entrada no 2017, avala esta tendencia. É certo que Marilar podería ter entrado polo tratamento das ciencias en galego ou pola literatura para adultos pero seguramente o faría moito máis tarde. Marilar comezou escribindo literatura infantil e é moito máis coñecida neste campo ca noutros. Comeza na LIXG no 1989 con *A formiga coxa*, e non o fará na narrativa para maiores ata 1993 con *Tránsito dos gramáticos*, no ensaio científico (*Traballando coas ciencias da Terra*) ata 1995 e na poesía de adultos (*Catálogo de velenos*) ata 1999. Non obstante, máis alá de comezar antes ou despois cun ou outro xénero, os premios que leva recibido na LIX son o Merlín, por *A expedición do Pacífico.* Con este título recibe tamén o Premio da crítica á Creación Literaria en galego (única autora que o recolle por unha obra para lectorado infantoxuvenil). Obtén o premio Rañolas ó mellor libro de LIXG por *O trasno de Alqueidón*, co que queda de finalista do Nacional de LIJ*;* o Lazarillo por *A banda sen futuro* polo que tamén recibe o Lecturas; o premio Fundación Caixa Galicia de LX por *A cabeza de Medusa,* polo que recibe ademais o Frei Martín Sarmiento; e o Raíña Lupa por *A filla do Minotauro.* Libros de LIX son incluídos na lista dos mellores da FGSR, na lista dos White raven por *Paxaros de papel* e *A cabeza de Medusa* ou na Lista de Honra do IBBY pola tradución d´*A caza do carbairán.* Se puxésemos a mirada nas traducións, volveriamos a encontrarnos coa mesma situación: son estes os libros traducidos ao castelán, catalán, vasco, portugués... Uns recoñecementos que non teñen parangón cos recibidos na outra literatura.

Unha vez revisados os autores e autoras de LIX aos que se lles dedicaron as Letras Galegas así como os escritores e escritoras que forman parte da RAG, podemos concluír que a LIXG entrou na catedral das letras demostrando a súa calidade. Agora queda recibir os apoios que merece e continúa a necesitar.



Leonardo e os fontaneiros

Tariña e a filoloxía

César Allen

Toda novela ten múltiples lecturas, diversos enfoques, e todos igual de lexítimos. En certo xeito, é o propio lector quen acaba dando o significado definitivo ao texto (como ben apuntou o filólogo e lingüista francés Roland Bhartes).

A novela Fariña, en fin, máis que unha novela é un ensaio xornalístico; ata podería pasar por un libro de historia contemporánea. O seu autor, Nacho Carretero, fixo un espectacular traballo de recompilación de información. Non escatimou no seu esforzo para indagar nas hemerotecas e, sobre todo, nos xulgados. Non esquezamos que a maioría dos datos que enchen o libro foron publicados e son de dominio público. Por iso non entendo ese ataque frontal contra o libro.

Se algo fixo ben Nacho Carretero foi documentarse, un verdadeiro traballo detectivesco, e eu atreveríame a dicir que filolóxico. Digo filolóxico, porque a filoloxía é algo máis ca o estudo da linguaxe en si mesma. A linguaxe carece de entidade se non se apoia na historia, no estudo do pasado e do presente. A este respecto, o insigne Américo Castro escribía: "A filoloxía supón reconstruír os estados de civilización que xacen inertes nas páxinas dos textos". Polo tanto, nada do histórico é alleo á filoloxía. A linguaxe non é máis nin menos que a expresión dun tempo, dun momento dado na historia, enfoque que se coñece como sincronía.

No texto de Carretero apenas hai un argumento, entendido como a invención dunha trama, articulado nuns personaxes. E non o digo en detrimento da súa obra, senón para entender ou facer entender a falta de aleivosía ou de calquera presunción de animadversión. A propia estrutura narrativa pon de manifesto a súa formulación aséptica. Non hai un protagonista. Non. Son feitos contados desde un distante punto de vista indefinido. A utilización de verbos descritivos, como o pretérito imperfecto, denota un distanciamento propio dun documentalista.

Desde ese punto de vista, o catedrático de lingua española Francisco Abad Nebod opina: "As linguas humanas non existen fóra da súa circunstancialidade concreta. A filoloxía é simplemente unha técnica de interpretación, especificamente de textos escritos vinculados a unha cultura determinada".

É esa definición a que nos vale para situar a obra do autor galego. Trátase de plasmar, a través da linguaxe, unha cultura determinada. Aspectos historiográficos básicos para entender o noso tempo e a sociedade que nos tocou vivir. Deste xeito, este tipo de libros son absolutamente necesarios, imprescindibles diría eu. A maioría dos galegos sentíronse interpelados. Logo de lelo pódese entender mellor a idiosincrasia dun pobo. Multitude de resortes atávicos quedan perfectamente explicados. Por fin se descodifica a mensaxe cifrada na singularidade, a cristalización dunha forma de ser, de estar, de comportarse. Así pois, de novo Américo Castro acerta con esta definición: "A filoloxía é unha ciencia esencialmente histórica, pois nos textos encérrase a pegada dos feitos tanto materiais como morais".

Polo tanto, prohibir un libro así é como prohibir un libro sobre os Reis Católicos ou Fernando VII, Xulio César ou Hitler. Acaso non entendemos mellor as atrocidades da historia unha vez postas negro sobre branco? É de obrigado didactismo reproducir os feitos históricos por moi crueis que sexan, aínda a costa de que alguén se poida sentir ofendido.

Resúltame curioso observar cantas persoas intentan parasitar unha obra exitosa. Calquera que pasase por alí crese con dereito a pedir o seu anaco de pastel. Dá igual o motivo, o porqué, o importante é chamar a atención. Uns fano por falar demasiado e outros por estar calados cando o que lle correspondía era falar. Volvemos ás vellas teorías sobre a utilidade da arte.

Un dos méritos do libro é a súa vocación historicista; é dicir, a historia superponse ás continxencias e arbitrariedades individuais. A verdade histórica prevalece, álzase por encima de calquera visión interesada. A magnitude dos feitos dá calafrío. A sensibilidade queda ferida porque o autor móstranos as reviravoltas dunha organización cuxas ramificacións chegan ata as mesmas cloacas do Estado. Pero como non contalo, como non describir os acontecementos que conmocionaron a sociedade da súa época. Sucesos que puxeron en pé de guerra a miles de nais que escenificaron coas súas desgarradas protestas diante do Pazo de Baión, unha situación descontrolada para miles de adolescentes dos anos oitenta.

Acontecementos, que doutra banda, forxaron un carácter, un xeito de ser de todo un pobo, uns como actores principais, e o resto da sociedade como meros comparsas. Queirámolo ou non, moitos dos nosos comportamento veñen dados por acontecementos de tal relevancia social.

A xeografía xoga un papel determinante, o clima tamén. O demais faino o diñeiro e, sobre todo, o poder, as ansias de poder. Grazas a estas páxinas comprobamos como unha organización deste calibre, composta no seu maior parte por simples mariñeiros, puxo en xaque oo Estado todopoderoso. Este é un libro necesario, imprescindible. Unha peza máis do complicado *puzzle* do que se compón a estrutura dunha sociedade. Os feitos históricos, sociais, as variables xeográficas son o substrato da filoloxía que se plasma na linguaxe. Pero non esquezamos que a linguaxe fórxana os seres humanos. Desde un enfoque diastrático, os grupos sociais que máis se caracterizaron pola utilización de xergas foron os máis marxinais por definición. Bandas criminais que pola súa natureza son proclives a desenvolver un argot (sociolectos). Códigos difíciles de descifrar para todo aquel que non pertenza ao seu círculo, e dese xeito burlar o control policial.

A forza de percutir nos usos e costumes idiomáticos, na máis arraigada tradición, as novas palabras vanse facendo un lugar, aínda que a maior parte das veces de xeito abrupto, violentando a linguaxe, para dar cabida a novas necesidades. Sen ir máis lonxe, a propia palabra "fariña" é un bo exemplo diso. Está claro para case todo o mundo o significado connotativo que esconde. E, grazas á publicación (ou secuestro) do libro de Nacho Carretero, xa forma parte do acervo lingüístico e cultural, polo menos dos galegos.

Presenza do Barbanza na Real Academia Galega

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

INTRODUCIÓN

No ano 2006, con motivo do Centenario da Real Academia Galega, publicaba un artigo na revista *Casa da Gramática* de Noia sobre a presenza dos intelectuais de Noia e Lousame nesa institución. Agora, con afán divulgativo, amplío ese artigo e estendo a todo o Barbanza a relación coa Academia. Non é a RAG a única institución con presenza do Barbanza entre os seus membros e así, hoxe, a Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario conta con académicos, e académica, da nosa bisbarra: **José López Calo**, **Daniel Lorenzo** e **Soledad Penalta**; o pobrense **Victoriano García Martí** foi numerario da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas e académico correspondente da Real Academia Española, institución que tamén nomeou correspondente a **Francisco Landeira Sevilla**, bispo, que era natural de Ribeira; o noiés **Eladio Oviedo e Arce** foi correspondente da Real Academia da Historia e o pobrense-ferrolán **Manuel Fernández Varela** foi viceprotector da Real Academia de Belas Artes de San Fernando.

Estes exemplos amosan a forza cultural do Barbanza, que ten unha ampla representación na Real Academia Galega xa dende a súa fundación.

O trinta de setembro de 1906 *"verificouse o acto solemne de inauguración do novo Instituto"*, escribe Carballo Calero, autor que fai un breve percorrido polos antecedentes fracasados da institución nos anos 1881, 1883 e 1895. A iniciativa da Academia foi, fundamentalmente, dos galegos de Cuba, sobre todo de José Fontenla Leal e Curros Enríquez e, quizais, do sacerdote Esmorís, amigo de Alfredo Brañas e Lisardo Barreiro. Os galegos de Cuba crearon unha Asociación iniciadora e protectora da Academia, presidida por Curros, que o primeiro de xuño de 1905 aprobou o seu regulamento e que llo comunica a Manuel Murguía, encargándolle a organización dunha comisión para organizar a nova Academia, que tería como obriga a formación do *"Diccionario y Gramática de nuestra lengua"*. Murguía foi o seu primeiro presidente, Carré Aldao o secretario e Pérez Ballesteros o tesoureiro. Aínda que a obriga principal da nova institución era a lingua galega, os seus membros non eran só literatos, senón tamén eruditos, críticos, historiadores e todo tipo de intelectuais. Na súa organización constaba de corenta académicos numerarios, todos homes, e varios académicos correspondentes, que agora si, incluían varias mulleres. Houbo tamén algún académico adxunto. Na xa súa longa historia académica, foron máis de vinte intelectuais do Barbanza, homes e mulleres, quen formaron parte da institución.

I.- ACADÉMICOS FUNDADORES

Entre os corenta académicos numerarios fundadores, nos que se contaba Murguía, Pondal, Vaamonde Lores, Barcia Caballero, Carré Aldao, Cabeza de León, Lamas Carbajal, Leiras Pulpeiro, López Ferreiro, Eladio Rodríguez González, e outros nomes hoxe menos coñecidos (García de la Riega, Pérez Barreiro, Tapia Rivas, Toxo Pérez, Vega Blanco...), houbo dous intelectuais do Barbanza: o noiés **Eladio Oviedo Arce** e **Francisco Romero Blanco**, de Lousame.

Pero, quen nomeou estes académicos? Pois unha comisión de oito membros, dous por provincia. Na Coruña formárona dous homes da xeración de Rosalía: Manuel Murguía e Xosé Pérez Ballesteros. Cómpre lembrar que a Real Academia Galega, aínda que tiña como tarefa principal a preocupación pola lingua

galega, non era só unha academia estritamente literaria ou lingüística, senón que tamén incluía eruditos, musicólogos, historiadores e mesmo artistas. Iso pode explicar a presenza de **FRANCISCO ROMERO BLANCO** (Lousame, 1838 - Compostela, 1918), que fora reitor da universidade de Santiago de Compostela, catedrático de Anatomía (Castelao fora o seu discípulo) e que mesmo fora senador en Madrid en 1896. Ese labor universitario non lle impediu unha extensa colaboración en xornais como *El Zumbido* de Noia, *El Alcance*, *El Eco de Santiago*, *Gaceta de Galicia*, *O Tío Marcos d'a Portela* ou *O Novo Galiciano*, ás veces co pseudónimo *"Franrobla"*, co que tamén publicou *La herencia simia del hombre* (1877) e *La herencia del primer pecado según la ciencia y la carta de un cura* (1877), que provocou moita polémica. Xa publicara a súa tese de doutoramento en Madrid no ano 1867: *De la medicina considerada como ciencia y como arte*. Como anatomista publicou en 1875 un *Tratado de angioneurología*, onde ofrecía, por vez primeira, un estudo paralelo dos vasos sanguíneos e dos nervios; en 1892 publicou *La mano* en Madrid. Outras obras súas foron *La vida en todas sus manifestaciones* (Santiago, 1891) e *Ley de transacción orgánica* (1892).

Mais, Romero Blanco foi tamén narrador en lingua galega, con relatos como *"Variedade. Outono"* (*La Cítara*, 1882), *"A morte de miña nai"* (*La Cítara*, 1882), *"Mariquiña i eu"* (*A Gaita Gallega*, 1886), o máis famoso dos seus contos; *"A cama do santo"* (*O Tío Marcos d'a Portela*, 1887), *"Un amor que mata e outro que dá vida"* (*El Fin de Siglo*, 1891), *"A pedra da xerpe"* (*El Eco de Galicia*, A Habana) e *"A romaría da ponte* (*El Eco de Galicia*, 1894). Foi tamén autor de cadros de costumes en castelán, entre os que destaca *"El zapatero de Noya"*, incluído en *Tipos de Galicia* (Ferrol, 1877).

Faleceu o 21 de novembro de 1918, o ano no que tamén faleceu **ELADIO OVIEDO E ARCE** (Noia, 1864-1918), sacerdote, arquiveiro e erudito, doutor en Teoloxía e que fora discípulo de López Ferreiro e Murguía, compañeiros seus na RAG. Era tamén Licenciado en Filosofía e Letras e chegou a ser xefe do Arquivo Rexional de Galicia. Conservador en moral e política, como historiador era positivista, moi fiable como estudoso dos documentos galegos medievais. En 1916 ingresou nas Irmandades da Fala da Coruña. Autor dalgúns traballos relixiosos como *Precedentes y estado actual de los estudios de Arqueología Sagrada y papel que esta ciencia puede desempeñar como elemento de civilización católica* (Santiago, 1891) ou *El autor de la Salve Regina* (1903), destacou como editor e estudoso da literatura galega medieval e tamén da historia galega medieval así como da historia dese período, con publicacións como *Consideraciones sobre el carácter religioso de los antiguos gremios* (1898) ou *"Fragmento de un códice galaico--castellano de Las Partidas"*.

Pero a súa obra máis importante foi *El genuíno Martín Codax*, un estudo sobre o trobador vigués e a súas cantigas musicadas, contidas no famoso *Pergamiño Vindel*, descuberto por Pedro Vindel Álvarez (1865-1921) e dado a coñecer en 1914. Vindel editouno completo en 1915. Eladio Oviedo edita o seu estudo en 1917, acompañado dun traballo sobre a música a cargo de Santiago Tafall, pero xa o fora adiantando no *Boletín de la Real Academia Gallega* dende o 1 de novembro de 1916. O profesor Carlos Villanueva destacou o seu papel histórico como primeiro intento de facer unha edición crítica dende Galicia e é *"o mellor traballo literario-musical que rodeou a aparición do pergamiño Vindel"*. Eladio Oviedo e Arce tiña unha concepción esencialista e tradicionalista e por iso o pergamiño Vindel

era a expresión xenuína da galeguidade, daquilo que nos era específico.

Como discípulo de Antonio López Ferreiro, colaborou na revista deste, *Galicia Histórica* (Compostela, 1901-1903), onde publicou algúns traballos sobre a súa vila natal como *"Inscripción funeraria de Pero Afonso da Ponte"* (1901) e *"Arquitectura religiosa. Noya: Iglesia y Cementerio de Santa María la Nueva"*. Outros traballos seus versaron sobre teoloxía medieval, como é o caso de *"La Teología gallega de la Edad Media. Eadmer y Pedro Compostelano"* (1906). Participou tamén na polémica do *"Colón galego"* promovida por Celso García de la Riega (1844-1914), con opinión negativa no seu informe para a RAG: *"Informe sobre el valor de los <Documentos pontevedreses> considerados como fuente del Colón español"* (1917). Académico correspondente da Real Academia da Historia, falece en Noia o 19 de xaneiro de 1918.

II.- ACADÉMICOS NUMERARIOS

O 27 de abril de 1933 foi elixido académico numerario **ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO** (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950), o líder do galeguismo dende 1930, que xa contaba con ampla obra como debuxante, pintor, narrador e ensaísta. Ingresou na corporación co discurso *As cruces de pedra na Galiza* que, como volume ampliado, non apareceu ata o ano da morte do autor, pero que como discurso, máis breve, non foi editado ata 1964. Ata a súa elección publicara xa *Algo acerca de la caricatura* (1917), *Arte e galeguismo* (1919), *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922), *Cousas* (1926), *Segundo libro de Cousas* (1929), *Cousas da vida* (1930), *Cincoenta homes por dez reás* (1930) e o álbum *Nós* (1931, pero de 1920). Ingresou o 25 de xullo de 1934, e, malia as presións do franquismo, a súa praza non se cubriu ata a súa morte, o 7 de xaneiro de 1950. Sucedeuno na RAG Ánxel Fole. O ano do ingreso académico publicara *Retrincos*, relatos xa editados na prensa, a novela *Os dous de sempre,* e a edición unitaria de *Cousas*. Logo virán a guerra e o exilio, e a estrea en Bos Aires de *Os vellos non deben de namorarse* (1941), *Sempre en Galiza* (1944), *Alba de groria* (1948), e moitos outros escritos, sobre todo de índole política.

En 1939, nunha Real Academia en gravísimas dificultades co réxime franquista, con moitas baixas e con perigo de desaparecer, foi elixido académico **LISARDO RODRÍGUEZ BARREIRO** (Noia, 1862 - Vilagarcía, 1943), que xa era correspondente dende 1906. Home moi conservador, apoiara o golpe de Estado e a súa traxectoria non molestaba as novas autoridades. Médico e farmacéutico, destacou sobre todo como gran xornalista en *La Voz de Galicia*, pero colaborou en moitos periódicos e revistas como *O Galiciano*, *A Monteira*, *O Tío Marcos d'a Portela* ou *Almanaque de Galicia*, de Ferrol, sen esquecer o *Boletín de la Real Academia Gallega*, *A Gaita Gallega*, *Eco de Galicia*, *El Noroeste* e *A Nosa Terra*.

En 1884 publicou o libro bilingüe *Muestras sin valor*, prologado por Francisco Romero Blanco, e en 1890 outro libro tamén bilingüe de artigos, *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*, que contén un traballo moi coñecido e reproducido: *"Unha visita a Rosalía de Castro"*. En 1911 publicou dous opúsculos, *A Virxen d'a Escravitú* e *Ofrenda*, mentres que en 1923 publica o poemario *Escumas e brétemas*. Xesús Alonso Montero atribúelle o folleto franquista, *Resposta escontra unha inxuria. Romance de cego* (Vigo, 1936), asinado como *"O percebe copreiro de Cortegada"*.

En 1897 publicara un folleto patriótico, *El soldado gallego* (Barcelona), que reeditou en Vigo en 1936, adaptándoo aos novos tempos para gabar a Franco. Foi autor de varios relatos en lingua galega, o máis coñecido dos cales foi *"As lendas das Burgas"* (1885), ano no que tamén editou *"Unha alborada"*. Xa en 1891 publicará *"Doce contos"* e en 1899 *"Contos"* e *"Contos gallegos"*. Faleceu o 14 de maio de 1943 en Santa Baia de Arealonga, Vilagarcía.

No ano 1970 ingresou na RAG, tras a súa volta do exilio, **RAFAEL DIESTE** (Rianxo, 1899 - Santiago, 1981), figura fundamental da Xeración de 1925 na prosa, con *Dos Arquivos do trasno* (1926) e no teatro con *A fiestra baldeira* (1927), aínda que cultivou tamén na preguerra o xornalismo. Os seus artigos galegos foron recolleitos en *Antre a terra e o ceo* (1981). Ingresou na corporación académica co discurso *A vontade de estilo na fala popular*, editado en 1981. Ocasionalmente escribiu tamén poesía. Foi autor dunha extensa obra en castelán, que inclúe a narrativa (*Historias e intenciones de Félix Muriel*, 1943), a poesía (*Rojo farol amante*, 1933), o teatro (*Viaje y fin de don Frontán*, 1930, *Quebranto de doña Lupraria y otras farsas*, 1934; *Viaje, duelo y perdición*, 1945) e o ensaio (*La vieja piel del mundo*, 1936); *Luchas con el desconfiado*, 1948; *Nuevo tratado del paralelismo*, 1955; *Pequeña clave ortográfica*, 1965; *Diálogo de Manuel y David*, 1965; ¿Qué es un axioma?, 1967; *Testamento geométrico*, 1975). En 1990 reuníronse as súas conferencias no volume *Encontros e vieiros*. Colaborou en *Hora de España*, *Cuentos Nuevos*, *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*, *P. A. N.*, *La Voz de Galicia*, *El Buque Rojo*, *Nova Galicia*, *El Combatiente del Este* e outras revistas e xornais. Faleceu o 15 de outubro de 1981.

Tamén, tras a súa volta do exilio, ingresa na RAG, **RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ**, no ano 1976. Fora un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos en 1923, e nacera en Boiro o 4 de abril de 1907. No exilio foi profesor na universidade de Austin (Texas) entre 1940 e 1971. Colaborador de *El Compostelano* con traballos etnográficos xa na década dos vinte, publicou tamén en *A Nosa Terra*, *Nós*, *Diário de Lisboa*, *Grial*, *Dorna*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, *Galicia* de Bos Aires, *El Correo Gallego*, *La Voz de Galicia* e outros xornais e revistas. A súa obra máis importante foi a edición da *General Estoria* (Oviedo, 1963), pero publicou tamén *Portugal a través de la obra dramática de Tirso de Molina* (Lugo, 1932), *Prosas y poesías olvidadas de Antonio Machado, Unamuno* (1966), *A literatura galega no exilio* (1987), ademais das obras en inglés *Spain* (1958), *A portrait of Valle-Inclán* (1969) e *Concerning the ownership of the beds of crecks in the civil law*. Foi tamén tradutor e crítico literario. O seu discurso de ingreso na RAG titúlase *Contribucións americanas á historia da cultura medieval galega* (1976), reeditado polo concello de Boiro en 2007.

En 1980 ingresa na Real Academia Galega o máis importante teólogo galego contemporáneo, **ANDRÉS TORRES QUEIRUGA**, co discurso *Nova aproximación a unha filosofía da saudade*, editado en 1981. Nacido en Ribeira o 28 de maio de 1940, é autor dunha ampla obra, xa traducida a varias linguas, que inclúe títulos como *Recupera-la salvación* (1977), *A Revelación como maiéutica* histórica (1985), *Creo en Deus Pai* (1986), *Do terror de Isaac ó abbá de Xesús* (1999), *Constitución y evolución del dogma. La teoría de Amor Ruibal y su aportación* (1977), *O inferno a revisión* (1985), *Repensar a Resurrección* (2001) e outras moitas. Os seus artigos xornalísticos reuniunos no volume *Rolda de ideas* (1984). Doutor, foi pro-

fesor da universidade compostelá, fundador e director da revista *Encrucillada*, colaborador de *Communio*, *Laicado*, *Fe Cristiana y Sociedad Moderna*, *Iglesia Viva*, *Grial*, onde escribiu sobre Rafael Dieste, Castelao, Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro. Foi membro do Consello da Cultura Galega, Premio Barbantia, entre outros recoñecementos. Ademais é un dos tradutores ao galego da *Biblia*.

O 14 de febreiro de 1997 ingresa na RAG o historiador **XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ** (Ribeira, 2 de decembro de 1936) co discurso *O liberalismo coruñes: a segunda xeración (1823-1846)*, ao que resposta Xesús Alonso Montero. Autor de moi extensa obra, entre os seus títulos están *El carlismo gallego* (1976), *Liberales y absolutistas en Galicia* (1982), *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo* (1977), *Historia contemporánea de Galicia* (1982-1984), *Historia de La Coruña* (1986), *Historia de la imprenta en Galicia* (1990, con A. Odriozola), *Manuel Murguía. Vida e obra* (2000, con Xosé Luís Axeitos), *A Galicia do Antigo Réxime. Ensino, ilustración e política*, *Manuel Murguía* (2012). Colaborador de *Grial*, *Studia Monastica*, *Compostellanum*, *Atenea*, *Hispania Sacra*, *Estudios Migratorios*, *Encrucillada*, *Outeiro*, *La Voz de Galicia* e outras publicacións. Catedrático da universidade de Compostela, membro do Consello da Cultura Galega, sucedeu a Francisco Fernández del Riego como Presidente da Real Academia Galega.

Dende o 30 de outubro de 2004 é membro da RAG, **XOSÉ LUÍS AXEITOS AGRELO** (Asados, Rianxo, 1946), profesor universitario e ensaísta, que foi secretario desa institución. Especialista na obra de Rafael Dieste (*Rafael Dieste. Ollar o mundo sen sede adiviñitoria*, 1995; *Rafael Dieste. Bibliografía e cronoloxía*, 1995), en Manuel Antonio (*A poética de Manuel Antonio*, 1993; *Manuel Antonio*, 2000), de quen editou en 1992 a *Poesía galega completa* e logo a *Obra Completa* en tres volumes.

En 1982 editou *As coplas galegas do Padre Sarmiento*, en 1991 a *Descripción circunstaciada de la costa de Galicia y raya por donde confina con el inmediato Reino de Portugal* de José A. Cornide, en 2000 a *Poesía Completa* de Lorenzo Varela. Editou tamén o *Epistolario amoroso* de Carmen Muñoz e Rafael Dieste, e outras obras, ademais de ser responsable da *Antoloxía de poesía galega erótica e amatoria* e de centos de artigos sobre literatura galega en *Grial*, *Boletín Galego de Literatura*, *Revista Galega do Ensino*, *Encrucillada*, *Colóquio / Letras*, Ínsula, *A Trabe de Ouro*, *Unión Libre*, *Ferrol Análisis*, *Anuario de Estudos Literarios Galegos*, entre moitas outras publicacións. Foi editor tamén do ribeirán Fersen e do P. Sobreira e ten publicado sobre Luís Seoane, Otero Espasandín, Eduardo Dieste, Rodríguez Fer, Lamas Carvajal, Carlos Maside, Díaz Valiño. Verdadeiro especialista nos exiliados galegos, reuniu un feixe dos seus traballos en *As cicatrices do exilio*.

No ano 2018 foi elixida para a RAG, **ANA ROMANÍ BLANCO** (Noia, 1962), licenciada en Filoloxía Románica, xornalista, poeta e narradora. En 1987 publicou o poemario *Palabra de mar*, ao que seguiron outras obras poéticas como *Das últimas mareas* (1994), *Arden* (1998), *Abril*, e outras. Tamén narradora, é autora de *Marmelada de amoras* (1997), e ten colaborado nas revistas *Alameda*, *Boletín Galego de Literatura*, *Barbantia. Anuario de Estudos no Barbanza*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Dorna*, *Carel*, *A Nosa Terra*, entre outras, así como en varios xornais como *El Correo Gallego*. Dedicou ensaios a Avilés de Taramancos e María Mariño. Conduciu un programa cultural na Radio Galega durante

varios anos e os seus poemas forman parte de importantes antoloxías como *Chineses* (1996), *Para saír do século* (1997), *Mulher a facer vento* (1998) ou *Poetas galegos do P. E. N.* (2001).

ALEJANDRO RODRÍGUEZ CADARSO (Noia, 1887 - Lubián, 1933) nunca pasou de académico numerario electo porque un accidente de automóbil acabou coa súa vida o 15 de decembro de 1933, cando xa estaba preparando o seu discurso de ingreso na RAG sobre *El conde de Traba*. Catedrático de Anatomía en Compostela dende 1916, foi Reitor dende 1930, ademais de deputado nas Cortes Constituíntes da República en 1931. Membro da *Societé Anatomique de Paris* dende 1925, do Instituto de Coímbra, Presidente do Comité da Asociación Española para o Progreso das Ciencias, codirector da Sociedade Luso-Hispanoamericana de Anatomía, da sociedade de Sciéncias Médicas de Lisboa dende 1916, entre outras distincións. Colaborou, en castelán, francés e inglés en revistas médicas como *Clínica y Laboratorio*, *Galicia Médica*, *Arquivo de Anatomía e Antropologia*, entre outras. En 1911 publicou en Madrid a súa tese de doutoramento, *Mastoiditis y trepanación* e en 1925, en Lisboa, o folleto *El método radiográfico en las investigaciones sobre topografía cráneo-encefálica*.

Foi un gran renovador da universidade de Santiago de Compostela con iniciativas como a creación do Centro de Estudos Hispanoamericanos e chegou a solicitar a creación da cátedra de Lingua e Literatura Galega.

Remato este apartado con **EVARISTO MARTELO PAUMÁN DEL NERO** (1853- 1928), que aínda que coruñés posuía un pazo en Rianxo, polo que tiña moito agarimo e ao que dedicou o poema *"Lembranza"* (*"Ouh, ti / pazo de Rianxo / de balconada de pedra, / ¡canto me acordo de ti! / cos teus matacáns antigos / onde a xeito o musgo medra / ¡Meu berce gardalo aí!"*). Marqués de Almeiras e vizconde de Andeiro, foi avogado e poeta, de ton patriótico e satírico, con obras como *Os afillados do demo* (1885), *A noite de San Silvestre* (1890) e *Líricas gallegas* (1894), a súa obra máis importante. Cultivou tamén a poesía narrativa en *Andeiro* (1922), así coma o teatro en *Rentar de Castromil*, estreada en 1904. Outra das súas obras é *Landras e baias* (1919), onde inclúe un poema sobre o seu pazo rianxeiro. Ingresou na RAG como numerario en 1923.

III.- ACADÉMICOS CORRESPONDENTES

Comezamos este epígrafe coa figura de **RAMÓN ÁLVAREZ DE LA BRAÑA** (Noia, 1837 - Madrid, 1906), nomeado correspondente en 1906, o ano no que faleceu. Residía fóra de Galicia e quizais iso explica que non fose numerario, pois para iso era necesario residir aquí. Arquiveiro-bibliotecario, exerceu a súa profesión en Mahón, Valladolid en na Biblioteca Nacional de Madrid, ademais de ter dirixido o Museo Arqueolóxico de León en 1897. Colaborou en xornais e revistas como *Revista Hispanoamericana*, *La Gaceta Popular*, *El Buscapié*, *La Ilustración Española y Americana*, *La Ilustración Nacional*, *La Ilustración Cantábrica*, *Boletín de la Sociedad Castellana de Excursiones*, *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museo*, *Boletín Histórico de Madrid*, *Revista Histórica Latina*, *El Porvenir de León*, *La Suerte*, *Galicia*, entre outras. Autor dos libros *Galicia, León Austurias* (1894), *Guía del viajero en Santiago* (1876), *Biblioteca legionense* (1875, 1897 e 1905), *Siglas y abreviaturas latinas con su significado y un catálogo de las que se usaban en los documentos pontificios* (1884 e 1978), *Relación del descubrimiento del río Apure hasta su ingreso en el Orinoco por Fr.*

Jacinto de Carvajal, pero tamén editou traballos eruditos sobre Galicia como *"Monterrey"* (1893), *"Un manuscrito de Fr. Martín Sarmiento"* (1887), *"Carta de hermandad entre los Reinos de León y Galicia"* (1905) ou *"Un monumento epigráfico y tres documentos de importancia para la Historia de Galicia"* (1895). En 1863 comezou a publicar *Gramática y vocabulario del dialecto gallego*, pero só se editaron dúas entregas. Foi Cabaleiro da Orde de Carlos III, cultivou tamén a narrativa histórica en obras como *Roland* e *Don Gutierre*, que editou nun volume en 1895. Asemade publicou traballos sobre arte medieval, sobre a orixe da imprenta en España, sobre a Orde de Santiago, entre outros temas. Non é o único académico correspondente natural de Noia, pois ao seu carón hai que citar outros nomes:

JOSÉ MARÍA AGRA CARDARSO (1913). Foi doutor en Filosofía, Director da Escola de Idiomas, Cronista Oficial de Noia e colaborador de *Finisterre*, *El Ideal Gallego* (*"Noia: Estilo y tradición*, 1950) e *Tapal* (*"La puerta de la Asunción"*).

MANUEL FABEIRO GÓMEZ (Muros, 1916 - Noia, 1992). Historiador, poeta, xornalista e tradutor. En 1951 publicara o poemario *Follas dun arbre senlleiro*, pero deixou outros inéditos, recuperados por Xavier Castro como, *Intres* (2013) e *Cachemare da saudade*. Colaborador de *Compostellanum*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *La Noche*, *El Ideal Gallego*, *Barbanza* e outros xornais e revistas. Os seus traballos sobre a súa vila de adopción reuníronse en *Páxinas históricas de Noia* (1990) e máis tarde outro volume recolleu os seus traballos sobre Muros. Escribiu sobre filatelia, historia, literatura galega, e outros temas. Xa no ano 1942 publicara un folleto bilingüe, *Motivos Noyeses. Poemas*. Colaborou na preguerra en *A Nosa Terra* e en revistas de América como *Vieiros* e *Atenea*. Con X. Ramón Fernández-Oxea publicou *Escudos de Noya* e prestou atención ao cancioneiro popular de Noia e de Muros. Ingresou na RAG en 1950.

O 18 de decembro de 2004 ingresou na Academia **MANUEL CAAMAÑO SUÁREZ** (Noia, 1936), autor de importantes traballos sobre arquitectura popular como *A casa vivenda* (1997), *A casa popular* (1999) e *As construccións adxectivas* (1999). Presidente da agrupación cultural O Facho entre 1966 e 1979, formou partes dos consellos editoriais de Galaxia e Sept, do Padroado do Museo do Pobo Galego, da Xunta Reitora da Fundación Castelao, e do Padroado do Pedrón de Ouro. Foi un dos fundadores de Adega e de Escola Aberta. Reuniu moitos dos seus traballos en *Sobre Galicia como responsabilidade* (1989) e *Dun tempo e un país*. Pero a súa obra máis destacada é *As construcións da arquitectura popular* (2003).

XOSÉ IGLESIAS ROURA (1879-1930) naceu en Portosín, Porto do Son, e foi avogado, mais tamén poeta e tradutor. Membro das Irmandades da Fala, colaborador de *A Nosa Terra*, *Nós*, *El Noroeste*, *El Pueblo* de Pontevedra, tradutor ao galego de E. Mörike, Storm, Maragall, Pedro Répide, Musset, T. Grossi e Leopardi. Como poeta non acadou gran fama, pero foi autor de pezas de mérito como *"Tras do arado"* (*A Nosa Terra*, 1917), *"Dos verdes anos"* (id., 1918), *"A vestal gallega"* (1919), entre outros. Foi concelleiro na cidade da Coruña en 1917 e cultivou o teatro con *Muiñada* (1924) e a zarzuela, *A esquecida*. Faleceu en Mera, o 27 de setembro de 1930.

Nacera tamén en Porto do Son, un 12 de febreiro de 1880, o correspondente da RAG, **ANTONIO RODRÍGUEZ DE FRAGA E**

FRAGA, que emigrou a Arxentina en 1909, onde exerceu como avogado, pero cultivou o xornalismo en publicacións como *Correo de Galicia*. Faleceu en Bos Aires en 1958.

En 1947 foi nomeado correspondente o franciscano **MANUEL RODRÍGUEZ PAZOS** (Porto do Son, 1904-1984). Ingresou na orde de San Francisco en 1919 e en 1928 foi destinado a Marrocos. Estudou Historia en Roma entre 1929 e 1932 e ao seu retorno colaborou en *Archivo Iberoamericano* e dirixiu *El Eco Franciscano* entre 1935 e 1936. Colaborará en *Bolentín de la Real Academia Gallega*, *Cuadernos de Estudios Gallegos* e *Liceo Franciscano*, entre outras publicacións periódicas. A súa obra máis importante foi *El episcopado gallego a la luz de los documentos romanos* (tres tomos, 1946), mais cómpre citar tamén *Misionología Mejicana. Lingüística y políglotas franciscanos* (Tánxer, 1962), *Los estudios en la provincia franciscana de Santiago* (Madrid, 1967), *Un pleito de pesca en la Ría de Muros y Porto do Son* (Madrid, 1972). Dedicou varios artigos á súa vila natal como *"El escudo de Porto do Son"* (1984), *"La Venerable orden Tercera de San Francisco en el Puerto del Son. Notas históricas 1799-1874"* (1972), *"La carestía de 1764-1803 en la villa coruñesa de Puerto del Son"* (1968), *"Carlos III concede una feria mensual y un alfolí a la Villa y Puerto del Son (1733)"* (1968) ou *"Un pleito entre las cofradías de marineros y labradores del Puerto del Son (1727-1753)* (1969). En 1936 publicou en Vic a súa tese doutoral, *De Patre Antonio Llinas Collegiorum Missionariorum in Hispania et America fundatore 1635-1693*. Ao falecer deixou inéditos varios traballos en lingua galega.

O 22 de outubro de 1967 ingresou como correspondente na RAG o xesuíta **XOSÉ LÓPEZ CALO**, doutor en Teoloxía e Música Sacra, autor de obras como *La música en la catedral de Granada en el siglo XVII* (1963), que foi a súa tese de doutoramento; *La música de la catedral de Palencia* (1981-1982), *La música en la catedral de Santiago* (1992), *Obras musicais de Juan Montes* (1991-1993), *Presente y futuro de la música sagrada* (1967), *Catálogo del archivo de música de la catedral de Ávila* (1978), *Os músicos do Pórtico de San Martiño de Noia* (1994), entre outras. Colaborou en *Compostellanum*, *Música Sacra* (Milán), *Música Saca* (Bonn), *Psalterium* (Roma), *Analecta Musicologica* (Roma), *Anuario Musical*, *Tesoro Sacro Musical*, entre outras moitas. Naceu en Nebra o 4 de febreiro de 1922.

O 22 de febreiro de 2003 ingresou na RAG **FRANCISCO CALO LOURIDO** (Porto do Son, 1948), arqueólogo e historiador, doutor e catedrático de ensino medio. Autor de obras como *As artes de pesca* (1980), *A cultura castrexa* (1993), *Xentes do mar. Traballos, tradicións e costumes* (1996), *Castro de Baroña* (1997), *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa* (2 volumes, 1994), *La cultura de un pueblo marinero: Porto do Son* (1978), *As orixes do castrexo no Bronce Final* (Santiago, 1983, con Sierra Rodríguez). Colaborador de *Gallaecia*, *Boletín Auriense*, *Revista Guimarães*, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, *ArMen*, entre outras. Premio Losada Diéguez en 1995, Blanco Torres en 2000 e Manuel Rodríguez López en 2001. Cultiva tamén a narrativa, eido no que publicou o libro de relatos, *Salseiros* (2001).

O 22 de maio de 1855 nacía en Boiro o xesuíta **CELESTINO GARCÍA ROMERO**, poeta, ensaísta, narrador e dramaturgo. Colaborou en *Boletín de la Real Academia Gallega*, *El Eco Franciscano*, *Diario de Galicia*, *Ultreya,* e outras revistas. En galego escribiu dúas pezas teatrais, *Santa Liberata*, drama histórico, e *A señá Tiburcia* (1920), ademais de moitos

poemas e relatos para nenos nas revistas *Catecismo de niños y niñas*, *El catecismo de Santiago* e *Catecismo de Compostela*. Como teólogo foi moi conservador, pero ten o mérito de ser un pioneiro no emprego do galego en *Inferno e Gloria*, que se editou no ano 2000 en Vigo. Poetizou tamén en latín e castelán e publicou sobre prehistoria (*"Galicia y las Islas Británicas en tiempos remotísimos"*), arqueoloxía (*"Un templo primitivo en el coto de Amoreira"*, 1922; *"Una estación romana desconocida"*, *"Memorias romanas de Cuntis"*, *"De re epigráfica. Inscripciones en las iglesias de Padrón y Pastoriza"*), lingüística (*"Defensa do protohistorismo do idioma gallego"*), escritores galegos (*"Un libro de Galicia y un escritor gallego"*) e outros temas. Faleceu en Compostela o 18 de xaneiro de 1929.

En Isorna, Rianxo, naceu o 27 de outubro de 1921 o sacerdote, teólogo e poeta **FAUSTINO REY ROMERO**, quen ás veces asinaba como *"Fausto de Isorna"*. En lingua galega publicou os folletos poéticos *Doas de vidro* (Tui, 1951) e *Catro sonetos ó destino dunha rosa* (Tui, 1952), pero a súa obra máis importante é *Escolanía de melros* (1959), reeditada en Bos Aires no ano 1970), mais deben citarse tamén *Poema das materias sagras* (1960 e 1963) e *A agoa* (1963). En 1985 reuniuse a súa *Obra poética e filosófica*. Cultivou tamén a crítica literaria en *Faro de Vigo* e *Lar*, con traballos sobre Brea Segade, Noriega Varela ou Juan Baustista Andrade. Académico correspondente dende 1950, emigrou á Arxentina, onde morreu en circunstancias pouco claras en Bos Aires o 20 de febreiro de 1971. Na Arxentina colaborou no diario *La Nación* e publicou poemas galegos en *Alba* e artigos en *Mundo Gallego* de Bos Aires, pero tamén apareceron traballos seus en *El Pueblo Gallego*. En castelán publicou algúns folletos de poesía como *Florilegio poético* (1949) e *El ángel descielado* (1961). Tamén é autor do ensaio *La angustia ensanchada en el templo místico*, editado en Bos Aires en 1965.

Correspondente da RAG é tamén **ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO**, nacida na Pobra do Caramiñal en 1962, doutora en Filoloxía, profesora universitaria e experta en onomástica galega, coautora do *Diccionario dos nomes galegos* (1992), do *Diccionario Escolar Galego* (1989), ademais de estudosa da lingua de Celso Emilio Ferreiro e Otero Pedrayo, de quen coeditou o *Teatro de máscaras* en 1989, con F. Tato Plaza. Colaboradora de *Cadernos da Lingua*, tradutora, sobre a súa vila publicou o traballo *"Ó redor do topónimo Pobra: estado da cuestión e novos datos"* (1991), ademais de moitos outros traballos lingüísticos. Dedica agora o seu labor ao estudo dos apelidos galegos.

IV.- UN ACADÉMICO DE HONRA

En 1962 foi nomeado académico de honra da RAG, **VICTORIANO GARCÍA MARTÍ** (A Pobra do Caramiñal, 1881 - Santiago, 1966), quen era tamén numerario da Real Academia de Lexislación e Xurisprudencia e correspondente da Real Academia Española. Avogado, cultivou todos os xéneros literarios, agás a poesía, e así editou obras de teatro (*Fidelidad*, 1906; *La tragedia de todos*, 1927 e *La Voz de los mitos*, 1941), novelas (*La sonrisa de un espíritu*, 1911; *Don Severo Carballo*, 1917); novelas curtas (*La odisea de Olga*, 1929; *La tragedia del caballero de Santiago*, 1930; *El emigrante*, 1931 e ¡Una más!, 1932); libros de relatos (*A través de la vida*, 1936); obras de socioloxía (*Notas de sociología*, 1935; *La solidaridad social*, 1909; *La sociologie en France*, 1912; *La previsión en sociologie*, 1923), de dereito (*La pesca al bou en Galicia por los vapores franceses*, 1903; *Relaciones entre la Iglesia y el Estado*, 1903; *La solida-*

ridad regional, 1909), sobre Cervantes (*Don Quijote y su mejor camino*, 1948), sobre Rosalía (*Rosalía o el dolor de vivir*, 1944), filosóficas (*Del mundo interior*, 1911; *Del vivir heroico*, 1915; *De la felicidad. Eternas inquietudes*, 1924; *El sentimiento de lo eterno*, 1929; *El amor*, 1935; *La muerte*, 1936; *Máximas, caracteres y reflexiones*, 1942; *Climas de misterio*, 1947 e *La vida no es sueño*, 1949), sobre Galicia (*Lugares de devoción y de belleza. Impresiones de Galicia*, 1922; *Una punta de Europa. Ritmo y matices de la vida gallega*, 1927, prologada por Ortega y Gasset; *De la zona Atlántica. Galicia y Portugal*, 1934 e *Galicia. La esquina verde. Alma, Historia, Paisaje*, 1954), históricas (*El Ateneo de Madrid. 1835- 1935*, 1948), memorias (*La vida de un español. Del siglo XIX al XX*, 1941); sobre política (*La emoción del momento. Ensayos de ideología política*, 1929); *En torno al pleito de España. Ideología política*, 1931; *Entre dos extremismos*, 1934), de reflexión histórica (*La voluntad y el destino. Drama de la historia*, 1942; *España. Panorama de la vida espiritual*, 1946), técnicos (*El Ministerio de Fomento*, 1923), ademais doutras obras como *Caracteres de la vida social y mundana* (1921), folletos coas súas conferencias e miles de artigos (en *El Liberal* co pseudónimo *"El Duque de Él"*) en *El Progueso*, *La Noche*, *La Voz de Galicia*, *Heraldo de Madrid*, *Ateneo*, *Aturuxo*, *ABC*, *Santo y Seña*, *Suevia*, *Mundo Gallego*...

Fora secretario do Ateneo de Madrid e, tras a guerra civil, estivo preso, o que deixou unha forte impresión no seu carácter. En 1944 editou as *Obras Completas,* de Rosalía de Castro. O seu concello natal nomeouno Fillo Predilecto en 1965. Faleceu en Compostela o 7 de xullo de 1966.

BIBLIOGRAFÍA

É imposible citar neste traballo toda a bibliografía existente sobre os académicos citados, pois só a de Castelao enchería todo o volume deste anuario; xa que logo citaremos algunhas obras xerais e unha pequena selección sobre cada autor ou autora.

OBRAS XERAIS

AGRELO HERMO, J. e M. HERMIDA IGLESIAS: *Efemérides noyesas*, Santiago, 1971.

CARBALLO CALERO, Ricardo: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, Galaxia, 3ª ed., 1981.

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Diccionario biobibliográfico de escritores*, Santiago, Bibliófilos Gallegos, 3 t., 1951-1954.

GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA, Xixón, Silveiro Cañada Ed., 1974-1987; 1991; 2000; 34 vols.

HERMIDA, Modesto: *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo, Xerais, 1995.

LOURENZO, Manuel e Francisco PILLADO MAYOR: *Dicionário do Teatro Galego (1671-1985)*, Barcelona, Sotelo Blanco, 1987.

MÉNDEZ ROMEU, J. L.: *A Real Academia Galega, institución frustrada do Rexionalismo*, A Coruña, 1998.

NAYA PÉREZ, Juan: *"Real Academia Gallega"*, en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 26, pp. 92-94.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *Escritores da Barbanza*, A Pobra do Caramiñal, Concello, 1999.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *Diccionario de escritores ribeirenses*, A Coruña, Deputación, 2001.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Noia e Lousame na Real Academia Galega"*, *Casa da Gramática*, Noia, nº 27 (2006).

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"A xeración de Avilés no Barbanza"*, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 4 (2008).

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"As letras de Porto do Son. Unha panorámica"*, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 8 (2012).

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *Guía Persoeiros da Cultura. Arousa Norte*, A Coruña, Deputación / Mancomunidade Arousa Norte, 2014.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"A xeración de Castelao no Barbanza"*, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 13 (2017).

VILAVEDRA, Dolores (Coord.): *Diccionario da Literatura Galega I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.

VILAVEDRA, Dolores (Coord.): *Diccionario da Literatura Galega II. Publicacións periódicas*, Vigo, Galaxia, 1997.

AUTORES

• AGRA CADARSO, José María

AGRELO HERMO, J. e M. HERMIDA IGLESIAS: *Efemérides noyesas*, Santiago, 1971.

ÁLVAREZ DE LA BRAÑA, Ramón

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Ramón Álvarez de la Braña. Un erudito noiés"*, *La Voz de Galicia*, *"A Voz de Barbantia"*, nº 14 (2006).

RUÍZ CABRIADA, A.: *Bio-bibliografía del Cuerpo Facultativo de archiveros, bibliotecarios y arqueólogos (1858-1958)*, Madrid, 1958.

VV. AA.: *Periodistas en los callejeros del Barbanza, Noia y O Son*, A Coruña, 2013.

• AXEITOS AGRELO, Xosé Luís

CAPELÁN, Antón: *"¡Manuel Antonio!"*: *Luzes de Galiza*, nº 25 (1994).

E. A.: *"Xosé Luís Axeitos Agrelo, escritor e investigador distinguido no apartado da cultura"*, *La Voz de Galicia*, *Voces del Año*, 16-02-2001, p. 3.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M.: *"O exilio do exilio"*, *A Nosa Terra*, nº 844, 20-08-1998, p. 20.

LAVANDEIRA, Fernando R.: *"Xosé Luís Axeitos. Rianxeiro e membro da Real Academia Galega"*, *La Voz de Galicia*, *"A Voz de Barbantia"*, nº 6 (2005).

M. R.: *"Un xeito de ollar o mundo de Rafael Dieste"*, *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", nº 26, 24-08-1995, p.6.

M. V. V.: *"Rafael Dieste. Ollar o mundo con sede adiviñadora"*, *Atlántico Diario*, 16-06-1995, p. 58.

NAVIA, R.: *"Gramática de Venus"*, *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 287, 04-11-1999, pp. 6-7.

NICOLÁS, Ramón: *"A poesía de Manuel Antonio. Unha proposta de actualidade"*, *Papeis de Literatura"*, Vigo, Xerais, 2001, pp. 317-320.

PENA, Xosé Ramón: *"Manuel Antonio: Poesía galega completa (ed. De Xosé Luís Agrelo)"*, *A Trabe de Ouro*, nº 14, (1993).

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Xosé Luís Axeitos Agrelo. Un académico de Rianxo estudoso do exilio galego"*, *La Voz de Galicia*, *"A Voz de Barbantia"*, nº 43, 27-03-2009.

TARRÍO VARELA, A.: *"Manuel Antonio. Poesía Galega Completa, edición de Xosé Luís Axeitos"*, *Boletín Galego de Literatura*, nº 11 (1994), pp. 194-197.

• BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón

AXEITOS, X. L.: *"A busca dun libro é como unha aventura apaixonada"*, *La Voz de Galicia*, *"A Voz de Barbantia"*, nº 1, 28-01-2005.

LORENZANA, Salvador: *"Historia de Galicia IV. Edade Contemporánea, por X. R. Barreiro Fernández"*, *Grial*, nº 75 (1982).

M.S.S.: *"El levantamiento gallego de 1846 y el nacimiento del galleguismo, por X. R. Barreiro Fernández"*, *Grial*, nº 57 (1977).

FANDIÑO, X. R.: *"Xosé Ramón Barreiro, catedrático, académico e historiador que iluminou a historia contemporánea de Galicia"*, *Galegos,* nº 12 (2010), pp. 4-17.

OROSA, Lucas: Recensión de *El carlismo gallego*, *Teima*, nº 2 (1976), p. 33.

PAMPÍN, X. M. R.: *"A parroquia hoxe, por Barreiro, Moure, Chao, Alvilares, Gómez Barros e Torres Queiruga"*, *Grial*, nº 28 (1970), p. 251.

PIÑEIRO, R.: *"El Pórtico de la Gloria. Autor e interpretación, de Rafael Silva y J. R. Barreiro Fernández"*, *Grial*, 11 (1966), pp. 119-120.

BABUÑAL, H.: *"O Murguía de Barreiro"*, *Grial*, nº 195 (2012), pp. 98-99.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Xosé Ramón Barreiro Fernández. Un historiador da Galicia contemporánea"*, *La Voz de Galicia*, *"A Voz de Barbantia"*, nº 40, 20-12-2008.

S.S.: Recensión de *Historia de Galicia IV*, Ágora, nº 2 (1982), pp. 193-202.

VIVERO MOGO, P.: *"Murguía, a lembranza necesaria"*, *Guía dos Libros Novos*, nº 18 (2000), p. 8.

• BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel

ABELAIRAS, Bea: *"Ana Boullón. Experta en onomástica galega"*, *La Voz de Galicia*, 18-05-2011, p. 60.

BLANCO OUTÓN, C.: *"Ana Isabel Boullón, pioneira da normalización da lingua galega"*, *El Correo Gallego*, 08-04-2002, p. 6.

R. A.: *"As razóns dun nome: A Pobra do Caramiñal"*, *Estudios Sociais do Barbanza*, nº 2 (1992), p. 42.

RODRÍGUEZ, Pastor: *"Ana Isabel Boullón Agrelo. Unha filóloga da Pobra"*, *La Voz de Galicia, "A Voz de Barbantia"*, nº 98, 31-10-2014.

• CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel

BLANCO, M.X.: "Manuel Caamaño Suárez. Aparellador e arquitecto técnio", La Voz de Galicia, "Barbanza-Muros-Noia", 11-11-2018, L12.

GARCÍA-BODAÑOS, S.: "Soleira", en CAAMAÑO SUÁREZ, M.: Sobre Galicia como responsabilidade (Escritos e discursos 1970-1986), Sada, O Castro, 1989, pp. 9-17.

GARCÍA VIDAL, P.: *"Manuel Caamaño. Aparellador, arquitecto, galeguista"*, *La Voz de Galicia, "A Voz de Barbantia"*, nº 109, 27-11-2015, p. 1.

RODRÍGUEZ, Pastor: *"Manuel Caamaño Suárez. Un noiés que ten a Galicia como responsabilidade"*, *La Voz de Galicia, "A Voz de Barbantia"*, nº 39, 28-11-2008, p. 2.

CALO LOURIDO, Francisco

RODRÍGUEZ, Pastor: *"Francisco Calo Lourido. Historiador e escritor"*, *La Voz de Galicia, "A Voz de Barbantia"*, nº 4 (2005), p. 1.

RODRÍGUEZ, Pastor: *"Francisco Calo Lourido. Un antropólogo e narrador nado en Porto do Son"*, *La Voz de Galicia, "A Voz de Barbantia"*, nº 45, 29-05-2009.

• DIESTE, Rafael

AXEITOS, X. L. e outros: *Rafael Dieste. Unha fotobiografía*, Vigo, Xerais, 1995.

AXEITOS, X. L.: *Rafael Dieste. Ollar o mundo con sede adiviñadora*, A Coruña, Espiral Maior, 1995.

CASAS, A.: *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, Vigo, Galaxia, 1994.

CASAS, A.: *"Rafael Dieste: bibliografía"*, *Boletín Galego de Literatura*, nº 12 (1994), pp. 129-167.

CASAS, A.: *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste*, Santiago, USC, 1997.

DÍAZ DÍAZ, X.: *Dos arquivos xeométricos. Razón e realidade no pensamento de Rafael Dieste*, Rianxo, Axóuxere, Vigo, Xerais, 1999.

FERNÁNDEZ CASTRO, X.M.: *A fiestra valdeira de Rafael Dieste*, Vigo, Xerais, 1999.

FREIXEIRO MATO, X.R.: *Rafael Dieste. Vida, personalidade e obra*, Santiago, Laiovento, 1995.

IRIZARRY, E.: *Rafael Dieste*, Boston, G. K. Hall, 1979.

IRIZARRY, E.: *La creación literaria de Rafael Dieste*, Sada, O Castro, 1980.

OTERO, D.: *A vida de Rafael Dieste*, Vigo, Galaxia, 1995.

PALLARÉS, P. e L. TATO: *Rafael Dieste*, A Coruña, AS-PG, 1995.

RABUNHAL, H. e X. M. FERNÁNDEZ COSTAS: *Rafael Dieste: A franqueza e o misterio*, A Coruña, Bahia, 1995.

REI NÚÑEZ, L.: *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*, Sada, O Castro, 1986.

ROMERO, M. *Dieste na aula*, Vigo, Nigra, 1995.

VV. AA.: *Rafael Dieste. Un creador total*, Vigo, Galaxia, 1995.

VV. AA.: *Rafael Dieste. Heterodoxia e paixón creadora*, Vigo, Xerais, 1995.

VV. AA.: *Rafael Diestes. Día das Letras Galegas*, Santiago, Xunta de Galicia, 1996.

VV. AA.: *Congreso Rafael Dieste*, Santiago, Xunta de Galicia, 1996.

VV. AA.: *Tentativas sobre Dieste*, Santiago, Sotelo Blanco, 1995. Coordinado por A. Casas.

• FABEIRO GÓMEZ, Manuel

GONZÁLEZ ALEGRE, Ramón: *"Follas de un arbre senlleiro"*, *La Noche*, 13-11-1951.

LORENZANA, Salvador: *"Folla de un arbre senlleiro"*, *La Noche*, agosto de 1951.

MÉNDEZ FERRÍN, X. L.: *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Xerais, 1984.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Manuel Fabeiro Gómez. Unha vida de traballo"*, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, número 11 (2015), pp. 15-36.

VARELA JÁCOME, B.: *"Follas de un arbe senlleiro"*, *La Noche*, agosto, 1951.

CASTRO RODRÍGUEZ, J.: Introdución a M. FABEIRO GÓMEZ: *Intres*, Noia, Toxosoutos, 2013, pp. 7-15.

• GARCÍA MARTÍ, Victoriano

BUENO, Manuel: *"El teatro filosófico. La tragedia de todos"*, *ABC*, Madrid, 03-01-1929.

LANDEIRA YRAGO, José: *"Don Quijote, nosotros y el mejor camino"*, *La Noche*, 20-08-1947.

MAEZTU, Ramiro: *"Pareceres"*, *La Nación*, Buenos Aires, 26-01-1928.

OTERO PEDRAYO, Ramón: *"García Martí, el ensayista del instante inmedianto"*, *La Noche*, 26-04-1961.

POMAR, Federico: *"Una novela de García Martí. Neurastenia en Caramiñal"*, *El Correo Gallego"*, 19-09-1981.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Un cervantista pobrense: Victoriano García Martí"*, *Alameda*, nº 21 (2006), pp. 54-61.

SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, R.: *Victoriano García Martí: arredor da vida e a morte*, Santiago, USC, 1995.

SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, H. e R.: *"Victoriano García Martí ou as rosalianas dores de viver"*, in *Congreso internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, vol. III. Santiago, USC / CCG, 1986.

• GARCÍA ROMERO, Celestino

COBAS BRENLLA, X.: *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*, Santiago, 1991.

ESTRADA CATOIRA, F.: *"El Rvdo. P. Celestino García Romero"*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, XVIII, nº 213, pp. 177-178.

FERRO RUIBAL, X.: *"Tres escritores latinos na Galicia do século XX"*, in *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago, USC, vol.III, 1999, pp. 555-573.

MAYORDOMO, V.: *"La obra científico-literaria del P. Celestino García Romero, S. J."*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, XIX, nº 227 (1930), 255-263.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Historiador, dramaturgo, poeta*, *La Voz de Galicia*, *"Barbanza-Muros-Noia"*, 06-05-2012, L9.

SANTIAGO GARCÍA, J. A.: *""¿Quen foi Celestino García Romero? Perfil bibliográfico dun xesuíta de Boiro"*, en GARCÍA ROMERO, J. C. : *Inferno e gloria*, Vigo, Sept, 2000, pp. 11-21.

• IGLESIAS ROURA, Xosé

IGLESIAS ROURA, L.: *"Autores gallegos de teatro lírico"*, *Abrente*, A Coruña, nº 21-22 (1989-1990).

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E.: *"José Iglesias Roura"*, *Boletín de la Real Academia Gallega"*, vol. XIX.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"O sonense Xosé Iglesias Roura"*, *La Voz de Galicia*, *"Barbanza-Muros-Noia"*, 01-05-2002, p. 13.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Un poeta de Porto do Son: Xosé Iglesias Roura"*, *Alameda*, 18 (2005), pp 35-38.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Un tradutor do Son nas Irmandades da Fala"*, *Alameda*, nº 27 (2007), pp. 34-42.

• LÓPEZ CALO, José

C. D. G.: *"López Calo, profesor y musicólogo"*, *El Correo Gallego*, 28-05-2001, p. 46.

GARCÍA BALADO, R.: *"López Calo, la musicología"*, *El Correo Gallego*, 03-08-2011, p. 23.

RODRÍGUEZ, Pastor: *"José López Calo. Un musicólogo de Porto do Son"*, *La Voz de Galicia*, *"A Voz de Barbantia"*, nº 72, 24-02-2012, p. 2.

• MARTELO PAUMÁN, Evaristo

MARTÍNEZ MORÁS, F. *"Letras de duelo. Don Evaristo Martelo Paumán"*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 204, 01-05-1928, p. 313.

VILANOVA, Alberto: *"Evaristo Martelo y Paumán del Nero"*, *Galicia Emigrante*, Buenos Aires, nº 24 (1956), p. 5.

• MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón

BOROBÓ: *"O exemplo de Ramón Martínez López"*, *A Nosa Terra*, nº 1.000, 20-09-2001, p. 27.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"O escritor de Boiro Ramón Martínez López e a etnografía galega"*, *Barbantia. Anuario de Estudos no Barbanza*, nº 10, (2014), pp. 77-83.

VV. AA.: *Homenaxe a Ramón Martínez López*, Sada, O Castro, 1990.

VILLAVERDE, E. e A. LIÑARES GIRAUT: *Ramón Martínez López pola universalidade de Galicia*, Noia, Sementeira, 1992.

VIDÁN TORREIRA, M.: *"General Estoria, versión gallega del siglo XIV"*, *Grial*, nº 4, (1964), pp. 265-266.

• OVIEDO E ARCE, Eladio

CASAS, A. de las: *"Oviedo Arce, predicador"*, *Logos*, Pontevedra, nº 13 (1932), p. 46.

COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *"Eladio Oviedo y Arce"*, *La Noche*, 07-12-1946.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Dous centenarios"*, *Alameda*, nº 56 (2018), pp. 57-61.

• ROMANÍ BLANCO, Ana

ALEIXANDRE, Mª Pilar J.: *"Tecendo auga"*, *Festa da Palabra Silenciada*, 11 (1995), p. 78.

BASCOY LAMELAS, M.: *"O lume de Ana Romaní"*, *Galicien Magazin*, 7 (1999), pp. 36-37.

BLANCO, Carmen: *"Ana Romaní. Das últimas mareas"*, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, (1995), pp. 230-235.

BLANCO, C.: *"Tras da viaxe que non fixo Ulises"*, *Clave Orión*, 2 (1996), pp. 13-15.

CASTRO R., X.: *"Arden, a voz polifónica e lírica de Ana Romaní"*, *El Correo Gallego*, 'Edición 7', 26-04-1999.

CORDAL, X.: *"Arden, de Ana Romaní"*, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, (1999), pp. 93-95.

LAGO GARCÍA, Iria: *"Ana Romaní. Poetisa e xornalista"*, *La Voz de Galicia*, *"A Voz de Barbantia"*, nº 2, (2005).

LÓPEZ FOXO, M.: *"A vida no labirinto da palabra"*, *A Nosa Terra*, nº 861, 17-12-1998, p. 28.

SALGADO, Daniel: *"Ana Romaní*, *Sermos Galiza*, *"Fóra de Serie"*, nº 316 (2018), pp. 4-5.

SEARA, Teresa: *"Penélope rompeu o tear"*, *A Nosa Terra*, nº 655, 05-01-1995, p. 26.

SEARA, Teresa: *"Terceiro poemario de Ana Romaní"*, *Grial*, nº 141, (1999), pp. 179-183.

TRIGO, X. M. G.: *"Arden, de Ana Romaní"*, *Revista Galega do Ensino*, nº 26 (2000), pp. 275-276.

• REY ROMERO, Faustino

BOROBÓ: *"O exemplo de Faustino Rey Romero"*, *"A Nosa Terra"*, nº 995, 12-07-2001, p. 27.

PÉREZ NOGUERAS, H.: *"Del franciscanismo en la poesía de Rey Romero"*, *Lar*, Bos Aires, nº 269-270 (1956).

SANTOS SUÁREZ, X.: *"F. Rey Romero: obra poética e filosófica"*, *Encrucillada*, nº 52 (1987), pp. 65-70.

LOSADA, X. Ricardo: *Obra poética e teolóxica*, Noia, 2013.

• RODRÍGUEZ BARREIRO, Lisardo:

ALONSO MONTERO, X.: *"O percebe copreiro de Cortegada"*, *La Voz de Galicia*, 24-09-1999, p. 17.

DURÁN, J. A.: *"Lisardo R. Barreiro, primer redator-viajero de La Voz de Galicia, fue el apóstol del neoprovincialismo gallego"*, *La Voz de Galicia*, 16-10-1985.

HERMIDA, M.: *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo, Xerais, 1995.

MARCO, Aurora: *"Personaxes. Lisardo Barreiro"*, *Alameda*, nº 1 (2000), pp. 32-36.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"No 150 aniversario de Cantares gallegos*. O poeta noiés Lisardo Barreiro e Rosalía de Castro"*, Alameda*, nº 45 (2013), pp. 41-46.

• RODRÍGUEZ CADARSO, Alejandro

AGRELO HERMO, Xosé: *Alejandro Rodríguez Cadarso*, Noia, Toxosoutos, 2004.

BALTAR DOMÍNGUEZ, R.: *La Escuela Médica Compostelana*, Santiago, IEG Padre Sarmiento, 1968.

CAPELÁN, A.: *"Alejandro Rodríguez Cadarso e as relacións con Portugal"*, en *Contra a Casa da Troia*, Santiago, Laiovento, 1994, pp. 98-105.

OTERO PEDRAYO, R.: *"Alexandro R. Cadarso"*, en *O libro dos amigos*, Buenos Aires, Eds. Galicia, 1953, pp. 123-125.

PORTO UCHA, A. S.: *La Institución Libre de Eneseñanza en Galicia*, Sada, O Castro, 1986.

• RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso

ALONSO MONTERO, X.: *Castelao*, Madrid, Akal, 1975.

BERAMENDI, J.: *"A influencia do exilio na ideoloxía de Castelao"*, *Murguía*, Nº 35/36 (2017), pp. 39-51.

BLANCO AMOR, E.: *Castelao escritor*, Sada, O Castro, 1986.

BOZAL, V.: *Sátira y tragedia: las imágenes de Castelao,* Sada, O Castro, 1987.

CARVALHO CALERO, R.: *Escritos sobre Castelao*, Barcelona, Sotelo Blanco, 1989.

CUQUEJO, M.: *"Bibliografía de Castelao"*, en *Para ler a Castelao 1. Cronoloxía, entrevistas e bibliografía*, Vigo, Galaxia, 2000, pp. 113-470.

DÍAZ PINHEIRO, Mª J.: *Os vellos non deben de namorarse de Alfonso R. Castelao*, Vilaboa, Cumio, 1992.

DOURADO DEIRA, M.: *Conversas con Teresa Castelao*, Santiago, Sotelo Blanco, 1999.

FILGUEIRA VALVERDE, X.: *Cuarto adral. Castelao na lembranza*, Sada, O Castro, 1987.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, A.: *Castelao*, A Coruña, Baía, 2002.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Castelao e o Faro de Vigo*, Cadernos Castelao 8, Santiago, 1996.

GUTIÉRREZ, E.: *Introducción ao sempre en Galicia*, Sada, O Castro, 1986.

HERMIDA, M.: *Castelao e Os dous de sempre*, Vigo, Galaxia, 1990.

LAGE CASAL, A.: *Castelao e a cuestión do ensino*, Santiago, Xunta de Galicia, 1989.

LEDO, X.: *"Dibuxos de negros, por Castelao"*, *Grial*, nº 27 (1970), pp. 111-112.

LÓPEZ, Siro: *Castelao humorista*, Santiago, Xunta de Galicia, 1996.

MÁIZ, R.: *A idea de nación en Castelao*, Vigo, Xerais, 2000.

MONTEAGUDO, H.: *Algonso R. Castelao*, Santiago, Xunta de Galicia, 2ª ed., 2000.

NEIRA VILAS, X.: *Castelao en Cuba*, Sada, O Castro, 1983.

OTERO, David: *Castelao*, Vigo, Ir Indo, 1996.

OTERO PEDRAYO, R.: *A miña amizade con Castelao*, Sada, O Castro, 1986.

PAZ ANDRADE, V.: *Castelao na luz e na sombra*, Sada, O Castro, 1982.

REI ROMEU, M.: *Arte e verdade (a obra literaria de Daniel Castelao)*, Pontevedra, Cumio, 1991.

REI ROMEU, M.: *Castelao e Sempre en Galiza*, Santiago, Laiovento, 1996.

ROSALES, M.: *A narrativa de Castelao*, Santiago, Sotelo Blanco, 1997.

SEOANE, Luís: *Castelao artista*, Bos Aires, Alborada, 1969.

VARELA JÁCOME, B.: *Estructuras de la narrativa de Castelao*, La Coruña, Librigal, 1973.

VILAS MEIS, D. e O. RODRÍGUEZ GARCÍA: *Cousas de negros*, Pontevedra, Deputación, 2014.

ZUBILLAGA BARRERA, C. A.: *Castelao no arte galego*, Montevideo, Ronsel, 1966.

• RODRÍGUEZ DE FRAGA FRAGA, Antonio

VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Los gallegos en la Argentina*, Buenos Aires, Eds. Galicia, 1966, t. II.

• RODRÍGUEZ PAZOS, Manuel

CASTRO, M.: *"R. P. Manuel Rodríguez Pazos (1904-1984)"*, *In Memoriam*, Madrid, 1984.

FERRO COUSELO, J.: Recensión de *El episcopologio gallego a la luz de los documentos romanos*, *Boletín de la Comunicación de Monumentos de Orense*, XV, fasc. IV (1946).

RODRÍGUEZ, Pastor: *"Manuel Rodríguez Pazos. Un investigador do Son"*, *La Voz de Galicia*, *"A Voz de Barbantia"*, nº 63, 25-03-2011, p.2.

• ROMERO BLANCO, Francisco

BARCIA CABALLERO, J.: *"Don Francisco Romero Blanco"*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 128, 01-01-1919, pp. 203-204.

CORES TRASMONTE, B.: *Os senadores da Universidade de Santiago*, Santiago, Padre Sarmiento, 1998, pp. 275-277.

FRAGA VÁZQUEZ, X. A.: *"Romero Blanco, Francisco"*, en *Diccionario histórico das ciencias e das técnicas de Galicia. Autores (1868-1936)*, Sada, SEG, 1993, pp. 289-294.

GÓMEZ VÁZQUEZ, L.: *"Francisco Romero Blanco"*, *Revista de la Academia médico-quirúrgica compostelana"*, nº 1 (1986).

HERMIDA, M.: *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo, Xerais, 1995.

MARCO, Aurora: *"Personaxes. Francisco Romero Blanco"*, *Alameda*, Noia, nº 0 (2000), pp. 25-30.

MAYOBRE RODRÍGUEZ, Pura: *Debates ideolóxicos na Compostela do XIX*, Sada, O Castro, 1985.

PEREIRA GONZÁLEZ, F.: *Raza e alteridade. A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*, A Coruña, Deputación, 2001.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Dous centenarios"*, *Alameda*, nº 56 (2018), pp. 57-61.

• TORRES QUEIRUGA, Andrés

CARRO, X.: *"Recupera-la Creación, de Andrés Torres Queiruga"*, *Encrucillada*, nº 99 (1996), pp. 89-91.

RODRÍGUEZ, Pastor: *"Andrés Torres Queiruga. Teólogo e académico"*, *La Voz de Galicia*, *"A Voz de Barbantia"*, nº 72, 24-02-2012, p. 1.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X. P.: *"Conversa con Andrés Torres Queiruga"*, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 8 (2001), pp. 105-111.

Almas que non dan pena

Emilio García Portosín

Cedidos os dereitos desta primeira edición á
Asociación Cultural Barbantia

Esta miserable obra foi pensada e escrita no ano de graza dous mil vinte e un, no inferno (un soño). Todos os nomes que nela aparecen son soñados, incluso o de Mario Conde.

PERSONAXES

Liamora
Filipus Meópulos
Moralia
Xema Pulosmeo
Demo
Demidous
Demitrés
Paco (xeneral)
Narci
Cateto (mago)

ARGUMENTO EN CINCO LIÑAS

Un grupo de demócratas españois, mortos e xa no inferno, agardando o soado xuízo final, revíranse contra Satanás... e non paran ata derrocalo. O pobre príncipe das tebras fuxiu co rabo entre as pernas... buscando refuxio en España.

ACTO PRIMEIRO

A escena ten lugar no inferno: Alí, na mal chamada sala de mulleres en espera do xuízo final, ao pé dunha pequena fogueira, sentadas en cadansúa pedra, atópanse dúas mulleres que en vida ocuparon altos cargos políticos na democracia española. Agora, pasadas a mellor vida, non poden deixar de lembrar aqueles marabillosos tempos nos que elas, Moralia e Liamora, eran punto de referencia para toda España. Como fondo da escena, outras mulleres forman pequenos grupos, quentándose tamén á calor do lume.

Liamora: Vendín a alma ao diaño,
pero o diaño non sabía...
que eu alma non posuía*!*
(ceiba unha gargallada,
amosando unha boca
sen a metade dos dentes)

Moralia: Sempre fuches desalmada!
Non tes na lingua un fiaño*!*
(ri tamén)

Liamora: Pra chegar a un bo apaño
hai que facer a camada.
Non se conquistou Granada
sen unha trampa no baño!

Moralia: Pero este é moi arteiro,
saca das pedras aceite.
(facendo alusión ao diaño)
Coidado que non te afeite...

Liamora: Terá que ser moi certeiro.

Moralia: ... os pelos que tes no queixo!

Liamora: Non será, se eu non me deixo!

Moralia: El sempre lle busca o xeito
para atopar a razón.
(razoa)

Liamora: Abusa da condición
de ser versado en dereito...
Pero aquí tocou en seixo*!*
(moi segura)

Moralia: Sabes que é un pequeno rei,
e ten mando sobre mando.

Liamora: Todo ten un "ata cando",
para todo hai unha lei.
Xa ves que comigo errou,
mercando o que non había.
De inocente picou!
(ri de novo)

Moralia: Non obstante estás aquí.
Coido que el ben sabía
onde remata a miseria.
A porca e humana miseria!
(remexe no lume para avivalo)
E que che cabe agardar
nun lugar que non hai día?
A que o lume nos devore?
A que o fume nos acore?

Liamora: Que non te domine a histeria.
Non é tan malo o inferno.
Xa levamos todo o inverno...
(razoa á súa maneira)
e inda nada aconteceu!

Moralia: Pero non me fío eu
deste silencio e esta calma.
Eu tamén vendín a alma,
sei que teño que pagar!

Liamora: Vendiches, ¡por tres cadelas!

Moralia: Muller, eu prevariquei,
falsifiquei documentos.
(ráscase o nariz)
Vivín gloriosos momentos
á conta do que estafei.

Liamora: Todo iso son pequeneces!
Na Gran Banca non estabas,
na Renfe nin en Iberia...
(encollendo os ombreiros)
Pouco castigo mereces!
Cun chisco da túa leria,
(quitando ferro)
da que aló facías gala,
entre papel e papel...
¡metes no bote a Luzbel!

Moralia: Eu funche dabondo mala,
do que ás veces me arrepinto.
Fixen apertar o cinto
a moreas de inocentes.
Fixen bater moito os dentes,
(amosando bágoas de rabia e de impotencia... de crocodilo)
aos máis humildes de España!

Liamora: Era a túa competencia.
Iso a ninguén lle estraña!

Moralia: Tiven un iate en Ibiza,
para impúdico recreo...
á conta do ben alleo!
Un pazo en Pontevedra,
froito da miña cobiza...
(goza enumerando os seus pecados)
todo traballado en pedra!

Liamora: Iso é pecado miúdo!
O demo quedará mudo
(de alivia conciencias)
ao saber que estás aquí...
por mixiricadas desas!

Moralia: Fixen expropiar devesas
con retortas intencións,
xestionei mil subvencións...
que nunca a cabo chegaron.
Na faltriqueira quedaron...,
na miña, e de catro máis.
Ás veces cambiei de leito...
(goza mortificándose)

Liamora: Oh, miña santa muller,
se eu contase cada feito*!*
(escacha a rir)

Moralia: Puido ser doutra maneira
a nosa historia de España.
Oxalá, demo non queira,
que a auga volva ao seu rego.

Liamora: Cun chisco de arte e maña*,*
(burlona)
os eruditos vindeiros,
dos que eu nunca renego*,*
(aínda cos ollos brillantes)
encargaranse de todo.

Moralia: Emporcarannos en lodo...
se escriben con claridade.

Liamora: Xamais verán a verdade,
o que se coceu en furnas,
en alcobas, en despachos.
Nunca xuntarán os cachos...
que á historia lle roubamos*!*
(risoña)
Encargaranse de todo,
e non chegarán a nada*!*
(firme)

Moralia: Que dende aquí o vexamos!
Porque eu aturar non podo
que me remexan nos... feitos*!*
(seria)

Liamora: Tocarán simas e teitos
de maneira alambicada,
con esa prosa amañad*a*
(tranquila)
de mentes de gran estima.
Pensarán, divagarán,
e ao fin ditarán sentenza,
pero nunca saberán
daquilo que se escatima...
se o que subscribe ten ciencia*!*
(remata mirando ao teito)

Moralia: Liamora, Liamora,
es moi grande oradora!
Fuches insigne en España*!*
(admirada)

Liamora: E neste lugar eterno,
serei a mellor compaña!
Xa libre de contubernio*s*
(exaltada)
e de penosos cenáculos,
de noxentos espectáculos...,
signos de degradación!

Moralia: Desalmada pecadora,
vés de moralista agora,
raíña da subversión!
Desafógate se queres,
pero non limpes a pel...
emporcallando os demais*!*
(pon un dedo acusador)

Liamora: Chorarei se é o teu gusto...
Que risa dan as lembranzas*!*
(ceiba unha nova gargallada)
Que risa me dá lembrar
a homes de porte augusto...
matando mil esperanzas,
remexendo os excrementos
que a máis alta sociedade
non sabía depurar!
Ai, que felices momentos,
lembrando aquela maldade,
a ignorante vaidade,
a simpleza intelectual*!*
(entusiasmada)

Maralia: Estás tola, Liamora!
Esa xente que mencionas
era a base conceptual...
do "ilusionante" sistema!

Liamora: Era un falso teorema
o que eles preconizaban!

Moralia: E mira quen vai falar!
Que se eles desentoaban,
ti, na sombra, aproveitabas
os mutilados arpexos...
coma unha zorra que eras!

Liamora: Aparentaban moi rexos
e moi nobres, eran feras.
(mirada perdida, de tola)
Que me cabía facer?
Morder como eles mordían!
Logo mordelos a eles,
marcarlles con lume as peles...
das que eles presumían!
(outra gargallada)

Moralia: Pero ti fuches peor!

Liamora: Estaba en terra de lobos...
Ouveaba coma todos!

Moralia: Tiñas, Liamora, un fedor
que a España avergonzaba...,
a España que naufragaba!

Liamora: Os de a pé, queres dicir,
os que ti asoballabas.
Ai, Moralia, moralista,
vasme permitir que insista,
pero ata o mal que fixeches...
sempre o fixeches mal;
e a España que dixeches
debe estarme agradecida.

Moralia: Por seres tan ben nacida!
(apúntalle cun dedo)
A muller dez, ideal!
(rindo)

Liamora: Porque por ser como fun,
(moi suave)
mil cousas viron a luz.
Viuse a cara e a cruz
dos políticos de altura,
e cavei a sepultura...
de quen tiña que cavar!
(con énfase)

Moralia: Por exemplo, a de Roldán.

Liamora: Muller, que cousa tan chusca!
Iso é pecado miúdo,
no que eu non metín a man!
Esa luz inda hoxe é fusca,
non hai présa en remexer
nos intestinos do conto...
para non racharlle o fol!

Moralia: Chámaslle conto sorrindo.

Liamora: Claro, é un conto español!

Moralia: Ai, "chusma", que diplomática!

Liamora: A política é retórica,
(baixa de novo a voz)
pero non é matemática;
éche a flor idiomática
nunha cabeza pletórica!
(ri outra vez)

Moralia: Xa que mencionas a flor,
fálame de De la Rosa.

Liamora: Eu non falo dun casulo,
(desdeñosa)
eu falo de cousas serias!

Moralia: Déixate, muller, de lerias.
Ti falas do que che pete,
con tal de facer barullo.
Ben que enchías o bandullo
con xente baixa de arriba!

Liamora: Porque a alta de abaixo
é máis dura de pelar...,
aínda sendo estilista!

Moralia: Ti eras especialista.
Déixame que te describa:
moza, loura, intelixente,
mística e bulideira...
Tiñas moi claro na mente
onde querías chegar.
Levantábas o refaixo,
logo de pestanexar,
(abanea os seus farrapos máis aló dos xeonllos)
e os pailáns de garabata
deixábanse subornar.
Habíaos que tiñan prata,
intelectuais de peseta,
políticos sen chaqueta...
Todos querían mirar
as pernas de Liamora*!*
(enfática)
Chus! Nin que fosen de ouro!
O que o mundo non sabí*a*
(sibilina)
é que eras unha harpía;
que detrás daquel tesouro
de fermosa e branca pel...
había unha cascabel
con ideas infernais!

Liamora: Todo por uns ideais*!*
(case asubía)

Moralia: Mentes!

Liamora: Pero, que saberás ti!

Moralia: Que chegas a un frenesí
por desmedida ambición,
que perdes toda razón...
chegando ao asasinato!

Liamora: Merdeira! Lingua afiada*!*
(alporízase máis)

Moralia: Que agarimosa linguaxe!
que orgullo máis barato*!*
(búrlase)
Liamora, Liamora,
nesta derradeira viaxe,
ao cabo da encrucillada,
a mentira está sobrada,
o finximento, de máis...
Chusma, chusma, meigas fóra!

Liamora: Estaste a pasar agora;
coma esa xente da tralla,
que calumnia e esbardalla...
ante xente superior.
(vaise tranquilizando)

Moralia: Ai, muller, se che é mellor,
falemos de Mario Conde,
ao que ti tanto admirabas,
e que na sombra axudabas,
sen calcular ata onde...

Liamora: Iso é moi persoal*!*
(interrompe)
El foi un lince entre sabios,
e os teus vulgares labios,
Moralia, se che é igual,
que permanezan pechados...
se non é pra bendicir
os seus feitos e o seu nome.

Moralia: Oh, que alfaia de home!
Quen che mo ía dicir!

Liamora: El foi un dos máis honrados
(admirada)
e insignes da nación!

Moralia: Foi a túa gran paixón!
O demais é secundario!

Liamora: Sempre será o meu Mario!
Se dende o ceo me ve,
(mira ao teito do inferno)
inda me botará un bico...
polo moito que o amei!

Moralia: Chusma! E polo que eu sei,
o amor era un bo pico,
falando en argot bancario.
Pero el foi un incendiario
de enfermizas paixóns.
Era só un tabernario!
(sinala co polgar a boca,
facendo porrón)

Liamora: Ai, que me dis, por favor!
Foi un favorecedor
do ben e da democracia...
E non sabía beber!

Moralia: Ai, Liamora, que graza!
Na terra, os desalmados,
(apúntalle cun dedo)
teñen ben no seu haber
un feixe de corrupción...
"para facer democracia".

Liamora: Ti estabas ben achegada
ao Goberno da nación.

Moralia: Eu era moi diferente,
se polos teus feitos mides:
era fiel a quen pagaba.
Endexamais traizoaba!

Liamora: Oh, oh! Que delicadeza!
Que bule na túa mente,
ademais da túa pobreza?
Que cres coñecer de min?

Moralia: Ai, Chusma, sei de ti tanto;
(move a cabeza)
de ti tanto coñecín,
que causarían espanto,
mesmo aquí neste inferno,
as túas falcatruadas.
Aínda lembro aquel inverno
(pecha os ollos)
do ano oitenta e dous:
as cabezas agachadas,
os corazóns galopando,
unha pistola cantando...
na dereita de Tejero.

Liamora: Ese merecía un cero,
por necio e incompetente!
(explota)

Moralia: Ti sabías todo aquilo,
ti fuches instigadora!

Liamora: Estaba chegando a hora
(sorrí, velenosa)
de rachar aquel presente...
demasiado tranquilo.

Moralia: Para destruír España!

Liamora: É mester ter moita maña
e insuperable estilo.
España é indestrutible!
(convencida)
Lembra cantos o intentaron,
e cantos dela comeron...
Ao cabo todo perderon,
todo na terra deixaron...
España é incombustible,
a pesar de que a queimaron!

Moralia: A maldade dos demais...
non mitiga a túa maldade!
(reprobatoria)

Liamora: Falemos con claridade,
que non somos animais.
Debemos levarnos ben,
(suave)
facer aquí un Edén,
(conquistadora)
coma na terra un xardín...
Estás comigo ou sen min?

Moralia: Din que o malo coñecido...

Liamora: Comezas a razoar.

Moralia: Sexa o pecado benvido,
(encolle os ombros)
cando o mal non ten remedio.

Liamora: Agora hai que pensar,
preparar un esconxuro...
(arteira)
quitar o demo do medio!

Moralia: Camiño libre e seguro!
(moi leda)

Liamora: Fun pola morte vencida,
(mirando todo)
coma unha débil muller.

Moralia: Unha morte merecida!
(exclama)

Liamora: Aquí non me vencerá...
(ceiba unha gargallada)
nin o mesmo Lucifer!
(remata)

CAE O PANO

ACTO SEGUNDO

Seguimos no inferno. O demo, lucindo uns pequenos e brillantes cornos, senta no chan, apoiado de costas na rochosa parede, mirando os seus dous mellores axudantes, que o miran a el, con respecto, submisión e admiración.

Demo: Haberá que reaxustar
a lei aos tempos que corren.
(matinando)
Os que hoxe en día morren...
deixan algo que pensar.
(corneando)

Demidous: Señor...

Demitrés: Señor, a mandar.
(acatando)

Demo: Debemos recoñecer
a notoria diferenza
que hai entre a mala conciencia...
ou facer as cousas mal.
(acenando)

Demidous: Moi certo.

Demitrés: Moi atinado.

Demo: Hai que amañar decontado
unha norma de conduta.
Os da maldade absoluta
deben ser postos a un lado.
Que se poñan a chorar,
porque alí van expiar...
moitas máis das que fixeron!
(rotundo)

Demidous: Será un curruncho ideal!
(refrega as mans)

Demitrés: Será unha festa total*!*
(moi satisfeito)

Demo: Logo, os máis inocentes,
que por un erro viñeron...
(ergue un dedo)

Demidous: Non hai tal erro, señor!

Demitrés: Inocentes non existen!

Demo: Hai eses incompetentes,
que moito en medrar persisten,
pero que non son tan malos...
(sorrí)
E haberá que botalos
onde menos arda o lume*!*
(reparte alegría)

Demidous: E acoralos en fume*!*
(ri tamén cos ollos)

Demitrés: E co seu coiro... un pandeiro*!*
(acepta entusiasmado)

Demo: Daríanos mala fama
un acto tan trapalleiro.
(rexeita)
Neste mundo hai que ser
éticos,
para eludir os críticos,
e que vexan os políticos...
que aínda somos estéticos!
O castigo ha de ter arte,
e ha de ser proporcional...
(moi elocuente)
que inda o máis fero animal
ten unha lei que comparte.
Que vexan a diferenza
que hai entre eles e nós!
Certo é que os hai bos,
que aínda teñen conciencia.

Demidous: Señor, unha penitencia
moi frouxa, sería un erro.
(ousa dicir)

Demitrés: Señor, teño un pau de ferro
que, quente, pode servir...
(entusiasmado)

Demo: Non, por favor, hai que ir
ao castigo coa xustiza*,*
(sereno)
"desinfernar" a malicia...
Dar a cada un o seu*!*
(recho)
Non destruámos o inferno
con falsidade e inxustiza...
que o "ben" pode ser eterno*,*
(irónico)
se "ben" queremos facer!

Demidous: É que, ao mellor, non convén.
Pode ser interpretado
coma unha debilidade.
(suxire)

Demitrés: E pode pensar tamén
ese que agarda sentado...
(sinala cara arriba)
que é a súa oportunidade!

Demo: Está por riba de todo
o noso sagrado reino.
Vós sabédelo, eu seino:
facer e desfacer podo;
pero hai que rachar co mito
da maldade existente,
para o mundo, entre nós.
Xa me está a tocar o pito
o que pensa moita xente*!*
(medio irado)

Demidous: Isto é distinto, señor!

Demitrés: Veñen de outros lugares!

Demo: E presumindo de bos!
Cheiran coma o alcanfor!
Pero aquí nos nosos lares,
(move os cornos, erguendo a testa, poñéndose en pé)
nin civís nin militares
lixarán o noso honor!
Ti, colle as táboas da lei
antigas; ti, as máis novas...
E non perdádes as follas...
que eu xa lles aprenderei!
(ameazador)

Demidous: Lembra que xa te enganaron!

Demitrés: Lembra que son retorcidos!

Demo: O poder non mo quitaron...
e algúns son ben coñecidos.
Deron cos cornos no cu,
despois de tanta fartura!
(sorrindo)
Aquí ningún cara dura
se converterá en tabú!

Demidous: Veñen mal acostumados!

Demitrés: Aquí entrarán polo rego!
(refrega as mans)

Demo: Haberá lei para o cego,
para vidente e tarados...
(moi serio)

Demidous: Haberá lei ou castigo?

Demo: Haberá pros desalmados,
e sei moi ben o que digo,
ese lume abrasador
que na terra pregoaban.
Xa que do inferno falaban
con aire aterrador...
aterrados quedarán!
(ameazador)

Demitrés: Así se fala, señor!
(aplaude)

Demo: Día a día lembrarán
cada minuto vivido,
cada inocente ferido...
Cada ben que non fixeron,
por ambición ou luxuria,
sementando a penuria
máis negra e vil que puideron!
(furioso)
O ceo chegaron ter,
ao inferno están chegando!
Aquí acabarán pagando...!
Palabra de Lucifer!
(tronando)

CAE O PANO

ACTO TERCEIRO

Inferno. Departamento habilitado para recibir varóns, onde serán clasificados segundo as súas obras terreais e enviados onde corresponda, mediante orde que será asinada por Lucifer na súa páxina "fágoo porque podo e porque quero". Aquí atópanse vellos coñecidos, aínda que máis coñecidos ca vellos... e saúdanse moi agarimosos.

Filipus: Xema, Xema, que ledicia!
(sorrí moito el)

Xema: Filipus, boa noticia
que te atopes por aquí!
(tamén ledo)
Xa levas tempo?

Filipus: Home, si...
Xa vin por dentro este inferno.
E que tal aló en España?

Xema: Todo un pouco máis moderno,
(serio)
máis fermoso e máis inxusto.

Filipus: Oh, compañeiro, que gusto!
(alegre)

Xema: Incluso o mar que a baña...
(furioso)
xa sabe máis a plutonio!

Filipus: Será mérito de Antonio!
(sorrí)

Xema: E de Cascos, de Benegas...
dos que ti nunca renegas,
(levanta a voz)
a pesar da discordancia!

Filipus: Tendo en conta a militancia
dun e doutro, a consecuencia...
(encolle un ombro)

Xema: Pequeniña discrepancia,
(como irónico)
indigna de penitencia.

Filipus: Pujol, non botou a man?

Xema: Home, que queres que diga?
(tamén encolle o ombro)
Unha nube de verán...
non fai chover no inverno!
(exclama)

Filipus: Ese é un gran eterno!
(sentencia)

Xema: Sen caste e fachendoso!

Filipus: Pequeno, pero raposo,
con moito afán de medrar!

Xema: Filipus, a ousadía
témola que desculpar,
el conseguía aumentar
(favorable)
a honra da presidencia.

Filipus: O del tiña "consistencia"!

Xema: Igual que o papel mollado;
máis mollado cada día!
(sopra)
Por certo, onde andará?
Non estará soterrado?

Filipus: Non ía ser inmortal...!
Foi quen de ir para o ceo,
(pensando)
nunha hora de recreo,
extirpando todo mal.
Condenado catalán...!
E nós aquí agardando
que nos boten unha man!
(dálle á cabeza)

Xema: O noso non ten remedio.

Filipus: Hai que espremer cada medio;
alguén estará escoitando!

Xema: O teu inda é peor*!*
(acusador)
Lembra a algarabía esa
que se montou con Filesa,
ca outra... e con Time Export.
Lembra o do número un...
que xamais se coñeceu.

Filipus: Iso, Xema, coido eu
que ten moi pouca importan-
cia.
Moito bombo e resonancia...
(baixa a voz)
O peor dorme nas sombras
e nas tebras miserentas.

Xema: Por iso ti non te asombras,
nin sequera te lamentas
de todo mal coñecido.

Filipus: O que está por coñecer
é o que me preocupa.

Xema: Como todo mal nacido*!*
(sorrí, torcendo o bigote)

Filipus: Ti pódelo comprender;
tamén fuches un okupa
nas vidreiras da Moncloa!

Xema: Estamos de noraboa;
Porque, prá nosa ventura,
os xuíces son benignos...
e actúan con cordura.
É a liña máis segura...
(fala moi serio)

Filipus: Hai intereses malignos!

Xema: ... para eles, para nós.
Aquí, como aló ha de ser.
A loita polo poder...

Filipus: Aquí non hai esa loita.
Hai diaño dependencia,
que ao meu ver é unha coita.
Que ben se ía en España*,*
(pecha os ollos)
dándonos de popa o vento...
(con morriña)
sen botar man da conciencia!

Xema: E coa nosa experiencia...!

Filipus: Aquí Lucifer ten maña;
no pasado morde e raña
con incesante frescura*!*
(con mágoa)
Isto é unha ditadura
que non se pode aguantar!

Xema: Había que procurar
unha axuda virtuosa.
Unha mente tortuosa...
que o puidese enganar!

Filipus: Na terra tiñamos celo,
non o faciamos mal.

Xema: Unha axuda intelectual
podía virnos ao pelo...
Falando do rei de Ourense,
mira prá túa dereita.

Filipus: Oh, saúdo con suspense*!*
(e baixando a voz)
Este é un inocente
correndo por vía estreita!

O que se achegaba a eles non era outro máis que aquel inesquecible compañeiro de ledicias e sabores, moi catalán el, a quen Filipus saúda con moita énfase:

Filipus: Narci, miña branca sombra!

Narci: Filipus, sombra divina...!
(entusiasmado)
Este inferno é unha mina
de amigos e coñecidos!

Filipus: Vencedores e vencidos,
aquí somos camaradas!

Narci: Ti es aquel Pulosmeo
(mirando a Xema)
que estaba na oposición.

Xema: A quen ti chamaches feo
en máis de unha ocasión.
(torceu o bigote)

Narci: Eran pequenas picadas.

Xema: Que pagaches ben pagadas.

Filipus: Falemos de cousas serias,
que España xa está moi lonxe.
(cortando)
Aquí non serven as lerias
nin as oracións de monxe.
Sexamos, por conseguinte,
moi sutís e raposeiros.

Xema: Hai que contar dous mil vinte,
se queremos esquivar
a tortura vitalicia.
Que isto non é Galicia,
nin Arán, para esquiar...!
(moi seguro do que di)
Nin abonda con tocar
unha solfa ao piano...
Satanás non é humano!

Narci: Collóns, non me metas medo,
que xa non podo pensar!
Para chorar inda é cedo...
Eu sempre oín que o diaño,
cando atopa un bo inimigo,
(lánzase)
non as ten todas consigo!
É duro cos inocentes,
pero cos duros, manteiga.
Consultarei unha meiga...
para lle bater nos dentes!
(moi decidido)

Filipus: Hai que pensar coa cabeza.
Hai que ter moita certeza
(reflexivo)
antes de que saia o tiro...
que logo pasa o que pasa!

Narci: Se o dis polo de Proasa,
ou polas torres de Kío...

Filipus: Cala ou colle un desvío!
(reprende)
Non cae iso na conversa!

Xema: Deixa, Filipus, que fale,
que xa é público e notorio,
para a plebe máis diversa,
o que pasou con Infersa,
(torce o labio)
con Sóller e co emporio
do Ave...

Narci: Ave María!

Xema: É mester que non se cale
o que xa é auga pasada...
para non repetir erros.
(aconsella)

Narci: Iso é o que eu quería,
pois lembrando aqueles berros
da maldita oposición...!

Xema: Iso é unha distorsión
da túa mente maligna!
A oposición foi moi digna!
Eu son moi benevolente...,
ti fuches oposición!
(tamén se altera)

Filipus: Narci, por favor, contente,
que na mesma nao estamos,
e se agora naufragamos...

Narci: Que fale, pois, a razón.
(baixa a voz)
Teño un colaborador
que pode valer de moito.
Foi en tempos un señor...
que era o embigo de España!

Xema: Debía ter boa maña!

Narci: Tanta... que era o xeneral
máis grande, sendo pequeno,
máis mozo e máis "rifeño"...
Disque foi fenomenal!

Filipus: Non digas máis! Un retaco!
(abrindo moito os ollos)

Xema: Bahamonde, de nome Paco!
(sacode un dedo)

Filipus: Eu fun á escola con el...
El, na parede colgado!
(sorrí, irónico)

Narci: Pois el foi aquí enviado,
xa hai moito, xa é veterano.
Desempeña un gran papel...
neste inferno soberano!
(admirado)

Filipus: Lograrás unha entrevista?

Narci: Que o de arriba nos asista!
Nun intre témolo aquí!

Efectivamente, Sae Narci e só un intre despois entra acompañado dun home pequecho, pero altivo, cun vello uniforme..., pero co peito cheo de medallas. Entre elas, a Gran Cruz Laureada de San Fernando, a Orde Militar de San Hermenexildo e a Suprema Orde Ecuestre da Milicia do Noso Señor Xesucristo. Fermosas e relucentes chapas nun traxe todo esfiañado.

Paco: Non me contedes a historia,
porque a historia son eu!
(altivo)
E sei que España se ergueu
naqueles días de gloria!
E seguín os avatares,
despois de emprender a viaxe,
da miña patria querida!
Como lembranza, este traxe,
(fachendoso)
como emblema, esta ferida.
E non subín aos altares
(amosa o uniforme e unha ferida no ventre)
por un erro nos papeis...
Unha carallada as leis
que a este inferno me trouxeron!
E seguín as peripecias
dos que aló me sucederon...
Que necios, non aprenderon!
Non melloraches en nada!

Narci: Home, Paco, ti tamén...

Paco: É certo. Oíchesme ben,
porque actuastes moi mal.
En Iberia faltan cartos,
(mira cara arriba)
en Renfe sobra papel;
(cara abaixo)

como abellas cara ao mel
ides... e non sodes fartos!
E a quen lle ides facer crer
(achica os ollos)
que Roldán quedou sen Branca,
que Aída non é benvida,
despois de canto axudou;
que Mario xa non é Conde,
(xesticula)
porque non ligou a Sala?
Ninguén vos poderá ver,
se non explicades onde
están os barcos de Guerra,
os cartos do Tibidabo...!

Filipus: Paco, non movas o rabo.
Estás falando en presente!
(plántalle cara, moi serio)

Paco: É que aquí non hai pasado.
O que no banquiño sente...
ten que telo moi pensado!
Vindes como veñen todos,
pedindo axuda, corruptos,
(explota)
necios, pailarocos, brutos!
En tempos, había modos
de enfiar ben as agullas...
(reflexiona)
e non se formaban bullas,
nin escándalos teimosos.
(vaise tranquilizando)

Xema: Chapuzas tamén había,
e conflitos amorosos...
e o pan faltaba na artesa!
(acusador)

Filipus: Acórdate de Matesa
e de canto ela facía!
(atacan os demócratas)
Como desaparecía...
o aceite de Redondela!

Paco: Chispas pró mocoso este!
(rosma o xeneral)
Parecía un tarabela...
Ben, que non veña unha peste.
Deixemos auga correr.

Xema: O caso extremo de Burgos...

Narci: Non debemos remexer
no lixo máis do debido.
(pon serenidade)
De todos nós é sabido
o que foi... ou puido ser.

Paco: Fala ben este mancebo;
debemos darnos a man,
ir agora mesmo ao gran...
e mirar pola saúde.
Que podo facer por vós
antes que de aires mude?

Xema: O que queriamos nós...
(dubida)

Filipus: Un enchufe, unha cuña.
Témoslle medo ao rabudo!
(decidido)

Paco: Víchesllе o cu á curuxa,
(sorrí o xeneral)
pois aquí o que se engruña
babea... ou queda mudo.
Ten moi pouco que facer!

Xema: Querémonos defender...

Filipus: ... nesta inxusta ditadura.
Ter unha oportunidade
de beber auga máis pura!

Paco: Vou falar con claridade:
aquí iso non funciona...
Hai que ser peor que o demo*!*
(refrega as mans)
Aquí o mellor amigo
é aquel que máis traizoa!
Aloumiñar o embigo
e... ¡zas, pau que te criou*!*
(fende o ar cun brazo)

Narci: En todo o mundo é igual!

Paco: Agora ao consello vou:
aquí hai unha muller
que pode ser ideal.
(achica os ollos)
Aínda hai pouco que chegou,
entende moito do mal!
Arrastra no seu haber...
tantos e tantos pecado*s*
(admirado)
que, ben postos e apiñados...
a España chegarían!

Xema: Debeu de ter boa escola!

Paco: É, digo por se vos amola,
é da vosa xeración!

Filipus: Sempre houbo e haberá
pola maldade... ilusión*!*
(quitando ferro)
Senón de que vivirían
os que gozan da traizón!

Xema: Temos que falar con ela*!*
(moi cuco)

Narci: Será unha boa aliada*!*
(rotundo)

Paco: É unha ascua que pela*!*
(avisando)
A súa lingua é unha espada,
o seu peito un volcán,
a súa mente un refrán...
que sabe o que hai que saber!
Esa é a vosa muller*!*
(categórico)
O seu nome... é Liamora.

CAE O PANO

ACTO CUARTO

Están situados de xeito que, á dereita entrando, atópanse Filipus, Xema e Narci; á esquerda, Moralia e máis Liamora; ao fronte, o xeneral Bahamonde, Paco para os amigos. Logo dun intre de silencio, fala un ex presidente do Goberno español:

Filipus: Como nos cruza o destino!
Liamora, Liamora...!

Liamora: O demo fía tan fino...
que nos xunta en boa hora*!*
(ri, batendo nunha perna coa man dereita)

Xema: Do demo imos falar.

Narci: Ao demo queremos ver!

Paco: Ao demo queremos ter,
xa que falas de fiar,
enfiado nunha agulla*,*
(moi elocuente)
cos sisos esfiañados...
pra que non poida pensar!

Liamora: Non é tarefa doada.
A Satán non se embarulla...
nin cos dentes afiados!
(advirte)

Paco: Ti, en España, Liamora,
eras moi capacitada...

Filipus: Que mo pregunten a min!

Paco: ... tanto dentro coma fóra,
daquel teu bo ministerio.
Cocías cada misterio...
que nin o demo entendía!
(loando)

Narci: Unha gozada sen fin!

Liamora: O meu traballo facía.
(sorrí, humilde)

Xema: Vaiamos, logo, ao gran...
E lembrando tempos idos,
e favores recibidos,
bótanos hoxe unha man.

Filipus: Liamora, Liamora,
entusiasta precursora
(pelota)
da democracia estilista,
ti que tes tan boa vista,
se podes, mira por nós.
(rogando)

Narci: Que finura, presidente,
falando de democracia!

Filipus: Cala, Narci; non tes graza.
Descansa un pouquiño a
mente.

Liamora: Mirarei por todos vós,
que as vosas penas son miñas...
(leda, animada)
E marcarei unhas liñas
que ao demo han de aterrecer!
Forxaremos un imperio
(emociónase)
nesta terra improdutiva!
Non haberá cativerio!
(exáltase)

Narci: Haberá unha autocracia?

Liamora: ... Haberá unha "estilocracia",
que non terá máis misterio...
ca ser forte e moi activa!
(ollos relucentes)

Paco: Xa te sentes vencedora?

Liamora: Loitei un sen fin noutrora,
sempre con unllas e dentes!

Paco: E nunca fuches traidora?

Liamora: Gañei en todas as frontes,
(sobrada)
como vou gañar agora!
O de menos é a maneira,
ou métodos empregados!
Nun mundo de desalmados,
co criminal vas á feira!
(peta na perna)

Xema: Así se fala, muller!

Moralia: Eu non sei se vou poder...
Escoitar xa me dá noxo!

Liamora: Falou a filla do coxo*!*
(despectiva)
Moralia, has de saber
que nesta terra do lobos...
hai que ouvear coma todos*!*
(arrichada)

Moralia: Todo ten unha fronteira
que non se debe pasar.
Algo hai que respectar,
non hai que ser tan lixeira*!*
(dubitativa)

Liamora: É igual pasarse un pelo
que pasarse dous ou tres.
Ti puxeches do revés
a todo un pobo tranquilo!

Moralia: Non ca punta do coitelo...

Liamora: Nunca tiveches estilo!
Déixame a min facer.
Será a miña diversión
acadar a absolución...
pra todos e cada un*!*
(mira arredor)
Haberá un novo amencer
nestas furnas tenebrosas!
Expulsaremos a...!

Moralia: Non!

Narci: Iso non será posible.

Paco: Fai cousas tan asombrosas,
de forma tan impasible,
que nada hai imposible...
cando ela entra en acción.
(asevera)

Filipus: Temos probas abundantes
de actuacións pasadas.
Eu sei que as súas espadas
cando feren son mortais;
pero Satán e os demais
que a el lle poñen os guantes,
producen interrogantes,
polo seu poder inmenso.
Ten un brazo tan extens*o*
(acovardado)
o condenado "corniños"...
que non existen camiños
aos que el non poida chegar!

Xema: Xa puidemos constatar,
en ocasións incontables,
os métodos indomables*,*
(temeroso)
malignos e retorcidos...
que lle son habituais.

Narci: E vai de menos a máis,
de forma concatenada.
Non hai desgraza illada
con este peixe de río...
que me pon un calafrí*o*
(tremendo)
nos miolos espiñais.

Liamora: Estou a ver, compañeiros
que un fere e outro raña.
Moi valentes en España...*!*
(despectiva)

Paco: O vento era favorable.

Liamora: ... Aquí sodes uns carneiros!

Paco: Estás a ser pouco amable.
Eles aquí son novatos.
Tiveron poucos contact*os*
(intercesor)
con cerebros asesores.

Liamora: Bah, deixémonos de laios!
Inda me partan mil raios
e non leve á tumba flores...
se antes de catro días
Satanás non baixa os cornos!
(arrichada)
Comereille as alegrías,
envoltas en ovos mornos!
E non quededes pasmados,
(mirando a todos)
que a estancia aquí é eterna...
e hai que facela doce.
Non estamos acabados!
Somos da era moderna!
Faremos do inferno un goce!
(agrandando os ollos)

Narci: A min xa me está animando
ese falar xubiloso.
Se hai un plan habilidoso...
o éxito vén andando.

Filipus: Eu estou reflexionando,
(man no queixo)
e pouco ou nada me importa
que alguén me chame covarde,
pois vale máis chegar tarde
ca que veña pola porta,
de retorno, o fracaso.
Hai que medir ben o paso...
(mira a Liamora)

Liamora: Ti o que estás é lembrando
o xuízo de Filesa;
recoñezo canto pesa
o facer as cousas mal.
(acusadora)
Aquí non existe Gal,
nin tampouco señor "equis",
o ben, o mal, a razón.
Aquí non está Garzón...
para te atemorizar!
(sorrí)

Filipus: Xa te podías calar!
(ergue a voz)

Liamora: Déixame cantar baixiño
o que aló non che cantei.
(ri)

Filipus: O que vas dicir... xa o sei.

Liamora: Gústame afondar no suco
(xa tranquila)
que atopo no camiño.
Busca un cabeza de turco
se tes medo fracasar,
como adoitabas buscar,
e debes estar afeito...
Eu dou a cara e o peito,
cando boto os pés de fóra!
(pero recha)

Xema: Xa abonda, Liamora.
Prégoche que non te alteres;
xa sabemos o que queres...
e do que es moi capaz.
Metámonos no miolo.
(prega)

Paco: Ten razón ese rapaz.
Metámonos na cuestión,
que xa haberá ocasión
de repartirnos o bolo!
Cal é o plan a seguir?
Di, que debemos facer?

Narci: Está en xogo o porvir.
Gloria despois de morrer!

Liamora: Gloria teredes, Narciso;
pero non será preciso
que vós resolvades nada,
(mira ao teito, como ida)
que eu, do demo namorada,
copiei súa arte e maña,

fixen práctica en España...
e son tan profesional,
que sei tan ben facer mal...
coma un neno facer caca*!*
(ceiba unha risiña)

Moralia: E vas de mal en peor*!*
(acusa)

Liamora: Para vos salvar a vida*,*
(ignora a Moralia)
que inda mortos... vida queda.
Poñerei a cara leda,
farei o que o demo pida
co meu sorriso mellor.
E no intre máis preciso,
facendo o meu gran papel,
entrarei no corpo del...
sen pedirlle a el permiso*!*
(triunfal)

Narci: Oh*!*
(admirado)

Xema: Que*?*
(asombrado)

Filipus: Non poderá ser*!*
(incrédulo)

Liamora: Si. E vós ídelo ver.
Tocareille ben o nabo,
abaneará o rabo
de forma desesperada
ao sentir no interior
o descoñecido ardor...
da miña man desalmada*!*
(solta unha gargallada)
Será moi digno de verse!
Comezará a retorcerse,
sen saber o que lle pasa...
nin o que pode facer!
Rachareille a "duramadre"
co seu propio pensamento,
furando cara ao interior
da súa gorda cachola!
Aracnoides, "piamadre"...!
Será un cabeza tola*!*
(ri con forza)

Paco: Calma, tranquila, comadre. Fagamos cousas ben...

Liamora: Eu fago o que me convén,
para saír vencedora!

Paco: Pero con serenidade.
(advirte)

Liamora: Serei a man vingador*a*
(lanzada)
de miles de desatinos,
milleiros de atrocidades!
Empedrarei os camiños...
que el, cruel, desempedrou*!*
(xusticeira)
Cada vida que el rachou*,*
(ameazadora)
será en min un desafío
contra a súa prepotencia...!
Cando a súa resistencia
corra como fai o río,
costa abaixo, cara ao mar...
(fungando)
e acabe por afogar,
será un éxito rotundo,
o máis grande deste mundo!
Todo meu... sen dubidar*!*
(ri, cos ollos relucentes)

Narci: Que énfase, que ansiedade!
E que afogará eu seino!
E quedará este reino...
en completa liberdade!
(triunfal)

CAE O PANO

ACTO QUINTO

Hai nova xuntanza no habitáculo central do mesmo inferno. Satanás, supremo manda máis de tan extenso territorio, mira os seus axudantes e asesores, pero como sen velos, cousa que a ningún dos dous lles pasa desapercibida.

Demidous: Isto xa non é o que era.
(rosma polo baixo)

Demitrés: Estou contigo de acordo...
(rosma tamén)
Temos durmindo a fera.

Demo: Silencio!

Demidous: Moi ben, señor.

Demo: Hai que ter algún respecto
por este ser pensador.
(sinálase a si mesmo)
Cando eu estou pensando,
a volta ao mundo estou dando...
con un dedo acusador.

Demidous: Non é mester viaxar,
temos problemas dabondo...
No inferno hai mar de fondo,
e o mal hai que atallar!
(ousa dicir, temeroso)

Demitrés: O mundo pode agardar
(tamén temeroso)
para mellor ocasión.
Aquí hai unha rebelión,
incipiente, pero ousada,
por Liamora amadriñada...
que nos pode dar un susto.

Demo: Oh, rapaces, que desgusto!
(ri con gana)
Esa pailaroca...! Ai!
(leva unha man aos cornos)

Demidous: Que pasa?

Demitrés: Señor, que hai?

Demo: Nada; foi un ramallazo...
É unha insignificancia,
unha dor sen importancia.
Oh, agora no espiñazo!
Maldita complicación...!
Sufro unha obnubilación...
(refrega os ollos)

Demidous: Procuraremos coidados.

Demitrés: Cortaremos esa dor.

Demo: Deixade... Será mellor
seguir actos programados.
Xa me estou recuperando.
(poñéndose recho)
Por onde iamos indo?

Demidous: Nós estabamos falando
dunha rebelión de necios.

Demitrés: Porque estivemos oíndo,
dun atrevemento tal...
que un poder moi desigual
nos está desafiando!

Demo: Pagarán uns altos prezos...
e aparellados castigos!
(trona Satán)
Sentirán nos seus embigos
o meu inmenso poder!

Demidous: Señor...

Demitrés: Que imos facer?

Demo: Traer eses impotentes
e corruptos badulaques,
e amosarlles que este reino...
non é o reino de España!

Demidous: Son uns pobres inocentes!
(desculpando)

Demitrés: Nin sequera se dan maña
para programar ataques!
(quitando ferro)

Demidous: Usemos telepatía.
(calibrando)

Demitrés: Mellor o ordenador.
(enxeñoso)

Demo: Abonda o meu pensamento
para traer nun momento
diante de min esa harpía!
(poderoso)
Ai, ai!
(leva unha man ao peito)

Demidous: Que acontece agora?

Demitrés: Dinos que pasa, señor.

Demo: Sinto no peito un ardor,
no pelexo un calafrío...
Semella que estou nun río,
(de súpeto, cae ao chan)
nunha bruma que me acora...
Oh, que cousa diferente
sinto aló dentro de min!
(bátese no chan)
Nunca tal cousa sentín!
Sinto unha man moi potente...!
Demidous:Ten o maligno no
peito,
non sei que imos facer!
(mira ao compañeiro)

Demitrés: Cada cousa quere un xeito.
Neste caso, por el xuro,
que mellor que un esconxuro...
nada hai nin pode haber!
(asegura)

Demidous: Como se pode argallar?
Como podemos facer
algo que nunca fixemos?

Demitrés: Será cousa de pensar...
Sempre contra o ben
puidemos!

Demo: Ai, que frío me está entrando!
(treme no chan)
Que lume me está saíndo!
Seica por min están vindo...!
(leva as mans á gorxa)
Coido que me están xulgando!

Demidous: Agora está delirando,
está pra aló da fronteira!
Temos que achar a maneira
de que regrese!

Demitrés: Señor*!*
(cólleo por un brazo)
É tan só un pesadelo!

Demidous: Iso non hai máis que velo...

Demo: Que non me xulgue Garzón*,*
(temeroso)
que non me xulgue Liaño!

Demitrés: Que ti es o gran diaño...!
Ti es o gran xulgador*!*
(estráñase)

Demo: Eu non son un perdedor...*!*
(protesta)
Ai, que xente máis estraña
está chegando de España!
Ai, compañeiros, que xente!
Sinto que me estala a mente*,*
(dóese)
unha man no corazón...,
un roedor no bandullo!
Traédeme un estadullo...
para me poder vingar*!*
(berra, súa, sen deixar de baterse)

Demidous: Xa teremos ocasión.

Demitrés: Agora hai que razoar,
practicar un exorcismo,
chamando polo maligno*,*
(animado)
póndolle na cara un signo...
que o faga recuar!

Demo: Teño dentro a rebelión!

Demidous: Está en pleno delirio.

Demo: Teño dentro a Liamora,
a maldita domadora!

Demitrés: Acenderemos un cirio.

Demidous: Iso está moi anticuado.
Hai tempo foi superado
pola maxia, o hipnotismo
e ordenadores mentais...

Demo: Xa veñen os animais*!*
(berra)

Demidous: Isto chega ao paroxismo*!*
(mira a Demitrés)

Demo: Veñen todos con María!
Vén un coxo, vén un manco*,*
(pecha os ollos)
vén Trevijano, Polanco...!
Detrás deles vén García!
Esbardallan por un cable,
negociando a toda présa...!
Vén Sala, o de Filesa*!*
(abre moito os ollos)
Semellan unha escuadrilla
por fume que van deixando,
con un xeneral ao mando,
moi ben vestido, moi lindo...!
Mete a primeira Garzón*,*
(bufa, ronca)
Liaño ataca de novo...!
Pola esquerda veñen vindo
os que pagaban con... Non!
Isto é coma unha droga
que me racha o corazón*!*
(leva unha man ao peito)
Amigos, que corrupción!

Demidous: Este non sabe o que di!

Demitrés: Eu xa non o quero ver!

Demidous: Agardaremos aquí.
Coido que se vai calmando;
o maligno irá botando...
se o sabemos facer!

Demo: Vexo un cúmulo de estrelas...,
un conde con todas elas.
Son estrelas de papel,
(efectivamente, máis calmado)
cartiño fresco, abundante,
e Branca, muller amante,
xoga ao tute con Roldán...,
pois ten confianza nel.
(bota unha gargallada)
Agora cólleo da man;
esta si que é "rifeña"...
Chisca un ollo Mariano,
Barrionuevo saca o pano,
límpalle a suor a Vera!
O de Sóller dando leña...
(ponse serio)
Semella unha maldición
o que eu teño na cabeza!
Isto si que é un inferno...
onde non hai primavera!
(altérase de novo)

Demidous: Está fóra de control!

Demitrés: Non lle funciona a razón!

Demo: Xa non hai lúa nin sol;
este é un mundo perdido,
(bátese, cos ollos extraviados)
un vivir en diferido,
sen amor e sen paixón.
Todo é unha deformación,
unha visión irreal!
(váiselle a voz)

Demidous: Señor, ese é o mal!

Demitrés: Ese mal que non existe!

Demidous: Resiste, señor, resiste,
que imos por bo camiño!
(con ánimo)

Demitrés: Vai botando paseniño
eses vermes pola boca.
(con agarimo)

Demo: A España que eu amei,
esa terra soberana...,
(semella estar fóra do inferno)
onde algunha vez triunfei.

Demidous: Señor...

Demitrés: Esperta, señor,
que xa fuxe o maligno!

Demo: Xa son un príncipe indigno...
Son unha sombra nas som-
bras...
*(con esta frase perde
o coñecemento)*

CAE O PANO

ACTO SEXTO

Filipus, Xema, Narci, Paco... Moralia e Liamora, xuntos de novo nas dependencias que un día lles foran asignadas para a eternidade, coa ledicia retratada nas súas facianas, coa impresión clara de que no inferno as cousas, por fin, van cambiando, aveciñándose tempos mellores... para eles.

Liamora: A cousa vai funcionando.
Non quero loitas internas,
(líder indiscutible)
que esas liortas eternas,
das que sodes tan amigos,
crean moitos inimigos...
e a razón van quitando
aos que queren ter razón.

Narci: Es moi boa, Liamora!
(entusiasmado)
Tes un poder admirable!
A Satán chegoulle a hora...,
fóra ese miserable!

Xema: Certamente, o que fixeches,
é algo inconmensurable!
(menos entusiasta)

Filipus: Extraordinaria muller,
con ese incrible poder...
que me fai soñar esperto!
(calculador)

Paco: Muller que hai que querer.
É algo imprescindible...
para os que van a tiro certo!
(sorrí o xeneral)

Moralia: Chus, quero colaborar!

Liamora: Iso non é discutible...
Para todos hai lugar
despois dunha gran vitoria!
Pero non quero euforia,
(reflexiva)
agora nin de momento...
Satán non está vencido!

Narci: Pouco lle pode quedar.

Liamora: Falta o intre de máis gloria,
que será cando o temido
(os seus grandes ollos fanse máis grandes)
e rabudo Lucifer
se decida a absolver
a cantos aquí estamos...
ou abandone o poder!

Filipus: Que entón nós tomaremos.
(egoísta, arteiro)

Liamora: Oh, meu Filipus Meópulos,
diso aínda non falamos;
pero se nesas andamos,
porque o pensamento voa...
o poder eu tomarei!
(peta no peito)

Narci: E nós obedeceremos...
Porque ti es a máis boa!

Paco: Voto por un poder forte,
único e indivisible;
unha luz que teña norte,
(sinala a Liamora)
unha cabeza visible!

Xema: Voto por autonomías;
un reparto equitativo
será un poder creativo...
(prepotente)
para unha superación
que nos traerá alegrías!

Filipus: Unha boa solución.
Iso é falar, Pulosmeo!
Caería mal e feo
hoxe en día a ditadura.
(cal mestre)
Unha política ética,
unha autarquía mimética...
será unha vía segura!

Somos seis, e intelixentes.
E nesta esta rica nación
fagamos todo de xeito
(recendendo o éxito)
que nos dea un dereito...
ao par que unha obrigación!

Xema: Seis autonomías, seis,
serían seis presidencias...
(parece soñar)
E as nosas seis sapiencias
promulgando leis e leis...
Un inferno florecente!
Un goberno inminente...
aquí, na palma da man!
(serio entusiasmo)

Narci: Estou con vós, camaradas.
Coido que será o mellor...
E gloria aos que se van;
que se vaian con amor...
e coas luces apagadas!
(escarrancha a boca sorrindo)

Paco: Por San Ciprián bendito!
(mira a Liamora)
Liamora, isto é inaudito...!
Están facendo o reparto
dun porco que aínda rabexa!

Liamora: Nunca aprenderán, Paquiño.
Amósaslles un camiño...
e céganse coa ambición
(aparta unha guedella que lle chega á boca, para poder sorrir)
e un bo anaco de envexa...
Seres de tal condición,
non son a mellor opción
(mira a Filipus e a Xema despectiva)
para unha grande empresa!

Filipus: Queremos colaborar.
(máis humilde)
Estamos contigo, Mora.

Xema: O noso afán é axudar.
(torcendo o bigote)

Liamora: O voso afán é medrar!
(dura)

Paco: Non empecedes agora
por millonésima vez.
Se non tendes sensatez,
menos éxito teredes.
(mestre serio e sensato)
E que non vos decatades
de que isto non é España?
E que acaso non vedes
que aquí a pel non se baña?
Non é mester o diñeiro,
non hai IVE nin facenda...
Non hai fondos reservados!

Narci: Estamos preocupados,
e queremos que se entenda
a nosa boa vontade.

Liamora: Sodes almas pecadoras;
(apúntalles cun dedo)
de aí o voso temor,
que aumenta ao cabo das horas
sen o mínimo pudor!
Sodes cándidos e necios;
como tal, aproveitados!

Moralia: Chusma, que valor lle botas!

Liamora: ... Diante do demo coitados,
e por detrás pondo prezos
a un peixe sen pescar!
Non se pode negociar
de non ter moi boas notas...
E aquí as notas son miñas!

Filipus: Antes non eras así.
(quéixase)

Liamora: Antes tiña un presidente
que me marcaba unhas liñas...
e que me daba lecciónes.
É moi diferente aquí!

Paco: Si, aquí é diferente.
Aquí hai que ser moi malo
pra facer as cousas ben*!*
(arrichado)
Cada día demostralo,
e cada hora tamén!

Liamora: Isto é o inferno máis puro
e non valen medias tintas.
Demo só pode haber un!
E non quero que ningún
me traia ideas extintas
pra programar o futuro.
Falarme de autonomías*,*
(despectiva)
virme a min con ideais
caducos e farumentos
nestes gloriosos momentos
cando eu... e ninguén máis,
son quen de rachar as vías!

Paco: E achandar os vieiros
que nos levan ao poder.
Podemos ser pioneiros...*!*
(moi recho)
Pioneira podes ser*!*
(rectifica)

Liamora: Sempre fun especialista
sacar castañas do lume,
e viña o cachola lista
e chupaba todo o zume
(pasea diante deles)
que os meus actos producían.
E onde o conducían?
A esa gran corrupción,
semente o froito eterno
(sinala cun dedo)
dese fatal desgoberno...
que afunde unha nación!

Filipus: Mira que es derrotista!

Xema: Negativa, pesimista...
As cousas non son así!

Liamora: Serán moi outras aquí*,*
(move o dedo cara arriba)
porque afortunadamente,
ninguén estará pendente
de Suíza nin dos Bancos,
desas contas numeradas;
ninguén poñerá atrancos
a unhas grandes ideas!
E non quero estar a expensas
de ningún "presidentiño"
de segunda rexional;
porque un Goberno central
debe marcar o camiño*,*
(mestra maxistral)
por máis que sexan extensas
as súas terras e urbes...
e moitos os habitantes!

Filipus: Hai un despois e un antes.
Ás veces é necesaria
axuda, unha man, un pacto...

Liamora: Nin co demo nin con vós;
grazas, pero non hai trato!

Narci: Quen razoa? Ela ou nós*?*
(mirando a Moralia)

Liamora: Sempre hai unha razón,
inda pra quen non razoa*!*
(non perde sílaba)

Moralia: Ela sempre pon a proa
ao vento e ás inclemencias.

Liamora: Non quero máis diverxencias!
Farei unha "estilocracia"
(autoritaria)
forte e resplandecente!

Paco: Tes estilo, Liamora;
audaz e intelixente...
esta é a túa hora!

Moralia: Chusma, por ti e contigo*!*
(un brinde imaxinario)

Narci: Eu, se a absolución consigo
pola túa mediación,
dareime por satisfeito*.*
(rasca a barba)

Paco: E podes inchar o peito,
porque nas mans de Satán
un garabullo serías;
sempre ardendo na fogueira...
(mete medo)
e xamais te extinguirías.

Liamora: Paco, que explícito es*,*
(sorrí case rindo)
e que ben te entenden todos...
Cando eles van xa ti ves.
Que facianas máis apáticas;
diría, case patéticas!
En España eran estéticas*,*
(mirando a Xema e a Filipus)
no inferno son dramáticas!

Filipus: Liamora, a contundencia
ás veces é extravagancia
Espero que a túa esencia...
nade mañá na abundancia.

Xema: E a túa fina esixencia
teña efectos favorables,
con éxitos perdurables...
e non che quite a arrogancia.

Liamora: Non vou lixeira de cascos,
por un camiño de area,
por un camiño trillado*.*
(mira a Xema)
A min ninguén me ratea...
como ti fuches rateado!
Nin quero guerra ao meu lado*,*
(mira a Filipus)
nin chaves, nin cabaleiros:
nin barrios novos zoupeiros...
pra que me afíen a lanza!
A maldita confianza...
(mira ao público)
sempre fai perder o tren!

CAE O PANO

FINAL

Habitáculo principal do reino do Inferno, onde está reunida a plana maior: Demo, Demidous, Demitrés... e un novo personaxe, unha especie de curandeiro infernal, pequeno, feo e raramente vestido, lucindo igual que os demais, uns cornos colorados e de pequeno tamaño. É o mago Cateto.

Demo: Estoume recuperando
dunha forma milagrosa*.*
(incha o peito, sorrindo)
A vida é marabillosa!
Será cousa de ir pensando
na axeitada solución
a uns pequenos problemas.
Con saúde, sen dilemas,
porque ves as cousas claras...
e non pensas cousas raras

que che amargan a razón.
Graciñas, mago Cateto,
(move os corniños)
por esa clarividencia
que, sen ser arte nin ciencia,
amosa o camiño recto.

Cateto: Saúde, e a mandar, señor...
(unha reverencia)
Cumprín só coa miña obriga,
para que a maldade siga...
o camiño triunfador.

Demidous: Nós seremos testemuñas
de que os grandes inimigos,
con eses xustos castigos...
berran pedindo clemencia!

Demitrés: Inmediata consecuencia
dese xuízo final,
que sempre remata mal...
pra quen vendeu a conciencia!

Demo: Así foi, así será:
sinatura e labarada.
Aquí abaixo arderá
(moi animado)
a sen razón da razón
e a paixón desatada!
Logo comezar de novo...
(entusiasta)
unha nova viaxe a España!

Demidous: Pródiga terra, señor!

Demitrés: Bendito o mar que a baña
e que a fai producir!

Demo: Outra remesa ha de vir,
de insuperable maldade;
(brillanlle os ollos)
desa clase e calidade
que fai que un mercador
se sinta tan satisfeito
que teña que inchar o peito
cheo de euforia e de honor!
(sorrí e ri)
A vida é marabillosa!

Cateto: Este inferno é coma un ceo
cando se sabe levar,
pero hai que vixiar!

Demo: Ai, que me dá un mareo!

Demidous: Que pasa, señor, agora?

Demo: Sinto unha sensación
como se algo se me fora...
(leva unha man á testa,
outra ao peito)
e outro algo recalara
moi preto do corazón...
O senso que se me vai,
estou a perder visión...
Sinto unha transformación,
como se algo me levara!

Cateto: Sen dúbida é o maligno
en forma de Liomara!
Cuspe, señor, bota fóra,
(bótalle unha man)
inda sexa o intestino!

Demitrés: Bota, señor o meigallo;
bota ese ferro, esa bóla...
que é o que tanto te amola!
Non é máis que un refugallo!

Demo: Ai, que maliño me sinto!
vaime estalar a cachola!
(move os cornos)
Oio unhas voces ao lonxe...
Sinto unha paz que non é,
un rebumbio moi sereno,
agora váiseme un pé...
ao lonxe... a voz dun pequeno.
(quedáselle a voz)

De súpeto, por unha entrada lateral, aparece Liamora seguida polos seus compañeiros de fatigas actuais e de éxitos pasados, tomando posicións á dereita do habitáculo, quedando os nativos á esquerda.

Liamora: Non están lonxe esas voces...
(chea de ledicia)
Aquí estou para que goces
da miña voz e presenza,
e comprobes que a existencia
moitas veces é brutal...
ou, se o prefires, cruel.
No noso reino animal,
(mestra xubilosa)
a vida é coma un papel!

Demo: Este é un mundo espiritual!
(aduce el)

Liamora: Que se aproveita do mel
e liba nel a bocados.
Logo amarga coma o fel,
(bruta)
e ti, meu anxo Luzbel,
xa tes os días contados!

Demo: Meu espírito rebelde!
(aínda ri Satanás)
Miña maldita muller,
sinto ganas de coller...
e facer de ti unha pira!

Liamora: Colle folgos e suspira,
(ceiba unha gargallada)
da miña alma Satán...
que outros coma ti xa están
facendo un cambio de vida!

Filipus: Un momento, camaradas;
haberá que dialogar.
O mellor é razoar...
E con razón e xustiza,
(quere facerse notar)
atopar un punto medio,
que signifique un remedio
e corte toda malicia!

Demidous: Cala, Filipus Meópulos,
que ti non es convidado!
Así que, ou estás calado...
(ameaza)

Xema: E por que ha de calar?
Calquera que teña escrúpulos...
hoxe terá que falar!
(torce o bigote)

Narci: E máis se está condenado
sen unha oportunidade!

Demitrés: Cando unha calamidade,
ou peste, chega ao inferno,
xulga o poder interno...
e ninguén pode obxectar!
(case violento)

Paco: Así andamos!

Cateto: Ti cala!

Paco: Vasme quitar ti a fala,
sen un mínimo respecto?
(arrichado)

Cateto: Estás en terra estranxeira,
aquí non valen galóns!

Demidous: Nin sequera eses neutróns
que marcaron unha xeira!

Moralia: Perdoade se me meto,
pero tamén quero voto.
(calmosa e aguda)
Aquí hai que poñer coto
a un vivir tan inxusto!

Demo: Querías estar a gusto
sen purgar os teus pecados*!*
(ri unha vez máis)
Sería un "víndeo ver"!...
Malditos descamisados!

Liamora: Cala, diaño de home,
que me vou dar o pracer...
de prenderlle lume ao lume,
(ollos agrandados)
e mirar como se ensume
a túa gloria e poder!

Demo: Terías no teu haber
algo que non está escrito,
e marcarías un fito...
(burlón)
con permiso de papá...
Ai, ai, que me estás facendo*?*
(leva unha man á testa)

Liamora: Déixate de queixas xa,
príncipe de pacotilla,
que a verdadeira pastilla
aínda se está cocendo*!*
(fachendosa)

Demo: Agora, harpía, vas ver
onde chega o meu poder,
e como te vou... mordendo*!*
(mirada hipnótica)

Liamora: Ahhh, maldito Satanás...*!*
(acanea)
Tes armas pouco afiadas,
non sabes por onde vas...,
(reponse)
xa non che quedan dentadas!

Demo: Sabes que son superior,
sabes...

Liamora: Entón por que tremes?

Demo: Levo no meu interior,
(altivo)
ti sábelo, un poder tal,
inmorredoiro e letal...
capaz de fundir montañas!

Liamora: A ese interior teño acceso,
e aí fago e desfago!
Desas fermosas entrañas
(fura coa mirada)
decontado serás preso...
a pesar dese teu mago*!*
(consegue entrar)

Cateto: Cuspe, señor, bota fóra...
que te quere enlear!
Non a deixes nin pensar!

Demidous: É unha gran malfeitora!

Demitrés: Míraa aos ollos, señor!

Demo: Deixádeme respirar!
Deixade que me repoña*!*
(leva unha man á gorxa)
Esta pailaniña soña,
e moi caro o vai pagar!

Liamora: Satán, Satán, pequeniño,
o teu poder esgotouse,
(énchese de rir)
a túa luz apagouse;
fuxe se ves un camiño...
e queres salvar a pel!

Filipus: Aproveita, Satanás,
(burlón)
busca outro panal con mel!

Xema: E non mires cara atrás!
(burlón)

Demo: Malditos sexades todos!
(súa, abanea, brúa)
Cateto, axuda preciso!

Cateto: Tela na mente, señor.
Para expulsala hai mil modos.
Ceiba un raio cegador!

Paco: Non é moi alentador
o teu esforzo, Cateto.
(sorrí o xeneral)

Demidous: Ti cala e estate quieto!

Cateto: Fai un esforzo, señor!

Liamora: Fai un esforzo, corniños...
ou chama polos veciños...
que agora están escoitando!

Demo: Bruxa, seguirei reinando...
(quere pero non pode)
É tanto o meu poderío,
será tanta a... miña gloria...
(cae ao chan)

Narci: ...Que remata a túa euforia,
Igual que no mar un río!
(moi expresivo)

Moralia: Que grande es, Liamora!

Demitrés: Érguete, señor, que o inferno
(clama)
quedará orfo sen ti!

Cateto: Ergue, que chegou a hora...!

Liamora: Chegoulle a hora, é certo!

Demo: Maldita Liamora, ri
pero o último concerto...!
(bátese no chan)

Liamora: Son os últimos compases,
remata a partitura!

Cateto: Señor, cuspe ese maligno!

Demidous: Cuspe esa criatura!

Demitrés: Tira da manga os teus ases!

Demo: Non podo máis, compañeiros...!
(bañado en suor)
Claudicar é o meu signo...

Cateto: Invoco axuda infernal,
bestas, ciclopes, tornados;
(erguendo as mans)
raios, tronos, malos fados,
para o príncipe do mal...
nestes intres apurados!

Liamora: Oh, oh! Están xordos e cegos!
(ri moito e ben)
Son os espíritos cordos,
rexeitando os fracasados!
(con ollos de tola)

Cateto: Espíritos liberais,
xenios das tebras e o lume,
(clamando)
xulgade vós dende o cume...
estes feitos irreais!

Liamora: Todo se converte en fume...
cando algo cheira a morto!
Non hai verba nin exhorto
que vos poida liberar!
(vencedora)

Demo: Deixádeme ir...

Cateto: Non, señor!

Liamora: Despois de tanto reinar,
despois de tanto esplendor...
(burlona)
víchesllе o cu á curuxa!

Demo: E librarnos desta bruxa
(claudica)
será imposible fazaña...!
Na miña vida tal vin...!
Esta é peor ca min...!
Vaiamos nós para España!
(érguese nun último esforzo...
e foxe)

CAE O PANO

Aires de fóra

Mémoires d'un Veuf (1886)

–Choix de Textes–

Paul Verlaine

Tradución: Eme Cartea

Prólogo: Román Arén

ARREDOR DE VERLAINE. NÓTULAS

Román Arén

I. Durante moitos anos os que estudaban a poesía francesa do Século XIX e tiñan que considerar a etapa que sucedía ao Romanticismo, estaban afeitos a unha breve pausa, tras Baudelaire, para falar de Théophile Gautier, que despois dos seus *Esmaltes e camafeos* procreara o Parnaso, os cultivadores da forma e a arte pola arte e, dicindo catro palabras amables sobre Banville e Leconte de L'Isle, pasaban sen máis ao Simbolismo, que partía de Charles Baudelaire e se sustentaba en Verlaine, Mallarmé e Rimbaud, un recordo para Tristán Corbière e Lautréamont, quizais para Laforgue, e unha coda para o Decadentismo. Pero hoxe xa non é este o esquema, o Parnasianismo volve, máis ou menos, Baudelaire segue a ser a figura central, a fama do outro Rimbaud é inmensa, Mallarmé ten unha activa minoría que o defende e Verlaine está á baixa, é carne, doente, de antoloxías, partenaire de Rimbaud, e difícil de clasificar, pois uns poñen o acento na musicalidade dos seus poemas, outros no decadentismo biográfico dunha vida bohemia, e os demais antólogos poñen a énfase no poeta que comezou como parnasiano e lamentan os puros xogos verbais dos seus derradeiros poemarios. Edítanse poucas obras soltas de Verlaine e, mesmo no mundo hispánico, onde foi fundamental para o Modernismo (Darío, Manuel Machado), poucas obras se publican dende mediados dos anos oitenta do século XX.

II. Se falamos do mundo hispánico, e isto inclúe América, os eruditos din que o seu nome comeza a aparecer neste ámbito cultural en 1887 con Carles Fernández Shaw, ao que engade Miguel D'Ors os nomes de Juan Valera, Leopoldo García-Ramón, seguidos de Clarín, Pompeyo Gener e o dunha galega, Emilia Pardo Bazán, quen traduce o *"Coloquio sentimental"* das *Festas Galantes,* en 1890. Logo virá o fervor, as traducións (Díaz-Canedo, Manuel Machado), a semblanza de Darío en *Los Raros* (1896), e o famoso *"Responso"* (*"Padre y maestro mágico, liróforo celeste..."*) e unha fama moi firme ata 1910, aínda que en 1924, *Mundo Latino* editará as súas *Obras Completas*, que rematarán de saír á luz xa en 1924. Esta importancia de Verlaine no Modernismo español pode comprenderse ben no clásico de Rafael Ferreres, *Verlaine y los modernistas españoles* (Madrid, 1975), que ofrece, ademais, a relación das traducións do poeta francés ao castelán ata 1964. Tras a guerra civil houbo edicións, pero a decadencia nótase, sobre todo, a partir de 1980, no que Verlaine é, ante todo, un poeta de antoloxías, se ben houbo unha interesante edición bilingüe da súa *Obra poética completa* (Barcelona, 1984) a cargo de Ramón Hervás. O resto de interese son antoloxías, algunha con escolla de textos bastante sorprendente, como a de Manuel Álvarez Ortega, *Poesía simbolista francesa* (1975 e 1984), onde se escollen oito poemas da etapa parnasiana de Verlaine (*Poemas saturnianos*), só dous de *Romanzas sen palabras* (1874) e un de *Sabedoría* (1881). As outras antoloxías importantes son as de Jacinto Luis Guereña para Visor en 1984, a de T. Sáez Hermosilla para Bosch, e a máis famosa, a de Carlos Pujol, en 1988 para Trieste. En 1991, a moi útil e ben prologada *La buena canción. Romanzas sin palabras. Sensatez,* de Miguel Casado (Madrid, Cátedra), pero non reeditada ata 2011 (vinte anos!). En 2005 Luis Antonio de Villena publicará *Poesía simbolista francesa. Antología* (Madrid, Gredos), que non é bilingüe, e que selecciona oito textos de Verlaine. A editorial sevillana Renacimiento reeditou a antoloxía *Fiestas galantes* que traducira en 1908 (ou 1910?) Manuel Machado (e Paul Fornovi?), en prosa, e que, contra o esperado, lese con moito agrado. Leva unha utilísima presentación do galego Miguel D'Ors, especialista en Manuel Machado.

Pero, contra o que puidera pensarse, tampouco en vida tivo moito éxito crítico Paul Verlaine –malia os xuízos positivos de Víctor Hugo e Mallarmé–, e o éxito de recepción virá nos derradeiros anos do poeta, xa moi alcoholizado, cando é proclamado *"Príncipe dos Poetas"*.

III. Mais, entendéndonos, grosso modo, como caracterizar a poesía de Verlaine? Hai consenso en considerar como parnasianiano o seu primeiro libro, *Poemas saturnianos* (1866) e, parcialmente, as *Festas galantes* (1869), un parnasianismo de ton menor lonxe da grandeza de Banville ou Heredia, con ese gusto polo XVIII francés, posto de moda polos Goncourt. Pero, para a maioría, o núcleo

"duro" da poesía de Verlaine é o que comeza con *A Boa Canción* (1870), continúa coas *Romanzas sen palabras* (1874) e remata con *Sensatez* (ou *Sabedoría*) de 1881. É o ciclo do *Eu*, a construción dun personaxe literario que non ten por que se corresponder co Verlaine real. É un *Eu* por riba das propias peripecias vitais da biografía do poeta, da súa bohemia, da súa homofilia. Un *Eu* escindido, contraditorio, con antecedentes claros en Baudelaire, pero tamén en Musset. Mais, é un simbolista? Un posromántico? Un impresionista? A poesía fala do *Eu* dende a distancia e ten de simbolista aquilo que fai corresponder a realidade coa alma do poeta. Pero Verlaine está construíndo un *Eu* lírico que vai dende o amante d'*A Boa canción* ao poeta cristián de *Sensatez*. É impresionista no gusto pola realidade, mais non enteira, senón fragmentaria, dos detalles nas *Romanzas sen palabras*; materialista, prefire definilo Miguel Casado.

E logo o resto da obra son só palabras? Quizais leria baleira como acusan os seus detractores? Non hai consenso nisto, e críticos tan perspicaces como José María Valverde crían que o mellor Verlaine poeta estaba no libro *Paralelamente*. Tamén *Onte e antonte* (1884) ten defensores. No resto da obra entra un novo termo en conflito, o Decadentismo, que para algúns non é máis que unha degradación do Simbolismo, o seu extremo, pero que cómpre lembrar que, cronoloxicamente, non ocorre tras o Simbolismo clásico, senón que xa existía dende 1860. A esta fama decadente de Verlaine contribuirá tamén a temática lésbica de *As amigas* ou a homesexual da obra póstuma *Homes* (1903).

IV. E en Galicia? Pois non é moi grande a presenza da poesía de Verlaine e, que eu saiba, no comezo ata 1920 coas traducións de Antón Losada Diéguez en *A Nosa Terra* (*"Parrafeo sentimental"*, 25-02-1920), que hoxe se recollen nas *Traduccións poéticas* (1999), a carón de *"Choros na alma miña"*. Pero Losada tivo un antecedente no, daquela, moi mozo Evaristo Correa Calderón, que traduce tamén o *"Parrafeo sentimental"* para *A Nosa Terra* (nº 76, 25-12-1918). Por esas datas traducirá tamén Manuel Antonio a Verlaine, e a edición da *Prosa* (2012) de Xosé Luís Axeitos recolle *"Canción d'outono"* e *"Sabencia"* no apartado das traducións. Tras a guerra civil, o exilio galego fará unha importante contribución á historia da tradución galega: *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1949), onde Florencio Delgado Gurriarán traduce *"Choiva"* de Verlaine, mentres Lois Tobío versionará *"Chora o meu corazón"*, *"Ese afastar dos brazos"* e *"¡Terrible noite de insomnio!"*

Xa en 1968, e tamén no exilio, a revista galega de México *Vieiros* ofrecerá a tradución de *"Choiva"* feita por Manuel Fabeiro Gómez. En 1970 M. Mª Seoane, é dicir, Cunqueiro, publica no *Faro de Vigo* *"Despedindo uns poemas"*, e Xesús González Gómez traducirá *"Canción de Outono"* para *El Progreso* de Lugo (12-12-1971). A introdución da materia de Literatura Universal no ensino e a posibilidade de impartir aulas en galego, propiciou a aparición dalgúns manuais como *Simbolismo e Modernismo* (Baía, A Coruña, 2003) ou a *Literatura Universal* de Xerais, con traducións de textos de Verlaine.

V. Pero Paul Verlaine foi tamén prosista, moi famoso un tempo por dúas obras, *As miñas prisións* e *Os poetas malditos* (que ten reedición recente en castelán), mais que tamén fixo parte do camiño que Rabbe e Bertrand iniciaran para o poema en prosa, que chegou ao seu cumio en Francia con Baudelaire e *Os pequenos poemas en prosa*. Verlaine seguirá ese ronsel xa dende 1867 con *"Le Poteau"* e *"Mal Aria"*. Continuará ese labor neste novo xénero en 1870, na estética do seu mestre de vencellar o poema en prosa á cidade de París. Continúa na década de 1886 insistindo no xénero, ano no que publicará un libro que incluirá varias pezas encadrables nesta categoría, e que titula *Suplemento ás Memorias dun viúvo*. Coidado formal e ton persoal dan a nota característica da prosa do poeta.

É este Verlaine poeta en prosa o que hoxe Manuel Cartea acerca aos lectores deste anuario, continuando co admirable labor de amosar con gran competencia ese xénero do poema en prosa, tan francés, pois xa nos ofreceu a obra de Bertrand e Baudelaire, mais tamén a dalgúns continuadores do século XX. Un labor que dende *"a provincia"* nos fai universais, nos une ao río da cultura europea e fai máis nosos os grandes autores franceses.

MÉMOIRES D'UN VEUF
(1886)
–CHOIX DE TEXTES–

PAUL VERLAINE

DÉDICACE

À Edmond Lepelletier.

Mon cher Edmond, voici quelques pages, sous un titre énorme, qui ne sont ni un petit roman, ni un recueil de minuscules nouvelles, mais bien des parcelles d'une chose vécue en quelque sorte sous tes yeux. Il n'y a pas de sous-entendus dans cet opuscule. Néanmoins, comme le public n'a pas besoin de lire entre les lignes et n'éprouverait aucun plaisir, même méchant, à le faire, j'ai dû développer certains passages, que toi seul et deux ou trois autres comprendrez, de généralités à l'usage du lecteur inconnu.

Bien des opinions nous séparent aujourd'hui ; nous n'avons même plus, sauf sur le bon sens initial et sur les Lettres férocement idolâtrées de moi, qu'une idée commune, qui est de nous garder intacte la vieille amitié si forte et si belle.

MEMORIAS DUN VIÚVO
[1886]
(ESCOLMA)[1]

PAUL VERLAINE

Tradución: **Eme Cartea**

DEDICATORIA

A Edmond Lepelletier[2]

Meu prezado Edmond: velaquí estas páximas cun título desmesurado, que non son nin unha noveliña nin unha colección de relatos curtos, senón moitas parcelas dunha cousa vivida dalgún modo diante dos teus ollos. Non existen equívocos neste opúsculo. Con todo, dado que o público non precisa ler entre liñas nin había sentir ningún pracer, incluso malsán, en o facer, vinme na obriga de disimular certas pasaxes, que só ti e dous ou tres máis comprenderiades, con xeneralidades a prol do lector descoñecido.

Moitas son as opinións que nos separan hoxe en día; só nos une, agás o innato sentido común e as Cartas ferozmente idolatradas por min, a compartida idea de conservar intacta a vella amizade, tan forte e fermosa.

[1] Publicamos na sección "Aires de Fóra" deste Anuario 14 unha selección de Poemas en prosa de Paul Verlaine. Incluímos poemas de *Memorias dun viúvo* (publicados en xaneiro de 1886 e escritos dende 1883), e mais do *Suplemento ás Memorias dun viúvo* (setembro-decembro 1886) que recolleu poemas posteriores. A nosa intención é a de publicar en libro a totalidade dos seus poemas en prosa proximamente.

[2] Edmond Lepelletier (1846-1913). Político, escritor e xornalista francés. Masón, anticlerical e librepensador. Compañeiro, amigo e biógrafo de Verlaine.

Agrée donc cette dédicace toute simple comme mon cœur, mais sincère et chaude comme ma main quand elle serre la tienne.

P. Ve.

Recibe pois esta dedicatoria, igual de sinxela que o meu corazón, pero sincera e cálida coma a miña man cando aperta a túa.

P. Ve.

CHEVAL DE RETOUR

Il faisait noir dans l'escalier,
Plus noir encor sur le palier,
Et pour comble d'infortune
On ne voyait pas la lune.

Mon idée a toujours été d'habiter dans la vraie campagne, dans un village « en plein champ », une maison d'exploitation, une ferme dont je fusse le propriétaire et l'un des travailleurs, l'un des plus humbles, vu ma faiblesse et ma paresse.

CABALO DE VOLTA

Estaba a escaleira escura
e o relanzo todo en negrura,
e para colmo de desgraza
a lúa non se enxergaba.

Sempre tiven a idea de vivir na pura campiña, nunha aldea "en pleno campo", unha casa de laboría, unha granxa da que fose o propietario e un dos traballadores, un dos máis humildes, vistas a febleza e a indolencia de meu.



Mémoires d'un veuf



Imaxe moi coñecida de Paul Verlaine. Cara a 1868

Eh bien, j'ai réalisé cet *hoc erat*, j'ai connu, pratiqué, apprécié les menues besognes des champs, un jardinage léger, la bonne curiosité, les saines médisances villageoises qui vous font comme une maison de verre et vous forcent à la correction de la vie, tenant toujours en haleine la dignité qui s'allait endormir, — et le sommeil à poings fermés après une journée simple. Cela assez longtemps pour m'en toujours souvenir et le regretter longtemps.

Car les circonstances, qu'il y ait eu de ma faute comme c'est probable ou non comme ça se pourrait, viennent de me rejeter, fort brusquement même, en plein bagne parisien.

Et me voici, sombre citadin qui ai perdu langue, me trouvant tout dépaysé dans un chez-moi jadis et naguère abdiqué, me démenant pour du beurre sur mon pain parmi cette discorde d'intérêts factices et de plaisirs fous, sans illusion courageuse, lourd d'une expérience inutile. Courses et démarches plates et dures comme un trottoir, repas empoisonnés, nuits blanches, voisinages qu'il faut bien subir, tentations méprisées mais fortes sur un vieux cœur qui fut autrefois tout à ça !

La nuit je grimpe mes cent marches à la lueur d'allumettes qui me brûlent le bout des doigts avec de la fatigue plein les muscles, des chansons de la rue plein la tête, pour m'aller coucher et ne pas dormir au bruit jamais fini des fiacres aux stores baissés et des fardiers et des camions et des charrettes chargés de ferrailles, de meubles cassés et de boucs.

Pois ben, realicei este *hoc erat*[3], coñecín, practiquei, apreciei as cativas angueiras do campo, unha xardinaxe lixeira, a sa curiosidade, as saudables maledicencias aldeás que vos fan como unha casa de vidro e vos forzan a corrixirdes a vida, mantendo sempre vixiante a dignidade propensa a prender no sono, e durmir a sono solto despois dunha xornada normal. E isto durante bastante tempo para eu mo lembrar en todo momento e botarmo de menos tempo e tempo.

Porque as circunstancias, tivesen sido probablemente pola miña culpa, ou non, acaban de me refugar, incluso moi bruscamente, en pleno baño parisiense.

E aquí me teñen, taciturno cidadán que perdeu o afán de falar, desnortado na miña casa de meu, á que antano e hogano renunciei, afanándome polo pan e o compango entre esta discordia de intereses ficticios e de praceres tolos, sen grande ilusión, e co peso dunha experiencia inútil. Idas e vidas planas e duras como unha beirarrúa, comidas envelenadas, noites en branco, veciñanzas insufribles, tentacións rexeitadas mais fortes para un vello corazón outrora afeito a todo isto!

Pola noite agatuño os meus cen banzos ao resplandor dos mistos, que me queiman as xemas dos dedos, cos músculos cansos, a testa a rebordar de cancións populares, para irme deitar e non durmir polo ruído xamais acalmado dos fiacres coas cortinas baixas, das carruaxes de carga, das carretas e dos camións cargados de mobles rotos, ferralla e lixo.

[3] A locución latina completa é *hoc era in votis* ("Este era o meu desexo"); Horacio, Sátira VI, 2. O soño do poeta era de posuír unha leira mediana, unha fonte preto da casa e un pequeno arboredo.

CHIENS

Le grand Baudelaire a chanté les bons chiens de la paresseuse Belgique. Moi, chétif, je veux essayer de dire un chien de Paris. Jean Richepin décrivait naguère excellemment une variété de cette race si supérieure à notre humanité d'aujourd'hui, — le chien bohème, noceur, innocemment entretenu, mais pas souteneur du tout, le chien de café, de brasserie, de caboulot ou de taverne, flâneur et fier dans son genre qui est le bon.

Quoi qu'il en soit, voici le mien de chien.

Je vis très haut — voyez un peu l'orgueil — dans une chambre dont la fenêtre enfile la rue la plus passante du Paris auvergnat.

Dans cette rue, juste au milieu de la chaussée à tout instant traversée par les plus rapides omnibus, dix fardiers à la minute et mille fiacres en une heure, s'est installé un superbe terre-neuve, noir comme le corbeau dont il a l'audace sans en posséder la sauvagerie, qui y sieste en lazzarone et y règne en don Juan. Les amours et son sommeil daignent parfois s'apercevoir qu'il y a des roues et que des chevaux existent, mais c'est tout le bout du monde, et les fardiers et les omnibus et les fiacres se détournent plus souvent que lui ne se dérange.

Plusieurs jaloux, dont quelques-uns de sa taille qui est formidable, tentent bien de le troubler dans les expansions de sa flamme mille-e-tresque mais en vain. Un court aboi met en déroute ces espèces — et quand la cruelle nature, une fois satisfaite, le retient dans le dos-à-dos traditionnel auprès de l'objet chéri du moment ; son regard rouge et ses belles dents, que corrobore un grondement

CANS

O gran Baudelaire cantoulle aos afables cans da preguizosa Bélxica. Eu, delicado, procuro falar dun can de París. Jean Richepin describía antano excelentemente unha variedade desta raza tan superior á nosa humanidade de hoxe en día: o can bohemio, esmorguista, inocentemente coidado, chupóptero, o can de café, de cervexería, de baiuca ou de taberna, lacazán e orgulloso, un exemplo da súa liñaxe.

Como queira que sexa, eis o meu can.

Vivo moi alto –notade un algo de orgullo– nunha habitación cunha ventá que dá á rúa máis transitada do París auverñés.

Nesta rúa, xusto no medio da calzada deseguido atravesada polos máis rápidos ómnibus, dez carretas por minuto e mil fiacres á hora, situouse un soberbio terranova, coma o corvo de negro, do que posúe a audacia pero non o lado salvaxe, que alí bota a sesta como un lázaro e reina coma un *Don Juan*[4]. Os seus amores e o seu sono por veces dígnanse percibir que hai rodas e que os cabalos existen, pero sucede moi raramente; e as carretas e os ómnibus e os fiacres desvían a ruta máis do que el se molesta en facelo.

Algúns envexosos do seu tamaño, que é formidable, tratan de o perturbar nos excesos da súa paixón, pero en van. Un breve ladrido chega para confundilos e, cando a cruel natureza, unha vez satisfeita, o retén enganchado de costas, como é habitual, á súa querida conquista, a súa ollada avermellada e o os seus bonitos dentes, que corrobora un gruñido que prefiro non describir, fan ao

[4] "Don Juan", no orixinal, como corresponde ao arquetipo.

Coin de Table. 1872. Fantin Latour. Verlaine e Rimbaud á esqda.

dont je ne vous dis que cela, font autour d'eux un large cercle d'apprentis et de trottins.

Un poète de ma connaissance ne manque jamais — en revenant de la crémerie voisine avec un peu plus d'appétit qu'auparavant — de s'exclamer, *cynique* : « A sa place qui de nous pourrait encore en faire autant ?

UN BON COIN

O rien de ce que ce que votre méchante imagination pourrait croire !

Un débit dont le comptoir ne se ternit que sous des mains sobres ou presque, en tous cas honnêtes et bien élevées ou quasi ainsi. Rare, hein ? un endroit pareil en ce Paris-ci ?

redor deles un ancho círculo de aprendices e recadeiros.

Un poeta dos meus coñecementos nunca deixa –de regreso do restaurante barato veciño con algo máis de apetito ca antes– de exclamar, *cinicamente*: "No seu lugar, quen de nosoutros podería seguir facendo outro tanto? ".

UN RECUNCHO AGRADABLE

Oh, nada do que a súa perversa imaxinación podería crer!

Unha tenda cuxo mostrador non se embaza máis ca baixo unhas mans sobrias, ou case sobrias, en todo caso honestas e ben

Sinatura de Paul Verlaine

Le « patron », un grand châtain-clair, est d'une jovialité avenante mais qui sait choisir son monde. Vêtu presque toujours d'étoffes claires, par un caprice de blond, sans doute. Jamais on ne l'a vu dans le tricot du troquet, et ça effarouche les galvaudeux du querquier.

La Patronne, beauté royale ; a tout le sérieux et la gaieté qu'il faut. Quelquefois sa physionomie claire et franche assume une impassibilité peut-être ironique ; mais quand un client lui offre une rose ou l'humble bouquet de violettes, elle s'épanouit d'un vrai plaisir de jeune femme qui aime des sœurs dans les fleurs. Une cage toute pépiante d'oiselets des Îles sollicite à chaque instant son regard et son sourire.

L'enfant de la maison est une grande petite fille, pâle mais forte, et spirituelle ! et gamine ! et bonne en diable.

Enfin, une dynastie de commis se succède à de longs intervalles, ce qui fait l'éloge de ces jeunes gens et de la maison.

Deux entre autres de ces employés portaient les mêmes noms Papal et prénom présidentiel.

L'un, petit, éveillé, à la frimousse de gavroche et d'Annamite, étonnait toujours le client de ses yeux toujours malins, pas trop méchants, educadas, ou algo así. Raro, eh? Semellante sitio neste París?

O "dono", grande e castaño claro, posúe unha xovialidade cordial pero que sabe elixir o seu mundo. Vestido case deseguido con roupas claras, sen dúbida por un capricho de roxo. Nunca foi visto coa blusa de taberneiro, e iso espanta os nugalláns da barriada.

A patroa, real beleza, é todo o seria e alegre que se precisa. Ás veces, a súa fisionomía albela e franca, adopta unha impasibilidade acaso irónica; pero ao que un cliente lle ofrece unha rosa ou un humilde ramo de violetas, ensánchaselle o peito co verdadeiro pracer, propio dunha moza que adora as flores coma irmás súas. Unha gaiola ateigada de paxariños das Illas a piar solicita deseguido a súa mirada e o seu sorriso.

A empregada da casa é unha mozona esbrancuxada pero forte e espiritual, revoltosa e boa de vez.

Finalmente, unha dinastía de empregados sucédese a longos intervalos, o que consegue o eloxio destes rapaces e da casa.

Dous destes empregados teñen o mesmo nome papal mais o apelido presidencial.

Un, cativo, esperto, con cara de traste e de vietnamita, abraiaba o cliente cos seus ollos sempre pillabáns, non demasiado renartes, e coas súas saídas eTaPantes[5], como se adoita dicir neste lugar de linguaxe especial.

[5] No texto francés, por "épatantes". Erro ou brincadeira lingüística? Nótese o xogo de maiúsculas. Algo parecido ocorre ao final do parágrafo 4º deste poema: "querquier" por "quartier"? Moi propio do autor. Segundo el, podería ser un vulgarismo, ou dialectalismo mesmo, recurso frecuente na súa escrita..

et de ses réparties éTaPantes, comme on dit en ce lieu dont le langage est spécial.

L'autre, robuste garçon, tête de jeune empereur romain, plus calme et non moins espiègle au fond, piquait d'un mot répété à de savants intervalles l'imprudent qui l'avait une fois prononcé à tort : « *Très joli* », « *Je suis dans le sous-sol* », par exemple.

Bref un personnel très bien.

Parmi les clients de choix, on compte des poètes que chevelus ! et d'autres trop chauves. L'un d'entre ces favoris d'Apollon stupéfie par sa haute, l'autre par sa petite taille, tel autre par ses gestes héroïques, — tous, par leur joie de vivre en dépit des mistoufles et des guignes.

On voit figurer aussi dans cette élite, d'anciens magistrats fiers de leur pauvreté, des militaires à qui, scrongnieu ! il ne ferait pas bon de marcher sur le pied, ah non alors ! Que sais-je encore !

Parfois l'intimité rassemble dans l'arrière-boutique la crème de cette crème, et alors ce sont des chants en chœurs ; « *Vigourette, vigouroux* » ; « Noël, Noël ; » « Va, petit mousse, » etc.) ou bien un violon rit ou gémit, ou des calembredaines aussi toquées qu'inoffensives, des luttes et pugilats pour rire, mais actifs, je vous en réponds, ont lieu.

Folie ? soit ! mais folie douce, charmante, et qui en remontrerait à bien des sagesses que nous savons.

Aussi, puisse prospérer longtemps et toujours le précieux petit établissement, pour la joie, le repos et le soulas des honnêtes gens du voisinage.

Amen !

O outro, rapaz baril, testa de emperador romano inda novo, máis tranquilo e no fondo non menos argalleiro, amolaba cunha palabra repetida a sabios intervalos o imprudente que unha vez a pronunciara inxustamente: *"Très joli"*, *"Je suis dans le sous-sol*[6], por exemplo.

En resumo, un persoal moi interesante.

Entre os clientes escollidos, hai poetas moi melenudos e outros calvos dabondo. Un de entre estes favoritos de Apolo abraia pola súa altura, outro pola súa baixa estatura, outro máis polos seus modais heroicos, e todos pola alegría de viviren, pese ás miserias e á mala sorte.

Nesta elite figuran tamén antigos maxistrados orgullosos da súa pobreza, militares a quen, vive deus!, sería imprudente menosprezar. Iso nunca! E quen sabe cantos máis!

A miúdo, a intimidade reúne na rebotica a crema desta crema e, daquela, xorden os cantos en coro: *"Vigourette, vigouroux"*; *"Noël, Noël"*; *"Va, petit mousse"*, etc.; ou ben un violín ri e xeme, ou brincadeiras tan aloucadas como inofensivas, e tamén se practican loitas e puxilatos de broma, pero activos, podo asegurárvolo.

Tolemia? Sexa!, pero tolemia amable, feiticeira, por enriba de moitas das corduras que todos sabemos.

E, ante todo, que prospere moito tempo e sempre a preciosa tendiña, para ledicia, repouso e lecer das honradas xentes da veciñanza.

Amén!

[6] "Moi bonito", "Atópome no soto".

FORMES

L'avoué roux en veston du lundi, tient audience comme un simple président.

Un clerc, non le principal, est resté dans l'étude aux grandes fenêtres anciennes donnant sur la cour immense qui trouve le moyen d'être étroite, tant ce Paris, aussi bien le vieux que le nouveau, reste immuablement illogique.

Il est bien, ce clerc tout jeune avec sa moustache en accroche-cœurs et ses cheveux ras en pointe comme ses bottines de drap vert.

La Victime entre : rendez-vous avait été pris à cette heure précise en ce jour où les patrons de la Chicane chôment au Palais tout comme les travailleurs pour de bon le font à l'atelier, et se tiennent chez eux à la disposition du public, adverse ou non.

Elle s'assied, la Victime, un monsieur quelconque qui a des griefs. Il retourne d'une femme bien entendu, d'une famille qui n'est pas la sienne à lui mais que l'usage en l'espèce appelle belle.

Une heure s'écoule, deux heures. La Victime, en désespoir de cause, bien qu'elle ait vu l'avoué roux promener plusieurs fois son veston de son cabinet particulier au clerc *et retro*, comprend que ça pourra durer longtemps ainsi. Elle dicte au clerc un mot de conciliation (il s'agit d'enfant cette fois) — et s'éloigne par un superbe escalier d'antique hôtel patrimonial.

Le lendemain une lettre fort polie, et si bellement écrite ! — le prie de vouloir bien ne pas « troubler la paix ».

FORMAS

O procurador xudicial, roxo, en traxe de luns, ten audiencia coma un simple presidente.

Un pasante, non o xefe, ficou no estudio de grandes xanelas antigas que dan ao inmenso patio, angosto aparentemente de seu, ata o punto de que París, tanto o vello coma o novo, permanece inmutablemente ilóxico.

É engaiolante este empregado tan novo co seu bigote anelado e o pelo cortado en punta igual ca as súas botinas de pano verde.

Entra a Vítima: a cita fora pedida xusto para esta hora, neste día en que os donos da *Chicane*[7] fan folga no Pazo, igual ca os traballadores responsables o están no taller, e permanecen no posto á disposición do público, contrario ou non.

A Vítima senta: un señor calquera con queixas que facer. Refírese a unha muller, por suposto, que non é da súa familia, pero que neste casoa usanza chama *querida*.

Transcorre unha hora, dúas. A Vítima, desesperada e con razón, inda que vise o procurador roxo pasear varias veces a súa levita dende o gabinete ata o empregado, *et retro*, comprende que aquilo vai durar moito tempo. Dítalle ao empregado unha palabra de conciliación (trátase dun neno, esta vez) e afástase por unha soberbia escalinata de antigo palacete patrimonial.

Ao día seguinte, unha carta moi cortés –e fermosamente escrita!– prégalle teña a ben non "alterarlle a paz".

[7] Chicane ou chicana: lugares con curvas ou obstáculos en circuítos ou na vía pública para reducir a velocidade.



Paul Verlaine. Retrato de Gustave Courbet



PAUL VERLAINE

LES

POÈTES MAUDITS

TRISTAN CORBIÈRE
ARTHUR RIMBAUD
STÉPHANE MALLARMÉ

PRIX : 1 FR.

PARIS
LÉON VANIER, Libraire-Éditeur
19, Quai Saint-Michel, 19

1884

Première édition des Poètes Maudits.1884

MA FILLE

Elle a onze ans, le commencement de l'âge ingrat pour les filles, dit-on. Je ne suis plus de cet avis — et j'ai raison.

Longue, mince, avec une tête forte aux cheveux indifférents, mais des yeux !... Ces yeux, ses yeux !

Elle n'est pas belle ni même jolie. Même elle est un peu laide, mais si tendrement !

Elle est instruite, elle coud comme une fée et sait son catéchisme comme un ange. Sa première communion sera bonne, — comme elle !

A MIÑA FILLA

Ten once anos, disque o inicio da idade ingrata para as raparigas. Eu xa non son desta opinión... e estou no certo.

Grande, delgada, cunha cabeza enérxica adobiada dun pelo indiferente... Pero cuns ollos...! Que ollos, os ollos de seu!

Non é moi guapa nin case bonita. Incluso é un algo fea, mais tan tenramente!

É culta, cose coma as mesmas fadas e sabe o catecismo a tal un anxo. A súa primeira comuñón será boa..., o mesmo ca ela!

Cando me mira, sinto en todo o meu ser esa paz da absolución particular dun cristián,

Quand elle me regarde, c'est dans tout moi cette paix de l'absolution pour un chrétien, ce regard en or du général pour un soldat qui vient d'être bien brave.

Ses yeux sont gris, les prunelles luisent comme les pointes des flèches de ces bons Sauvages canadiens qui parlent encore la langue de Fénelon et de saint Vincent de Paul ; les cils énormes et noirs comme le corbeau palpitent comme la colombe et, dans l'expansion du baiser filial, s'envolent et planent comme l'un et l'autre.

Quelle épouse ce sera ! Quelle martyre probable, hélas ! du notaire, et des maîtresses, et des cigares, et de son esprit discret et fier de sacrifice !

Heureusement qu'elle n'a jamais existé et ne naîtra probablement plus !

LES FLEURS ARTIFICIELLES

Les fleurs vraies sont aux riches : même le bouquet de violettes se vend, et comme il se fane aussitôt acheté, il faut des sous et des sous encore pour en avoir tous les jours dans un verre d'eau.

La rose orgueilleuse, le camélia somptueux, le lis féodal, ne se complaisent que dans les cheveux crespelés des grandes Dames au sein du boudoir que hantent seul d'altiers caprices, sous les chevaux des tyrans et parmi les autels des faux dieux.

Parlez-nous de la rose en jaconat glacé se pavanant ingénument au-dessus du gâteau de Savoie les jours anniversaires, sur une nappe des quartiers suburbains, pour aller le lendemain rejoindre, au tour de tête de vos humbles

esa mirada eloxiosa do xeneral ao soldado que vén de amosar valentía.

Os seus ollos son grises, bríllanlle as meniñas igual ca as puntas das frechas dos bos salvaxes do Canadá que seguen falando a lingua de Fénelon e de san Vicente de Paúl; as pestanas, enormes e negras coma as do corvo, palpitan o mesmo cá pomba, e na efusión do beixo filial levantan o voo coma se pairasen unha sobre a outra.

Que esposa vai dar! Unha probable, ai!, mártir do notario, e das amantes, e dos cigarros, e do seu espírito de sacrificio discreto e orgulloso!

Menos mal que xamais existiu e probablemente nin nacerá!

AS FLORES ARTIFICIAIS

As flores naturais son para os ricos: incluso o ramo de violetas se vende, e como murchan ao pouco de o mercar, precísanse cartos e mais cartos para mantelas a diario nun floreiro.

A rosa orgullosa, a suntuosa camelia, o lis feudal, non senten pracer máis ca nos cabelos rizados das grandes damas no seu gabinete, obsesionadas por soberbios caprichos, baixo os cabalos dos tiranos e entre os altares dos falsos deuses.

Faládenos da rosa tecida en algodón frío[8] xactándose inxenuamente sobre o pastel de Savoia, os días de aniversario, nun mantel das barriadas suburbanas, para irdes ao seguinte día, amables obreiras, solteironas de corazón

[8] Hoxe, "jaconas" (do antigo "jaconat", de *Jaggonath*, templo e cidade hindú). Tecido de algodón fino, brillante, cor xeo, confeccionado nesta cidade.

chapeaux de crêpe, gentilles ouvrières, vieilles demoiselles au cœur froissé, pauvres laides institutrices si grandes et si tristes, les myosotis mauvais teint époussetés chaque jour avec prudence, qui tremblent au vent inclément des villes à travers des courses épouvantables, sur ces cheveux sacrés que lissent vos mains vaillantes, vos frêles mains, devant un morceau fendillé de miroir à soixante-quinze centimes !

Et vivent aussi, parce qu'elles ont l'air en papier peint, les solides, les fidèles, les tristes immortelles, jugées dignes par le deuil universel de fleurir, autour des morts oubliés, la féroce aridité des grilles !

CAPRICE

Le semain d'hier, comme zouzouille le Chinois, j'ai vu la mort de près. Ça veut dire que la semaine dernière j'ai failli succomber aux suites d'un courant d'air compliquées de colique sèche et de sueur froide, et que la grande calomniée est apparue à mes regards charmés beaucoup, bien que vaguement surpris.

Surpris, parce que « La mort ne surprend pas le sage » ; charmés ô parce que.

Ses pieds déliés, ses jambes fines, ses cuisses point trop charnues, sa taille de guêpe, ces brandebourgs sur cette « poitrine » modérée, une de ces sincérités d'épaules et d' « épaulettes » ! un cou presque de cygne, je ne sais quel sourire franc, quel nez polisson, quel regard profond et peut-être vide !

Mais mince de caillou ! Il n'y manque qu'une moule autour.

doente, pobres e feas institutrices, tan altas e tristes, tocadas con humildes sombreiros de crespón, reunirvos cos nonmesquezas[9] descoloridos e desempoados decontino con moita prudencia, que tremen ao vento inclemente das cidades, ás abraiantes carreiras, sobre eses cabelos sagrados que alisan as vosas intrépidas mans, as vosas fráxiles mans, diante dun anaco escachado de espello, de setenta e cinco céntimos!

E tamén viven porque semellan de papel pintado, sólidas, fieis, tristes inmortais, xulgadas dignas polo dó universal de faceren florecer, ao redor dos mortos esquecidos, a feroz aridez do enreixado.

CAPRICHO

O semano de onte, como borboriña o chinés, contemplei a morte de preto. Isto quere dicir que a semana pasada estiven a piques de sucumbir, a causa dunha corrente de aire complicada cun cólico seco e suor fría, e a gran calumniada aparecéuseme á mirada ameigada inda que vagamente sorprendida.

Sorprendidos, porque "A morte non sorprende ao sabio"; ameigados, oh, porque, ...

Os seus pés lixeiros, as pernas esveltas, as cadeiras non demasiado carnosas, o van de avespa, os alamares sobre o "peito" moderado, unha desas sinceridades de ombros e de "xarreteiras"!, un colo case de cisne, un certo sorriso sincero, e que nariz pillabán, que profunda ollada e se cadra baleira!

Arre demo! Só lle falta un molde ao redor.

[9] Planta da familia das borraxináneas (*Myosotis palustris*), considerada como símbolo da amizade.

HUMBLE ENVOI

À MADAME ?

Car ceci vous revenait de droit, chère madame, et s'il se trouve plus haut une dédicace à un ami d'enfance, l'envoi de ces pages données, non plus dédiées, l'envoi, le don réel, virtuel, de ces pages, ne pouvait être fait qu'à l'amie, la seule ! de cœur et de tête, à la sœur, dirais-je presque, mais non ! Dieu m'a refusé ce bonheur, une sœur ! De sorte qu'il a bien fallu pour se contenter d'une amie, foncer l'amitié, aller loin dans ce sentiment, l'exalter, puis le ramener sur terre, et voyez que nous avons réussi dans notre manège puisqu'après un aussi long temps ma pensée tout entière revient à vos pieds et qu'il est impossible que la vôtre se déplaise dans un tel témoignage.

Vous fûtes la plus intime des compagnes de celle que je ne pleurerais pas sans hypocrisie. Et

HUMILDE ENVÍO

Á SEÑORA...?

Este escrito tiña que pertencerlle en xustiza, querida señora, e se máis arriba se atopa unha dedicatoria a un amigo da infancia, o envío destas páxinas doadas, en ningún caso dedicadas, a entrega, a doazón real, virtual, destas páxinas, non podía facerse a non ser á amiga, á única! de corazón e de cabeza, á irmá, case me atrevería a dicir. Mais non! Deus denegoume esta dita, unha irmá! De tal xeito que foi necesario para contentarse cunha amiga, afondar na amizade, afastarse neste sentimento, exaltalo, e logo tornalo á realidade. E repare en que fomos quen de logralo, pois que, despois de tanto tempo, todo o meu pensamento regresa aos seus pés, e



Paul Verlaine. 1893. Por Otto Wegener



Fable ou histoire

Le poète mourant de faim
Selon l'inexorable légende
S'en alla frapper à la fin
Chez un éditeur de la bande,

Sa bande, car ce sont bandits
Que ces éditeurs de poètes
Le cliquet d'un mercandis
Ou leurs pour rompre des dettes.

L'éditeur qui venait de voir
Vendre gros une édition toute
Répondit, bref, mais chez vous m'
Voici comme sur le grand'route

Le poète, toujours serein
Et toujours sûr, lui répliqua
Des volumes comme moi je crain
Qu'ils ne soient pas assez pour lui

Répondre !

Paul Verlaine

Ce 10 Mars 1895.

Verlaine. Fable ou histoire

en cette qualité encore, vous ne pouvez qu'approuver le choix que j'ai fait de vous comme destinataire d'un opuscule où il est un peu fait mention d'elle ; qu'elle soit traitée ici selon ses mérites, c'est ce qu'en bonne foi vous ne pouvez nier ; maintenant je doute que tant de calme vous plaise beaucoup : l'amitié se crée de ces devoirs et les morts aimés prennent de ces droits ! Encore est-il question d'elle là-dedans et c'est bien quelque chose qu'un souvenir quelconque. Allez donc voir au dehors, vous qui êtes mondaine et vous répandez à profusion, si quelqu'un s'occupe encore, fut-ce peu, de cette indifférente ! Donc n'excusez pas mais n'accusez pas les lignes moins aimables que vous n'eussiez souhaité où j'ai ouvert mon cœur sur une mémoire à propos de laquelle nous différerons toujours d'avis.

Et voyons, au fond, votre amie était-elle si gentille que ça ?

Une justice à lui rendre pourtant.

Sa jalousie aux mille yeux (Pauvre de moi ! Pour quel Hercule elle me prenait donc !) n'arrêta jamais un regard sur vous. Et pourtant comme nous la trompions ! vous avec toute l'ardeur d'une amie qui joue un bon tour à une intime, moi non sans quelque remords. (Je vous l'avoue aujourd'hui bien qu'il n'y parût guère alors.) Et encore ce remords s'innocentait-il à mes yeux tant vous lui ressembliez... En mieux, tant en mieux ! Tous ses traits, toute son allure, quand il lui arrivait par instants d'être infiniment au-dessus d'elle-même. J'étais comme un Jupiter entre deux Alcmènes mais préférant l'une tout en parfois la prenant pour l'autre et ma foi, si j'ai jamais aimé celle qui fait dodo, je crois, bien chère amie, que c'est dans vos bras.

non é posible que tal testemuño lle desagrade a vostede.

Foi a máis íntima amiga daquela que eu choraría sen hipocrisía. E, incluso neste senso, só pode aprobar a elección de que a escolla como destinataria dun opúsculo no que se fai algunha mención a ela; que sexa tratada aquí segundo os seus méritos é algo que vostede, de boa fe, non pode negar. Con todo, dubido que tanto sosego lle guste demasiado: a amizade apóiase nestes deberes e os mortos queridos participan destes dereitos! Segue presente aquí e xa é como fútil lembranza. Bote unha ollada ao exterior, vostede que é mundana e se irradia con profusión, por se alguén continúa a se ocupar, pouco que sexa, desta indiferente! Así que non desculpe pero tampouco acuse as liñas menos amables que non fosen do seu agrado, nas que abrín o corazón a unha memoria sobre a que sempre discordaremos.

En todo caso, no fondo, era a amiga súa tan cordial como se di?

Non obstante, nunha cousa si hai que facerlle xustiza. Os seus celos inconmensurables (pobre de min!, por que Hércules me tomaba?) non se limitaron nunca a vostede. E, emporiso, como a enganabamos! Vostede, co ardor dunha amiga que lle xoga unha mala pasada a unha íntima; eu, non sen certo remordemento (recoñézollo hoxe a vostede, inda que apenas non se notase daquela). E, para máis, este remordemento facíaseme inocente, tanto vostede se lle parecía... Pero para mellor, moito mellor! Todos os seus trazos, o seu donaire, cando por veces a ela se lle ocorría superarse realmente a si mesma. Eu era a tal un Xúpiter entre dúas Alcmenas, pero preferindo unha decote, inda que confundíndoa coa outra e, abofé, se algunha vez amei aquela que agora

Mais me voici trop bavard. Laissons le passé cruel et charmant ! Je suis chrétien, au fond ; et bien que païenne puisque femme, vous ne détestez pas que je prie, les yeux secs, dame ! pour la morte, et souffrirez certainement que la vivante.

Je lui baise ses mains comme au bon temps, en dedans, parmi les minces veines bleues à la commissure des poignets, dans le cœur formé par les gants boutonnés un peu plus haut et baillant à cette place adorée jadis *ad* œternum

UNE PENDULE

Dans la chambre quelconque d'hôtel où le sage vivait en attendant la fin d'affaires bien ennuyeuses, la pendule était toute particulière. Non qu'elle affectât telle ou telle forme excentrique ou simplement de plus mauvais goût que d'ordinaire toutes les pendules. Même le socle en était joli, de marbre blanc avec des coins de cuivre d'un guillochage simple et léger.

Un sujet en galvano bronzé représentait Paul sous un palmier, la main droite au-dessus des yeux, regardant tous les jours vers la mer et le cher vaisseau qui ne ramènera Virginie que pour le naufrage et pour la mort. Enfin à la considérer comme pure pièce d'horlogerie, elle marquait l'heure juste et allait d'accord avec tous les cadrans officiels de la ville.

L'originalité de cette pendule consistait en un phénomène fort simple d'ailleurs à expliquer ; un grain de poussière à chasser du timbre ou le verre du globe à reculer et c'était tout. Mais, lui ressentait douloureusement souvent, cruellement parfois. Jugez- en et ne riez pas trop de lui.

dorme, estou seguro, querida amiga, que foi abrazado a vostede.

Pero velaquí estou, paroleiro de abondo. Deixemos o pasado cruel e engaiolante. Eu son, no fondo, cristián; e anque pagá por ser vostede muller, non lle parecerá mal que eu rece, sen verter unha bágoa, ai! pola morta, e seguramente ha de soportar que á viva lle bique, coma nos mellores tempos, as palmas espidas das mans entre as delgadas veas azuis, na comisura dos pulsos, no corazón que forman as luvas abotoadas algo máis arriba e que se entreabren neste lugar adorado antano *ad* **æternum**.

RELOXO DE PÉNDULO

En calquera habitación de hotel onde o sabio vivía á espera da fin de asuntos ben incómodos, o reloxo de péndulo era bastante particular. Non que tivese esta ou aquela forma excéntrica ou simplemente de peor gusto ca de ordinario amosan todos os reloxos de parede. Incluso o zócalo era bonito, de mármore branco con cantos de cobre gravados en liñas entrecruzadas simples e superficiais.

Unha escultura en bronce galvanizado representaba a Paul debaixo dunha palmeira, coa man dereita en viseira, ollando cara ao mar día a día e ao prezado barco que só ha traer outra vez a Virxinia para o naufraxio e a morte. Finalmente, por considerala como simple peza de reloxería, daba a hora xusta e ía sincronizada con todos os reloxos oficiais da cidade.

A orixinalidade deste reloxo de péndulo consistía nun fenómeno realmente ben simple de explicar: unha carapola que quitar do timbre ou recuar o cristal da esfera, e isto era

La sonnerie était rauque, mate, sourde, commençait à sept heures et disait en coups secs, durs, sans nulle vibration comme la toux d'un poitrinaire, deux heures quand il en était huit, trois heures quand il en était neuf, et ainsi de suite, *frappant* contraste avec la sincérité des aiguilles et l'aspect tendre, gai, clair, avenant, du petit meuble en général.

Petit à petit toutefois ce contraste même lui plut amèrement, sévèrement si vous voulez. Il en vint, tant l'habitude de s'appesantir (ce qui n'est autre au fond que de s'appuyer) sur les choses, est pour l'esprit un don providentiel, il en vint, à force d'obstinées réflexions et de souffrance bien acceptée, à tirer de ce minime supplice, comme les forts savent le faire de tous les supplices, toute une philosophie qu'il serait ridicule de résumer en ce court essai, mais dont voici du moins les lignes essentielles :

Tu ressembles, dis-tu, à cette pendule ; tu lui ressembles trop ou plutôt pas assez. Trop, car tu détonnes. Bon, tu es mauvais ; vrai,

Verlaine. Ilustración de Edmond Aman-Jean

todo. Pero, a miúdo sentáballe dolorosamente, cruelmente ás veces. Xulgade o asunto e non vos riades moito del.

As badaladas eran graves, apagadas, xordas; comezaban ás sete e soaban secas, duras, sen ningunha vibración, igual cá tose dun tísico; daba as dúas cando eran as oito, as tres no canto das nove, e así deseguido, en contraste chocante coa sinceridade das agullas e co aspecto tenro, ledo, claro, afable, do mobliño en xeral.

Con todo, pouco a pouco, mesmo este contraste chegou a agradarlle amargamente, severamente se prefiren. E conseguiu, de tal xeito o hábito de insistir (o que, no fondo, non é outra cousa ca apoiarse) nos asuntos é para o espírito un don providencial, conseguiu, digo, a por de obstinadas reflexións e de sufrimento ben aceptado, sacar dese exiguo suplicio, como só os fortes o saben facer de todos os suplicios, toda unha filosofía que sería ridículo resumir neste pequeno ensaio, mais velaquí, ao menos, as liñas esenciais do mesmo:

Paréceste, dis, a este reloxo de parede; parécestelle demasiado ou máis ben bastante.

Verlaine. Fotografado por Dornac

tu parles faux ; pur, tu rauques en conduite. Quand les aiguilles de ta conduite sont droites la sonnerie de ta vie est absurde — et d'ailleurs désagréable à tous et haïssable à ceux qui pourraient t'aimer — ce qui est bien fait.

Pas assez, car ce Paul qui se prénomme comme toi, lui du moins attendait Virginie sous ce palmier et l'attendra toujours sur cette pendule.

Toi l'as-tu longtemps attendue ? Oui ; certes. L'attendras-tu toujours ? Oui, dis-tu. Moi, ta conscience, je te dis : allons donc !

Six heures : douze coups. Sept heures : un coup. Huit heures : deux coups.

Malheur ! ou Patience, c'est la même chose, n'est- ce pas ? dit la Pendule.

LES SOTS

La bonne journée que j'ai passée aujourd'hui ! Mon Dieu, la bonne journée.

J'avais justement feuilleté hier soir, pour la centième fois peut-être, un livre extrêmement spirituel de la fin du XVIIIe siècle anglais, et je m'étais endormi du sommeil inquiet, nerveux, que procurent d'ordinaire ces sortes de lectures. À mon réveil, pénible s'il en fut, une façon de Frontin-Jocrisse, qui est censé me servir de valet de chambre, m'avertit que quelqu'un désirait me parler. M'étant enquis, touchant le fâcheux, de son sexe seconde après mes deux mains accueillaient d'une étreinte longue, affectueuse et sincère au possible les deux mains gantées de chevreau puce du plus ineffable imbécile que je connaisse.

Demasiado, pois que desentoas. Ben, es malo; certo, non dis a verdade; puro, roncexas conduta. Cando as agullas do teu comportamento están rectas, o badaleo da túa vida é absurdo –e, ademais, desagradable para todos e odioso para aqueles que poderían quererte– e estache ben.

Non suficiente, xa que este Paul, que leva o mesmo nome ca ti, el, polo menos, esperaba por Virxinia debaixo desta palmeira e sempre a esperará neste reloxo de parede.

–E ti, agardáchela moito tempo?
–Si, claro.
–Agardarás por ela sempre?
–Agardarei –dis.
–Eu, en conciencia, dígoche: adiante pois!

Son as seis: doce badaladas. Son as sete: unha badalada. Son as oito: dúas badaladas.

–Desgraza ou Paciencia é o mesmo, non si? –di o reloxo de péndulo.

OS PARVOS

Que día tan bo pasei hoxe! Meu Deus, que día!

Xusto onte á noite folleei, por centésima vez ao mellor, un libro extremadamente espiritual de finais do século XVIII inglés, e quedei adurmiñado, cun sono inquieto, nervioso, que procuran a cotián este tipo de lecturas. Cando acordei, moi sobresaltado, unha sorte de bufón paiolo[10] que supostamente me fai de servente, advertiume de que alguén quería falar comigo. Logo de informarme o nome e o sexo do inoportuno, e unha vez que obtiven do

[10] Personaxes de comedia, que encarnan a imbecilidade e a torpeza máis acentuadas.

Cet excellent ami croit à l'infinitésimalité de la Science, est fort lancé dans les théâtres, professe pour tout ce qui n'est pas positif un mépris indicible, et, à ses moments perdus, s'occupe de la direction des aérostats. Par-dessus cela, bavard intarissable et confus. Vous ne devinerez jamais avec quelle joie je l'invitai à mon frugal déjeuner qu'il accepta, médis en sa compagnie de plusieurs personnages à qui nous devions, lui et moi, quelque reconnaissance, compliquée de quelque argent, et finalement l'accompagnai jusqu'à un rendez-vous très lointain qu'il avait. Non ! Ma félicité ne fut égalée que par mon attention hilare à lire sur les tables d'un cabaret du boulevard, dans lequel j'entrai un peu plus tard, quelques revues littéraires, artistiques et bimensuelles, bimensuelles surtout ! Ce dont il y était question, je ne m'en souviens que très vaguement ; au surplus, vous n'avez qu'à parcourir les revues bimensuelles littéraires et artistiques de ces deux prochains mois, et nos arrière-petits-neveux qu'à parcourir les revues analogues du siècle prochain, et vous serez tout aussi bien que moi au courant des opinions artistiques, littéraires et bimensuelles de Messieurs les rédacteurs des dites publications. Si ma mémoire est bonne, ces critiques éternellement actuels, injuriaient le génie, le talent et l'esprit au nom de théories dont, par exemple, je n'ai gardé aucune remembrance, sinon qu'elles provenaient d'une certaine ignorance renforcée d'une mauvaise foi plus certaine encore. Et puis, comme il faut que le plaisant succède au sévère, le grave au doux, et la poésie consolatrice à cette grondeuse, la logique, ces proses graves étaient suivies de jolis vers librement rimés où les bêtes à bon Dieu grimpaient et cabriolaient sur le cou, duveté comme une prune, de maintes mignonnes cousines à une foule de chers petits *nononcles*. Le tout, proses et vers, mis en œuvre par une si impayable niaiserie que

estraño informes que me agradaron, ordenei que entrase. Medio segundo despois, as miñas mans recibían coa máis longa, afectuosa e sincera aperta posible as dúas mans enluvadas de pel de cabrito pardento do máis inefable imbécil xamais coñecido.

Este excelente amigo cre na infinitesimalidade da ciencia, moi de moda nos teatros, e profesa por todo aquilo non positivo un desprezo indicible, e, no seu tempo perdido, ocúpase da dirección dos aeróstatos. Ademais diso, é un charlatán infatigable e confuso. Nunca adiviñaredes con que ledicia o invite á miña frugal comida, que aceptou, critiquei na súa compaña varios personaxes a quen debiamos, el e mais eu, certo recoñecemento, complicado con algún diñeiro e, finalmente, acompañeino ata unha cita abondo afastada que tiña el. Non, a miña felicidade só foi igualada polo meu interese en ler nas mesas dunha cafetería do bulevar, na que entrei un pouco máis tarde, algunhas revistas literarias, artísticas e bimensuais, bimensuais sobre todo! Do que trataban, non o recordo moi vagamente; como moito, non tedes máis que percorrer as revistas bimensuais literarias e artísticas daqueles dous seguintes meses, e os nosos sobriños bisnetos que percorrer as revistas análogas do próximo século, e estaredes ao corrente tanto coma min das opinións artísticas, literarias e bimensuais dos señores redactores de ditas publicacións. Se a miña memoria non falla, estes críticos eternamente actuais inxuriaban o xenio, o talento e as ideas no nome de teorías das que, por exemplo, non conservei ningunha lembranza, a non ser que proviñan dunha certa ignorancia reforzada cunha mala fe inda máis máis certa. E logo, como é mester que o agradable suceda ao severo, o grave ao amable, e a poesía reconfortante a esta contestataria, á lóxica,a estas prosas solemnes seguíanlles

j'y faillis mourir d'aise, comme je viens d'avoir l'honneur de vous le dire.

Dans ce même cabaret je pris une absinthe, puis une autre, puis une troisième, ce qui me donna l'appétit nécessaire pour aller dîner chez un petit journaliste pauvre de mes intimes, qui avait convié quelques-uns de ses confrères les plus éminents, et en même temps tout l'hébétement convenable pour hausser ma folle du logis au niveau de la conversation qui suivit cette agape de l'intelligence.

Je rentrai chez moi vers minuit, las, mais non rassasié de bêtise et, pour couronner une journée si bien remplie, n'allai-je pas rêver que toutes les héroïnes d'un théâtre célèbre par ses colonels m'épousaient à tour de rôle ?...

NOTES DE NUIT JETÉES EN CHEMIN DE FER

C'est décidément bête comme tout, ce mode de voyager, mais il a aussi son espèce de pittoresque qu'il s'agit de dégager en dépit des souvenirs si amusants des diligences de nos enfances, avec leur imprévu qui valait mieux que le prévu du chemin de fer, paysages gâtés par la vitesse, l'impossibilité de lire, l'horreur puante des tunnels et le froid qui règne naturellement entre voyageurs d'un instant, — sans compter le prévu d'accidents abominables dont n'eussent jamais osé rêver nos grands-pères, et cette peur !

La peur non seulement de la mort affreuse ou des navrantes blessures, mais la peur de la commotion morale, la peur de la peur, de la folie, de l'idiotisme. Au moins les accidents de voitures sont en quelque sorte humains, mais ceux-ci ! Quelque chose de démoniaque et

uns lindos versos rimados onde unha especie de bestas agatuñaban e cabriolaban sobre o pescozo, lanuxinoso igual ca unha ameixa, con incontables curmás moi feituqueiras e cunha morea de queridos *tíos*[11]. Todo, prosas e versos, executados cunha impagable estupidez que por pouco morro de gusto, como acabo de ter o honor de volo dicir.

Nesta mesma cafetería tomei un absintio, logo outro, logo un terceiro, o que me deu o apetito preciso para ir cear á casa dun xornalista pobre, dos meus íntimos, que convidara algúns dos seus colegas máis eminentes, e, ao mesmo tempo, toda a estolidez conveniente para realzar a miña tola da casa[12] ao nivel da conversación que veu despois deste ágape da intelixencia.

NOTAS NOCTURNAS INSPIRADAS POLO FERROCARRIL

É sen dúbida ben doado este xeito de viaxar, pero tamén ten un punto de pintoresco que trataremos de aclarar pese ás lembranzas tan divertidas das dilixencias da nosa nenez, cos seus imprevistos que eran mellores ca o fortuíto do ferrocarril, paisaxes perdidos a causa da velocidade, a imposibilidade de ler, o cheirento horror dos túneles e o frío que reina naturalmente entre viaxeiros de curto traxecto –sen contar accidentes posibles e atroces que na vida puidesen imaxinar os nosos avós. E logo o medo!

[11] No orixinal, "mononcles", en lugar de "mes oncles": os meus tíos (sing. "mononcle"). O mesmo sucede en feminino: "matantes" en vez de "mes tantes..." (sing. "matante") . Moi empregado no Québec, en lugar dos termos máis familiares en Francia, "tonton" e "tati" (tío e tía). Poden ter un sentido pexorativo, como colectivo, para persoas "cargantes", "verborreicas" "paifocas". Sinónimo raro tamén de "avellado/a".

[12] "La imaginación es la loca da la casa", expresión atribuída a Santa Teresa de Ávila. Tamén a Voltaire e a Malebranche.

d'absurde où ni l'adresse, ni le sang-froid ni le courage ne peuvent rien de rien.

Tout a été dit sur les diligences, excepté, peut-être, le charme des relais, le triomphe des entrées en ville, le clairon fanfaron, le chien loulou qui jappait du haut de l'impériale, et les longs et les bons dîners à l'auberge. N'importe, n'en parlons plus, puisque c'en est fait de ces impressions dernières de mes onze ans, comme de la guerre de Crimée qui avait lieu alors, comme de tant de choses de ces temps et de moi-même.

Tout au présent, Monsieur Moi, — ce qui ne veut pas dire tout à la joie, ni Monsieur l'Heureux ! —Tout au train, à ses secousses, à son obscurité rendue pire par la triste lampe à huile — ou fût-elle à gaz, — tout à mon crayon qui tremblote sur le blanc vague de mon carnet !

C'est peut-être Jud qui «dort» là-bas dans l'autre coin, préméditant de me voler les quatre sous qui pleurent dans mon porte-monnaie jadis plus cossu, — puis de jeter mon cadavre percé de balles ou lardé de coups de couteau par la portière et dans la nuit vertigineuse, — ou plutôt gageons qu'il se libre sur mon compte aux mêmes suppositions calomnieuses, en ce qui me concerne du moins. Il n'en est pas moins sincère et pourrait avoir raison.

Quel bruit de fer qui grince, de bois qui gémit, de vapeur qui s'enrhume ! Mais après tout, cela vaut peut-être mieux qu'une conversation par trop sotte, en supposant qu'il y eût quelque velléité de parler entre mon compagnon et moi.

On va si vite et si désagréable qu'on a l'air de fuir, non confortablement, à la diable, va comme je te pousse, comme des assassins ou

Non unicamente o medo da morte horrible ou de penosas feridas, senón o medo á conmoción moral, o medo ao medo, á loucura, á incapacidade. Polo menos, os accidentes de coche son, dalgún xeito, humanos; pero estes do tren! Algo de demoníaco e de absurdo onde, nin a habelencia, nin o sangue frío, nin a coraxe nada poden absolutamente.

Xa todo se dixo sobre as dilixencias, agás, talvez, o encanto das postas, o triunfo das entradas na cidade, a bucina fachendosa, o canciño *lulú* que ganía dende o alto da imperial, e as longas e boas comidas na pousada. Non importa, deixemos o tema, porque xa remataron as últimas impresións dos meus once anos, como da guerra de Crimea que tiña lugar por entón, e de tantas outras cousas daqueles tempos e de min mesmo.

Regreso ao presente, Eu, en persoa –o que non quere dicir á alegría, nin como o señor Feliz!–. Ao tren, ás súas sacudidas, á súa escuridade empeorada pola triste lámpada de aceite –ou sería de gas?–. Ao meu lapis que treme sobre o branco difuso do meu caderno!

Ao mellor é Jud[13] o que dorme alí, no outro costado, matinando en roubarme os catro patacóns que choromican no meu moedeiro outrora máis adiñeirado –despois de tirar o meu cadáver cosido de balas e ateigado de coiteladas pola porta e na noite vertixinosa–, ou, máis ben, apostemos que el se entrega ás mesmas suposicións calumniosas acerca de min. Non por iso é menos sincero e podería levar razón.

Que de ruído de ferro que renxe, de madeira que xeme, de vapor que se arrefría! Mais, despois de todo, iso é quizabes mellor ca unha

[13] "Jud", neste caso, abreviatura de Judges, nome inglés de persoa.

des voleurs, et, mon Dieu, cela flatte la chose mauvaise et vicieuse qui est en nous.

O les grandes routes du Moyen Âge pleines de potences et de chapelles !

conversa demasiado babeca, no suposto de que el tivese algunha veleidade de falar entre el e mais eu.

Imos tan á présa e é tan agradable que semellamos fuxir, non comodamente, de calquera xeito, sen pés nin cabeza, igual que asasinos ou ladróns, e, meu Deus, iso afaga ese lado vicioso que hai en nós.

Ai, os grandes camiños da Idade Media cheos de cadafalsos e de capelas!

Barbantia

ano XIV

Barbantia. Balance anual 2018

Pastor Rodríguez

Nova andaina, a catorce, de Barbantia no seu labor de promoción da cultura galega, que comprende as actividades realizadas durante este ano e que comezaron no mes de decembro do ano anterior en colaboración coa Editorial Toxosoutos a través da súa iniciativa ***Café con libros***, que se celebrou na Cantina da Lúa de Porto do Son os días 2, 8, 9, 16, 23 e 30 de decembro. Os autores que conversaron con Patricia Torrado foron Laura Rey, María del Carmen Rey Núñez, Rodrigo Costoya, Juan Parcero, X. Ricardo Losada e Milagros Torrado, que presentaron as súas obras: *As mans da terra, Escapados, Portosanto, Area nas mans, Bótame deste mar fóra* e *Da Moura á Sheela-Na-Gig*.

O 16 decembro tiveron lugar os **XI Premios Barbantia da Cultura**, a festa anual da asociación coa entrega dos galardóns e coa aparición do número trece do ***Anuario de Estudos do Barbanza***. O acto celebrouse no Cine Elma da Pobra do Caramiñal, coas intervencións do presidente de Barbantia, Manuel Cartea, da vicepresidenta, Isabel Santos, do alcalde da Pobra, Xosé Lois Piñeiro, e a deputada, Ánxela Franco, en representación da Deputación da Coruña. Conduciu o acto o dramaturgo Quico Cadaval, e a intervención musical correu a cargo do quinteto da **Banda de Música do Ateneo Municipal da Pobra**. Pero o acto tivo como verdadeiros protagonistas os premiados nesta XIª edición: na Traxectoria Cultural no Barbanza o gañador foi o narrador, dramaturgo e etnógrafo **Francisco A. Vidal Blanco**; na Iniciativa Cultural no Barbanza o galardón recaeu na **Asociación Cultural Francisco Lorenzo Mariño**, de Aguiño, e no seu nome recolleu o premio o seu presidente, Unai González, que foi arroupado polos membros da asociación e que, nun sentido discurso glosou o labor desta entidade e o seu compromiso cultural coa parroquia de Aguiño; xa, por último, recolleu o galardón o pintor **Manuel Romero**, de Noia, premiado no apartado de Cultura Galega, quen, na súa intervención, expresou o seu agradecemento porque o Barbanza recoñecese a súa traxectoria artística. Foi un acto moi concorrido e no que a deputada provincial Ánxela Franco, na súa intervención, salientou que *"sen cultura non somos nada, perdemos o saber quen somos e onde queremos ir"* e que *"non só de pan vive o home, sen alimentar a nosa alma non viviremos"*. Manuel Cartea e Isabel Santos debullaron os contidos do *Anuario Barbantia*, que nesta edición ía dedicado a quen fora vicepresidente da asociación, Carlos Mosteiro Fraga.

Actuación do quinteto da Banda de Música do Ateneo Municipal da Pobra

Intervención da deputada Ánxela Franco nos XI Premios Barbantia da Cultura. Na mesa, o alcalde Xosé Lois Piñeiro, a vicepresidenta de Barbantia Isabel Santos, e o presidente, Manuel Cartea

Intervención do presidente de Barbantia no acto dos Premios Barbantia e da presentación do XIII Anuario de Estudos do Barbanza

Unha parte do numeroso público asistente no acto

Quico Cadaval, presentador do acto, dirixíndose á mesa, coa proxección e os músicos ao fondo

Quico Cadaval falando do XIII Anuario de Estudos do Barbanza

Francisco A. Vidal Blanco, gañador do premio á Traxectoria Cultural do Barbanza, na súa XI edición

Unai González, presidente da Asociación Cultural Francisco Lorenzo Mariño, recibe o premio á Iniciativa Cultural no Barbanza de mans do presidente de Barbantia

Manuel Romero, noiés, flamante gañador do galardón no apartado da Cultura Galega, amosando o seu agradecemento

Quico Cadaval, Unai González, Francisco A. Vidal, Manuel Romero e Manuel Cartea

Os premiados, xunto coa deputada provincial, os alcaldes da Pobra, Noia, Porto do Son e Rianxo, músicos, compoñentes da mesa e algúns acompañantes

Pero o mes de decembro foi un mes moi ocupado para os socios e socias de Barbantia, xa que o día 21 acompañaron a **Antón Riveiro Coello** na presentación da súa obra ***Á sombra dos bonsais***, libro de microrrelatos, no Centro Social de Boiro. Ademais do alcalde de Boiro e do autor, interviron a editora, Malores Villanueva e os membros do Club de Lectura, *A Caramiña*. A actuación musical correu a cargo de **Pedro Campos**.

Antón Riveiro na presentación de *A sombra dos bonsais*, en Boiro

Antón Riveiro Coello, en plena faena asinando libros, co alcalde de Boiro, Juan José Dieste ao fondo

En Porto do Son na presentación de *Cando Pasou o que pasou*, de Rosario Regueira.
Na mesa, a autora xunto con Patricia Torrado, en nome de Toxosoutos, e Pastor Rodríguez, Barbantia

O 29 de decembro a cita de Barbantia foi en Porto do Son, no Club Náutico, para presentar a novela ***Cando pasou o que pasou***, de **Rosario Regueira Cereijo**, unha historia que dá voz aos vencidos e perseguidos, a clase obreira, na Galicia de 1936. Presentou o acto Xoán Pastor Rodríguez, quen felicitou a autora por crear unha novela capaz de retratar non só os derrotados, senón tamén os vencedores e os que se viron obrigados a sobrevivir. En nome da editorial Toxosoutos falou Patricia Torrado e a autora, que foi debullando os pasos que deu para escribir o libro. Seguiu logo un ameno coloquio sobre esta obra que transcorre entre Miño-Porto do Son e A Coruña.

Manuel Núñez Singala, Antón Riveiro e Herminia Pouso, no Lustres Rivas, presentando *Noite de temporal*

A mesa e parte da sala na presentación de *Noite de temporal*

Unha parte do público asistente á presentación

En primeiro plano, Ana Mª Guerra, representante da editorial Oqueleo. Ao fondo, o resto da mesa

XANEIRO

O 18 de xaneiro de 2018 no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira, **Manuel Núñez Singala** e **Barbantia**, en colaboración co concello ribeirán, presentaron a novela ***Noite de temporal***, con máis dun cento de asistentes. A novela, que narra a traxedia do naufraxio do Santa Isabel, foi presentada por Antón Riveiro Coello, que ilustrou a súa intervención con fragmentos da obra para amosar as claves do proceso creativo. Interviron tamén Ana Mª Guerra, a editora de Oqueleo e a concelleira de cultura Herminia Pouso.

Manuel Núñez Singala, autor do libro

Núñez Singala asinando os seus libros

Intervención musical no Auditorio de Rianxo na presentación de *O xardineiro dos ingleses*, de Marcos Calveiro. Ao fondo, a mesa co autor do libro, con Francisco Castro de Galaxia, Mª Xesús Blanco, Xerardo Agrafoxo e o alcalde, Adolfo Muíños. Máis ao fondo, Luís Noya, pintor

A fins de xaneiro celebráronse, como cada ano, os **Actos Castelao** en Rianxo, coa colaboración de Barbantia. O día 26, no Auditorio rianxeiro, o escritor **Marcos Calveiro** presentaba a súa novela ***O xardiñeiro dos ingleses*** e estivo acompañado polo editor de Galaxia, Francisco Castro, a vicepresidenta de Barbantia, Mª Xesús Blanco, o escritor Xerardo AgraFoxo e o alcalde de Rianxo, Adolfo Muíños. A novela ten como principal escenario o camposanto inglés de Rubiáns e sérvelle ao autor para expoñer o esplendor de Vilagarcía de finais do século XIX. Xerardo AgraFoxo salientou da novela a base histórica e a outra novela contida na obra, aquela que se ocupa do investigador que a vai construíndo, é dicir, unha visión metaliteraria que explicou o propio Marcos Calveiro, así como o proceso de creación, que partiu dunha reportaxe periodística sobre o xardiñeiro de Rubiáns, complementada cunha busca no arquivo fotográfico do concello de Vilagarcía. Mª Xesús Blanco puxo o acento sobre a coidada descrición da sociedade da época e a axeitada introdución de personaxes reais como o pintor Joaquín Sorolla e os escritores Castelao e García Lorca. O alcalde rianxeiro destacou a vinculación de Rianxo con Vilagarcía de Arousa a través da ría e da presenza da Armada inglesa. Durante o acto o pintor **Luís Noya** realizou unha versión do famoso retrato de Castelao feito por Casado, e os músicos **Ramiro Lamas** e **Tano Domínguez**, da Escola de Música de Rianxo, acompañaron a velada con música de jazz.

Este mesmo 26 de xaneiro, celebrouse a **Asemblea de Socios e Socias da A. C. Barbantia**, onde o presidente, Manuel Cartea, sinalou que no ano 2017 se realizaron máis de trinta actos. Comunicóuselles tamén aos socios a incorporación á directiva da escritora **Pilar Sampedro** e o anuncio de dúas actividades importantes para o 2018: as **Xornadas en Homenaxe a Anxo Rei Ballesteros** para conmemorar o décimo aniversario da súa morte, e a creación, co concello da Pobra do Caramiñal e a Editorial Galaxia, do **Premio Carlos Mosteiro de Literatura Infantil**.

Xerardo Agrafoxo, presente na mesa

María Xesús Blanco, interveniente no acto

Luís Noya, pintor rianxeiro, reproducindo o retrato de Castelao

Os membros da mesa, en pleno acto do Auditorio

O autor do libro, Marcos Calveiro, entretido na lectura do Suplemento cultural *A Voz de Barbantia*

Marcos Calveiro asinando libros

Panorámica xeral do escenario: músicos, mesa e pintor

FEBREIRO

O derradeiro venres de febreiro, día 23, Barbantia viaxou ao concello de Lousame para acompañar a **Aurora Marco** na presentación do libro ***De María Vinyals a María Lluria. Escritora, feminista e activista social***. O acto foi presentado por Pastor Rodríguez e, na mesa presidencial, acompañaron a autora Ana Blanco, Teresa Villaverde, alcaldesa de Lousame, e Patricia Torrado. Mais neste acto conmemorouse tamén o **Día de Rosalía**, á que se homenaxeou cunha intervención de **Ana Blanco**, expertan na vida e obra de Rosalía e vicepresidenta da Fundación Rosalía de Castro, quen interpretou varios poemas de *Cantares gallegos*. O acto contou coa colaboración de varios músicos da Banda Municipal de Lousame.

Aurora Marco, na presentación do seu libro *De María Vinyals a María Lluria*, en Lousame

Pastor Rodríguez Santamaría, mantedor do acto, presentando a autora, a Ana Blanco e á alcaldesa, Teresa Villaverde

Aurora Marco e parte do público asistente ao acto

Parte do público no acto referenciado

Ana Blanco interpretanto uns poemas de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro

Antonio Piñeiro, Miguel Anxo Fernán Vello, Fidel Vidal, Riveiro Coello e o alcalde, Ruíz Rivas na presentación de *Os coros da novena*, celebrada no Ateneo Valle-Inclán de Ribeira

Fidel Vidal, asinando libros, con Miguel Anxo de fotógrafo profesional ao fondo

MARZO

O 16 de marzo reunímonos en Ribeira para a presentación de ***Os coros da novena***, novela de **Fidel Vidal**. O acto foi unha colaboración entre Barbantia, o Ateneo Valle-Inclán e a editorial Espiral Maior. Acompañaron o autor o alcalde da cidade, Manuel Ruíz Rivas, os escritores Antonio Piñeiro, A. Riveiro Coello e o poeta e editor Miguel Anxo Fernán Vello. A novela é unha obra moi dura, que relata a historia dunha muller que sofre a represión no seu eido familiar, mesmo con abusos sexuais dun parente. Na conversa co autor intervi-ron tamén membros do público. Fidel Vidal aproveitou para anunciar un futuro traballo, *Prohibido aforcarse no cuarto de mamá*, a historia dun enfermo que sofre unha psicose delirante.

O 23 de marzo, a visita de Barbantia foi a Rianxo, para presentar a obra, ***Manuel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego***, de **Xosé Ricardo Losada**. Nun auditorio repleto de público e acompañados da música de **Graciela Boquete** e **Antón Alcalde**, glosaron a obra de Losada o académico Xosé Luís Franco Grande, que destacou que a obra presentada é e sería no futuro un referente para o estudo do autor de *De catro a catro*; o escritor Antón Riveiro Coello e o editor de Galaxia, Franscisco Castro, ademais de enxalzar enfaticamente a obra, conversaron co autor a fin de desentrañar tanto o argumento coma a técnica empregada. E pechou o acto o alcalde rianxeiro, Adolfo Muíños, quen gabou o labor cultural de concellos como Rianxo e de asociación como Barbantia;

Francisco Castro, Adolfo Muíños, Ricardo Losada, Xosé Luís Franco Grande e Antón Riveiro Coello

Parte do público na presentación de *Manuel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego*, de Ricardo Losada

Os cinco compoñentes da mesa, co autor no centro, todos satisfeitos do labor cumprido

Actuación musical de Graciela Boquete e Antón Alcalde, en directo, no Auditorio de Rianxo

Dúas lectoras noviñas e próximas literatas. E, seguro, futuras socias de Barbantia

Parte significada do público e amigos de tertulias e ágapes

ABRIL

No mes de abril, o día 2, Barbantia, o concello da Pobra do Caramiñal e a editorial Galaxia fixeron pública a presentación do **I Premio Carlos Mosteiro de Literatura Infantil**, coa intervención do alcalde da Pobra, Xosé Lois Piñeiro, o presidente de Barbantia, Manuel Cartea, a concelleira de cultura, Genoveva Hermo, o director de comunicación da Editorial Galaxia, Ismael Ramos, e a viúva de Carlos Mosteiro, Lourdes Briones Pouso.



Cartel do
Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro

Na presentación do Premio Carlos Mosteiro: Lourdes Briones, Manuel Cartea, Xosé Lois Piñeiro, Genoveva Hermo, Ismael Ramos e Pastor Rodríguez

Co cartel do *Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro* aparecen o alcalde da Pobra Xosé Lois Piñeiro, o presidente de Barbantia, a viúva do escritor, o representante de Galaxia e a concelleira de cultura

O 12 de abril a Asociación Cultural Barbantia, recibiu o **Premio de Boa Práctica de Xestión Cultural en Galicia**, concedido pola Deputación da Coruña e a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, pola actividade *Romaría das Letras Galegas no Barbanza*. O acto da entrega do galardón tivo lugar no local da Asociación Boirense de Empresarios coincidindo coa sétima edición do *Pecha Kucha*. Recolleu o premio, en nome dos socios, o coordinador de Barbantia, Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Este premio é froito do esforzo de todas as persoas que forman parte de Barbantia e que, ano tras ano, apoian todas e cada unha das actividades realizadas.

Pastor Rodríguez, coordinador xeral de Barbantia, recibindo de mans de María Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación da Coruña, o *Premio de Boa Práctica de Xestión Cultural en Galicia*

Os premiados e os seus representantes no local da Asociación Boirense de Empresarios, onde se celebrou o acto, xunto coa vicepresidenta Goretti Sanmartín

Pastor Rodríguez, representante de Barbantia, e o resto da abarrotada sala

Pastor Rodríguez, Goretti Sanmartin, Santiago Freire, entre outros premiados e convidados ao acto

Foto de familia dos premiados nun acto que coindidiu coa sétima edición do Pecha Kucha, e con Goretti Sanmartín no centro da imaxe

Pastor Rodríguez, Manuel Cartea, Moncho Ares e o escultor Che Tembra, asistentes ao acto boirense

María Xosé Couce Caneiro, Pastor e Suso Laíño, posando no acto

Emilio Pérez Outeiral, Daniela Martínez, Esther Carrodeguas e Pepa Barreiro, no acto de presentación de *Na butaca. Fantasía nº 3 en Dor Maior*, no Lustres Rivas de Ribeira

O 27 de abril, no Centro Cultural Lustres Rivas, de Ribeira, presentouse a obra ***Na butaca. Fantasía nº 3 en Dor Maior***, de **Esther F. Carrodeguas**, que estivo acompañada por Isabel Gey, Daniela Martínez, Pepa Barreiro e o tenente de alcalde de Ribeira, Emilio Pérez Outerial. Os asistentes tiveron o privilexio de presenciar a representación dun fragmento da obra a cargo da actriz **Pepa Barreiro**. A autora sinalou que a obra é toda unha acoutación, un libro moi escénico sobre a enfermidade da demencia, chea de feitos reais poetizados e con certa crítica encuberta ás institucións.

Esther Carrodeguas, a autora da obra, ao natural

A mesa con parte do público nun intre do acto no que está a falar Pepa Barreiro

Patricia Torrado, Pilar Sampedro, Domingo Regueira, Manuel Cartea, Suso Laíño e Moncho Ares, moi atentos ao acto

Pepa Barreiro, nunha maxistral interpretación de parte da obra de Esther Carrodeguas, *Na butaca*

Escena de danza na VIII Romaría das Letras no Barbanza, celebrada este ano no parque d'A Cachada, Boiro

Un stand de libros, dos moitos e variados que asistiron á Romaría

MAIO

E o 17 de maio chegou outro dos días fortes para Barbantia, a **VIII Romaría das Letras no Barbanza**, celebrada nesta ocasión no parque d'A Cachada –a causa das obras de restauración iniciadas recentemente no Pazo de Goiáns–, na que se presentaron os libros: ***Alma e o mar***, de **F. Fernández Naval** e ***Cartas a María Victoria Moreno***, de **Ánxela Gracián**. Durante todo o día, dende as 11.00 ata as 22.00 h, un continuado devir de actividades ininterrompidas, con actuacións de música e danza tradicionais, teatro a cargo do grupo **Airiños** de Rianxo, xogos tradicionais, artesanía, e actividades lúdicas e gastronómicas.

F. Fernández Naval, autor de *Alma e o mar*, xunto con Pastor Rodríguez, Che Tembra e Manuel Cartea, na VIII Romaría das Letras do Barbanza

Un primeiro plano das Palilleiras galegas: *Revolteir@s* en plena función e moi atarefadas

Che Tembra, Manuel Cartea, Pastor Rodríguez e Carmela Queijeiro, todos de romaría

Photocall exposición Letras Galegas 2018 dedicadas a María Victoria Moreno

Cartaz da VIII Romaría das Letras no Barbanza

As palilleiras galegas, as *Revolteir@s*, acompañadas doutros romeiros/as, no parque da Cachada, o día das nosas Letras do Barbanza 2018

O 25 de maio Barbantia acudiu a Rianxo, esta vez para presentar ***Poesía mínima. Minimal Poetry***, haikus de **Helena Villar Janeiro** acompañados de fotografías da mesma autora. A presentación da obra correu a cargo de Pastor Rodríguez, quen destacou a unión de palabra e imaxe e o papel necesario para a vida que cumpre a poesía, que profunda a experiencia vital. Estivo a autora tamén acompañada polo editor Henrique Alvarellos e a concelleira de cultura Raquel García. Helena Villar, na súa intervención, fixo un canto a Rianxo e o seu amor pola cultura.

Pastor Rodríguez, Raquel García, Helena Villar e o editor, Henrique Alvarellos, na presentación en Rianxo de *Poesía Mínima. Minimal Poetry*

Henrique Alvarellos presentando o libro de Helena Villar, co resto da mesa atento

Aitana Alcalde Ares (fagot) e Félix Iago Rodríguez Ramos (bombardino), da Escola de Música de Rianxo. Música de vento

Helena Villar asínalle a Pastor o seu libro de poesía. Henrique e Raquel afinan conceptos na retagarda

O presidente de Barbantia dá instrucións sobre a *Ruta dos Pazos*, a piques de saír do Pazo de Goiáns, de 22 km de percorrido

XUÑO

Barbantia organizou a **Ruta dos Pazos** realizada no concello de Boiro o 3 de xuño, unha actividade que contou coa colaboración de varias entidades como o Concello de Boiro, o Club de Montaña do Barbanza Vintedouspés e Autos R. Outeiral, e que foi patrocinada e animada singular e exemplarmente pola Correduría de Seguros García Sánchez de Boiro, que se ocupou así mesmo da intendencia durante todo o traxecto. Esta actividade foi todo un éxito, contando coa participación de máis de 250 persoas.

Cartel da *Ruta dos Pazos*, celebrada en Boiro o 3 de xuño de 2018

Participantes da Ruta preparados para facer camiño

Xosé Manuel Vázquez Lijó, Queté, autor de *Luces da casa de Goiáns no Antigo Réxime*, informa da historia do Pazo antes de saír

Pastor Rodríguez, Santiago Freire, Xesús Laíño e José Pérez, na presentación na Casa da Cultura de Noia de *21 Años*, de Manuel Millares Vázquez

Sketch de Serafín Marcos na presentación da obra de Manuel Millares, na Casa da Cultura Avilés de Taramancos

O 15 de xuño presentouse na Casa de Cultura Antón Avilés de Taramancos de Noia ***21 Años***, unha novela inédita, do narrador galego-cubano **Manuel Millares Vázquez**, en colaboración co concello de Noia. A novela conta cun prólogo do sobriño do autor, o escritor norteamericano **Robert Lima**. Presentou a novela Pastor Rodríguez, quen subliñou o deber cultural de recuperar as obras inéditas dos autores do Barbanza, ademais de falar do papel do narrador Manuel Millares nas letras cubanas. A obra foi ilustrada polo artista noiés **Nacho C. Beiro**. No acto interviron Xesús Laíño, o alcalde de Noia, Santiago Freire, e o concelleiro de Cultura, José Pérez. A intervención musical estivo a cargo de **Serafín Marcos**.

O 29 de xuño Barbantia volveu a Ribeira para presentar o libro ***Eugenia Osterberger. A compositora galega da Belle Èpoque 1852-1932,*** de **Beatriz López-Suevos** e **Rosario Martínez**, que inclúe un CD con obras da compositora galega, ata agora esquecida. Os asistentes puideron disfrutar dalgunha das pezas musicais do libro interpretadas pola soprano **Susana de Lorenzo**. Na mesa acompañaron ás autoras a profesora Aurora Marco, quen destacou que tamén no eido musical as compositoras estiveron agochadas, e a socia de Barbantia, Daniela Martínez. Pechou o acto o alcalde de Ribeira, Manuel Ruíz Rivas.

Daniela Martínez, Aurora Marco, Manuel Ruíz, Rosario Martínez, Beatriz López-Suevos e Susana de Lorenzo, presentando *Eugenia Osterberger. A compositora galega da Belle Époque 1852-1932*

As compoñentes da mesa na presentación do libro acompañadas polo alcalde de Ribeira, Manuel Ruíz Rivas

XULLO

Este ano 2018, a A. C. Barbantia non tivo o habitual descanso por vacacións de verán, xa que tanto en xullo coma en agosto seguiu programando e participando en diversas e novas actividades:

-O 5 de xullo, na Libraría Nobel de Boiro, Barbantia participou na *première* da presentación do libro de viaxes, ***O país sen fronteiras. Trinta días a través do Senegal***, de **Xerardo AgraFoxo**. O autor estivo acompañado por Antón Riveiro Coello e Alberte Pagán, ademais da representante de Galaxia, Malores Villanueva, e a libreira Rosa Tubío.



Antón Riveiro, Malores Villanueva, Xerardo Agrafoxo e Alberte Pagán, na presentación de *O país sen fronteiras. Trinta días a través do Senegal*. Na libraría Nobel de Boiro

Parte do público no acto da presentación d'*O país sen fronteiras*

Descubrimento da placa da rúa dedicada a Carlos Mosteiro, na Pobra do Caramiñal

Participantes no Obradoiro de ilustración de *Unha bruxa ben rara*, nos xardíns da Pobra

Francisco Castro entrega o I Premio Carlos Mosteiro de Literatura Infantil á escritora Patricia Mallo

Os día 6, no Auditorio Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal, celebramos as **I Xornadas de Literatura Infantil Carlos Mosteiro**. O achegamento á obra do autor correu a cargo da académica, profesora e escritora **Fina Casalderrey** e da profesora e especialista en literatura infantil e xuvenil da USC, **Blanca-Ana Roig Rechou**. Ese mesmo día, ao final das conferencias entregouse o I Premio Carlos Mosteiro de Literatura Infantil, que gañou **Patricia Mallo** coa obra *Os Fantom*. Ao día seguinte, nos xardíns Valle-Inclán da Pobra desenvolveuse un **obradoiro de ilustración *"Unha bruxa ben rara",*** e descubriuse así mesmo a placa na rúa dedicada ao escritor **Carlos Mosteiro**.

Paola García Paz e Manuel Cartea durante a exposición equina na Casa de Cultura Ramón Martínez López de Boiro

O 12 de xullo, na Casa de Cultura Ramón Martínez López de Boiro, presentouse a exposición de **Paola García Paz** e o libro-catálogo que recolle a obra plástica ee García Paz acompañada de quince poemas de Manuel Cartea, un por cada imaxe, titulado ***Poemas equinos***. O escritor Antonio Piñeiro realizou unha glosa da obra plástica e os poemas da exposición. Tamén estivo no acto o alcalde de Boiro, Juan José Dieste, que pechou o acto.

Paola García e Manuel Cartea, xunto con parte do público, na exposición das pinturas de Paola e do libro-catálogo *Poemas equinos*

O 21 de xullo Barbantia colaborou coa Fundación Museo de Artes do Gravado na exposición de **Rosa Odenwalder,** inaugurada ese día no Club Náutico de Ribeira, e que levaba por título ***"Retratos dos 30 magníficos da Música Clásica"***. Contou na presentación coa presenza dos artistas Jontxu Argibay e Manuel Ayaso, ademais de representantes do concello e do Club Náutico de Ribeira.

Rosa Odenwalder, pintora, na súa exposición *Retratos dos 30 magníficos da Música Clásica*, no Club Náutico de Ribeira

A autora, con membros do Club Náutico, do Concello e de Barbantia

Panorámica da sala durante a exposición, con numeroso público presente

Ovidio Queiruga, Manuel Mariño e Manuel Cartea
na presentación de *Petróglifos da parroquia de Baroña (Porto do Son)*

AGOSTO

O 10 de agosto participa noutro acto, nesta ocasión colaborando coa CCMM de Baroña para presentar o libro de **Manuel Mariño del Río,** titulado ***Petróglifos da parroquia de Baroña (Porto do Son)***. O autor sonense estivo acompañado polo presidente de Barbantia, Manuel Cartea e polo presidente da CCMM, Ovidio Queiruga.

Un momento distendido da presentación
do libro de Mariño del Río

Parte do público de comuneiros e comuneiras
na presentación do libro de Mariño del Río

Pastor Rodríguez presentando BarbantiaRte VI, no Museo do Gravado de Artes

O grupo Barahúnda, Helena de Alfonso e Jose Lara, en plena interpretación dunha peza musical

SETEMBRO

Os días 7 e 8 de setembro, no Museo do Gravado de Artes (Ribeira) celebrouse o ***Encontro de Creadores e Creadoras no Barbanza: BarbantiaRte VI*** onde se reuniron máis dun cento de persoas para acompañar os artistas participantes na exposición *BarbantiaRte VI* e a presentación do catálogo desta mostra onde se recolle a obra de setenta e cinco creadores. A inauguración da exposición tivo lugar o día 7 e estivo a cargo de Aurora Marco, o director do Museo do Gravado, Pastor Rodríguez, o presidente de Barbantia, Manuel Cartea, a deputada provincial Ánxela Franco e o Tenente de Alcalde ribeirán, Emilio Pérez Outeiral. Ao día seguinte, o 8 de setembro, tivo lugar a presentación do volume ***Pegadas sobre papel. O gravado galego no Museo do Gravado de Artes***, de **Miriam Elena Cortés López**, editado pola Fundación Museo do Gravado de Artes e que estuda os artistas galegos máis significativos na colección do museo e clasifica máis de setecentos gravados. Acompañaron á autora, Soledad Penalta, Ánxela Franco, Manuel Cartea e Herminia Pouso.

Os presentadores do encontro, Ánxela Franco, Emilio Pérez Outeiral, Pastor Rodríguez, Aurora Marco e Manuel Cartea, con parte do público

O público aplaudindo no evento do Museo de Artes

O Grupo Barahúnda en plena actuación

O colectivo SAK, Sara Willisch e Rubén Sánchez, en plena performance

Momento da performance de Rubén Sánchez

Pastor Rodríguez presenta o catálogo *Pegadas sobre papel. O gravado galego no Museo do Gravado de Artes.* Na mesa, Soledad Penalta, Herminia Pouso, Miriam Cortés e M. Cartea

Os compoñentes da mesa e o parte do público na presentación do catálogo

Herminia Pouso, Miriam Elena Cortés e Soledad Penalta, conversando

O público asistente ao evento

Antón Riveiro, Malores Villanueva e Xerardo Agrafoxo,
na presentación no Coliseo Noela do seu libro *O país sen fronteiras. Trinta días a través do Senegal*

Xerardo Agrafoxo explica as imaxes
da súa viaxe polo Senegal

O 28 de setembro, no Teatro Coliseo Noela de Noia, **Xerardo AgraFoxo** presenta ***O país sen fronteiras. Trinta días a través do Senegal***. A conversa co autor correu a cargo de Antón Riveiro Coello e a organización audiovisual foi cousa de **Suso Xogaina**. O grupo de danza ***Oitos*** puxo a actuación artística.

Momento álxido da interpretación do ballet
no Teatro Noela

Xerardo Agrafoxo le un parágrafo do seu libro,
con fonde de ballet

Pastor Rodríguez distribúe o Suplemento Cultural
A Voz de Barbantia entre o público

OUTUBRO

O 5 de outubro, no Museo Valle-Inclán, Barbantia estivo presente, en colaboración co museo, na exposición de **Domingo Regueira** que levaba por título ***Borranchos. Aproximación á obra de Valle-Inclán***, na que tamén se presentou o catálogo da exposición. Interviron a concelleira Genoveva Hermo, Manuel Cartea, Manuel Teira, Antonio González Millán e o propio artista, Domingo Regueira.

Domingo Regueira na súa chegada recibido por Generosa Mugico e Pastor Rodríguez

Manuel Teira, Cartea, A. González Millán, Genoveva Hermo e Domingo Regueira

Numeroso público na inauguración da exposición de Domingo Regueira

Domingo Regueira acompañado coa súa familia

Suso Laíño, Manuel Cartea, Genoveva Hermo, Malores Villanueva e Xosé Lois Piñeiro nas Xornadas Homenaxe a Anxo Rei Ballesteros, coa presentación da novela *Dezanove badaladas*, na Pobra do Caramiñal

O 17 de outubro, estamos de novo na Pobra, no Auditorio Valle-Inclán, para as ***Xornadas Homenaxe Anxo Rei Ballesteros***, nas que Xesús Laíño presentou a novela inédita do autor homenaxeado, ***Dezanove badaladas***. Interviron a editora de Galaxia, Malores Villanueva, a concelleira Genoveva Hermo e o alcalde da Pobra, Xosé Lois Piñeiro. A actuación musical estivo a cargo de **Cris Román**. Destacouse neste acto a riqueza lingüística da novela e a competencia literaria de Anxo Rei, que escribiu esta novela con dezasete anos.

Suso Laíño, no acto homenaxe a Rei Ballesteros, presentando a novela *Dezanove badaladas*

A viúva do escritor, María Xesús, con Cris Román e Fontán, no acto a Rei Ballesteros

Suso Laíño, Xosé Lois Piñeiro, Malores Villanueva e Genoveva Hermo, na mesa do acto de presentación da novela inédita de Rei Ballesteros

Cris Román, interpretando unha das súas cancións no acto a Rei Ballesteros

Cartel do seminario sobre a Memoria "Omesomonte", celebrado no IES Félix Muriel

O 19 de outubro, Barbantia colaborou no ***IX Seminario sobre a Memoria "OMESÓMONTE"***, no IES Félix Muriel de Rianxo, e que se celebrou, ademais de no concello rianxeiro, nos concellos de Quilmas, O Pindo e Carnota durante os días 19, 20 e 21 de outubro. Na súa apertura participou o presidente de Barbantia, Manuel Cartea.

Os compoñentes da mesa do seminario, na súa presentación

Un intre de pausa do seminario da Memoria, con Adolfo Muíños no centro da imaxe

Algúns dos asistenes ao Seminario da Memoria no Félix Muriel

Manuel Castelao, na conferencia "*A nebulosa do Anxo: Loaira revisitada*" que impartiu no Museo Valle-Inclán da Pobra, en homenaxe a Rei Ballesteros

O 24 de outubro continuaron as ***Xornadas Homenaxe Anxo Rei Ballesteros*** coa conferencia de **Manuel Castelao**, que levaba por título ***"A nebulosa do Anxo: Loaira revisitada"***, un estudo anovador sobre a novela publicada en 1992, e unha das obras máis importantes da narrativa galega. Acompañaron o poñente, Isabel Santos, Xosé Lois Piñeiro e Genoveva Hermo. Para pechar este día contamos co grupo musical **Barahúnda**.

O grupo Barahúnda interpretando en homenaxe a Rei Ballesteros

O 26 de outubro, Barbantia estivo en Boiro, no Centro Social, para presentar ***Vértice de versos. Os poetas de Galicia adéntrannos na lírica do novo milenio***, un documental de **Carlos Lorenzo**, presente no acto e acompañado de Encarna Pego e Alberto García. Documental atractivo para amosar a situación da poesía galega de hoxe na voz de Gonzalo Hermo, Ismael Ramos, Yolanda Castaño, Fernán Vello, Rosalía Fernández, Eduardo Estévez, Emma Pedreira, Luís González Tosar, e os críticos Armando Requeixo e Teresa Seara.

Na presentación de *Vértice de Versos*. Na mesa, Alberto García, Encarna Pego, Carlos Lorenzo (autor), e o concelleiro de Boiro, Nolo Romero

Os compoñentes da mesa para falaren do documental

Dúas asistentes ao acto co Suplemento Cultural d'*A Voz de Barbantia*

O 28 de outubro remataron as ***Xornadas Homenaxe Anxo Rei Ballesteros*** coa inauguración da rúa dedicada ao escritor na Pobra, a descuberta dun monólito en granito do escultor pobrense, **Manuel Teira**, e cun acto literario-musical na Praza do Emigrante, consistente nunha lectura de textos de Anxo Rei. Contou coa presenza da deputada provincia Ánxela Franco, Manuel Cartea, Cristina Andrade, Genoveva Hermo, Emilio Castro, Xesús Laíño, Isabel Santos, Daniela Martínez, do alcalde, Xosé Lois Piñeiro e outros amigos e amigas do autor homenaxeado. A actuación musical estivo a cargo do grupo de gaitas **Xiada** e do cantautor e amigo do homenaxeado, **Tato**, que cantou os temas que Anxo Rei traducira de Bob Dylan.

Isabel Santos le un parágrafo dunha obra de Rei Ballesteros na súa homenaxe

Emilio Castro le un anaco da obra de Ballesteros a carón de autoridades e amigos, en homenaxe a Rei Ballesteros

Manuel Teira, amigo de Rei Ballesteros e autor da escultura na súa homenaxe fala das súas vivencias conxuntas

Cartaz anunciador das Xornadas Homenaxe Anxo Rei Ballesteros

Autoridades e amigos de Rei Ballesteros, ao final da inauguración do monólito na honra do escritor e filósofo

Ricardo de Barreiro, escritor e actor, presenta a súa obra de poesía ilustrada (audiopoemas) *A + A*, no Centro Social de Boiro

Momento do acto de Ricardo de Barreiro no Centro Social

NOVEMBRO

O día 16 de novembro, no Centro Social da vila boirense, Barbantia convocou a socios e socias á presentación do audio-libro ***A+A*** de **Ricardo de Barreiro**, unha obra ilustrada que o autor recitou para os asistentes, e que conta con soporte sonoro dixital.

Suso Laíño e demais público no acto de presentación de *A + A*

Ricardo Barreiro e mais o público da sala

Na librería LER, da Pobra, presentación do libro *Onde está a miña escola? Mino*, de Maximino Pérez Abuín. Con el, María Xesús Blanco e Cipriano Pose

Rematamos novembro, o día 30, na Libraría LER da Pobra, coa presentación da novela infantil ***Onde está a miña escola? Mino***, de **Maximino Pérez Abuín**, quen estivo arroupado pola vicepresidenta de Barbantia, Mª Xesús Blanco e polo libreiro Cipriano Pose, nun acto no que o público participou activamente con preguntas ao autor e outras referencias a vivencias análogas ás que vive o protagonista do libro. Un acto escorado cara á lembranza e a nostalxia dos/as presentes.

Esta andaina cultural da Asociación Cultural Barbantia dende decembro do ano 2017 a novembro de 2018 estivo sempre acompañada pola edición de ***A Voz de Barbantia***, dez números do suplemento cultural que suman xa 139.

Ademais, o labor da Asociación ten continuidade cotiá coa publicación de traballos na Web, Café Barbantia, coas máis variadas temáticas e autorías, o que supón contribuír, amplificar e espallar cada día á cultura barbanzá. Alí onde haxa un/unha compatriota que nos lea, o nome de Barbanza renace e concrece. Ese é o noso obxectivo: arredor de nós, con todos e por todo o mundo.

As fotografías de La Voz de Galicia son da autoría de Carmela Queijeiro, Marcos Creo e Dani Gestoso. O noso agradecemento á Nova Escola Galega pola cesión das fotos do IX Seminario sobre a Memoria.

Chus Blanco, o autor do libro e Cipriano Pose, falando de literatura

Vista do local, co público e os compoñentes da mesa ao fondo, na presentación de *Mino*

O público, numeroso, que asistiu á presentación, atento ao que se di e intervindo activamente

Maximino asinando libros de *Mino* a esgalla

RELACIÓN DE SOCIAS E SOCIOS

1. Mª Dorinda Abuín Ces, **2.** Estefanía Ageitos Iglesias, **3.** Agustín Agra Barreiro, **4.** José Ramón Agrafoxo Pérez, **5.** Xerardo Agrafoxo Pérez, **6.** Xosé Lois Agrelo Hermo, **7.** José Manuel Alborés Mariño, **8.** Óscar Alcalde Carou, **9.** Mª Concepción Allut Vidal, **10.** Fernando Alonso Romero, **11.** Xosé Álvarez Castrelo, **12.** Ana Amado Reino, **13.** María Cristina Andrade González, **14.** Ana E. Arca Camba, **15.** Ramón Ares Noal, **16.** Purificación Arias Vázquez, **17.** María Xesús Armada Castaño, **18.** María Dolores Arxóns Álvarez, **19.** Asociación Balandro Joaquín Vieta **20.** Simón Balvís Freire, **21.** Clara Barge Estévez, **22.** Pablo Barreiro, **23.** Xosé Manuel Barreiro Insua, **24.** María Isabel Barros Pazos, **25.** Biblioteca Fundación Penzol, **26.** Biblioteca Xeral da USC, **27.** Francisco Blanco Alcaide, **28.** José Manuel Blanco Castro, **29.** Fernando Blanco Lado, **30.** María Xesús Blanco López, **31.** José Manuel Blanco Romero, **32.** Ramón Ricardo Boo Puente, **33.** Carlos Branco Ansoar, **34.** Xosé Ramón Brea Rei, **35.** Mª Dominga Brión Sanmiguel, **36.** Francisco Xosé Bugallo Otero, **37.** C.E.I.P. Santa María do Castro, **38.** Rosa María Caamaño González **39.** Manuel Caamaño Suárez, **40.** Xosé Manuel Cairo Antelo, **41.** Xosé María Cal Vázquez, **42.** Carlos Manuel Callón Torres, **43.** Dolores Calo García, **44.** Ana Cambeiro Cambeiro, **45.** Jorge J. Campaña Dieste, **46.** Domingo Ramón Campos Alborés, **47.** Anxo Santiago Campos Pena, **48.** María Xosé Canitrot Trillo, **49.** Ramón Carredano Cobas, **50.** Juan Carril Miguéns, **51.** Manuel Cartea Gómez, **52.** José Ramón Casais Romero, **53.** Román Castaño García, **54.** Eva Castaño Torrado, **55.** Antonia Castelo Lampón, **56.** Jesús Manuel Castro Fernández, **57.** Emilio Castro Fustes, **58.** Herminda Castro Lage, **59.** Anxos Castro Parada, **60.** Xavier Castro Rodríguez, **61.** Guillerme Caxaraville Arauxo, **62.** Centro Empresarial da Construción do Barbanza, **63.** Centro Ramón Piñeiro, **64.** Centro Recreativo e Cultural de Artes, **65.** Cep Pilar Maestú Sierra, **66.** Manuel Ces Canle, **67.** Sonia Ces García, **68.** Cornelia Ces Miranda, **69.** Adelina Ces Quintáns, **70.** Javier Jesús Ramón Chouza Gestoso, **71.** María Jesús Cobas Paz, **72.** Colexio Jaime Balmes, **73.** Xosé Comoxo Rodríguez, **74.** Concello da Pobra do Caramiñal, **75.** Concello de Boiro, **76.** Concello de Lousame, **77.** Concello de Noia, **78.** Concello de Outes, **79.** Concello de Porto do Son, **80.** Concello de Rianxo, **81.** Concello de Ribeira, **82.** Justo Cortizo Sóñora, **83.** Alfonso Costa Beiro, **84.** Xesús Costa Rodil, **85.** María José Couce Caneiro, **86.** Jaime de Los Ríos Hernández, **87.** Xosé Deira Triñanes, **88.** Faustina Dieste Sánchez, **89.** Juan J. Dosil Martínez, **90.** Ánxela Doval Méndez, **91.** Daniel Ermo Sanches, **92.** Xaquín España Fernández, **93.** María Teresa Esperante Lens, **94.** Francisco Javier Espino Domarco, **95.** Eduardo Xerome Estévez Agrafoxo, **96.** Manuel Fajardo Piñeiro, **97.** Xoán Fernández, **98.** María Esther Fernández Carrodeguas, **99.** Cipriano Emilio Fernández Fernández, **100.** Manuel Fernández Maneiro, **101.** María Eugenia Fernández Rebollido, **102.** Graciela Fernández Rebollido, **103.** Francisco Fernández Rei, **104.** Serafín Fernández Villanueva, **105.** Luís Ferreirós Blanco, **106.** Guillermina Ferrol Martínez, **107.** Roberto Figueira Martínez, **108.** José Alberto Figueiro Resúa, **109.** María Isabel Fontano Fernández, **110.** Fundación Rosalía de Castro, **111.** Gustavo García Dieste, **112.** Rafael García García, **113.** Silvia García Mirón, **114.** Paula Susana García Paz, **115.** Victoria de los Ángeles García Peinó, **116.** Emilio García Pérez, **117.** García Rodiño, S. L., **118.** Alberto García Sánchez, **119.** Xoán Francisco García Suárez, **120.** Nieves García Vidal, **121.** Pedro García Vidal, **122.** Íria Gestoso Ríos, **123.** Xosé Anxo Gómez Figueira, **124.** Eugenia Gómez Vidal, **125.** Alfonso José González Asenjo, **126.** Manuela Sofía González Lestón, **127.** Manuel González Lorenzo, **128.** Unai González Suárez, **129.** Félix González Túñez, **130.** Gráficas Garabal S. L., **131.** Xosé Luís Groveiro González, **132.** María Gude Sampedro, **133.** Xulio Gutiérrez Roger, **134.** Xan Hermida Bouza, **135.** Josefa Hermo Insua, **136.** Genoveva Hermo Sánchez, **137.** Ies Coroso, **138.** Ies Espiñeira, **139.** Ies Nº1 de Ribeira, **140.** Ies Praia Barraña, **141.** Ies Virxe do Mar, **142.** Jesús Román Laíño Briones-Arén, **143.** Fernando Ramón Lavandeira Suárez, **144.** Xoán Xosé León Martínez, **145.** Xoán León Vidal, **146.** Manuel Lestón González, **147.** Mª Aurora Lestón Mayo, **148.** Xosé Manuel Lobato Martínez, **149.** Carlos Mª López del Río, **150.** Amalia López Louro, **151.** Xabier López Marqués, **152.** María Luísa López Otero, **153.** Juan Ramón López

Oviedo, **154.** Gloria López Paz, **155.** Charo López Sánchez, **156.** Xosé Antonio López Silva, **157.** Jesús Lorenzo Cespón, **158.** Severiano Loroño Viazcoechea, **159.** Xosé Ricardo Losada Vicente, **160.** Marina Losada Vicente, **161.** María Loureiro Piñeiro, **162.** Aurora Marco López, **163.** Aurelia Mariño Blanco, **164.** Esperanza Mariño Davila, **165.** Manuel Mariño Del Río, **166.** Xoán Mariño Reino, **167.** María José Maroñas Sóñora, **168.** Andrés Martínez Cao, **169.** Lidia Martínez Fernández, **170.** Jesús Martínez Moledo, **171.** Edmundo Martínez Muñiz, **172.** Mª Consuelo Martínez Pérez, **173.** Daniela Martínez Somoza, **174.** Ángeles Miguéns Cristobo, **175.** Mónica Paula Montero Parcero, **176.** María Del Pilar Morales Pérez, **177.** José Luis Mouriño Miguéns, **178.** Adolfo Muíños Sánchez, **179.** Mariano Muñiz Blanco, **180.** Museo Do Gravado De Artes, **181.** Avelina Neiro Cuencio, **182.** Santiago Nieto Romarís, **183.** Xosé Manuel Nóvoa Collazo, **184.** Hadriana Ordóñez Otero, **185.** Mari Carmen Ordóñez Rey, **186.** Marusela Outeda Caneda, **187.** Ramiro Ouviña Ouviña, **188.** Alicia Padín Otero, **189.** Alberte Pagán, **190.** María Do Carme Pallares Leal, **191.** Xosé Antón Parada Fernández, **192.** Antonio Parada Mariño, **193.** Santiago Páramo Aller, **194.** Alicia Pardal Pazos, **195.** Mª Dolores Pardo Fernández, **196.** Marian Paredes Villaronga, **197.** Juan Patiño González, **198.** Benjamín Paz Castro, **199.** María Xosé Paz Franco, **200.** Santiago Pazos Rey, **201.** María Jesús Pazos Rey, **202.** Encarna Pego Paz, **203.** María Isabel Pelayo Barbarán, **204.** Soledad Penalta Lorenzo, **205.** Xoán Carlos Pereira Martínez, **206.** Pilar Pereiro Saavedra, **207.** José Manuel Pérez Abalo, **208.** Jesús Pérez Besada, **209.** Ismael Pérez Fernández, **210.** Xosé Manuel Pérez Fernández, **211.** José Antonio Pérez Fernández, **212.** David Pérez Iglesias, **213.** Silveria Pérez Martínez, **214.** Mª Dolores Pérez Mato, **215.** María Luísa Pérez Muñiz, **216.** Antonio Pérez Pérez, **217.** Mariña Pérez Rei, **218.** José Antonio Pérez Sánchez, **219.** Severiano Pérez Suárez, **220.** José Antonio Pérez Treus, **221.** Mª Jesús Picher Núñez, **222.** Manuela Pimentel Novo, **223.** Félix Pimentel Tubío, **224.** Alberto Piñeiro Bermúdez, **225.** Antonio Piñeiro Fernández, **226.** Pedro Piñeiro Hermida, **227.** Gerardo Piñeiro Lorenzo, **228.** Xoana Piñeiro Lorenzo, **229.** Manuel Piñeiro Pena, **230.** Manuela Places Fungueiriño, **231.** María Placín López, **232.** Cipriano Manuel Pose Lorenzo, **233.** María Elena Prada Fernández, **234.** Concepción Prado Baña, **235.** Asociación Prudencio Romo, **236.** José Manuel Queiruga Carballo, **237.** Ramón Quintáns Vila, **238.** Beatriz Quintela Rúa, **239.** María Dolores Rama Pico, **240.** Real Academia Galega, **241.** Ana Redondo Loxo, **242.** Mª del Carmen Rego Domínguez, **243.** Xosé Xabier Reino Castro, **244.** Manuel Reiriz Dios, **245.** Marisa Resúa Quintáns, **246.** Rodrigo Rey López, **247.** Ester Rincón-Benzalá Fernández, **248.** Juan Manuel Ríos Pérez, **249.** Xosé Manuel Rivas Pérez, **250.** Antón Riveiro Coello, **251.** Santiago Robado Gaudeoso, **252.** Inmaculada Robleda Castro, **253.** Antón Rodríguez Gallardo, **254.** Mª Teresa Rodríguez Iglesias, **255.** Daniel Rodríguez Lorenzo, **256.** Luís Carlos Rodríguez Río, **257.** Mateo Rodríguez Martínez, **258.** Ximena Rodríguez Martínez, **259.** José Mª Rodríguez Tubío, **260.** Blanca-Ana Roig Rechou, **261.** Lucía Romaní Fernández, **262.** Encarna Romay Otero, **263.** Manuel Ruíz Rivas, **264.** Miguel Ángel Saá Ramos, **265.** Antonio Saborido López, **266.** Concepción Sabucedo Álvarez, **267.** Pilar Sampedro Martínez, **268.** Xavier Sánchez Alonso, **269.** Marcelino Sánchez Somoza, **270.** María Isabel Santos Davila, **271.** Mª Carme Santos Rodríguez, **272.** Xohán Santos Suárez, **273.** Xesús Santos Suárez, **274.** Ángela María Segade Otero, **275.** Guillermo de la Paz Serra Martínez, **276.** Raquel Silva Hermo, **277.** José Silva Triñanes, **278.** Blas Ramón Sobrido Lago, **279.** Sociedade Liceo De Noia, **280.** Santiago Suárez Blanco, **281.** Juan Nemopuceno Suárez Lijó, **282.** César R. Tarela Pérez, **283.** Andrés Teira Ageitos, **284.** Manuel Teira Luaces, **285.** Luís Teira Parada, **286.** José Tembra Redondo, **287.** Pilar Tesouro Franqueira, **288.** Dores Torrado Ares, **289.** Milagros Torrado Cespón, **290.** Patricia Torrado Queiruga, **291.** Manuel Torres Cubeiro, **292.** Gonzalo Trasbach Paz, **293.** Gerardo Triñanes Fernández, **294.** Xosé Manuel Triñanes Núñez, **295.** Manuel Tubío Fachado, **296.** José Tubío Fachado, **297.** Felisa Tubío Saavedra, **298.** Vicente Vázquez Arias, **299.** Óscar Vázquez Dieste, **300.** Carmen Vázquez Dieste, **301.** Francisco Xabier Vázquez Fernández, **302.** Juan Manuel Vázquez García, **303.** José Manuel Vázquez Lijó, **304.** Amparo Vázquez Lores, **305.** Eva Veiga Torre, **306.** Xosé Luís Veiras Manteiga, **307.** Manuel Velo Velo, **308.** Francisco Vicente Teijeiro, **309.** Francisco Antonio Vidal Blanco, **310.** Fidel Vidal Pérez, **311.** Teresa Vidal Pose, **312.** Bernardo Xosé Vila Cameán, **313.** María Margarita Vilar Martínez, **314.** Teresa Villalba Torres, **315.** Manuel Xesús Villar Suárez, **316.** Mª Teresa Villaverde Pais, **317.** Segismundo Zúñiga Tubío

Este libro rematou de se imprentar

o 14 de decembro de 2018,

no décimo cuarto aniversario

do nacemento de Barbantia

BARBANTIA
Un río de tempo e tinta
VOCES NA GUERRA
VOCES NA MATERIA
BARBANTIA
BARBANTIA
A cor dos sonhos
Barbantia
BARBANTIA
BARBANTIA
BARBANTIA
biblioteca
barbantia

La Voz de Galicia

CONCELLO DE RIVEIRA

Concello de Noia

Asociación Cultural Barbantia

Rúa Manuel María, s/n
Centro Social
15930 Boiro (A Coruña)
Tlfn: 981 842 635 Fax: 981 842 725

@barbantia Asociación Cultural Barbantia

Páxina web: www.barbantia.org - www.barbantia.es
Blog: www.cafebarbantia.barbantia.org
www.cafebarbantia.barbantia.es
Correo: barbantia@barbantia.org
barbantia@barbantia.es